<https://www.campogalego.gal/segundo-encontro-da.../>

Con: @Fundación Juana de Vega @Xunta de Galicia @Consellería do Medio Rural de la Xunta d...
Ver más



CAMPOGALEGO.GAL

Segundo encontro da veciñanza do Condado de Paradanta sobre a transición ecolóxica



GDR Condado Paradanta

2 de mayo · 🌐

🌱 A transición ecolóxica no Condado Paradanta | Moitísimas grazas ás máis de 90 persoas que participastes no ciclo de xornadas sobre a Transición Ecolóxica, e grazas tamén a todas e todos os relatores que compartistes coñecemento e experiencias sobre os diferentes ámbitos que se deben ter en conta á hora de abordar un tema desta natureza.

A transición ecolóxica suporá unha oportunidade para o noso territorio, e así o recolleremos na nosa Estratexita de Desenvolvemento Local!

Seguimos!! 🍌

..
O ciclo de xornadas forma parte do proceso participativo da elaboración da Estratexita de Desenvolvemento Local (EDLP), polo que a vosa opinión será escoitada e tida en conta á hora de decidir que tipo de proxectos serán candidatos ao financiamento do programa LEADER para o período 2023 -2027 cofinanciado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)
#CondadoParadanta #ValoraEViveEuSonRuralita #EDLP #LEADER





GDR Condado Paradanta

10 de mayo · 📍

...

#DesenvolvementoRural | Comezamos a segunda fase da elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Rural Participativa (EDLP) onde se definirán as regras, os criterios de puntuación e a tipoloxía de proxectos que serán subvencionados con fondos LEADER para o período 2023-2027. Tal e como publica a Agader hoxe o Diario Oficial de Galicia.

👉 Para elo teremos en conta toda a información recollida na primeira fase de elaboración da EDLP, na que realizamos: reunións informativas nos 10 concellos do territorio, un mapa de axentes clave, mesas de traballo sectoriais, unha enquisa online, e un ciclo de tres xornadas sobre a transición ecolóxica no territorio.

👉 Ademais seguiremos aprofundando nos temas de maior relevancia tratados nos diferentes encontros.

🙌 Moitísimas grazas poles vosas echegas e seguimos! 🙌

#Agader #CondadoParadanta #ValoraEViveEnSónRuralita

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

INICIAMOS A
FASE II

*Pensa. Actúa.
Constrúe Territorio*
ESTRATAXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO





Concello
As Neves

[Inicio](#) [O Concello](#) [Novas](#) [Áreas e Servizos](#) [#ViveNasNeves](#) [Turismo](#)



Xosé Manuel Rodríguez, inicia nas

23/06/2022

Xosé Manuel Rodríguez, inicia nas Neves, como vicepresidente do G... <https://asneves.gal/xose-manuel-rodriguez-inicia-nas-neves-com>

**Neves, como vicepresidente do GDR
Condado Paradanta, un ciclo de
sesións informativas en concellos do
territorio**

21/06/2022

[Facebook](#) [Twitter](#) [WhatsApp](#) [Email](#)

El GDR Condado-Paradanta ya se reunió con más de cien asociaciones

D.P.
A CAÑIZA

Más de un centenar de asociaciones participaron en el primer ciclo de reuniones convocadas por el GDR Condado-Paradanta en siete de los diez concellos que integran el territorio de la entidad. El objetivo de los encuentros era invitar a los actores locales más representativos a participar de manera conjunta en el desarrollo local.

Dichas reuniones también suponen el inicio del proceso participativo para la elaboración de la Estrategia de Desarrollo Local Participativa de cara a la gestión del Programa Leader 23-27.

La próxima semana acaban las sesiones informativas, para las que ya están convocadas 250 asociaciones. La siguiente reunión será en Salceda, el lunes 4 en el CDL O Torrón a las 21.00 horas.



El GDR Condado-Paradanta invita a entidades locales a trabajar por el bien del territorio

Inicia un ciclo de reuniones informativas



D.P.

Covelo | 21-06-22 | 04:00

El GDR Condado-Paradanta iniciará un ciclo de sesiones informativas en los diferentes concellos del territorio para invitar a las asociaciones a colaborar de manera conjunta en el desarrollo comarcal. Según el presidente del grupo, Juan Pablo Castillo, el objetivo principal es formular la estrategia adecuada para el desarrollo de la zona, por lo que considera necesario poder contar con la colaboración de los diferentes actores socioeconómicos del territorio.

"Queremos constituir un foro de debate, sensibilizar y optimizar el aprovechamiento de los recursos endógenos y articular dinámicas de participación en las que todas las entidades se vean representadas", explica Castillo.

Las presentaciones están dirigidas a las entidades públicas y privadas representantes del territorio de actuación que puedan encuadrarse en alguna de las siguientes mesas sectoriales: asociaciones de mujeres, de jóvenes o de acción social; asociaciones cuyo objetivo social guarde relación con la protección, conservación o mejora del medio ambiente; asociaciones del sector agrario, de empresarios y agrupaciones de profesionales; asociaciones del sector cultural, educativo o etnográfico y el sector público.



El GDR Condado-Paradanta elabora una estrategia de desarrollo local

Llama a todas las entidades del territorio a una reunión este viernes



D.P.

A Cañiza | 20-07-22 | 04:00

Las entidades sociales y económicas del territorio del Condado y A Paradanta podrán hacer sus aportaciones e ideas para la elaboración de la Estrategia de Desarrollo Local Participativo en una jornada que se llevará a cabo el próximo viernes, día 22, a las 21 horas en la Casa Cultural de A Cañiza.

Según el presidente del GDR, Juan Pablo Castillo, el objetivo es escuchar al tejido asociativo "entendiendo que las entidades son grandes conocedoras de la zona, y con las que es preciso contar a la hora de elaborar una estrategia de crecimiento sólida".

La iniciativa se enmarca dentro del ciclo participativo propuesto por la metodología Leader, y en la que el GDR lleva semanas trabajando, reuniéndose con colectivos de los diez concellos que conforman el territorio.



[Inicio](#) / [Actualidade](#) / [Novas](#)

REPRESENTANTES DE 27 FORMACIÓNS E ASOCIACIÓNS DA CAÑIZA ASISTIRON ESTE 28 DE XUÑO Á REUNIÓN CELEBRADA NO CONCELLO PARA INFORMAR SOBRE AS VANTAXES DE ASOCIARSE AO GDR CONDADO PARADANTA



[Inicio](#) » [Condado Paradanta](#) » [A Paradanta](#) » [As asociacións do Condado Paradanta contarán na elaboración da Estratexia de Desenvolvemento...](#)

CONDADO PARADANTA A PARADANTA

As asociacións do Condado Paradanta contarán na elaboración da Extratexia de Desenvolvemento Local Participativo

By Redacción 18 Xullo, 2022



**GDR
CONDADO
PARADANTA**
ASOCIACIÓN DE
DESENVOLVEMENTO
RURAL

TI CONTAS
Pensa, actúa e constrúe territorio

A CAÑIZA
VENRES, 22 DE XULLO - 21:00 H - CASA DA CULTURA

XORNADA PARTICIPATIVA
DIRIXIDA A TÓDAS AS ENTIDADES SOCIAIS E ECONÓMICAS
ÁGAPE CON XAMÓN E VIÑO DO CONDADO

Logos of the Galician Government, the European Union, and the 2021-22 period.

O Grupo de Desenvolvemento Local (GDR Condado Paradanta), convoca ás entidades sociais e económicas do territorio a unha xornada de dinamización para reflexionar e facer achegas á Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa

A Cañiza acolle unha charla informativa sobre a nova etapa do GDR

RD Redacción 27/06/2022

5 motivos polos que asociarte ao GDR Condado Paradanta:

1. Axudámoste a levar a cabo o teu proxecto de desenvolvemento.
2. Escoitamos as túas propostas de mellora e de crecemento comarcal.
3. Promovemos o **traballo en equipo** a través das mesas sectoriais.
4. Favorecemos as **sinerxías entre as persoas**, disporás de espazos nos que compartir experiencias e crear oportunidades de cooperación.
5. Facilitamos a **participación activa** no desenvolvemento local. Serás parte protagonista do desenvolvemento territorial.



Como podes sumarte?

Contáctanos e informáremoste de todo.

Tel: 986 663 329
e-mail: gdr@gdrcondadoparadanta.gal
www.gdrcondadoparadanta.gal

**GDR
CONDADO
PARADANTA**

ASOCIACIÓN DE
DESENVOLVEMENTO
RURAL

AGENCIA GALIÇA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL

Ministerio de Agricultura, Pesca e Desenvolvemento Rural

Unión Europea
Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural
Estratexia de Desenvolvemento Rural

X 21-22

Logo of the GDR Condado Paradanta.

O CONDADO PARADANTA ANALIZA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO TERRITORIO

Publicado por notici20 | Mar 28, 2023 | GALICIA | 0 ● | ★★★★★

O Condado Paradanta analiza a transición ecolóxica no territorio

A primeira das xornadas terá lugar o venres, 31 de marzo en Ponteareas e estará centrada na participación cidadá como panca de cambio

O GDR Condado Paradanta organiza un ciclo de tres xornadas para debater sobre a transición ecolóxica no territorio. A iniciativa enmarcase dentro da nova fase da elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa (EDLP), do programa LEADER para o período 2023 – 2027, e que xa comezou no segundo semestre do pasado ano.

O obxectivo da metodoloxía é buscar a participación da veciñanza local para coñecer as súas necesidades e a súa visión de desenvolvemento local. Segundo o presidente do GDR, Juan Pablo Castillo, "O GDR escoitará ás achegas de tódalas persoas participantes para despois decidir as liñas dos proxectos susceptibles de financiamento con fondos europeos LEADER".

O presidente da entidade supramunicipal considera de "especial relevancia atender á aplicación e ao progreso da transición ecolóxica no territorio, xa que está a ser unha realidade global con repercusión directa no escenario local."

O cumprimento da axenda 2030, que obriga aos Estados da Unión Europea a reducir un 50% as emisións contaminantes para o ano 30 e que persegue a neutralidade enerxética en 2050, supón unha adecuación do sistema enerxético non só no ámbito industrial senón tamén no social e ambiental. Por este motivo, dende o GDR Condado Paradanta, consideran necesario incorporar a transición ecolóxica "ás liñas estratéxicas de desenvolvemento, coas que deseñar crecemento territorial e que sexa en coherencia e consonancia co resto da comunidade e do Estado."

Home ▾ O Condado ▾ Ponteareas ▾ O Condado Paradanta analiza a transición ecolóxica no territorio

O Condado Ponteareas

O Condado Paradanta analiza a transición ecolóxica no territorio

A primeira das xornadas terá lugar o venres, 31 de marzo en Ponteareas e estará centrada na participación cidadá como panca de cambio.

Redacción 28/03/2023



*Pensa, Actúa
Constrúe Territorio*

ESTRATAXIA DE DESARROLLO LOCAL PARTICIPATIVO


CICLO DE XORNADAS DO GDR CONDADO PARADANTA

**A TRANSICIÓN
ECOLÓXICA NO
CONDADO PARADANTA**



28 M

COLABORACIÓN



Xabier Quiroga, «Coa man esquerda»
Manrique Fernández 25/05/2023



Segundo encontro do vecindario do Condado de Paradanta sobre a transición ecolóxica

Se realizará el próximo viernes 14 de abril, en As Neves, y abordará la transición territorial y ecológica de la zona en el marco de la Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa del Grupo de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta

CAMPO GALEGO
13/04/2023 10:05 am

[Ir a los comentarios](#)



Imagem do último encontro realizado por el GDR Condado Paradanta sobre la transición ecolóxica. // Fuente: GDR Condado Paradanta

Condado Paradanta, un territorio que diseña su reverdecimiento

El Grupo de Desenvolvemento Rural de la comarca ultima su estrategia 2023-2027, enfocada a potenciar los recursos del territorio, como la agricultura y el sector forestal, así como su posicionamiento como geodestino turístico

A.G./G.B.
15/06/2023 2:52 pm

[Ir a los comentarios](#)



Los Pasos de Tatín sobre el río Tea, e o Meandro do río Tea, zona agrícola y fértil. / Fuente: GDR Condado Paradanta

Aprobada la Estrategia de Desarrollo Local del GDR Condado Paradanta para el nuevo período

CAMPO GALEGO

06/07/2023 2:50 pm

[Ir a los comentarios](#)



B. Análise e diagnóstico do contexto territorial e socioeconómico que afecta o desenvolvemento rural no ámbito territorial proposto



II 1. REALIDADE TERRITORIAL


1.1. DELIMITACIÓN

O territorio do GDR 13 está constituído por dez municipios; A Cañiza, As Neves, Arbo, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas, Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas. Confórmase, deste xeito, coa conxunción de dúas Comarcas naturais galegas como son a Comarca de O Condado (Mondariz, Mondariz-Balneario, Neves (As), Ponteareas e Salvaterra de Miño) e a de A Paradanta (Arbo, Cañiza (A) , Covelo, Crecente), e co engadido do Concello de Salceda de Caselas, que se ben dende o punto de vista da realidade social ben podería estar engadida a esta estrutura comarcal, pertence á Comarca natural de Vigo-Louriña.



Imaxe 10: Mapa GDRs de Galicia.
Fonte: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Desde o punto de vista xeográfico, constitúe a zona sueste da provincia de Pontevedra na Comunidade Autónoma de Galicia, limitando coa provincia de Ourense ao leste, e o sur con Portugal a través da fronteira natural que é o Río Miño



*Imaxe 11: Territorio de actuación do GDR Condado Paradanta. 2023 – 2027.
Fonte: Elaboración propia*

Dende o punto de vista físico, o territorio presenta diversas variacións e discorre desde as terras altas do oriente da provincia de Pontevedra –Serra do Suído e Faro de Avión- ata o Val do Miño.

O territorio ten unha extensión total de 710,90 Km² e unha poboación, referida ao Padrón Municipal de Habitantes do ano 2021, de 63.208 Habitantes, o que supón unha densidade media de poboación de 88,91Hab/Km²¹, semellante á media galega.

A continuación, preséntase unha breve descrición das dúas Comarcas e de cada un dos Concellos que constitúen o territorio de actuación.

¹ Os datos referidos á densidade de poboación que se detallan neste documento é a calculada a partir dos datos das cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro do Padrón municipal de habitantes e Nomenclátor e as superficies dos termos municipais en kilómetros cadrados dos datos de superficie do IGE do ano 2019.

COMARCA DE A PARADANTA

Esta comarca toma o seu nome dos montes de Paradanta, sitúase no extremo sueste da provincia de Pontevedra, limitando ao norte co concello de Fornelos de Montes, polo sur co Río Miño que a separa de Portugal, polo oeste coa Comarca de O Condado e polo leste coa provincia de Ourense. Comprende os municipios de Arbo, A Cañiza, Covelo e Crecente. A comarca non presenta unha clara unidade natural, xa que está formada por áreas de montaña e de val. Dende o punto de vista histórico, estas terras formaron parte do antigo partido xudicial de A Cañiza que, despois de varias reorganizacións, pasou integramente a formar parte do partido de Pontearreas.

BREVE DESCRICIÓN DOS CONCELLOS DE A PARADANTA

A CAÑIZA

Localización: 42°12'46"N 8°16'28"O

Superficie: 108,1 km²

Poboación: 5115 hab. (2021)

Densidade: 47,32 hab./km²

Xentilicio: cañicense



Parroquias: Achas (San Sebastián), Couto (San Bartolomeu), Franqueira (Santa María), A Cañiza (Santa Teresa), Luneda (Santa María), Oroso (Santa María), Parada de Achas (Santiago), Petán (San Julián), Valeixe (Santa Cristina)

ARBO

Localización: 42°06'44"N 8°18'45"O

Superficie: 43,3 km²

Poboación: 2599 hab. (2021)

Densidade: 60,02 hab./km²

Xentilicio: arbense



Parroquias: Arbo (Santa María), Barcela (San Juan), Cabeiras (San Sebastián), Cequeliños (San Miguel), Mourentán e Sela (Santa María)

COVELO

Localización: 42°13'53"N 8°21'48"O

Superficie: 154,63 km²

Poboación: 2455 hab. (2021)

Densidade: 15,88 hab./km²

Xentilicio: covelense



Parroquias: Graña, Barciademera (San Martiño), Campo (San María), Casteláns (San Esteban), Covelo (Santiago), Fofe (San Miguel), Godóns (Santa María), Lamosa (San Bartolomeu), Maceira (San Salvador), Paraños (Santa María), Piñeiro (San Xoán), Prado (San Salvador), Prado de Canda, Santa Mariña de Covelo (Santa Mariña)

CRECENTE

Localización: 42°09'09"N 8°13'21"O

Superficie: 57,46 km²

Poboación: 1961 hab. (2021)

Densidade: 34,13 hab./km²

Xentilicio: crecentense



Parroquias: Albeos (San Juan), Ameixeira, Angudes (San Juan), Crecente (San Pedro), Filgueira (San Pedro), Freixo, Quintela (San Cayetano), Rebordechán (Santa María), Ribeira, Sandelle (Santa Cruz), Villar

COMARCA DE O CONDADO

Esta comarca limita polo norte coa cos concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borben e Redondela, polo sur co Río Miño que a separa de Portugal, polo leste coa comarca de A Paradanta e polo oeste cos concellos de Porriño e Salceda de Caselas, concello este que, como xa indicamos anteriormente, forma parte do territorio de actuación do GDR. Está formada polos municipios de Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas e Salvaterra de Miño. Respecto de A Paradanta presenta importantes diferenzas, especialmente no relacionado coas demográficas e económicas.

BREVE DESCRICIÓN DOS CONCELLOS DE O CONDADO

AS NEVES

Localización: 42°05'17"N 8°24'54"O

Superficie: 65,5 km²

Poboación: 3770 hab. (2021)

Densidade: 57,56 hab./km²

Xentilicio: nevense, nevés, -a



Parroquias: Batalláns (San Pedro), Cerdeira (San Juan), As Neves, Liñares (Santa María), Ribarteme (San Ciprián), Rubiós (San Juan), San José De Ribarteme (San José), Santa Eulalia de Batalláns (Santa Eulalia), Santiago de Ribarteme (Santiago), Setados (Santa Eugenia), Taboexa, Tortoreos (Santiago), Vide (Santa María)

MONDARIZ

Localización: 42°14'21"N 8°27'12"O

Superficie: 85,8 km²

Poboación: 4394 hab. (2021)

Densidade: 51,21 hab./km²

Xentilicio: mondaricense



Parroquias: Frades (San Martín), Gargamala (Santa María), Lougares (San Félix), Meiról (San Andrés), Mondariz (Santa Eulalia), Mouriscados (San Ciprián), Queimadelos (Santa María), Riofrío (San Miguel), Sabaxáns, Toutón (San Mateo), Vilar (San Mamed), Vilasobroso

MONDARIZ BALNEARIO

Localización: 42°13'11"N 8°28'17"O

Superficie: 2,31 km²

Poboación: 675 hab. (2021)

Densidade: 292,21 hab./km²

Xentilicio: mondaricense

Parroquias: Mondariz Balneario (Nosa Señora de Lourdes)



PONTEAREAS

Localización: 42°10'31"N 8°30'18"O

Superficie: 125,53 km²

Poboación: 22 942 hab. (2021)

Densidade: 182,76 hab./km²

Xentilicio: ponteareano, -a

Parroquias: Angoares (San Pedro), Arcos (San Breixo), Areas (Santa María), Arnoso (San Lourenzo), Bugarín (Santa Cristina), Celeiros (San Fiz), Cristiñade (San Salvador), Cumiar (Santo Estevo), Fontenla (San Mamede), Fozara, Xinzo, Guillade (San Miguel), Guláns, Moreira (San Martiño), Nogueira (San Salvador), Oliveira (San Lorenzo), Padróns, Paredes (San Cibrao), Pías (Santa Mariña), Prado (San Nicolás), Ponteareas; Ribadetea (San Xurxo), San Mateo de Oliveira (San Mateo), Santiago de Oliveira (Santiago)



SALVATERRA DE MIÑO

Localización: 42°04'59"N 8°29'53"O

Superficie: 62,5 km²

Poboación: 10 048 hab. (2021)

Densidade: 160,77 hab./km²

Xentilicio: salvaterrense



Parroquias: Alxén, Arantei (San Pedro), Cabreira (San Miguel), Corzáns, Fiolledo (San Paio), Fornelos (San Juan), Leirado (San Salvador), Lira (San Simón), Lourido (San Andrés), Meder (San Adrián), Oleiros (Santa María), Pesqueiras (Santa Mariña), Porto (San Pablo), Salvaterra, Soutolobre, Uma (San Andrés), Vilacoba

A maiores dos concellos indicados, que como se dixo forman parte das dúas comarcas naturais que dan nome ao GDR, tal e como xa se indicou en parágrafos anteriores, o concello de Salceda de Caselas forma parte do territorio de actuación do GDR.

SALCEDA DE CASELAS

Localización: 42°06'08"N 8°33'28"O

Superficie: 36 km²

Poboación: 9249 hab. (2021)

Densidade: 256,92 hab./km²


Xentilicio: salcedense



Parroquias: Budiño (San Estevo), Entenza (Santos Xusto e Pastor), Parderrubias (Santo Tomé), Picoña (San Martiño), Salceda (San Jorge), Santa María de Salceda (Santa María), Soutelo (San Vicente)

1.1.1. DESCRICIÓN FÍSICA

No referente á estrutura física, morfolóxica e paisaxística do territorio, podemos afirmar que presenta dúas realidades patentes; unha zona de chairros con relevos importantes de orixe tectónico, e unha segunda zona de val con pendentes moderadas a altas e cursos de ríos encaixados.




*Imaxe 12: Mapa xeomorfolóxico do Condado Paradanta
Fonte: elaboración propia. Catálogo de paisaxes de Galicia.*

Na zona este de Crecente, e tamén no oeste do termo municipal de Pontearreas (Serra do Galleiro) atopamos as zonas montañosas máis acusadas con pendentes que poden alcanzar até o 30%, principalmente nas zonas dos canóns dos ríos, chans graníticos e un substrato con profunda alteración. Algunhas zonas do territorio presentan unha xeomorfoloxía pouco acusada e pendentes por baixo do 10%, atopamos zonas de val suaves en Covelo e Mondariz. A maioría do territorio ten unha conformación montañosa con pendentes bastante variables, modeladas polos cursos dos ríos, con lombas e elevacións características, cunha roca compacta e un chan arxiloso limoso.




*Imaxe 13: Mapa de pendentes do Condado Paradanta
Fonte: elaboración propia*

As principais altitudes da comarca de A Paradanta son Faro de Avión en Covelo (1.153m.), Fontefría na Cañiza (970 m.) Paradanta na Cañiza - As Neves (960m.), e Chademoira en Crecente (800 m.) Nesta comarca atopamos unha zona máis oriental e montañosa que descende cara ao río Miño, con contrastes de altitude desde os máis de mil metros, da Serra de Faro, aos pouco máis de 500 metros das zonas baixas de Crecente, cun relevo mestura de movementos tectónicos e da erosión litolóxica, e unha paisaxe bastante homoxénea, con formas redondeadas e material granítico, cuxa alteración principal son as zonas de val do Miño, onde aparecen depósitos aluviais do cuaternario.



*Imaxe 14: Mapa de curvas de nivel do Condado Paradanta
Fonte: Elaboración propia*

A outra parte do territorio, que se corresponde coa Comarca de O Condado, é unha zona de clara transición entre a montaña e a costa, unido á conformación en forma de chaira aluvial que supón o medio-baixo Miño e o formado polo río Tea. Así pois atopamos contrastes importantes entre as zonas de montaña e serra e a zona de val fluvial. Desde o punto de vista agronómico, a calidade destes chans fai que sexa unha zona con moi boa aptitude desde o punto de vista da produción agraria.



*Imaxe 15: Mapa de elevacións do Condado Paradanta
Fonte: Elaboración propia*

1.1.1.1. EDAFOLOXÍA

A zona de estudo localízase dentro do Macizo Hespérico, constituído por materiais precámbricos e paleozoicos da península, deformados durante a oroxenia Hercínica. Xeolóxicamente sitúase dentro da Zona Centro Ibérica, na subzona de Afloramiento do “Ojo de Sapo”.

- Esquema tectónico: Rocas graníticas. Granito des hérnicos.
- Esquema xeolóxico: Rocas graníticas. Granito des sincinemáticos.

As rocas graníticas hercínicas da rexión mostran un grado de deformación moi variable que oscila desde estadios intermedios ata ortognésicos. Estas variacións poden ocorrer dentro dun macizo, o que quere dicir que a resposta destas rocas ante a deformación non é homoxénea. A fase xeralmente responsable da deformación destas rocas é a terceira fase (Fase 3). Esta deformación maniféstase, unhas veces pola existencia de

superficies de anisotropía mais ou menos penetrativas, marcada principalmente pola orientación das micas e o estiramento dos grados de cuarzo e feldespato.


O ámbito de actuación encádrase nunha zona de rocas graníticas (granito idessincinemáticos). As rocas graníticas, hercínicas constitúen unha porcentaxe moi alta de toda a área de estudo. Inclúense dentro deste grupo os dous grandes grupos de granitoides afectados polas deformacións hercínicas da Fase 3. Non se observan estruturas deformativas claras atribuídas á Fase 2 que afecten aos granitoides aínda que non se descarta que o emprazamento deles puido comezar ao final da mesma.

Desde o punto de vista hidroxeolóxico a zona encádrase dentro do grupo dos materiais precámbricos e rocas ígneas. En xeral, a supermeabilidade primaria é moi baixa. A permeabilidade secundaria débese á rede de diaclasas e filóns, e a alteración é algo maior, ofrecendo a posibilidade de acuíferos de pequeno caudal. Os acuíferos máis importantes soen estar relacionados co desenvolvemento de elementos graníticos. A disolución e carstificación das calcarias cámbricas poden dar lugar a acuíferos de certo interese.

En relación coas fracturas, existen diferentes mananciais de augas termais, de entre os que destacan os mananciais mineromedicinais de Mondariz Balneario.

1.1.1.2. CLIMATOLOXÍA

A localización xeográfica do territorio fai que dispoña dun dominio climático oceánico húmido. As temperaturas son suaves durante todo o ano, cunha media que rolda os 14°C en xeral. As precipitacións son frecuentes e abundosas ao longo do ano, agás nos meses de verán, cun total que pode chegar a acadar os 1.500 mm.



*Imaxe 16: Mapa climatolóxico do Condado Paradanta
Fonte: elaboración propia. Catálogo de paisaxes de Galicia*

PRECIPITACIÓNS

A situación do territorio do GDR e as características do seu relevo fan que as precipitacións sexan abundosas e practicamente uniformes en todos os seus límites. Soamente nas parroquias situadas máis cara o Leste, a influencia do relevo provoca un aumento no total de auga de choiva recollida.

Ao longo do ano, a precipitación total recollida na meirande parte do territorio está entornado aos 1.300-1.400 mm.

Deste xeito, e a pesares de que o relevo apenas presenta grandes contrastes, o aumento progresivo de altitude que experimenta nas parroquias máis nororientais leva consigo o aumento das precipitacións recollidas, que poden chegar ata os 1.800mm., mentres que no resto do territorio estas redúcense ata os 1.300-1.400 mm. ao ano.

Por estacións, a época de maior pluviosidade é a do outono, na que recollen entre 500 e 600 mm., seguida do inverno, namentres que o verán é a estación na que se recolle unha menor cantidade de auga. Por meses, os de novembro, decembro e xaneiro son nos que se producen as maiores precipitacións, namentres que nos meses de xuño, xullo e agosto, son nos que se recolle menos cantidade de auga de choiva.

TEMPERATURAS

A temperatura media do territorio do GDR está entorno aos 15°C anuais. Tal e como ocorre coas precipitacións, o relevo modifica as condicións térmicas dun territorio polo que a progresiva elevación deste leva a un descenso continuado das temperaturas.

Por estacións, o verán é a época que presenta unha temperatura media máis elevada superando lixeiramente os 20°C, seguido da primavera cunha media que rolda os 18°C. Os meses máis calorosos son os comprendidos entre xuño e setembro nos que se superan os 20°C. Pola contra, o inverno e o outono son as que presentan as temperaturas máis baixas, roldando os 10°C., sendo xaneiro e febreiro os meses máis fríos nos que apenas se superan os 8°C.

AMPLITUDE TÉRMICA

A amplitude térmica anual ven indicar a diferenza entre a temperatura media máxima e a temperatura media mínima acadada ao longo do ano. A distribución que presenta é semellante á das precipitacións totais e á da temperatura media. Pódese volver a apreciar como o relevo é o principal factor que intervéen na variación dos contrastes de temperatura no territorio.

A práctica totalidade da xeografía do GDR presenta unha oscilación térmica suave que rolda os 13°C.





Gráfico 3: Climodiagrama representativo do territorio
Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e de MeteoGalicia

1.1.1.3. ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS E HÁBITATS RELEVANTES



Imaxe 17: Rede Natura 2000 no Condado Paradanta
Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Banco de Datos de la Naturaleza

A Rede Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea, creada con obxecto de salvagardar os hábitats e especies máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC), declaradas conforme a directiva sobre hábitats, e, ademais, das zonas especiais de protección para as aves (ZEPA), definidas segundo a directiva sobre aves.

A proposta galega para inclusión na Rede Natura 2000 está composta por 59 espazos ou lugares de importancia comunitaria (LIC).

O sistema fluvial do Río Tea, desde Covelo ata a súa desembocadura no río Miño, o tramo baixo do río Miño ou as Gándaras de Budiño son algúns deles, que afectan á nosa comarca como veremos a continuación.

MUNICIPIO	LIC De Río Tea	LIC de Baixo Miño	LIC de Gándaras de Budiño	Superficie concello ha	Superficie na Rede Natura ha	% superficie na Rede Natura
Arbo		X		4.290,15	184,72	4,31%
Cañiza, A		X		10.738,32	1,18	0,01%
Covelo	X			12.521,42	132,81	1,06%
Crecente		X		5.741,47	70,55	1,23%
Mondariz	X			8.506,17	93,31	1,10%
Mondariz-Balneario	X			230,503	9,24	4,01%
Neves, As		X		6.545,56	192,54	2,94%
Ponteareas	X			12.546,40	81,24	0,65%
Salceda de Caselas			X	3.589,03	20,09	0,56%
Salvaterra de Miño	X	X		6.248,91	220,73	3,53%
				70.957,93	1.006,41	1,42 %

Táboa 11: Lugares de interese comunitaria (LIC) do Condado Paradanta
 Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico

LIC, ZEPVN E ZEPA BAIXO MIÑO

Código da ZEC

ES1140007

Rexión

Atlántica.

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014.

Concellos

A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui, Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, A Cañiza, Padrenda.

Superficie

2.871 ha.

Situación

Ao longo do bordo meridional da provincia de Pontevedra (tocando o extremo sudoccidental de Ourense en Padrenda) e facendo fronteira con Portugal. As localidades de referencia no lado galego son A Guarda, Tui, Salvaterra, As Neves, Arbo e Crecente.

Outras figuras de protección

- Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais “Baixo Miño” de 2.874 ha, e “Esteiro do Miño” de 1.688 ha.
- Zona de Especial Protección para as Aves: ZEPA ES0000375 “Esteiro do Miño”, 1.688 ha).

A área forma unha unidade co lado portugués, declarado ZEPA (PTZPE0001 Estuário dos rios Minho e Coura) e LIC (PTCON0019 Rio Minho)

LIC DE GÁNDARAS DE BUDIÑO

Código ZEC

ES1140011

Rexión

Atlántica.

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014.

Concellos

O Porriño, Salceda de Caselas e Tui.

Superficie

727 ha.

Situación

No val do río Louro, no extremo sudoccidental galego, preto do río Miño e de Portugal, e non lonxe da ría de Vigo e do río Tea. Localidades de referencia: Orbenlle, O Casal e Centeáns (O Porriño); Budiño (Salceda de Caselas); Bouzón, Ribadelouro e Mallón (Tui). Comarcas de Vigo e Baixo Miño, provincia de Pontevedra.

Outras figuras de protección

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Gandaras de Budiño” de 727 ha

LIC, ZEPVN RÍO TEA

Código ZEC

ES1140006

Rexión

Atlántica

Data declaración LIC

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004 [↗](#), pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

Data declaración ZEC

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Instrumentos de planificación

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

Concellos

Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño.

Superficie

356 ha.


Situación

Marxes do río Tea, tributario do río Miño, no extremo sudoccidental galego e preto de Portugal. O LIC ten ao noroeste a ría de Vigo, ao oeste o río Louro, ao sur o río Miño e Portugal e ao leste a serra do Suído. Localidades de referencia: vilas e aldeas adxacentes ao río Tea no Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario,

Ponteareas e Salvaterra de Miño. Comarcas de Vigo, O Condado e A Paradanta, provincia de Pontevedra.


OUTRAS FIGURAS DE PROTECCIÓN

- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Río Tea”, de 357 ha. Estas Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) intégranse na Rede Galega de Espazos Protexidos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.
- Zonas de protección avifauna con 12.810,43 Ha no territorio. Esta figura de protección recóllese na Directiva Aves 2009/147/CE, de 30 de novembro de 2009
- Áreas de Especial Importancia Paisaxística de 6.731,08 Ha no Condado Paradanta. Estas áreas son recoñecidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.
- Árbores Senlleiras. Na actualidade son catro as Árbores Senlleiras que se poden atopar no territorio, dúas delas, no concello de Mondariz Balneario, de recente incorporación feito polo cal, a día de hoxe, non están incluídos na cartografía oficial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.



Imaxe 18: Mapa do medio biótico do Condado Paradanta
Fonte: elaboración propia. Xunta de Galicia

1.1.1.4. USOS DO SOLO, PAISAXE, HIDROGRAFÍA



*Imaxe 19: Mapa dos usos do solo no Condado Paradanta
Fonte: Elaboración propia. SIOSE 2014*

No que se refire aos usos do solo, as especies arbóreas que dominan na maior parte da superficie do territorio son os eucaliptos e piñeiros, que aparecen formando bosques mixtos, ben entre eles ou ben con algunhas frondosas.

Non obstante, é salientable a superficie ocupada polo viñedo en maioría xunto con outros cultivos anuais, que ten presenza en practicamente todo territorio do Condado Paradanta, principalmente no Condado. A zona é coñecida entre outras cuestións polo viño do condado, que conforma unha subzona da Denominación de Orixe Rías Baixas. Nela están integrados os concellos de Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente e a parroquia de Valeixe (A Cañiza). Ademais, fora do territorio de DO Rías Baixas, outros territorios tamén teñen produción vitivinícola chegando inclusive a terse realizado un estudo sobre a posible constitución dunha IXP que abranguera os concellos de Mondariz Balneario e Mondariz e as parroquias de Santa Mariña, Casteláns e Barciademera (Covelo) e de Parada de Achas, O Couto e

Luneda (A Cañiza). Actualmente dende a Consellería de Medio Rural e o Consello Regulador estase a analizar a posible incorporación destes territorios a DO Rías Baixas.

O peso do mundo do viño, no territorio, dentro do sector primario é moi relevante, contando con preto de 50 adegas e máis de 1.000 viticultores. Esta tendencia viuse reforzada nos últimos tempos coa chegada de grandes adegas e fondos de inversión ao territorio. Todo elo favorecido pola excelente aceptación e valorización que ten o Albariño nos mercados estranxeiros.

No que se refire á vexetación autóctona, esta ocupa unha superficie moi pequena, limitándose a súa presenza ao marxe dos cursos fluviais, destacando as do río Tea, así como algunhas pequenas extensións nas marxes do Miño. No resto dos casos, a vexetación autóctona aparece mesturada con outras especies foráneas.

No resto do territorio pódense atopar outros usos como monte desarborado, zonas de matos e especies madeireiras, así como algunha pequena superficie dedicada a cultivos. Existen superficies dedicadas a zonas industriais, concentradas en todo caso en zonas habilitadas para o mesmo, así como algunha que outra explotación mineira a ceo aberto.

Estamos polo tanto ante unha vexetación potencial de carácter forestal, unha carballeira acidófila que ten como especie predominante o carballo (*Quercus robur*). Como especies arbóreas e arbustivas asociadas leva cerquiños (*Quercus pyrenaica*), acivro (*Ilex aquifolium*), castiñeiros (*Castanea sativa*), loureiros (*Laurus nobilis*), espiñeiro (*Crataegus monogyna*), etc. Este tipo de bosque caducifolio aparece ata unha altura de 500-600 m. Esta vexetación foi substituída desde tempos antigos debido á actividade humana. As masas arbóreas da área poden diferenciarse en tres tipos fundamentais: bosques de repoboación, bosques mixtos e bosques de ribeira. Entre os primeiros destaca o pino marítimo (*Pinus pinaster*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*). Tamén se atopa o pino insigne (*Pinus radiata*). Os bosques mixtos son mestura entre masas superviventes do bosque caducifolio autóctono e as especies plantadas. Aparecen, ademais das especies citadas: mimosas (*Acacia dealbata*), acacias (*La. Melanoxylon*) e loureiro (*Laurus nobilis*).

A principal especie arbórea dentro das frondosas autóctona é o carballo (*Quercus robur*), que aparece mesturado con bidueiros (*Betula alba*) e castiñeiros (*Castanea sativa*). Tamén se atopa representado, aínda que en menor proporción, o carballo cerquiño (*Quercus pyrenaica*).

O sotobosque destas masas forestais está densamente cuberto de fentos (*Pteridium aquilinum*), polipodios (*Polipodium vulgare*), silvas (*Rubus*, sp), rusco (*Ruscus aculeatus*), madreselva (*Lonicera* sp.), hedra (*Hedera helix*), etc. e numerosas especies de herbáceas (*Omphalodes nítida*, *Euphorbia amygdaloides*, *Antoxantum odoratum*, *Potentilla erecta*, etc.).

Os bosques de ribeira aparecen ao longo dos numerosos cursos de auga da zona, sobre todo nos ríos. Estes bosques están ligados a chans profundos de fondo de val con algunha influencia freática e quedaron reducidos a franxas lineais ao longo das canles.

Entre as especies arbóreas atópanse: o amieiro (*Alnus glutinosa*), freixo (*Fraxinus excelsior*), bidueiro (*Betula alba*), salgueiros (*Salix atrocinerea* e *Viminalis*) e o sanguíño (*Frangula alnus*). Como acompañantes destas especies arbóreas aparecen numerosos fentos (*Osmunda regalis*, *Athyrium filix-femina*) e herbáceas (*Glyceria* spp, *Aquilegia vulgaris*, *Lycopodium europaeus*, etc.). En áreas non repoboadas e onde non hai predominancia de especies arbóreas, a matogueira e a formación vexetal predominante.

Hai presenza de toxos (*Ulex europaeus*, *Ulex gallii*), xestas (*Cytisus scoparius* e *striatus*) e breixos (*Erica* sp). Entre as herbáceas presentes nestes matorrais atopamos *Agrostis curtisii* e *Potentilla erecta*.



*Imaxe 20: Mapa da rede hidrográfica do Condado Paradanta
Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGN*

Respecto á rede hidrográfica o territorio está marcado pola influencia no sur do río Miño, que supón o límite comarcal e fronteira con Portugal nun tramo de case 60 quilómetros de lonxitude, e dous dos seus principais afluentes, os ríos Tea e Deva.

Aínda que o río Miño non nace no territorio do GDR, discorre por el aproximadamente unha quinta parte dos máis de 300 quilómetros de percorrido entre Fonte Miña (Lugo) e a súa desembocadura no océano Atlántico.

O río Miño nace ao noroeste da provincia de Lugo, na Serra de Meira, percorre de norte a sur a provincia de Lugo conformando un ecosistema húmido de gran relevancia, integrado por unha extensa rede de leitos, lagoas e terreos asolagados explotados como pastos e zonas agrícolas bosques autóctonos e bosques de ribeira ben conservados. Dentro da comarca presenta un baixo índice de sinuosidade e unha pendente media moi escasa e bastante homoxénea, superando os 400 m de anchura nalgúnhas seccións a partir das Neves, onde comeza a formación de depósitos fluviais. Pertence á rexión Eurosiberiana, provincia Atlántica-Europea e subprovincia Cántabro-Atlántica, adscribíndose ao sector Galaico-Portugués.

O seu máximo caudal rexístrase en febreiro e o mínimo entre xullo e setembro, cando se rexistra un considerable déficit hídrico.

Por último no referente ao Miño ao seu paso por este territorio, tamén destacamos o encoro de Frieira con fins enerxéticos e localizado no concello de Crecente, actuando de fronteira co municipio ourensán de Padrenda. Ocupa unha superficie de 466 Ha e cun volume total de hm³.

O río Tea é o afluente máis importante do río Miño tanto por lonxitude como por caudal. Percorre a comarca desde o Nordés ata o suroeste atravesando Covelo, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas e Salvaterra de Miño, onde verte as súas augas ao Miño. Presenta un percorrido este oeste e cando penetra no termo municipal de Ponteareas toma dirección sur ata a desembocadura, que constitúe un val amplo con terrazas fluviais e plantación de viñedo.

O ámbito de estudo caracterízase por tratarse dunha contorna eminentemente rústica con vocación forestal. O aspecto urbano vese representado amplamente por núcleos de pequenas dimensións que se dispersan pola totalidade do ámbito, habitualmente perseguindo o trazado das vías de comunicación secundarias e camiños rurais.

A artificialización do paisaxe da área de estudo complementábase coa contribución que realizan as infraestruturas de comunicación e enerxéticas que en tempos máis recentes proliferaron pola área de estudo sendo os parques eólicos un dos elementos máis destacables neste sentido. Tomando como criterio o efecto conxunto que causan a orografía, a cobertura vexetal e o grao de intervención humana, distínguense, en termos xerais, tres grandes unidades dentro do ámbito de estudo:

Vales fluviais: no ámbito de estudo o río Miño supón o límite inferior, ademais de actuar de fronteira natural e administrativa con Portugal. A paisaxe artículase ao redor de dous elementos morfolóxicos principais: o fondo de val, que inclúe as ribeiras, terrazas e chaira de inundación do Miño e as das súas máis importantes afluentes neste tramo (destacando o TEA), e as ladeiras dos interfluvios alomados que separan os distintos vales.

A cobertura vexetal atópase totalmente alterada polas actividades agropecuarias e silvícolas, sendo o cultivo de froiteiros, millo e vide o que maior responsabilidade ten na transformación do aspecto natural potencial desta contorna.

A dispoñibilidade de auga e a bondade do terreo favorecen a implantación das prácticas agrícolas e a substitución das carballeiras e bosques de ribeira orixinais por un mosaico agrícola, a miúdo aterrazado, no que se desenvolven distintos produtos, destacando os viñedos pola súa importancia socioeconómica.

Non obstante estas actividades, o curso baixo do Miño ofrece enclaves de gran valor paisaxístico reflexo da súa relevancia en termos ambientais grazas ao relativo bo estado de conservación que ofrecen algúns dos seus tramos, o que lle valeu a consideración de espazo LIC. Polas mesmas causas que facilitan a implantación de cultivos nesta contorna, o val do Baixo Miño é un espazo con numerosos asentamentos caracterizados por unha distribución densa de parroquias e entidades menores de poboación establecidas ao redor das vías de comunicación, como é o caso da estrada PO-400.

Esta disposición crea a sensación dunha secuencia urbana descontinua entre a que se intercalan baldíos, pastos, prados ou algunha pequena plantación forestal. En termos globais a calidade paisaxística da unidade considérase media tendo en conta que existen exemplos de espazos de gran valor, tal como tramos fluviais en bo estado de conservación ou ladeiras vinícolas que ofrecen un aspecto moi identitario da rexión, aínda que doutra banda cohabitan con espazos urbanos e periurbanos que degradan o aspecto xeral que presenta a unidade.

Finalmente, a visibilidade nesta unidade considérase elevada tanto pola facilidade de exposición como polo número de observadores potenciais, debido a que é unha das zonas máis poboadas do ámbito de estudo e tamén bastante frecuentada.

As áreas montañosas e terras altas: inclúense nesta unidade as distintas serras existentes dentro do ámbito que alcanzan alturas máximas comprendidas entre os 900 e os 1.100 metros, tal como a serra de Suído, a do Faro de Avión e os montes da Paradanta.

Trátase dos relevos máis destacados da zona aínda que en moitos casos mostran pendentes suaves e redondeadas pola erosión fluvial. En estes contornos obsérvase a presión exercida polo pasto do gando vacún e equino co que a vexetación dominante redúcese a prados e pasteiros, con algúns fragmentos forestais –habitualmente plantacións– diseminados polo terreo. Unha das características máis singulares desta paisaxe montañosa é o afloramento constante da roca granítica ou esquistosa co que se obtén unha paisaxe áspera pero con formacións xeomorfolóxicas curiosas e, nalgúns casos, imponentes.

O efecto causado pola urbanización é pouco destacable comparado con outras unidades, posto que a orografía non facilita o asentamento. Con todo, dáse un impacto visual considerable como consecuencia da implantación dun bo número de parques eólicos que ocupan os puntos culminares destas serras, xerando fileiras continuas de aeroxeradores de gran altura que son visibles desde distancias afastadas. Como aspecto positivo cabe destacar a presenza de elementos etnolóxicos e da arquitectura civil e relixiosa que achegan localmente un maior valor ao conxunto paisaxístico. A calidade paisaxística da unidade considérase medio–alta en tanto que ofrece un aspecto pouco artificializado se se resalta o feito que a urbanización é escasa e que os motivos de transformación das condicións paisaxísticas propias débense a causas máis integrables en chan rústico, como as actividades gandeiras, aínda que a presenza dos aeroxeradores supoñan uns elementos de forte contraste coa paisaxe circundante.

Ladeiras e interfluvios: supón a unidade que agrupa o resto de territorio non incluído nas unidades anteriores e que reúne aqueles contornos de alturas máis discretas, con relevos suaves na súa maioría – aínda que presenta algúns abarrancamentos como consecuencia da acción erosiva fluvial – e que ten unha dedicación maioritaria á gandería e á silvicultura, presentando unha alternancia de espazos ocupados por plantacións forestais (de *Pinus pinaster*, *P. sylvestris* e *Eucalyptus globulus*,

principalmente), áreas de matogueira dominada polo toxo e o breixo, e prados e pasteiros nos que levan a cabo pastos de gando vacún e equino.

Trátase dunha contorna no que a transformación do paisaxe orixinal foi moi intensa desde tempos antigos (gandería) e desde un pasado máis recente (plantacións forestais). Debido a que se trata de actividades totalmente vinculadas cos recursos naturais, a súa integración no medio acaba resultando aceptable, sobre todo desde o punto de vista dos residentes, que o asumen como unha paisaxe cotiá de subrexión. O maior grao de naturalidade dáse nas inmediacións dos distintos cursos fluviais que transcorren pola zona, xa sexan aqueles con certa entidade –como o río Tea– como aqueles de menor importancia territorial. Nestes contornos consérvanse aínda redutos forestais representantes da vexetación forestal, tales como carballeiras ou vexetación de ribeira, posto que a orografía algo máis acusada non favoreceu os labores gandeiros ou silvícolas. A presión urbanística atópase presente se ben mostra unha dispersión máis atomizada e menos densa que a que se observa na zona do val do Miño. Os pequenos núcleos de poboación sucédense máis separadamente e enmárcanse nunha matriz máis forestal. Debido ao risco de incendios son numerosos as devasas practicadas en zona forestal, o que dá unha sensación de cicatrices no chan rústico debido a súa regularidade e xeometría.

A autovía A-52 supón unha das infraestruturas máis destacables nesta contorna debido a que constitúe un elemento continuo e transversal moi frecuentado desde o que é posible observar distintos puntos do ámbito de estudo; por outra banda, a súa propia presenza supón un contraste visual co aspecto predominante da unidade. Finalmente, as liñas eléctricas aéreas son outro dos elementos artificiais comúns nesta contorna debida a que se trata dun lugar de paso favorable para a localización destas infraestruturas enerxéticas que evacúan e transportan a enerxía xerada tanto nos parques eólicos, como nas centrais hidroeléctricas dos distintos encoros existentes dentro do ámbito de estudo como é o caso do anteriormente mencionado encoro de Frieira..

A calidade paisaxística da contorna considérase media polo seu interese identificativo e tradicional do espazo rural galego, aínda que existen numerosos elementos que poden reducir esta consideración global en determinados enclaves concretos.

1.2. ENCADRAMENTO FUNCIONAL

Para entender as relacións funcionais que se producen neste territorio hai que facer un análise das mesmas en distintos niveis. Deste xeito, e de forma xeral, podemos dicir que o territorio, estruturado en unidades parroquiais, ten un primeiro nivel de relación coas centros urbanos dos concellos. Se ben é certo que isto non é sempre así, tal e como se indica de seguido.

Se ascendemos ao seguinte nivel, resaltan os polos de atracción que supoñen as cabeceiras comarcais de Ponteareas e A Cañiza. O Concello de Ponteareas supón un “centro loxístico” e de servizos territorial converxendo nel fluxos provenientes de todos os concellos do territorio, especialmente de Mondariz Balneario, Mondariz, As Neves, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas e as parroquias occidentais de Covelo. Pola súa banda, A Cañiza atrae fluxos das parroquias do sueste de Covelo, así como os Concellos de Crecente e Arbo, así como os veciños concellos de Melón e Cortegada (Ourense).

A nivel territorial os movementos funcionais con máis peso son os que se realizan coa cidade de Vigo, gran centro de servizos, comercio e loxístico, seguido pola cidade de Ourense.

Por último en canto ás dinámicas de mobilidade tamén cabería facer referencia, pola súa incidencia na caracterización do territorio e por ser un elemento diferenciador de outros territorios, ás dinámicas que existen coas vilas portuguesas de Monção e Melgaço, fundamentalmente dende Salvaterra de Miño e Arbo. E é que o territorio de actuación deste GDR é fronteirizo con Portugal e co país veciño o unen dúas pontes internacionais que supoñen un alto grado de interacción entre territorios. Tanto é así que constituíuse no ano 2015 a Eurocidade Monção – Salvaterra de Miño e actualmente atópase en tramitación outra Eurocidade que agrupe aos concellos de As Neves, Arbo, A Cañiza e Crecente co Melgaço portugués.

Todas estas relacións e dinámicas de mobilidade son provocadas, en gran medida, polas redes de comunicación que vertebran e conectan o territorio. Pola relevancia que estas teñen no ámbito de actuación analizaranse con maior detalle no seguinte apartado.

Por último, cabe destacar que sobre o territorio existen dúas realidades territoriais diferenciadas que podemos definilas como a area que comprende O Condado e o Concello de Salceda e a área que comprende A Paradanta. A

realidade é que, pese a ser territorios lindantes, hai fortes diferencias no relativo ao grado de desenvolvemento económico, poboacional, educativo e mesmo social. Neste sentido a zona occidental presenta un maior grado de desenvolvemento territorial que a zona oriental.

1.3. ELEMENTOS CULTURAIS DO TERRITORIO

Como en toda Galicia, nesta zona atopamos importantes mostras do patrimonio cultural, desde a prehistoria ata a actualidade, pasando por toda clase de elementos de arquitectura civil e relixiosa. Este patrimonio está actualmente en diferentes estados de conservación.



*Imaxe 21: Conxunto Abacial de Barciademera (Covelo)
Fonte: Banco de imaxes do GDR Condado Paradanta*

Na comarca da Paradanta existen abundantes mostras de todo tipo de arquitectura civil con interese patrimonial. Destacan os numerosos pazos, moitos deles convertidos en adegas ou establecementos de turismo rural.



Imaxe 22: Pazo Pegullal (Salceda de Caselas)
Fonte: Banco de imaxes do GDR Condado Paradanta

Os concellos de Crecente, Arbo, As Neves e Salvaterra de Miño contan tamén coas chamadas pesqueiras, construcións sobre o río Miño, dedicadas á pesca deportiva da lamprea e que son utilizadas aínda hoxe en día, cun sistema de repartición de orixe medieval.



Imaxe 23: Pesqueiras de Arbo
Fonte: Banco de imaxes do GDR Condado Paradanta

En relación á Comarca do Condado destaca a fortaleza de Salvaterra de Miño, de propiedade municipal, situado fronte á cidade portuguesa de Monção, construído entre os séculos X e XI, cunha muralla do século XII. O castelo fíxose famoso pola presenza de Dona Urraca para dirixir as accións contra Teresa de Portugal. A fortaleza está nun excelente estado de conservación e actualmente alberga o Museo da Ciencia do Viño e un espazo municipal de exposicións. Pero por riba de todo destaca o Castelo do Sobroso, situado no Concello de Mondariz con gran importancia no dominio do territorio tempos atrás.



Imaxe 24: Castelo do Sobroso (Mondariz)
Fonte: Banco de imaxes do GDR Condado Paradanta

Ao longo e ancho do territorio atopamos numerosos elementos patrimoniais declarados BIC, pero tamén existen outros elementos de carácter patrimonial que son salientables ou ben que están en boa disposición para ser recuperados e rehabilitados para o seu uso, de xeito que puideran conformar un bo catalogo de visitas con fins principalmente turísticos.

NOME	CONCELLO	XENERICO
Petróglifos de <i>Monte das Croas ou dos Castelos (5 estacións)</i>	Arbo	Arte rupestre
Petróglifo Monte da Cividade	As Neves	Arte rupestre
Petróglifo Minada	As Neves	Arte rupestre
Petróglifo Rocha	As Neves	Arte rupestre
Petróglifo Monte Cara do Home	As Neves	Arte rupestre
Petróglifo do Mouro/Pedra da Moura	As Neves	Arte rupestre
Petróglifo Citania de Altamira	As Neves	Arte rupestre
Petróglifo Castro da Troña	Ponteareas	Arte rupestre
Petróglifo <i>Chan da Gándara</i>	Ponteareas	Arte rupestre
Petróglifo <i>Coto da Cobra</i>	Covelo	Arte rupestre
Petróglifo Pedra Cabalaria (3 estacións)	Covelo	Arte rupestre
Torre de Sequeirós ou de Barro	As Neves	Castelo
Castelo de Santiago de Aitona	Salvaterra de Miño	Castelo
Fortaleza de Salvaterra de Miño	Salvaterra de Miño	Castelo
Covas de Dona Urraca	Salvaterra de Miño	Castelo
Palacio do Conde	Salvaterra de Miño	Castelo
Castro de Troña	Ponteareas	-
Petróglifo O Cruceiro en Monte Mourelle	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Pé de Mula ou de Sabaxáns	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Laxe do Esperón	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campado 1	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campado 2	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Coto dos Cabreiros 1	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campado 3	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campado 4	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campo Redondo	Mondariz	Arte rupestre

Petróglifo Os Rochos 1	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Os Rochos 2	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Os Rochos 3	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Fochanca 1	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Fochanca 2	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Os Rochos 4	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Os Rochos 5	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Os Rochos 6	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Escornabois	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Laxas Espurreiras	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo As Cavadas	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo O Esperón	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Coto dos Cabeiros 2	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campado 5	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campado 6	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campado 7	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campado 8	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Campado 9	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Carqueixede	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Cavada do Cura	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Picoto	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Os Pasais	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Torreirós	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Chan das Veigas	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Cavada dos Rochos 1	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Cavada dos Rochos 2	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo O Barral	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo O Monte Mourelle	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Coto de Monzón	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo Centieira	Mondariz	Arte rupestre
Petróglifo A Pedra das Nocellas	Mondariz	Arte rupestre
Castelo de Sobroso	Mondariz	Castelo
Torre de Fornelos	Crecente	Castelo

*Táboa 12: Relación de Bens de Interese Cultural no Condado Paradanta
Fonte: Bens de Interese Cultural. Datos Abertos da Xunta de Galicia*

1.4. MARCO TERRITORIAL ESTRATÉXICO

No marco do modelo territorial definido polas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) observamos novamente dúas áreas diferenciadas no ámbito de actuación do GDR. A oriental e máis próxima a área urbana de Vigo e a occidental e con maiores problemas demográficos e económicos.

Seguindo ditas directrices podemos afirmar que parte do territorio forma parte do Sistema urbano intermedio e outra parte (a maior) do que as DOT definen como espazo rural.

O Sistema urbano intermedio defínese como os núcleos de mediano e pequeno tamaño, entre os 7.000 e os 40.000 habitantes, que enriquecen ás grandes áreas urbanas. Estas vilas e cidades xogan un importante papel na ordenación do territorio posto que son fundamentais de cara a:

- Dinamizar os procesos de desenvolvemento
- Asegurar servizos urbanos de calidade nas zonas máis desfavorecidas
- Evitar riscos asociados á excesiva concentración da poboación
- Proporcionar unha referencia territorial dende a cal organizar o crecemento residencial e económico

Dentro deste Sistema urbano intermedio e atendendo a súa caracterización dentro das DOT, atopamos aos territorios dos concellos de Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño. Todos eles forman parte da realidade oriental do territorio que xa se ten mencionado, concentrando máis da metade da poboación do ámbito de actuación, con crecemento demográfico no último lustro e cunha importante actividade socioeconómica propia dunha área do Sistema urbano intermedio.

Continuando na análise territorial e antes de entrar nos denominados polas DOT como espazos rurais, cabe destacar o núcleo de A Cañiza como unha figura de relevancia na ordenación territorial, enmarcándose como un dos 26 nodos para o equilibrio do territorio da comunidade.

Os nodos, que pechan a xerarquía de entidades poboacionais con influencia supramunicipal, son núcleos nos que existen funcións urbanas básicas que garanten que a poboación rural teña acceso a servizos necesarios na sociedade actual. De xeito habitual a súa contorna caracterízase polo despoboamento xeneralizado, pero teñen un papel protagonista no desenvolvemento económico das zonas rurais da contorna. O apoio a estes nodos é básico para o mantemento da poboación nas zonas rurais.

Por último abordamos o definido nas DOT como espazo rural que, ao igual que sucede a nivel galego, ocupa a maior parte do ámbito de actuación do GDR Condado Paradanta. Estes espazos rurais contan cunha ampla diversidade paisaxística e funcional e cunha elevada densidade de asentamentos. Dentro destes espazos rurais é posible diferenciar entre os espazos rurais integrados, intermedios e periféricos.

Dentro do primeiro grupo, integrados, seguindo a caracterización das DOT poderíanse incluír tamén os territorios dos concellos de Pontearreas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño posto que están próximos e influenciados pola gran urbe de Vigo, mostran unha tendencia demográfica positiva e contan cunha base laboral diversificada.

Os espazos rurais intermedios atópanse distantes das grandes urbes e no contorno das vilas medias, neles xa aparecen problemas de despoboamento preocupantes e conviven iniciativas empresariais agrícolas con non agrícolas. Esta caracterización é a que se corresponde cos concellos de Mondariz, Mondariz Balneario, A Cañiza e As Neves.

Finalmente, os concellos máis desfavorecidos como son os de Covelo, Crecente e Arbo correspóndense cos denominados espazos rurais periféricos. Áreas tipograficamente máis complexas, con peor accesibilidade e máis afastadas das zonas densamente poboadas; en definitiva, cun elevado porcentaxe de illamento, graves problemas demográficos e deficiente sistema de infraestruturas e servizos.

II 2. TECIDO SOCIOECONÓMICO

2.1. ANÁLISE DEMOGRÁFICA


A orixinalidade do sistema de poboación que tradicionalmente caracterizou a Galicia baséase na súa gran dispersión, de forma que Galicia posúe, ela soa, o 46,5% das entidades de poboación de toda España.

Desde o punto de vista do poboamento, nesta zona pódense distinguir claramente dúas áreas: a franxa oriental da zona, pouco poboadada por mor da determinación propia do medio físico e o resto do territorio da zona, correspondente á metade suroccidental, máis poboadada grazas á ausencia de factores expulsivos, á proximidade coa principal área metropolitana de Galicia, que é, ao mesmo tempo, un importante xacemento de emprego e un centro comercial e de servizos de rango rexional e mesmo internacional, xa que a súa influencia esténdese ao Norte de Portugal.

CONCELLOS	Total de habitantes
Arbo	2.599
Cañiza, A	5.115
Covelo	2.455
Crecente	1.961
Mondariz	4.394
Mondariz-Balneario	675
Neves, As	3.770
Ponteareas	22.942
Salceda de Caselas	9.249
Salvaterra de Miño	10.048
TOTAL GDR	63.208
PROVINCIA	944.275
GALICIA	2.695.645

Táboa 13: Habitantes por concello

Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes.2021 (IGE. Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro)



Imaxe 25: Mapa poboacional do Condado Paradanta. 2021.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE

As características demográficas do territorio actual insírense no contexto dunha Europa envellecida, pioneira en iniciar a chamada transición demográfica a escala mundial, en particular a Europa do noroeste, porque a maior parte dos procesos socioeconómicos, técnicos e políticos que, directa ou indirectamente, afectan á evolución demográfica, son comúns a este continente. Tamén en Condado Paradanta, do mesmo xeito que no resto de Galicia e mesmo dos países europeos do sur e do leste, a transición demográfica produciuse, aínda que cun desfazamento temporal, agravado, no noso contexto, coas importantes fases migratorias, iniciadas no século XIX e mantidas nos dous primeiros terzos do século XX, fases que se deben á desproporción entre os recursos dispoñibles e a poboación.

O Condado Paradanta presenta unhas características demográficas que se inician do século XX, onde xa se manifestan os primeiros síntomas de envellecemento da poboación, aínda que non foi ata finais dese século cando as consecuencias fixéronse máis patentes. O territorio presenta por tanto unhas particularidades propias das poboacións postransicionais: débiles taxas de natalidade, relativamente elevadas taxas de mortalidade, co consecuente envellecemento da estrutura por idades e estancamento –cando non franco decrecemento- da poboación.

CONCELLOS	Taxa de natalidade	Taxa de mortalidade
Arbo	3,44 ‰	18,43 ‰
Cañiza, A	3,44 ‰	9,88 ‰
Covelo	Sen datos	15,87 ‰
Crecente	Sen datos	18,52 ‰
Mondariz	5,15 ‰	17,18 ‰
Mondariz-Balneario	Sen datos	Sen datos
Neves, As	5,34 ‰	14,67 ‰
Ponteareas	5,89 ‰	8,52 ‰
Salceda de Caselas	8,52 ‰	7,17 ‰
Salvaterra de Miño	6,76 ‰	9,33 ‰
PROVINCIA	5,78 ‰	10,45 ‰
GALICIA	5,49 ‰	12,19 ‰

Táboa 14: taxas de natalidade e mortalidade dos concellos do ámbito territorial do GDR Condado Paradanta. 2021.

Fonte: Indicadores demográficos. IGE 2021.

Este escenario demográfico constituíuse tras a realización dunha transición demográfica peculiar, que finalizou antes en Galicia que no conxunto de España e no territorio de estudo, á vez que a súa matriz galega.

Con todo, nos últimos anos, sen chegar a invertirse a pirámide, a sustentabilidade económica do territorio e o maior dinamismo relacionado seguramente coa área de influencia da gran metrópole da cidade de Vigo, e sobre todo as súas boas relacións transfronteirizas, conseguiron mitigar o cambio rápido en canto á caída da poboación e mais importante en canto ao envellecemento tanxencial do territorio.

Unha primeira análise por comarcas da evolución dos datos da estrutura demográfica da zona mostra que a zona segue a tendencia xeral rexistrada en Galicia e, con maior intensidade, nas zonas rurais, aínda que nesta zona existen diferenzas que, tamén neste caso, responden os factores xeográficos e socioeconómicos citados en numerosas ocasións. Desde o punto de vista global, a zona está ao redor da media provincial e galega en todos os grupos de idade considerados, por encima da media galega e por baixo da de Pontevedra, provincia que non hai que esquecer que é a menos envellecida de Galicia.

CONCELLO	Nacementos			Defuncións			Inmigracións			Emigracións			Crecemento demográfico		
	Totais	Homes	Mulleres	Totais	Homes	Mulleres	Totais	Homes	Mulleres	Totais	Homes	Mulleres	Totais	Homes	Mulleres
Arbo	10	7	3	47	22	25	121	60	61	61	27	34	23	18	5
A Cañiza	24	13	11	81	40	41	221	114	107	141	69	72	23	18	5
As Neves	16	9	7	66	27	39	143	80	63	128	52	76	-35	10	-45
Covelo	8	4	4	42	16	26	185	104	81	66	29	37	85	63	22
Crecente	5	3	2	34	14	20	68	29	39	68	36	32	-29	-18	-11
Mondariz	25	5	20	72	33	39	192	101	91	147	74	73	-2	-1	-1
Mondariz Balneario	2	0	2	4	4	0	74	38	36	31	19	12	41	15	26
Ponteareas	154	77	77	188	93	95	733	366	367	668	336	332	31	14	17
Salceda de Caselas	88	45	43	74	43	31	430	223	207	344	165	179	100	60	40
Salvaterra de Miño	71	38	33	123	59	64	592	307	285	389	207	182	151	79	72
GDR	403	201	202	731	351	380	2759	1422	1337	2043	1014	1029	388	258	130
PONTEVEDRA	5.650	2.829	2.821	32.845	16.274	16.571	30.212	15.108	15.104	25.716	12.872	12.844	-22.699	-11.209	-11.490
GALICIA	15.247	7.752	7.495	9.771	4.841	4.930	97.328	48.251	49.077	82.712	41.064	41.648	20.092	10.098	9.994

*Táboa 15: Crecemento demográfico. 2020.
Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE 2020.*

CONCELLOS	TOTAL	Menores de 16	Entre 16-64	Máis de 64
Arbo	2.559	224	1.462	913
Cañiza, A	5.115	564	2.963	1.588
Covelo	2.455	196	1.344	915
Crecente	1.961	98	1.061	802
Mondariz	4.394	432	2.586	1.376
Mondariz-Balneario	675	76	439	160
Neves, As	3.770	388	2.253	1.129
Ponteareas	22.942	3.504	15.201	4.237
Salceda de Caselas	9.249	1.683	6.123	1.443
Salvaterra de Miño	10.048	1.397	6.361	2.290
GDR	63.168	8.562	39.793	14.853
PONTEVEDRA	83.114	11.857	53.395	17.862
GALICIA	333.678	333.678	1.667.827	694.140

*Táboa 16: Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade
Fonte: Padrón municipal de habitantes. IGE 2021*





Gráfico 4: Pirámide poboacional do ámbito de actuación do GDR Condado Paradanta
Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE. 2021.

De todas formas, a evolución da zona é negativa comparándoa coa estrutura que había en 1981 (primeiros datos oficiais IGE): o grupo de 0 a 15 anos perdeu peso entre 1981 e 2021, e o de 65 e mais anos ve aumentar a súa proporción, mentres que o dos adultos (de 16 a 64 anos) presenta un comportamento máis neutro, aínda que tamén aumenta (de 60% en 1981 a 75,4% no 2021).

A densidade de poboación, que pon en relación o número de habitantes dun territorio e a superficie, e que se mide en habitantes por quilómetro cadrado, é para o conxunto do territorio do GDR de 88,43 hab./Km² (Totais: 63.168 habitantes; 714,33 Km²). Os municipios da Mondariz Balneario (292,21 hab./km²) e Salceda de Caselas (256,92 hab./Km²) son os que teñen unha densidade máis alta, o primeiro deles debido ao seu pequeno tamaño e no segundo caso influído pola súa proximidade a área metropolitana de Vigo, en detrimento de Covelo, Crecente e Mondariz, que teñen as densidades máis baixas debido principalmente a súa amplitude de superficie rústica e a problemas xerais como o despoboamento, o déficit de servizos ou as carencias das redes de transporte.



Imaxe 26: Mapa de densidade poboacional. 2021
Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

CONCELLOS	Densidade (2021)	Variación 5 anos (2017)	Variación 10 anos (2013)
Arbo	60,6	-4,29%	-14,19%
Cañiza, A	48,7	-2,46%	-5,96%
Covelo	19,2	-2,08%	-14,06%
Crecente	34,2	-6,14%	-17,84%
Mondariz	51,7	-3,48%	-9,09%
Mondariz-Balneario	292,2	6,91%	2,60%
Neves, As	57,6	-5,21%	-11,11%
Pontareas	182,8	0,16%	-1,70%
Salceda de Caselas	257,7	2,52%	3,92%
Salvaterra de Miño	160,8	3,92%	2,30%
PONTEVEDRA	209,9	0,05%	-1,05%
GALICIA	91,2	-0,45%	-2,41%

Táboa 17: Densidade de poboación e taxa de variación
Fonte: Padrón municipal de habitantes. (IGE. Poboación, entidades e densidade)

En relación ao movemento natural da poboación, o territorio de Condado Paradanta caracterízase por ter un saldo vexetativo negativo, que é resultado da diferenza entre nacementos e defuncións, é tamén negativo, tanto a nivel territorial como para cada un dos municipios salvo o caso do Concello de Salceda de Caselas que presenta un saldo positivo.

CONCELLOS	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
Arbo	11	59	-48
Cañiza, A	24	69	-45
Covelo	8	48	-40
Crecente	5	42	-37
Mondariz	24	80	-56
Mondariz Balneario	4	9	-5
Neves, As	20	55	-35
Ponteareas	138	201	-63
Salceda de Caselas	82	69	13
Salvaterra de Miño	71	98	-27
PONTEVEDRA	458	804	-319
GALICIA	14.759	32.843	-18.084

Táboa 18: Saldo vexetativo

Fonte: Padrón municipal de habitantes (IGE. Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos.). 2021.

Tendo en conta o índice de envellecemento da poboación, non se percibe a corto prazo unha inversión nos saldos vexetativos xa que se ben estamos ante unha poboación nova que se topa preto dos 50 anos, esta mesma característica indica que a situación real xa supera os datos nos cales a poboación soen xerar saldo de nacementos.

CONCELLOS	Idade Media 2021	Idade Media 2017	Idade Media 2013	Índice de envelhecimento
Arbo	53,74	52,39	51,11	326,68
Cañiza, A	53,38	49,22	51,30	311,90
Covelo	56,14	55,88	54,95	438,93
Crecente	57,33	54,19	55,69	554,69
Mondariz	50,68	48,63	49,86	234,12
Mondariz Balneario	47,83	48,15	46,33	173,76
Neves, As	49,86	48,89	47,82	213,54
Ponteareas	43,01	41,59	40,26	87,48
Salceda de Caselas	41,66	40,20	38,76	75,28
Salvaterra de Miño	45,16	44,30	43,37	126,50
PONTEVEDRA	44,71	43,50	42,20	112,73
GALICIA	47,74	46,76	45,61	163,59

Táboa 19: Idade media e envelhecimento da poboación
Fonte: IGE – Indicadores demográficos (IGE. Indicadores de poboación)

O saldo migratorio total, no ano 2021 é positivo en 228 persoas. Este número resulta da diferenza entre o saldo de inmigración interior, 2672 persoas e o saldo de emigración, de 2444 persoas.

	Total	Á mesma provincia	A outra provincia de Galicia	A outra CCAA	Ao estraxeiro
Arbo	52	40	6	4	2
Cañiza, A	199	118	38	34	9
Covelo	97	74	6	9	8
Crecente	78	53	12	9	4
Mondariz	146	103	11	23	9
Mondariz Balneario	40	34	2	3	1
Neves, As	112	79	12	7	14
Ponteareas	698	439	47	119	93
Salceda de Caselas	347	243	20	51	33
Salvaterra de Miño	675	286	33	49	307
GDR	2444	1469	187	308	480
Pontevedra	29107	16749	3744	5573	3041
Galicia	90445	51580	12163	18180	8522

Táboa 20: Emigración
Fonte: Movementos migratorios (IGE. Emigracións segundo tipo de migración). 2021.

	Total	Da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Doutra CCAA	Do estranxeiro
Arbo	124	76	4	33	11
Cañiza, A	265	146	42	45	32
Covelo	165	110	3	29	23
Crecente	97	67	4	21	5
Mondariz	245	163	16	43	23
Mondariz Balneario	44	34	4	6	0
Neves, As	125	73	2	30	20
Ponteareas	848	513	66	142	127
Salceda de Caselas	475	338	33	69	35
Salvaterra de Miño	549	335	27	83	104
GDR	2937	1855	201	501	380
Pontevedra	33336	16749	3878	6553	6156
Galicia	104893	51580	12163	21431	19719

Táboa 21: Inmigración
Fonte: Movements migratorios (IGE. Inmigracións segundo tipo de migración). 2021




Gráfico 5: Evolución do saldo migratorio
Fonte: Elaboración propia a partir de datos dos movementos migratorios do IGE




Gráfico 6: Poboación estranxeira no territorio do GDR Condado Paradanta segundo nacionalidade
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Tendo en conta esta situación podemos afirmar que si ben a poboación do GDR Condado Paradanta mantén a mesma dinámica demográfica do resto de Galicia e preto das medias da provincia de Pontevedra, a súa caída ten unha curva mais lixeira, seguramente derivada do seu dinamismo económico.

2.2. NIVEL DE INSTRUCCIÓN

Obsérvase que hai unha porcentaxe de certa importancia na poboación que non completaron os estudos básicos, no conxunto do territorio o 9,14% da poboación teñen sen completar os mesmos, se ben tamén é destacable a alta taxa de poboación que teñen estudos secundarios, baixando dunha maneira exponencial os datos referidos a ensinanza universitaria. Isto pódese deber a unha alta ocupación dos estudos vinculados a Formación Profesional, claves para o acceso ao traballo na próxima área metropolitana de Vigo.

	Analfabetos e sen estudos		Primeiro grao		Segundo grao		Terceiro grao	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
Arbo	437	16,81%	544	20,93%	1697	65,29%	144	5,54%
Cañiza, A	912	17,83%	972	19,00%	2585	50,54%	329	6,43%
Covelo	826	33,65%	776	31,61%	1015	41,34%	*	*
Crecente	328	16,73%	653	33,30%	1028	52,42%	*	*
Mondariz	949	21,60%	763	17,36%	2374	54,03%	243	5,53%
Mondariz-Balneario	51	7,56%	67	9,93%	310	45,93%	164	24,30%
Neves, As	968	25,68%	911	24,16%	1751	46,45%	189	5,01%
Ponteareas	2339	10,20%	3036	13,23%	11555	50,37%	2102	9,16%
Salceda de Caselas	729	7,88%	1250	13,51%	4829	52,21%	457	4,94%
Salvaterra de Miño	1321	13,15%	1793	17,84%	4505	44,83%	618	6,15%
GDR	8.860	14,02%	10.765	17,03%	31.649	50,07%	4.246	6,72%
Pontevedra	90.943	9,63%	135.705	14,37%	463.297	49,06%	126.914	13,44%
Galicia	313.809	11,64%	410.098	15,21%	1.304.126	48,38%	383.431	14,22%

Táboa 22: Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos
Fonte: Censo de poboación e vivendas. IGE. 2021




Gráfico 7: Nivel de instrución da poboación de 16 e máis anos
Fonte: Censo de poboación e vivendas. IGE. 2021

2.3. INDICADORES DE CALIDADE DE VIDA

O indicador que marca o valor dos bens e servizos producidos nun tempo determinado é o PIB. Con respecto a este indicador Galicia situábase en 2021 en 59.105 millóns de euros e en 21.755 euros por habitante (2020). O PIB per cápita, no territorio de estudo está no 71,07 % con respecto ao do Galicia , xa que a media de Condado Paradanta está en 15.567€.

	Renda dispoñible bruta por habitante	Variación 5 anos	PIB pc
Arbo	10890	18,52%	11128
Cañiza, A	8786	12,77%	13073
Covelo	9485	19,73%	11080
Crecente	9624	16,54%	10049
Mondariz	12000	22,17%	11027
Mondariz-Balneario	11974	-7,82%	13203
Neves, As	12515	25,94%	10964
Ponteareas	13098	17,02%	13873
Salceda de Caselas	13809	21,43%	14128
Salvaterra de Miño	12559	17,00%	12085
GDR	102181	15,49%	12831
Pontevedra	15328	15,44%	21016
Galicia	15719	13,63%	21755

Táboa 23: Indicadores de calidade de vida

Fonte: Renta dos fogares municipal e PIB Municipal. Cifras poboacionais de referencia². 2020

2.4. MERCADO DE TRABAJO

Con carácter xeral pode afirmarse que a reactivación da actividade económica trasládase ao mercado de traballo no ano 2021, que presenta un bo comportamento en termos agregados atendendo á mellora da participación da poboación do Condado Paradanta na actividade e na ocupación, así como á caída da taxa de desemprego.

Dunha banda, no último ano tanto a EPA como as afiliacións e as contas económicas presentan unha medra da ocupación e das horas traballadas; e doutra, descende o paro estimado pola EPA e o paro rexistrado nas oficinas de emprego. Con todo, fronte a estes datos positivos hai que ter en conta o aumento da temporalidade, que indicaría unha perda da calidade do emprego.

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Arbo	746	91	132	41	482
Cañiza, A	1327	120	248	62	897
Covelo	423	22	78	32	291

² Para o cálculo do PIC pc o IGE toma as cifras poboacionais de referencia, non o padrón municipal.

Crecente	358	26	89	27	216
Mondariz	1761	41	325	70	1516
Mondariz Balneario	135	4	20	2	114
Neves, As	1198	70	442	87	693
Ponteareas	9097	327	2259	396	6874
Salceda de Caselas	4230	120	1656	146	2308
Salvaterra de Miño	3338	139	1399	164	1900
GDR	22613	960	6648	1027	15291
Pontevedra	28201	1194	3515	1245	22247
Galicia	886709	34338	157679	34841	659851

Táboa 24: Contratos laborais. Media anual. 2021.

. Fonte: IGE – Contratos (IGE. Contratos iniciais segundo xénero, sector de actividade económica e localidade de residencia do traballador)

	Ano	Total	Menores de 25 anos	25 e máis anos
Arbo				
Total				
	2021	184	6	178
Máis de 1 ano				
	2021	80	0	79
Cañiza, A				
Total				
	2021	334	14	320
Máis de 1 ano				
	2021	150	3	147
Covelo				
Total				
	2021	149	4	146
Máis de 1 ano				
	2021	74	0	73
Crecente				
Total				
	2021	122	3	119

Máis de 1 ano				
	2021	58	1	58
Mondariz				
Total				
	2021	367	14	353
Máis de 1 ano				
	2021	195	1	194
Mondariz Balneario				
Total				
	2021	44	1	43
Máis de 1 ano				
	2021	21	0	20
Neves, As				
Total				
	2021	324	15	309
Máis de 1 ano				
	2021	178	2	176
Ponteareas				
Total				
	2021	1895	88	1806
Máis de 1 ano				
	2021	984	19	966
Salceda de Caselas				
Total				
	2021	612	24	588
Máis de 1 ano				
	2021	277	4	273
Salvaterra de Miño				
Total				
	2021	704	18	686
Máis de 1 ano				
	2021	347	1	346

GDR				
Total				
	2021	4735	187	4548
Máis de 1 ano				
	2021	2364	31	2332
PONTEVEDRA				
Total				
	2021	63366	2494	60871
Máis de 1 ano				
	2021	31508	416	31092
GALICIA				
Total				
	2021	163447	6706	156740
Máis de 1 ano				
	2021	83860	1375	82486

Táboa 25: Paro rexistrado segundo xénero, grupos de idade e duración da demanda
Fonte: Demandas de emprego. IGE. 2021

	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Arbo					
2021/Marzo	810	78	161	83	478
2021/Xuño	818	89	162	84	472
2021/Setembro	853	84	165	87	501
2021/Decembro	829	80	155	94	483
Cañiza, A					
2021/Marzo	1618	45	320	147	1090

2021/Xuño	1684	57	323	156	1132
2021/Setembro	1763	74	346	159	1168
2021/Decembro	1720	44	342	153	1163
Covelo					
2021/Marzo	692	21	117	62	485
2021/Xuño	733	29	123	62	512
2021/Setembro	742	30	124	63	518
2021/Decembro	712	21	126	60	498
Crecente					
2021/Marzo	536	33	96	53	350
2021/Xuño	563	34	95	64	366
2021/Setembro	573	38	101	63	367
2021/Decembro	553	34	90	58	367
Mondariz					
2021/Marzo	1329	26	309	117	860
2021/Xuño	1411	26	326	130	912
2021/Setembro	1455	30	315	131	963
2021/Decembro	1419	23	316	132	931
Mondariz Balneario					
2021/Marzo	253	5	28	7	213
2021/Xuño	265	4	29	8	224
2021/Setembro	266	5	27	8	226
2021/Decembro	260	4	28	7	221
Neves, As					
2021/Marzo	1076	48	243	119	661
2021/Xuño	1124	52	257	124	682
2021/Setembro	1147	51	267	126	694
2021/Decembro	1136	49	272	119	687
Ponteareas					
2021/Marzo	8530	127	1765	830	5754
2021/Xuño	8775	131	1781	861	5946
2021/Setembro	8901	150	1767	869	6057
2021/Decembro	8810	109	1740	846	6050
Salceda de Caselas					

2021/Marzo	3767	46	1114	354	2241
2021/Xuño	3826	50	1123	364	2275
2021/Setembro	3979	51	1136	368	2408
2021/Decembro	3941	45	1106	368	2405
Salvaterra de Miño					
2021/Marzo	3617	91	981	374	2149
2021/Xuño	3731	98	1006	395	2208
2021/Setembro	3889	101	1027	403	2333
2021/Decembro	3800	94	976	398	2304
GDR					
2021/Marzo	22228	520	5134	2146	14281
2021/Xuño	22930	570	5225	2248	14729
2021/Setembro	23568	614	5275	2277	15235
2021/Decembro	23180	503	5151	2235	15109
Pontevedra					
2021/Marzo	29513	524	2895	2026	23987
2021/Xuño	30313	545	2969	2095	24619
2021/Setembro	30408	551	2938	2066	24762
2021/Decembro	30495	522	2906	2049	24930
Galicia					
2021/Marzo	973718	55682	138820	73145	702345
2021/Xuño	997672	55761	141646	75814	720484
2021/Setembro	1006623	56687	141985	76144	727695
2021/Decembro	1002265	54070	137963	74527	731412

Táboa 26: Afiliacións á Seguridade Social segundo o sector de actividade 2021
 Fonte: IGE – Afiliacións á Seguridade Social (IGE. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada e o sector de actividade (CNAE-2009) (desde 2011)

2.5. ANÁLISE EMPRESARIAL

Quenda agora para o análise da situación empresarial do territorio. En primeiro lugar analizaremos cifras xerais e a súa evolución nos últimos anos para, posteriormente, afondar en cada un dos sectores empresariais.

Case 4500 empresas, dentro das cales se integran os autónomos/as, compoñen o tecido empresarial do territorio de actuación, o que supón tan só un 5,5% de toda a

provincia. A nivel municipal, os concellos máis próximos á área metropolitana de Vigo e tamén os máis poboados, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño (o 30% da superficie), son os que aglutinan o 70% das empresas do territorio, seguido de lonxe pola Cañiza, cabeceira comarcal.

Se atendemos á evolución nos últimos cinco anos (2021 – 2016), observamos como os cambios non son moi significativos, ao igual que sucede no conxunto da provincia e da autonomía. Sen embargo, a nivel municipal si que destaca o incremento de máis de vinte puntos porcentuais no Concello de Covelo.

O tamaño medio analiza o número de autónomos/as e asalariados existentes nun territorio en relación co número de empresas do mesmo territorio. Deste xeito o ámbito de actuación do GDR Condado Paradanta sitúase case un punto por debaixo da media provincial.

	Nº de empresas	Variación 5 anos	Alta	Baixa	Permanencia	Tamaño medio
Arbo	204	4,08%	13	15	191	1,92
Cañiza, A	363	-1,89%	35	24	328	2,04
Covelo	158	23,44%	20	24	138	1,4
Crecente	94	-6,00%	9	7	85	2,84
Mondariz	217	-5,24%	26	22	191	1,68
Mondariz Balneario	55	-8,33%	5	9	50	4,09
Neves, As	221	3,76%	22	21	199	1,99
Ponteareas	1849	-1,70%	147	179	1702	3,76
Salceda de Caselas	615	-4,35%	64	76	551	2,48
Salvaterra de Miño	672	2,28%	79	71	593	2,27
GDR	4448	-0,65%	420	448	4028	2,45
Pontevedra	80885	0,15%	6681	7709	74204	3,27
Galicia	241247	-2,05%	18138	22567	223109	3,22

Táboa 27: Empresas

Fonte: Empresas con actividade en Galicia; Altas, baixas e permanencias segundo a sede social; Tamaño medio das empresas con sede en Galicia. IGE. 2021

	Total	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros
Arbo	205	141	3	44	1	16
Cañiza, A	352	235	4	88	2	23
Covelo	160	125	0	16	1	18
Crecente	91	61	0	21	0	9
Mondariz	214	149	0	51	0	14
Mondariz Balneario	59	31	2	23	0	3
Neves, As	220	134	0	65	1	20
Ponteareas	1879	1144	16	541	15	163
Salceda de Caselas	626	394	5	192	4	31
Salvaterra de Miño	662	427	10	177	0	48
GDR	4468	2841	40	1218	24	345
Pontevedra	81900	49396	1013	24996	343	6152
Galicia	245660	156293	2536	65556	1129	20146

Táboa 28: Análise empresarial. Empresas con actividade en Galicia segundo condición xurídica 2020
Fonte: IGE – Directorio de empresas (IGE. Empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (grupos CNAE 2009) e condición xurídica)

Se atendemos á condición xurídica nesta análise empresarial, certificamos que non existen diferencias coa situación que se vive a nivel provincial ou mesmo autonómico. A forma xurídica máis empregada, excluindo ás persoas físicas, son as S.L. seguido das S.A. e das cooperativas.

No seguinte cadro pódese observar a distribución das empresas en función do número de asalariados, a gran maioría delas consideradas PEMES en canto a dito número de asalariados.

	Total	< 2	3 - 5	6 - 9	10 - 19	20 - 49	50 - 99	100 - 249	>250
Arbo	204	181	10	7	3	3	0	0	0
Cañiza, A	363	329	21	1	4	7	1	0	0
Covelo	158	152	3	1	0	2	0	0	0
Crecente	94	81	7	2	1	2	1	0	0
Mondariz	217	193	15	5	2	1	1	0	0
Mondariz-Balneario	55	48	3	1	0	2	0	1	0
Neves, As	221	194	12	4	7	3	1	0	0
Ponteareas	1849	1574	157	70	27	15	4	1	1
Salceda de Caselas	615	517	47	25	16	7	3	0	0
Salvaterra de Miño	672	567	54	23	17	9	2	0	0
GDR	4448	3836	329	139	77	51	13	2	1
Pontevedra	80885	69174	5993	2503	1727	987	309	143	49
Galicia	241247	208674	16969	6896	4695	2684	777	385	167

Táboa 29: Número de empresas segundo o estrato de asalariados
Fonte: Directorio de empresas. IGE. 2021

2.5.1. SECTOR PRIMARIO: AGRICULTURA, GANDERÍA E SECTOR FORESTAL

Neste sector, que ocupa a un 9,1% da poboación activa - 6,9% na agricultura e 2,3% na pesca -, hai que considerar dous tipos de agricultura: unha tradicional de subsistencia ou autoconsumo, baseada no millo, a forraxe e a pequena horta anexa á vivenda rural, pouco rendible e apoiada por unha gandería extensiva – bovina e cabalar -, levada a cabo na zona de montaña, correspondente á metade oriental da zona; e outro tipo de agricultura moderna e tecnificada, rendible e orientada ao mercado, favorecida polas características naturais e climáticas, baseada no cultivo de todo tipo de hortalizas e, en especial, de produtos de alto valor, como a produción de flor e hortaliza en invernadoiros, a uva para a elaboración de viño con D.O. Rías Baixas, kiwi e outros destinados á elaboración de conservas, licores e marmeladas. A gandería ten unha importancia residual, salvo algunhas granxas avícolas na zona de Salvaterra do Miño.

Sobresaen os cultivos leñosos, os froiteiros e, sobre todo, o viñado. Sobre estes dous últimos cultivos hai que subliñar a gran transcendencia que teñen, xunto á produción hortícola, sobre todo no Condado: nos froiteiros destaca o kiwi, cuxo cultivo supón unha alta porcentaxe da produción de Galicia e mesmo da produción nacional. Esta zona, máis concretamente o municipio de Salceda de Caselas, foi pioneiro no cultivo desta froita.

No que se refire ao viñedo, este cultivo é o máis antigo e tamén un dos máis importantes polo seu alto valor nos mercados, sobre todo desde a inclusión da maioría de municipios na Denominación de Orixe “Rías Baixas”, conformando unha subzona da propia DO, Condado do Tea, unha marca territorial das máis importantes. Este cultivo se desenrola principalmente sobre as terrazas fluviais do Miño ata chegar a Crecente (Salceda de Caselas, Ponteareas, Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente e parte de A Cañiza). Dentro das explotacións vitivinícolas pódense diferenciar as que practican o monocultivo, dedicadas ás variedades de uva autorizadas polo consello regulador da D.O., das que boa parte son híbridas, aínda que nos últimos anos a Xunta de Galicia está a apoiar a reestruturación dos viñedos, fomentando a substitución das variedades híbridas por variedades autóctonas. Máis de 50 adegas e 1000 viticultores son un bo reflexo do peso deste sector na actividade económica do territorio e, dentro do mesmo, tamén atopamos iniciativas certificadas por CRAEGA ou outros caldos fóra da DO Rías Baixas. Na súa honra celébranse varias festas sobre as cales destacan en primeiro lugar a Festa de Interese Turístico Galego do Viño do Condado do Tea en Salvaterra de Miño (onde tamén se atopa o Museo da Ciencia do Viño, con alto recoñecemento a nivel autonómico) e, en segundo, a Festa do Viño Tinto das Neves.

Cabe destacar tamén a pesca fluvial, fundamentalmente a da lamprea, desenvolta no río Miño – concretamente ao longo duns 30 Km de río, entre Salvaterra de Miño e Crecente - desde a época romana, en forma artesanal e de carácter deportivo. Certo é que esta arte representa un alto valor, a pesar do pouco volume de capturas que se rexistran actualmente a causa, entre outros factores, da sobrepesca, da existencia de encoros e do baixo caudal dos ríos. Pero a lamprea do Miño non é a única no territorio, se non que no Río Tea tamén se practica a pesca da lamprea cunha técnica distinta, a das “Estacadas”, plataformas que se distribúen ao longo do río para poder capturalas no momento que remontan o río para desovar. O Concello de Arbo, punto de referencia da lamprea a nivel mundial, conta con dúas festas de exaltación desta especie, a Festa da Lamprea (Festa de Interese Turístico Internacional) e a da Lamprea Seca (Festa de Interese Turístico Galego).

Subsector Forestal

É unha peza importante na economía do territorio. A superficie forestal desta comarca representa máis do 60% do seu territorio, fronte ao pouco máis do 20% das terras de cultivo.

Na comarca da Paradanta desenvólvese unha interesante actividade silvícola, con montes maioritariamente mancomunados, que planifican a repoboación e, en xeral, a xestión do monte. Nesta comarca existen 52 comunidades de montes veciñais mancomunados, con algo máis de 20.000 Ha de superficie clasificada. En toda a zona, as especies máis frecuentes son as frondosas (eucalipto), coníferas (piñeiro), seguidas polas especies autóctonas –carballo, castiñeiro, bidueiro, etc-.

2.5.2. SECTOR SECUNDARIO

O sector secundario está moito máis desenvolto no sector occidental do territorio. O sector occidental da zona está caracterizado sobre todo pola proximidade á área industrial de Vigo (Salceda de Caselas).

A industria está bastante diversificada, con empresas dedicadas á alimentación, ao tratamento da pedra, auxiliar do automóbil, metal, mecánica, materiais de construción e industria química e farmacéutica principalmente.

Outro destacado compoñente deste sector é a industria alimentaria, sobre todo aquela relacionada coa produción vitícola. No Condado tamén están presentes as adegas, con empresas emblemáticas na produción de viño Rias Baixas. Hai tamén 2 granxas avícolas, con 33 empregos e unha facturación de 10 mill/€. Pero a empresa máis importante da comarca é Augas de Mondariz, dedicada ao embotellado e distribución de augas minerais e outras bebidas, que ten 114 empregados e unha facturación de 19,3 mill/€. Por último, na comarca da Paradanta as principais empresas son coñecidas adegas en Arbo e Crecente (As Laxas, Marqués de Vizhoja e Morgadío).

Finalmente, ademais dos subsectores descritos, existe toda unha miriada de empresas, de moi diverso tamaño e actividade, entre os que se pode citar a carpintería metálica, a fabricación e transformación de plásticos, carpintería e transformación da madeira, talleres mecánicos e fabricación de maquinaria de todo tipo.

2.5.3. SECTOR TERCIARIO

Este sector, que recordemos creceu 8,7 puntos porcentuais entre 1991 e 2021 no que a ocupados se refire, mostra un gran dinamismo e reflexa a importancia que ten na zona

o sector secundario. Das pouco mais de 9.000 empresas que rexistra o INE (2021) pertencentes ao sector terciario, o 43,6% son comercios, o 18,0% son empresas inmobiliarias, o 15,5% dedícanse á hostalería e o 9,7% son empresas de transporte. O 13,2% restante está repartido entre empresas financeiras, educación, sanidade e outras.

La tipoloxía destas empresas é polo tanto moi variada, e o espectro vai desde o comercio tradicional de alimentación – tanto venda ao por menor como almacenista da pesca e horticultura, ao comercio interindustrial de pezas, maquinaria, materias primas e servizos, pasando pola hostalería, as empresas de transporte, venda de carburantes e vehículos.

El turismo rural está moi ben representado en todos os concellos, destacando A Paradanta con mais de 250 prazas e con establecementos que xa ofrecen actividades alternativas, inflúen positivamente sobre as economías locais e está menos afectado pola estacionalidade do turismo estival tradicional.

2.5.4. A IMPORTANCIA DO SECTOR TURÍSTICO (XEODESTINO) NA DINÁMICA DE DESENVOLVEMENTO DO TERRITORIO

A Ley 7/2011, de 27 de outubro, del turismo de Galicia recoñece a figura dos xeodestinos turísticos como áreas ou espazos xeográficos que comparten homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, coa capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto a súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.

Non foi ata febreiro do 2017 cando os Concellos de Arbo, As Neves, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño asinan un convenio de colaboración para a xestión compartida do proxecto de creación dun Xeodestino na comarca do Condado Paradanta.

Dado o carácter supramunicipal do proxecto e ao ser coincidente co seu territorio de actuación, os concellos participantes coinciden en debe de ser o GDR o ente xestor do mesmo e o que coordine as medidas necesarias para a súa posta en marcha e para o desenvolvemento dun produto turístico de excelencia.

No ano 2019 acórdase elaborar un Plan Estratéxico de Turismo para o Xeodestino. Dito plan é financiado con fondos propios do Xeodestino e presentase en xuño do 2019 data na cal se comeza coa implantación do Plan.

Un dos primeiros fitos de desenvolvemento deste Plan é que a finais do ano 2019, O GDR solicita á Secretaria do Estado de Turismo (SETUR) do Ministerio Industria, Comercio y Turismo ser **Destino Sicted**, feito tralo cal o territorio inicia un camiño de oferta de calidade turística aos seus visitantes. O camiño iniciado neste eido leva ao GDR a solicitar á SET ser Destino Turístico Intelixente, aprobándose a inclusión do mesmo dentro da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes.

Se ben estes fitos foron importantes, a principal misión do GDR como xestor do territorio neste eido é sen dúbida a de crear un produto turístico que se pon a ollos do consumidor como “TURISMO DEZ”, facendo fincapé na oferta de calidade que se pretende ofrecer no 10 concellos do territorio.

A diversidade e a complementariedade dos recursos turísticos son os principais valores sobre os que se traballa para construír unha oferta turística singular e de calidade baseada en catro eixos principais:

O enoturismo. Entendido dun modo integral, abarcando todo o proceso que se inicia co coñecemento e coidado da planta, a apreciación da paisaxe, os traballos na viña e na adega e a degustación do produto final.

A gastronomía. Desde a variedade e calidade dos produtos que fan famosa a comarca, ata o modo en que se preparan nas cociñas e se transforman en auténticos manxares.

A cultura. Nun sentido amplo que abarca tanto o rico patrimonio, material e inmaterial, como a cultura popular chea de festas singulares, feiras e mercados, etc.


A contorna natural. É o espazo no que todo ocorre. No que se pode dar un tranquilo paseo por un bosque para recoller cogomelos ou recoñecer plantas. No que se pode atopar rochas ás que subir para practicar boulder ou un río, de augas turbulentas, no que deslizámonos sobre unha balsa pneumática. Un espazo tamén no que se pode pescar a prezada lamprea. É precisamente a auga, – xa sexa como un pequeno arroio,

o caudaloso Miño, ou as fontes termais de Mondariz ou Salvaterra – o elemento que mellor representa a este territorio e que propicia a súa paisaxe, os seus cultivos, etc.

Así, a diferenciación fronte ao mercado buscase mediante a calidade e a creatividade dos nosos produtos, achegando maior valor engadido.

2.6. EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS

Nos últimos vinte anos produciuse unha profunda transformación na rede de comunicacións de Galicia.



*Imaxe 27: Rede de estradas e ferrocarril do Condado Paradanta
Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGN*

A zona sur de Galicia, que partía en mellores condicións que a metade norte e, por suposto, as áreas interiores rurais, viu o desenvolvemento das infraestruturas viarias, tanto de conexión co norte de Galicia, como con Portugal e coa meseta. En efecto, Pontevedra Este-Sur está ben dotada no que se refire a infraestruturas terrestres grazas á súa posición no sur de Galicia, próxima á fronteira portuguesa.

Nesta zona localízase o extremo sur do chamado “Eixo Atlántico” de comunicacións, formado pola autoestrada AP-9 (Ferrol-Tui) e a N-550 (A Coruña-Tui).

En escala xerárquica inmediatamente inferior aparece a PO-552 (Tui-Baiona), que percorre a marxe norte do Miño e a PO-408 (Tui-Crecente) segue polo Miño ata o límite coa provincia de Ourense.

A rede viaria da zona complétase cunha densa rede de estradas de titularidade municipal que comunica as cabeceiras municipais entre si e co resto de núcleos de poboación dos municipios, de forma que non existe ningunha entidade de poboación illada.

A rede da Deputación Provincial serve de complemento á rede autonómica nas comunicacións intercomarcais, une entre si os municipios lindeiros de cada zona e posibilita o acceso dos núcleos máis pequenos e da poboación dispersa aos eixos de comunicación de maior capacidade, cumprindo así coa súa función estruturante e vertebradora. Esta rede provincial baséase exclusivamente en estradas de tipo convencional e presenta carencias centradas nas vías de carácter local, que se caracterizan por presentar deficiencias derivadas dun mal estado de conservación, dun sinuoso trazado e/ou de anchura insuficiente.

Todos os núcleos cunha poboación estable de máis de cincuenta habitantes contan con acceso rodado asfaltado.

O ferrocarril ten escasa funcionalidade desde o punto de vista do territorio da zona, quedando á espera da entrada en funcionamento do tren de alta velocidade que ben puidese dar unha nova vida á zona a través de posibles lanzadeiras de proximidade ou ben en transporte público que puidese achegar ás estacións de referencia.

O transporte público no territorio é unha debilidade, principalmente pola escasa frecuencia dos autobuses, especialmente nas zonas menos poboadas. Este factor é o causante do emprego masivo dos medios privados de transporte que fan inviable a disposición de liñas interiores. Dende o GDR, sendo conscientes da necesidade de mellorar o transporte público, mesmo sen ser competencia nin do GDR nin dos concellos, elaborouse no 2018 un estudo básico dun plan de transporte.



Imaxe 28: Estudo básico de transporte para o GDR Condado Paradanta e Salceda de Caselas. 2018
Fonte: elaboración propia

As redes de abastecemento de auga potable e de saneamento están presentes nos núcleos urbanos, chegando ao 100% nas capitais municipais, mentres que as áreas máis rurais utilizan sistemas veciñais ou particulares, procedentes de fontes ou mananciais, con deficientes sistemas de tratamento no que se refire á auga potable e a pozos negros ou fosas sépticas no saneamento, co consecuente risco de contaminación das augas freáticas e superficiais.

Nesta zona existe unha complexa rede de infraestruturas de telecomunicacións, rede que se desenvolveu nos últimos anos debido aos avances tecnolóxicos e a progresiva liberalización do sector, que supuxo a aparición de novos operadores.

Na dotación destas infraestruturas tamén se observan diferenzas entre a metade oriental, montañosa e escasamente poboada e a occidental, onde se advirte influencia da área metropolitana de Vigo, densamente poboada e principal escenario da actividade económica.

Dende o punto de vista das infraestruturas educativas indicar que ao longo do territorio existen un total de sete gardarías, catro delas públicas, cinco Galiñas Azuis e dúas

escolas infantís. Para a educación primaria existen 22 centros escolares e dez institutos para a formación secundaria.

Atendendo aos servizos socio sanitarios mencionar a existencia de dous centros de saúde PAC localizados nas cabeceiras comarcais, que se unen aos outros oito centros de saúde de cada concello. Ademais, os concellos da Cañiza, Covelo e Crecente contan cun consultorio médico nas parroquias de Valeixe, Maceira e Filgueira, respectivamente. Son 33 as farmacias que prestan o seu servizo á poboación e, por último, nos servizos de atención aos maiores existen nove residencias da terceira idade, as cales reciben persoas de fora do territorio debido á saturación de outras residencias de Vigo e da súa área metropolitana, e un centro de día no Concello da Cañiza.


O territorio conta dentro de infraestruturas de carácter cultural con nove auditorios municipais, sendo o concello de Salvaterra de Miño o único sen esta dotación. Estas infraestruturas se complementan con 70 centros culturais de grande valor para manter a oferta de ocio nas parroquias. Por último, mencionar que cada concello conta cunha biblioteca municipal e que este territorio conta con oito museos ou centros de interpretación.

Atendendo ás infraestruturas culturais mencionar que ao longo do territorio existen oito museos. Por outra banda, cada un dos concellos conta cunha biblioteca municipal localizada no casco urbano

Outro equipamento importante no eido cultural son os auditorios e casas culturais. Neste sentido, a excepción do Concello de Salvaterra, cada concello conta con auditorio municipal nos cales se desenvolve parte da programación cultural do territorio. Pola súa banda, as casas culturais gañan especial relevancia no rural posto que permiten ás parroquias ter un lugar de encontro no cal poder gozar de actividades culturais, sociais ou mesmo deportivas. Existen un total de 70 casas culturais no ámbito de actuación, algunhas con maior volume de actividades que outras gracias á labor de asociacións e colectivos veciñais.

Na actualidade existen un total de 56 instalacións deportivas en boas condicións e con uso nos dez concellos do territorio. Seguindo coa tónica, os concellos máis próximos á área de Vigo contan cun maior número de instalacións deportivas e con mellores condicións, especialmente a capital do Condado. En canto á tipoloxía destes equipamentos cabe destacar que os campos destinados ao fútbol son ampla maioría,

seguidos por pavillóns polideportivos e piscinas, fundamentalmente de verán posto que tan só existen dúas piscinas climatizadas: Pontearreas (instalación pública e xestión privada) e A Cañiza (instalación e xestión pública).



*Imaxe 29: Centros educativos, sociosanitarios, instalacións deportivas e infraestruturas culturais
Fonte: elaboración propia*

A fibra óptica está presente na zona a través da rede troncal paralela á AP-9, cuxa rede é especialmente densa no sector central, dando servizo ás empresas situadas nas áreas paralelas á A-52.

Pola súa banda, a telefonía fixa está presente a través de 42 centrais de Telefónica e 13 do operador rexional R.

O territorio móvese no intervalo de 25,1-35 liñas/100 hab. A telefonía celular presenta unha media de 3 operadores por municipio, cun relativamente elevado número de emprazamentos por cada 100 habitantes, chegando ata o intervalo de máis de 0,250 emprazamentos/100 hab. nas zonas de montaña.

A fibra óptica tamén está presente en toda a zona grazas ao Plan Ministerial de expansión da mesma, aínda que nos municipios orientais esta presenza redúcese basicamente ás capitais municipais.

II 3. MATRIZ DAFO

DEBILIDADES		AMEAZAS	
1	Evolución cara un estado de grave envellecemento da poboación	1	Baixo uso do transporte público debido á deficiencia do servizo
2	Deficiente conectividade a internet nas áreas rurais. Carencia de fibra óptica	2	O cambio climático e a súa derivada en forma de desastres naturais (a destacar os incendios forestais)
3	Abandono das terras agrarias debido á falta de relevo xeneracional	3	Desmantelamento das diferentes oficinas de servizos á poboación por parte da administración. Necesidade dun servizo de extensión agraria da comunidade autónoma eficiente
4	Mellora na gobernanza e maior implicación da poboación local na conservación das áreas naturais protexidas e/ou de interese	4	Atomización da propiedade nos montes privados
5	Mellora na xestión do MVMC co fin de acadar unha maior produtividade dos mesmos	5	O deterioro e potencial desaparición de elementos patrimoniais por non poder ser rehabilitados.
6	Escasa sinalización comarcal tanto no ámbito da mobilidade como no turístico	6	O deterioro por abandono de áreas de ineterse natural e/ou paisaxístico
7	Falta de orzamento para a rehabilitación integral ou paulatina de elementos do patrimonio histórico-artístico		

8	Falta dunha rede viaria local que favoreza a mobilidade nas zonas de carácter forestal		
----------	--	--	--

Fortalezas		Oportunidades	
1	Existencia dun alto número de recursos naturais, paisaxísticos e ambientais	1	Tendencia ao "back to rural" (retorno o rural) derivado da crise pandémica covid
2	Centralidade entre dúas áreas de alta influencia económica (área metropolitana de vigo e por ser territorio lindante co norte de portugal, preto da zona de influencia de porto (eixo atlántico)	2	O territorio e a súa potencial ambiental como recurso no so paisaxístico senón tamén económico
3	Existencia dun alto número de tradicións con alto valor turístico (virxe da franqueira, corpus en ponteareas, etc..)	3	As aptas condicións territoriais para un desenvolvemento do sector forestal e da multifunción agrícola-forestal-gandeira dos montes
4	Microclima propicio para o cultivo de horta e vide	4	Os recursos naturais existentes para realizar actividades de efeciencia enerxética (aire, auga, biomasa)
5	O recurso hídrico é abundante e con multiposibilidades sectoriais (produción, turismo, etc..)	5	A existencia de rutas naturais definidas aptas para sendeiristas
6	Non existen problemas de contaminación nin do aire nin da auga		
7	Un territorio apto para o desenvolvemento da caza e a pesca		

Táboa 30: DAFO
Fonte: elaboración propia

C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



II 1. INTRODUCCIÓN

Para facer calquera balance do impacto Leader no territorio crese importante tomar como referencia a posición do mesmo dentro do contexto galego xa que este dará unha boa referencia para avaliar os resultados do territorio en comparativa co obtido no resto da Comunidade Autónoma.

Debemos de tomar como referencia última o Programa Leader de Galicia 2007-2013, que executou no rural galego unha contía total 91.705.094,43 €. Débese de tomar esta referencia unha vez a día de hoxe e por estar en execución, aínda non se dispoñen de datos finais do período 2014-2020.

Debemos de ter en conta de que o Leader 2007-2013 non comezou a pórse en marcha ata ben avanzado o ano 2009, co cal en termos de proxectos finalizados non se inicia ata entrado o ano 2010, temos polo tanto que ter en consideración os anos de pleno funcionamento do Leader, aqueles que van dende dito ano ata o 2015.

A execución do plan en relación aos fondos dispoñibles no orzamento da Comunidade Autónoma para esas anualidades foi polo tanto dun 73%, sendo a destacar a execución acadada no ano 2015, ano de peche do período no cal se puideron conceder axudas por valor de 21,1 millóns de euros e elevar a execución deste ano ata o 88,6 %.

GRÁFICOS DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA LEADER 2007-2013




Gráfico 8: Execución do programa en miles de €:
Fonte: elaboración propia a partir de datos de AGADER




Gráfico 9: Axudas Leader por cada provincia
Fonte: elaboración propia a partir de datos de AGADER

CADRO DE EXECUCIÓN DO LEADER POR MEDIDAS

MEDIDA	TIPOLOXÍA DE PROXECTOS	AXUDAS CONCEDIDA
Dinamización do sector Agroforestal	Produtivo	14.625.794,41 €
Mellora Medioambiental e do contorno Rural	Non Produtivo	1.789.262,01 €
Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivo	41.104.721,48 €
	Non Produtivo	16.816.251,89 €
TOTAL PROXECTOS		74.336.029,79 €
Gastos de Funcionamento GDR		14.590.628,64 €
Gastos GDR (promoción, dinamización e formación)		2.778.436,00 €
TOTAL GDR		17.369.064,64 €
TOTAL LEADER 2007-2013 (PROXECTOS + GDR)		91.705.094,43 €

Táboa 34: Cadro de execución do Leader por medidas
Fonte: elaboración propia a partir de datos de AGADER

PROXECTOS, INVERSIÓN E AXUDA.

Entre os anos 2010 e 2015 (período efectivo da aplicación do Leader Galicia 2007-2013), presentáronse 3791 Proxectos de Desenvolvemento Rural dos cales se verificaron de xeito favorable, ao estar acordo co disposto na Bases Reguladoras das axudas Leader, 2302 proxectos.

Logo dos diferentes procesos de selección e comprobación dos expedientes resolvéronse positivamente 2183 proxectos aos cales se lle concedeu unha axuda de 92.174.748 €, pero que no rural galego supuxeron unha inversión inducida de 226.053.193 €. Estes datos supoñen unha axuda media de 42.224 €, e dun 40,77 % de porcentaxe de axuda sobre a inversión total do proxectos.

A 31 de Decembro de 2015 e trala finalización do período a cantidade certificada correctamente e abonada aos promotores foi de **91.705.094,43 €** que supuxeron unha inversión inducida no rural de 226.053.193 €.

Estes datos supoñen unha axuda media de 42.224 €, e dun 40,77 % de porcentaxe de axuda sobre a inversión total do proxectos.

O EMPREGO

Os proxectos desenvoltos ao abeiro do Plan Leader 2007-2013, son hoxe unha fonte de vital importancia para a consolidación e creación de emprego no rural. Así, nos expedientes finalizados consolidáronse 4.949 postos de traballo e creáronse 957 novos empregos.

Nº de proxectos con axuda	Orzamento dos proxectos	Axuda concedida	Nº empregos consolidados	Nº empregos creados
2183	226.053.193 €	91.705.094,43 €	4.949	957

Táboa 35: Datos relativos ao Programa Leader

Fonte: elaboración propia a partir de datos da AGADER

PROXECTOS NON PRODUTIVOS.

O Programa Leader permite aos grupos que o 25% (con autorizacións nalgúns casos concretos de permitir o 35%) da súa estratexia poida ir destinado a proxectos con carácter NON produtivo que redunden na melloras das condicións de vida da poboación rural. En este tipo de proxectos que van dende a mellora de infraestruturas sociais (locais sociais, centros de día...), ata equipamentos informáticos ou melloras do patrimonio histórico/artístico/medioambiental. Dos 91,7 millóns de euros certificados ao abeiro do Plan,

foron destinados a este tipo de proxectos, cuxos **promotores foron basicamente Concellos ou Asociacións sen ánimo de lucro**, axudas por un importe de 18,6 millóns de euros, para un total de 706 proxectos.

II 1. ANÁLISE DA EVOLUCIÓN DOS PRINCIPAIS INDICADORES DEMOGRÁFICOS, SOCIECONÓMICOS E DE SERVIZOS Á POBOACIÓN NO TERRITORIO DO GDR

De maneira sucinta, con maior detalle atópase explicado no epígrafe B, indicar que as tendencias sociodemográficos e de servizos á poboación no territorio no último decenio son similares ás de Galicia. Dicar que non é tan manifesto o declive demográfico como en Galicia, seguramente polas dinámicas económicas que ten o territorio e pola súa proximidade coa cidade de Vigo, punto de gran influencia nas dinámicas dos concellos pertencentes a súa área metropolitana e colindantes.

Móstranse débiles taxas de natalidade, relativamente elevadas taxas de mortalidade, co consecuente envellecemento da estrutura por idades e estancamento, cando non franco decrecemento, da poboación.

O territorio segue a tendencia xeral rexistrada en Galicia e, con maior intensidade, nas zonas rurais, aínda que nesta zona existen diferenzas que, tamén neste caso, responden os factores xeográficos e socioeconómicos citados en numerosas ocasións. Desde o punto de vista global, a zona está ao redor da media provincial e galega en todos os grupos de idade considerados, por encima da media galega e por baixo da de Pontevedra, provincia que non hai que esquecer que é a menos envellecida de Galicia.

De todas formas, a evolución da zona é negativa comparándoa coa estrutura que había en 1981 (primeiros datos oficiais IGE): o grupo de 0 a 15 anos perdeu peso entre 1981 e 2021, e o de 65 e mais anos ve aumentar a súa proporción, mentres que o dos adultos (de 16 a 64 anos) presenta un comportamento máis neutro, aínda que tamén aumenta (de 60% en 1981 a 75,4% no 2021).

A DENSIDADE DE POBOACIÓN

Este escenario demográfico constitúíuse tras a realización dunha transición demográfica peculiar, que finalizou antes en Galicia que no conxunto de España e no territorio de estudo, á vez que a súa matriz galega.

Con todo, nos últimos anos, sen chegar a invertirse a pirámide, a sustentabilidade económica do territorio e o maior dinamismo relacionado seguramente coa área de influencia da gran metrópole da cidade de Vigo, e sobre todo as súas boas relacións transfronteirizas, conseguiron mitigar o cambio rápido en canto á caída da poboación e, mais importante, en canto ao envellecemento tanxencial do territorio.

Unha primeira análise por comarcas da evolución dos datos da estrutura demográfica da zona mostra que a zona segue a tendencia xeral rexistrada en Galicia e, con maior intensidade, nas zonas rurais, aínda que nesta zona existen diferenzas que, tamén neste caso, responden os factores xeográficos e socioeconómicos citados en numerosas ocasións. Desde o punto de vista global, a zona está ao redor da media provincial e galega en todos os grupos de idade considerados, por encima da media galega e por baixo da de Pontevedra, provincia que non hai que esquecer que é a menos envellecida de Galicia.

A densidade de poboación é para o conxunto do territorio do GDR de 88,43 hab./Km² (Totais: 63.168 habitantes; 714,33 Km²). Os municipios da Mondariz Balneario (292,21 hab./km²) e Salceda de Caselas (256,92 hab./Km²) son os que teñen unha densidade máis alta, o primeiro deles debido ao seu pequeno tamaño e no segundo caso influído pola súa proximidade a área metropolitana de Vigo, en detrimento de Covelo, Crecente e Mondariz, que teñen as densidades mais baixas debido principalmente a súa amplitude de superficie rústica e a problemas xerais como o despoboamento, o déficit de servizos ou as carencias das redes de transporte.

En relación ao movemento natural da poboación, o territorio de Condado Paradanta caracterízase por ter un saldo vexetativo negativo, que é resultado da diferenza entre nacementos e defuncións. É tamén negativo, tanto a nivel territorial como para cada un dos municipios salvo o caso do Concello de Salceda de Caselas que presenta un saldo positivo.

Tendo en conta o índice de envellecemento da poboación, non se percibe a corto prazo unha inversión nos saldos vexetativos.

Tendo en conta esta situación podemos afirmar que si ben a poboación do GDR Condado Paradanta mantén a mesma dinámica demográfica do resto de Galicia e preto das medias

da provincia de Pontevedra, a súa caída ten unha curva mais lixeira, seguramente derivada do seu dinamismo económico.

No referente ao nivel de instrución, obsérvase que hai unha porcentaxe de certa importancia na poboación que non completaron os estudos básicos. No conxunto do territorio o 9,14% da poboación teñen sen completar os mesmos, se ben tamén é destacable a alta taxa de poboación que teñen estudos secundarios, baixando dunha maneira exponencial os datos referidos a ensinanza universitaria. Isto pódese deber a unha alta ocupación dos estudos vinculados a Formación Profesional, claves para o acceso ao traballo na próxima área metropolitana de Vigo.

O indicador que marca o valor dos bens e servizos producidos nun tempo determinado é o PIB. Con respecto ao PIB per cápita, no territorio de estudo está no 71,07 % con respecto ao do Galicia , xa que a media de Condado Paradanta está en 15.567€.

Con carácter xeral pode afirmarse que a reactivación da actividade económica trasládase ao mercado de traballo no ano 2021, que presenta un bo comportamento en termos agregados atendendo á mellora da participación da poboación do Condado Paradanta na actividade e na ocupación, así como á caída da taxa de desemprego.

Dunha banda, no último ano tanto a EPA como as afiliacións e as contas económicas presentan unha medra da ocupación e das horas traballadas; e doutra, descende o paro estimado pola EPA e o paro rexistrado nas oficinas de emprego. Con todo, fronte a estes datos positivos hai que ter en conta o aumento da temporalidade, que indicaría unha perda da calidade do emprego.

Xa por último dicir que o sector máis importante no Condado Paradanta é o terciario, seguido do secundaria e pecha o primario cunha porcentaxe relativamente baixa.

De xeito moi resumido podemos dicir que falando de infraestruturas o territorio conta cunha importante rede de estradas que teñen moi ben comunicado calquera punto do territorio cos núcleos urbanos e con Vigo, Ourense e Porto

O ferrocarril ten escasa funcionalidade desde o punto de vista do territorio da zona, quedando á espera da entrada en funcionamento do tren de alta velocidade que ben puidese dar unha nova vida á zona a través de posibles lanzadeiras de proximidade ou ben en transporte público que puidese achegar ás estacións de referencia.

O transporte público no territorio é unha debilidade, principalmente pola escasa frecuencia dos autobuses, especialmente nas zonas menos poboadas.

As redes de abastecemento de auga potable e de saneamento están presentes nos núcleos urbanos, chegando ao 100% nas capitais municipais, mentres que as áreas máis rurais utilizan sistemas veciñais ou particulares, procedentes de fontes ou mananciais, con deficientes sistemas de tratamento no que se refire á auga potable e a pozos negros ou fosas sépticas no saneamento, co consecuente risco de contaminación das augas freáticas e superficiais.

Nesta zona existe unha complexa rede de infraestruturas de telecomunicacións, na dotación destas infraestruturas tamén se observan diferenzas entre a metade oriental, montañosa e escasamente poboada e a occidental, onde se advirte influencia da área metropolitana de Vigo, densamente poboada e principal escenario da actividade económica.

Dende o punto de vista das infraestruturas educativas indicar que ao longo do territorio existen un total de sete gardarías, catro delas públicas, cinco Galiñas Azuis e dúas escolas infantís. Para a educación primaria existen 22 centros escolares e dez institutos para a formación secundaria.

Atendendo aos servicios socio sanitarios mencionar a existencia de dous centros de saúde PAC localizados nas cabeceiras comarcais, que se unen aos outros oito centros de saúde de cada concello.

O territorio conta dentro de infraestruturas de carácter cultural con nove auditorios municipais, sendo o concello de Salvaterra de Miño o único sen esta dotación. Estas infraestruturas se complementan con 70 centros culturais de grande valor para manter a oferta de ocio nas parroquias. Por último, mencionar que cada concello conta cunha biblioteca municipal e que este territorio conta con oito museos ou centros de interpretación.

En termos xerais podemos dicir que o territorio conta cun importante equipamento cultural e deportivo.

II 2. DIAGNÓSTICO TERRITORIAL RECOLLIDO NAS ESTRATEXIAS ELABORADAS PARA OS PERÍODOS ANTERIORES

O Leader en O Condado Paradanta está causando unha corrente de crenza nas posibilidades do rural que se ben non se poden medir no cuantitativo, si que ben pode definirse como unha nova oportunidade de aumentar a eficacia do programa no vindeiro período.

Poñemos como exemplo o feito de que o GDR a través da xestión do Xeodestino fose capaz de acadar un compromiso de calidade do territorio no sector turístico que está a influír directamente na achega de turistas/visitantes as Comarcas do Condado e A Paradanta, e mellorando os índices de satisfacción.

Non é o LEADER unha medida que por si mesma poida variar a dinámica dun territorio, se examinamos as DAFO do territorio nos períodos 2007-2013 e 2014-2020 apenas hai variacións nos catro apartados de referencia, pero o que non deixa lugar a dúbidas é que os GDR e polo tanto o programa é un perfecto catalizador das diferentes estratexias que se pretenden levar a cabo no territorio co fin de darlle coherencia a todas elas e as mesmas sexan eficaces cara o obxectivo do desenvolvemento rural.

DEBILIDADES	AMEAZAS
<u>Específicas 2014-2020</u>	
1. <u>Situación demográfica e socioeconómica:</u> - Perda progresiva de poboación, principalmente de poboación feminina e das zonas máis rurais das contornas máis montañosas. - Orografía complexa, tanto para os desprazamentos como para que as administracións poidan equipar de servizos para a mellora da calidade de vida entre o medio rural e o urbano. - Aumento progresivo do paro. - Escaso peso específico do sector agrario, excesiva dependencia do sector servizos, e posta escasa pola	1. <u>Situación demográfica e socioeconómica:</u> - A estrutura comarcal, constituída por grandes cabeceiras municipais das que se descolgan un gran número de entidades menores distribuídas polo termo municipal, e que supón o risco importante por exercer de polos de atracción. - Elevado grao de envellecemento e falta de substitución xeracional pode conducir nun desequilibrio estrutural e demográfico con graves consecuencias sobre a estrutura do sistema económico local.

transformación de producións agrarias locais. - A man de obra que xera o sector forestal, non é acorde coas posibilidades que ten. Existen posibilidades de transformación e usos madeiros que non se levan a cabo. - Limitada produción ecolóxica. - Elevada superficie agraria útil en zonas desfavorecidas. - Deficiencias formativas para a inserción laboral. Escasa formación específica. - Falta de tecnificación e innovación tecnolóxica en moitas das empresas do territorio. - Carencia de planificación territorial. - Escasa planificación da muller nos procesos produtivos. - Baixa predisposición do autoemprego. - Falta de asociacionismo e colaboración empresarial. - Dificultade de acceso a novas tecnoloxías nalgúns contornos do territorio e principalmente os máis orientais. - Escasos alimentos amparados por figuras de calidade ou certificados recoñecidos. - Terceira idade/servizos asistenciais: Escaseza de oferta en axuda a domicilio. 2. <u>Medioambientais:</u> - Progresivo abandono da actividade agraria motivado principalmente pola falta de espírito empresarial entre os mozos, e polas deficiencias na substitución xeracional. - Espazos naturais protexidos: Implicación maior da poboación local na toma de decisións, á vez de realizar un seguimento maior e unha planificación máis ambiciosa en referencia á mellora de hábitats e o manexo das especies interesantes de biodiversidade da fauna e flora da comarca. 3. <u>Culturais:</u>	- Terceira idade: dispersión da poboación e dificultades de comunicación. - Carencia de servizos asistenciais para a terceira idade, principalmente de residencias xeriatricas, pola mentalidade e residencia do maior a acudir a un centros desas características. - A falta de motivación e incentivo entre a mocidade, en moitos casos non son capaces de intuír as posibilidades de futuro que lle propón a comarca e por outro o territorio non é capaz de satisfacer as súas expectativas profesionais. - Falta de iniciativa empresarial. - Dificultades de acceso ás Tics, problemas internos de comunicación e limitada eficiencia na conexión de banda ancha. - Excesiva burocracia. 2. <u>Medioambientais:</u> - Importante orientar o modelo de desenvolvemento turístico do territorio buscando a sustentabilidade os procesos, cun desenvolvemento ordenado e equilibrado, á vez que orientando as novas actividades que se poñan en marcha cara a esas zonas do territorio menos explotadas, e desvinculadas dos focos turísticos, na maioría dos casos ligados a eses espazos de alto valor cultural ou ambiental, que a vez son máis sensibles. - Analizar a dimensión dalgúns dos servizos de recollida de lixo ou residuos, como a depuración co que contan algúns municipios da comarca, xa que en momentos puntuais como unha presenza masiva turística, a deterioración ambiental pode ser considerable. - Risco de incendios forestais.
--	--

- Moitos dos recursos comarcais relativos ao patrimonio histórico artístico presentan deficientes estados de conservación, co agravante de que non se conta con orzamentos preestablecidos para recuperación e mellora destes. - En moitos casos a propia poboación local non é consciente das posibilidades coas que se conta en referencia á xeración de emprego e o crecemento de novas actividades vinculadas á valorización de recursos locais, especialmente os patrimoniais. - Non existe un modelo comarcal de promoción e posta en valor dos recursos do territorio, nin culturais nin ambientais. - Sinalización comarcal deficiente, e nalgúns casos inexistente. - Non se conta con edicións ambiciosas que recollen os valores culturais do territorio, nin con enfoque turístico nin formativo.	- Atomización dos montes privados. - Falta de rede de comunicación adecuadas nos terreos forestais. - Importante superficie do territorio con terreo abandonado ou sen uso definido. - Progresivo abandono da actividade agraria. 3. <u>Culturais:</u> - Progresiva deterioración dalgúns elementos culturais do territorio, concretamente patrimonio edificado popular, e algúns elementos de patrimonio histórico artístico. - A desaparición de actividades culturais e artesanais. - Turismo pouco sustentable. - Competencia na promoción turística e carencias nos eventos e actividades culturais que se desenvolven na comarca. - O desenvolvemento turístico en territorios adxacentes que pode supor unha alternativa á oferta local.
DEBILIDADES	AMEAZAS
<u>Específicas 2023-2027</u>	
1. Evolución cara un estado de grave envellecemento da poboación	1. O baixo uso do transporte público debido á deficiencia do servizo
2. Deficiente conectividade a internet nas áreas rurais. carencia de fibra óptica	2. O cambio climático e a súa derivada en forma de desastres naturais (a destacar os incendios forestais)
3. Abandono das terras agrarias debido á falta de relevo xeneracional	3. O desmantelamento das diferentes oficinas de servizos á poboación por parte da administración. necesidade dun servizo de extensión agraria da comunidade autónoma eficiente

4. Mellora na gobernanza e maior implicación da poboación local na conservación das áreas naturais protexidas e/ou de interese	4. A atomización da propiedade nos montes privados
5. Mellora na xestión do mvmc co fin de acadar unha maior produtividade dos mesmos	5. O deterioro e potencial desaparición de elementos patrimoniais por non poder ser rehabilitados.
6. Escasa sinalización comarcal tanto no ámbito da mobilidade como no turístico	6. O deterioro por abandono de áreas de interese natural e/ou paisaxístico
7. Falta de orzamento para a rehabilitación integral ou paulatina de elementos do patrimonio histórico-artístico	
8. Falta dunha rede viaria local que favoreza a mobilidade nas zonas de carácter forestal	

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<u>Específicas 2014-2020</u>	
1. <u>Situación demográfica e socioeconómica:</u> - A presenza de mozas e mulleres é a existencia dunha masa social importante, en moitos casos como as formacións, que habitan no territorio e que pretenden desenvolver o seu futuro empresarial dentro del. - Existencia dunha rede importante de parques empresariais. - Importante produción de enerxía nalgúns casos a través de fontes renovables. - Existe unha cultura comarcal de aproveitamento sustentable dos recursos. - Cóntase con producións agrarias e gandeiras de alto valor e recoñecemento entre consumidores. 2. <u>Medioambientais:</u>	1. <u>Situación demográfica e socioeconómica:</u> - Redimensionamento e capitalización de empresas locais con grandes posibilidades de apertura de negocios e mesmo de internalización. - Incremento do nivel de vida da poboación rural. - Aumento do asociacionismo. - Posibilidade de ofrecer formación específica de actividades con posibilidades empresariais. - Cambio de tendencia no referente á emigración, principalmente de mozas e mulleres. - Demanda crecente de producións ecolóxicas. - Mellora do servizo de novas tecnoloxías, que permita o desenvolvemento de novas liñas de

- Existencia de espazos naturais protexidos declarados de interese comunitario dentro da rede natura 2000. - Existe alta diversidade paisaxística. - O recurso hídrico é abundante, así como a calidade do mesmo. - Existen vixentes prácticas agrarias e gandeiras extensivas que utilizan métodos sustentables e respectuosos no medio ambiente. - Existe unha boa xestión practicada desde tempos inmemoriais en todo o que ten que ver coas prácticas no manexo da superficie forestal. - O territorio presenta boas condicións atmosféricas, e non existen problemas graves de contaminación. - Caza e pesca como recurso local. 3. <u>Culturais:</u> - A maioría dos municipios da comarca presentan algún tipo de construción de interese cultural e arquitectónico, desde igrexas, ermitas ou cruceiros, a vestixios romanos, castros celtas, etc... Algúns destes elementos están amparados por figuras de protección do patrimonio cultural histórico reguladas por normas nacionais. - No territorio quedan vivos exemplos que perduraron no tempo de artesanía, traxes rexionais, folclore, así como festividades nalgúns casos de prestixio internacional.	traballo como a formación a distancia ou o teletraballo. - Entusiasmo e inquietude entre a poboación local durante a fase da elaboración da estratexia do Programa Leader. - Mellora do nivel de vida. - Vivenda de calidade, en tamaño, equipamento e dispoñibilidade. 2. <u>Medioambientais:</u> - O territorio ten potencial para desenvolver novas liñas empresariais vinculadas ao recurso ambiental, tanto como foco turístico tanto como enfoque industrial, na liña tanto da posta en valor dos recursos, como complemento á incipiente oferta de aloxamento e restauración, ou por outra banda a posta en marcha dun complemento á explotación madeireira que xa se produce no territorio, unido a outros produtos do bosque, e mesmo á transformación in situ do recurso madeireiro. - Outra oportunidade interesante de xeración de emprego ten que ver coa prevención dos incendios, e coa formación en boas prácticas agrarias e gandeiras respectuosas e sustentables. - Demanda cada vez maior entre a poboación urbana polas contornas rurais inalteradas, sustentables e interesantes desde o punto de vista paisaxístico. - O territorio conta con condicións favorables para o desenvolvemento do sector forestal, que ademais existe un importante apoio ao sector por parte das Administracións Públicas. - Fomento da economía verde e os procesos de fabricación eficientes como os sistemas de xestión ambiental, limitando contaminación e residuos, e aforrando auga e recursos.
---	--

	- Produción de enerxías renovables, eólica, hidráulica e para relanzar a produción de biomasa como forte alternativa de enerxía. 3. <u>Culturais:</u> - Conservación e rehabilitación do rico patrimonio histórico e cultural local e a súa posta en valor. - Diferenciación do territorio como produto turístico. - Posta en valor da rede de rutas existentes no territorio. - Falta un gran percorrido e oportunidades en referencia á posta en valor dos recursos da comarca, como a súa promoción dentro e fora do territorio, a súa importancia e reclamo turístico que supón.
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<u>Específicas 2023-2027</u>	
1. Existencia dun alto número de recursos naturais, paisaxísticos e ambientais	1. Tendencia ao "back to rural" (retorno o rural) derivado da crise pandémica covid
2. Centralidade entre dúas áreas de alta influencia económica (área metropolitana de vigo e por ser territorio lindante co norte de portugal, preto da zona de influencia de porto (eixo atlántico)	2. O territorio e a súa potencial ambiental como recurso no so paisaxístico senón tamén económico
3. Existencia dun alto número de tradicións con alto valor turístico (virxe da franqueira, corpus en ponteareas, etc..)	3. As aptas condicións territorias para un desenvolvemento do sector forestal e da multifunción agrícola-forestal-gandeira dos montes
4. Microclima propicio para o cultivo de horta e vide	4. Os recursos naturais existentes para realizar actividades de efeciencia enerxética (aire, auga, biomasa)

5. O recurso hídrico é abundante e con multiposibilidades sectoriais (producción, turismo, etc..)	5. A existencia de rutas naturais definidas aptas para sendeiristas
6. Non existen problemas de contaminación nin do aire nin da auga	
7. Un territorio apto para o desenvolvemento da caza e a pesca	

Táboa 36: Resumo do diagnóstico territorial para os períodos 2014-2020 e 2023-2027
Fonte: elaboración propia

Referencia ao diagnóstico 2007-2013	
- Despoboamento por éxodo dos efectivos máis mozos. - Envellecemento da poboación cun elevado número de persoas maiores vivindo soas, sobre todo mulleres. - Economías rurais de autoconsumo herdadas que supón descoñecemento de técnicas e tecnoloxías agrícolas, forestais e gandeiras con fins produtivos e que xera carga de traballo excesiva para a poboación rural, sobre todo mulleres. - Acusado minifundismo agrario e forestal (a excepción das C.M.V.M.C.). - Abandono progresivo dos terreos agrícolas e dos montes propiciándose unha forestación espontánea e incontrolada, agravando o, xa de por si, alto risco de lumes. - Descoñecemento das demandas do mercado en canto a produtos ecolóxicos, artesanais e turísticos e descoñecemento da potencialidade que ofrecen os recursos naturais e culturais existentes na comarca. - Conformismo: falta de espírito empresarial.	- Éxodo da poboación cara as áreas urbanas. - A poboación moza non quere reproducir os roles dos seus antepasados. - Degradación do entorno natural. - Destrución do patrimonio cultural. - Alto custo da modernización das explotacións. - Escasa capacidade de penetración nos mercados dos produtos comarcais.

- Carencia dun transporte colectivo acorde coa diseminación da poboación o que dificulta a mobilidade dos habitantes e o acceso a determinados servizos. - Falla de ordenación do territorio. - Oferta formativa deficiente por non axustarse á demanda do mercado.	
---	--

Táboa 37: Resumo do diagnóstico territorial para o período 2007 - 2013
Fonte: elaboración propia

En termos de aplicación de obxectivos, e máis aló dos datos numéricos que se relacionan a continuación, o desenvolvemento da media foi no camiño correcto, se ben isto non permite nun período tan curto de tempo supoñer unha variación substancial das DAFOs, nin variar en exceso as liñas estratéxicas a aplicar no actual período.

Hai que ter en conta que o peso da medida Leader é relativamente baixo en termos puramente económicos e que as dinámicas socioeconómicas do medio rural non poden ser alteradas de xeito contundente tendo en conta a relación axudas-necesidades e mais aínda se incluímos a variable da temporalidade.

Non obstante traballouse dende o GDR 13 no último período de programación en desenvolver traballos que actuasen na liña do desenvolvemento dos obxectivos delimitados e que foron os seguintes:

Obxectivo 1.- Desenvolvemento e consolidación de empresas, tecnificación e uso de novas tecnoloxías. Creación e consolidación de postos de traballo principalmente de mozos e mulleres.

Obxectivo 2.- Desenvolvemento do sector primario, con especial relevancia ao sector forestal, á incorporación de novos cultivos agrícolas, á posta en valor das producións locais, e a abrir novas liñas de transformación e comercialización dos produtos alimentarios.

Obxectivo 3.- Posta en valor das potencialidades locais, principalmente dos recursos culturais patrimoniais, e das contornas naturais, co dobre obxectivo de mellora da imaxe interna e externa da comarca, e da súa utilización con enfoque e como reclamo turístico.

Obxectivo 4.- Fomento do respecto e coidado ambiental, concienciación social en referencia á reciclaxe, redución de residuos, uso de enerxías limpas e/ou alternativas, inserción da variable ambiental nos procesos produtivos, loita contra cambio climático.

Obxectivo 5.- Servizos á poboación local, sensibilización, dinamización, mellora da situación de colectivos desfavorecidos, inmigración, incremento do sentido de pertenza entre a poboación local, cun enfoque especial para os mozos, formación e axudas ao emprego.

Obxectivo 6.- Cooperación entre territorios e relacións institucionais

Establecendo unha correlación coas conclusións do actual proceso participativo e análise socioeconómico, advertimos que todos estes obxectivos seguen vixentes, o que non significa que non se corrixiran desequilibrios, senón que é preciso afondar nas actuacións para que os mesmos se segan reducindo.

Non obstante o GDR aplicando una novidade na fase de análise e participación, foi mais aló da DAFO creando una metodoloxía de cálculo de necesidades territoriais que deberá ser a base a hora de definir o baremo e as normas de xestión, se ven con carácter previo fíxose una constatación da existencia de variables dentro das debilidades a corrixir da DAFO que seguen estando en vigor na actualidade como son as seguintes:

DEBILIDADES
Envellecemento demográfico Falta de formación e capacitación en boa parte dos sectores económicos (comercio, hostalaría...) Dificultades de acceso á vivenda A propia xestión dun conxunto tan amplo, diverso e espallado de elementos tractores Carecer dunha “marca de territorio” Ausencia de ofertan de “paquetes turísticos” que interconecten actividades, oferta cultural. Problemas de conectividade a internet en numerosos puntos dos distintos concellos Escaso prestixio e desinterese por parte da mocidade de empregos ligados ao sector agroforestal

Táboa 38: Debilidades detectadas no pasado a corrixir
Fonte: elaboración propia

Para a elaboración da Matriz de priorización das diferentes necesidades concretas tívoise en conta os obxectivos xerais marcados pola nova PAC que se aplicará de 2023 a 2027. Estes son:

- a) fomentar un sector agrícola intelixente, competitivo, resiliente e diversificado que garanta a seguridade alimentaria a longo prazo;
- b) apoiar e reforzar a protección do medio ambiente, incluída a biodiversidade, e a acción polo clima e contribuír a alcanzar os obxectivos ambientais e climáticos da Unión, entre eles os compromisos contraídos en virtude do Acordo de París.
- c) fortalecer o tecido socioeconómico das zonas rurais.

Para cada necesidade valorouse o impacto sobre o territorio que pode ocasionar conseguir a satisfacción desa necesidade en referencia a cada un dos dez obxectivos específicos que persegue a PAC.

Por todo elo, o GDR Condado Paradanta analiza e publica as seguintes necesidades enmarcadas nas distintas áreas de necesidade.

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
NECESIDADES TERRITORIAIS	1	Mellorar a accesibilidade a internet con cobertura en todo o territorio	
	2	Reducir os trámites administrativos para a posta en marcha de empresas, proxectos e/ou calquera actividade que precise de tramitación administrativa	
	3	Mellorara a accesibilidade á vivenda, sobre todo para a mocidade. Contribuíndo dese xeito a loitar contra o despoboamento e o envellecemento da poboación.	
	4	Mellora dos servizos básicos á poboación. Saneamento e abastacemento	
	5	Mellorar o transporte público, incluído o tren	
	6	Mellorar a mobilidade no territorio	
	7	Plans integrais de loita contra o despoboamento	
	8	Reducir os trámites administrativos para a posta en marcha de empresas, proxectos e/ou	

		calquera actividade que precise de tramitación administrativa	
	9	Mellorar a sinalización do territorio no seu conxunto e que contribua a crear identidade territorial	
	10	Crear marca que de visibilidade ao territorio	
	11	Fornecer a cooperación, colaboración e coordinación das entidades públicas locais en temáticas transversais e de carácter supramunicipal. Unha delas debe ser a promoción turística do territorio a través do Xeodestino.	
	12	Selección de infraestruturas que contribúan ao desenvolvemento de actividades deportivas e saudables así como a facilitar a mobilidade no territorio. Sendeiros, roterios BTT.	
	13	Artellar medidas mancomunadas que permitan facerlle fronte aos desafíos que depara o futuro inmediato para o territorio (despoboación, envellecemento...).	
	14	Mellorar a sinalización do territorio no seu conxunto e que contribua a crear identidade territorial	
	15	Oficina de turismo permanente e compartida en todo o territorio durante todo o ano	

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
NECESIDADES SECTORES ECONÓMICOS	1	Financiar a creación, ampliación, modernización de empresas, apoiando a novos proxectos que teñan impacto no territorio	
	2	Tentar diversificar a estrutura produtiva do territorio, baseada principalmente no terceiro e segundo sector, apoiando fundamentalmente ao sector primario para evitar contribuír dese xeito a diminuír a dependencia de actividades industriais vinculadas ao metal e ao automóbil, asentadas en Vigo	

	3	Xerar valor engadido principalmente no desenvolvemento de actividades de carácter innovador, baseándose no patrimonio e nos recursos naturais e endóxeos do territorio.	
	4	Reducir os trámites administrativos para a posta en marcha de empresas, proxectos e/ou calquera actividade que precise de tramitación administrativa	
	5	Medidas orientadas a valorización do emprego no sector agrario.	
	6	Crear e aumentar as sinerxías entre o tecido empresarial	
	7	Aumentar a oferta de produtos turísticos competitivos e singulares.	
	8	Incentivar o emprendemento facilitando ferramentas e espazos compartidos para crear sinerxías e abaratar custes, entre outros.	
	9	Valorizar o produto local, agrícola, artesanal. Fomentar/incentivar a súa produción e o seu consumo	
	10	Reverter ou mudar parte dos proxectos de silvicultura ou aproveitamentos forestais existentes no territorio cara outros que favorezan un maior asentamento da poboación.	
	11	Medidas que contribúan a que os proxectos asentados, ou que se poidan asentar, no territorio, que utilizan recursos endóxeos, contribúan directamente ao desenvolvemento social e económico do territorio e que favorezan á veciñanza. Compensación polos servizos ecosistémicos que xera o territorio ou polas agresión e impactos que coas actividades produtivas sofre	
	12	Apostar por medidas de recuperación e valorización de variedades e razas autóctonas e dos proxectos vinculados con estas	
	13	Apostar por proxectos vinculados coas novas tecnoloxías.	

	14	Fomentar a creación de cooperativas que faciliten o emprendemento e que faciliten unha oferta variada e completa para as necesidades do territorio	
	15	Medidas que faciliten e melloren a convivencia entre as actividades produtivas e as residencias.	
	16	Priorización do capital humano existente no territorio. Tanto as persoas con formación superior como aquelas posuidoras de ciclos formativos	
	17	Medidas orientadas a adaptación ao cambio climático, sobre todo en sectores como a agricultura e o turismo	
	18	Favorecer proxectos que contribúan á obtención de enerxía a través de recursos renovables	
	19	De xeito xenérico, favorecer a proxectos e actividades que contribúan á transición ecolóxica no territorio.	
	20	Apoio a proxectos respectuosos co medio ambiente e que poidan xerar emprego verde	

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
NECESIDADES PATRIMONIO NATURAL E HISTÓRICO	1	Valorización do patrimonio natural e histórico do territorio	
	2	Aumentar a sensibilización social con respecto ao medio natural e ao patrimonio	
	3	Aumentar a oferta cultural do territorio utilizando a arte como unha ferramenta	
	4	Desenvolvemento de actividades agrarias sostibles que sirvan, ademais, para a protección contra os incendios	
	5	Recuperación de espazos degradados por incendios ou por actividades produtivas	
	6	Medidas orientadas a ter un monte funcional e produtivo. Un monte atendido e traballado	
	7	Recuperar o patrimonio inmovible para a creación de servizos á poboación	

	8	Medidas que faciliten e melloren a convivencia entre as actividades produtivas e as residencias.	
	9	Mellora da xestión dos RSU e dos subprodutos das actividades produtivas	
	10	Medidas orientadas a valorización da identidade galega e ao mantemento das súas tradicións e costumes	
	11	Aplicar medidas de responsabilidade social corporativa que contribúan á valorización territorial	
	12	Promover a apoiar a creación de espazos naturais produtivos con algunha figura de protección	
	13	Aplicar método técnico-económico que vincule as figuras de protección do medio natural coas actividades produtivas (Reserva da Biosfera, Xeoparque....)	

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
NECESIDADES NA MELLORA DA PARTICIPACIÓN E A GOBERNANZA NO TERRITORIO	1	Medidas orientadas á fomentar a conciencia social sobre a identidade territorial e sobre o orgullo de pertenza	
	2	Fornecemento do tecido asociativo creando sinerxías, cooperando e traballando en rede	
	3	Procurar o relevo xeracional na preservación do rico patrimonio inmaterial e material do territorio.	
	4	Promover medidas de responsabilidade social corporativa que contribúan á fornecer a cohesión social	

	5	Medidas orientadas á comunidade educativa para que valorice o territorio; o patrimonio, as actividades económicas,	
	6	Aumentar a masa social do GDR para garantir unha mellor e máxima aportación dos diferentes colectivos territoriais	

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
NECESIDADES NA POLÍTICA DE CUIDADOS E SERVIZOS BÁSICOS A POBOACIÓN DEPENDENTE	1	Mellora da atención aos colectivos desfavorecidos	
	2	Mellorara a accesibilidade á vivenda, sobre todo para a mocidade. Contribuíndo dese xeito a loitar contra o despoboamento e o envellecemento da poboación	
	3	Mellorar a oferta de lugares de encontros interxeneracionais	
	4	Promover medidas de responsabilidade social corporativa que contribúan a facilitar a integración social, a loita contra a violencia de xénero e a atención a colectivos desfavorecidos.	

	5	Formación que capacite ás persoas residentes na atención das demandas das persoas dependentes, co obxecto de crear emprego social	
	6	Mellorar a oferta de lugares de encontros interxeneracionais	
	7	Centros creativos e innovadores para a mocidade	

Táboa 39: necesidades enmarcadas nas distintas áreas
Fonte: elaboración propia

II 3. ESTRATEXIA DEFINIDA POLO GDR PARA O(S) PERÍODO(S) ANTERIOR(ES)

OBXECTIVOS	ACTUACIÓNS
Obxectivo 1: Desenvolvemento e consolidación de empresas, tecnificación e uso de novas tecnoloxías. Creación e consolidación de postos de traballo principalmente de mozos e mulleres.	<u>Actuación 1.1:</u> Realización dun estudo de mercado para o fomento da externalización dos produtos e servizos que actualmente se producen no territorio.
	<u>Actuación 1.2:</u> Creación e posta en marcha dun plan de apoio á utilización de novas tecnoloxías para as empresas locais.
	<u>Actuación 1.3:</u> Realización dunha guía didáctica de internacionalización baseada nos produtos comarcais con posibilidades en base ao estudo de mercado.
	<u>Actuación 1.4:</u> Creación, ampliación, modernización ou traslado dentro da comarca de PEMES que utilicen insumos autóctonos e/ou man de obra local.
	<u>Actuación 1.5:</u> Apoio a empresas locais na aplicación de normativas de calidade e xestión ambiental.
	<u>Actuación 1.6:</u> Posta en marcha de accións formativas e/ou informativas que fomenten o incremento da competitividade e da capacitación de empresas e empresarios locais co obxectivo de abrir novos mercados, producir novos produtos, e en definitiva crear emprego, valorando na baremación e nos criterios de selección dos proxectos

	aquelas iniciativas que xeren emprego, especialmente si se trata de emprego xuvenil ou feminino.
	<u>Actuación 1.7:</u> Levar a cabo unha campaña de sensibilización local en relación a potenciar a incorporación laboral de mozas e mulleres.
	<u>Actuación 1.8:</u> Incentivar a creación de novas empresas relacionadas co medio ambiente, o patrimonio ou a artesanía.
	<u>Actuación 1.9:</u> Poñer en marcha unha campaña informativa e de apoio ao asociacionismo: Realizar unha asistencia técnica continua e á carta que facilite a integración de empresas locais en tecidos e estruturas asociativas dentro do territorio, e mesmo en estruturas nacionais como internacionais.
	<u>Actuación 1.10:</u> Como complemento da acción 9, dentro do primeiro obxectivo estratéxico, é necesario poñer en marcha unha liña de axuda á constitución de cooperativas e á execución de accións colectivas entre empresarios locais.
	<u>Actuación 1.11:</u> Levar a cabo desde o equipo técnico do GDR13 un labor de tutelaxe continuo con empresarios establecidos, e con futuros empresarios, na liña de mellorar a imaxe e representatividade, marketing empresarial, oportunidades de expansión, sustentabilidade dos procesos, eficiencia enerxética, reciclado e redución de residuos, controis de calidade, apertura a novos mercados, e accións conxuntas en referencia á redución de custos por aproveitamentos conxuntos de maquinaria, instalacións, promoción, etc...
	<u>Actuación 2.1:</u> Accións específicas e comúns co obxectivo estratéxico 1 “Desenvolvemento e consolidación de empresas, tecnificación e uso de novas tecnoloxías. Creación e consolidación de postos de traballo principalmente de mozos e mulleres”, vinculadas a producións locais do sector primario.
	<u>Actuación 2.2:</u> Creación dun centro comarcal de promoción e distribución dos produtos agroalimentarios do territorio.

<u>Obxectivo 2:</u> Desenvolvemento do sector primario, con especial relevancia ao sector forestal, á incorporación de novos cultivos agrícolas, á posta en valor das producións locais, e a abrir novas liñas de transformación e comercialización dos produtos alimentarios.	<u>Actuación 2.3:</u> Apoio económico para a creación, ampliación, consolidación, modernización ou traslado dentro do territorio de empresas vinculadas ao sector primario.
	<u>Actuación 2.4:</u> Asistencia técnica, formación e apoio económico a empresas para incorporar innovacións nos procesos de transformación e envasado.
	<u>Actuación 2.5:</u> Apoio económico a iniciativas innovadoras en relación á produción de alimentos preparados, precociñados e de cuarta gama, utilizando producións locais: Lácteos, froitas, verduras, hortalizas, ...
	<u>Actuación 2.6:</u> Creación dunha marca de calidade territorial que identifiquen producións locais ao consumidor.
	<u>Actuación 2.7:</u> Poñer en marcha unha acción concreta de dinamización social empresarial co obxectivo de xerar sinerxías entre sector primario, producións da industria agroalimentaria e a oferta de turismo comarcal.
	<u>Actuación 2.8:</u> Deseñar e executar unha campaña de formación empresarial nas seguintes temáticas: a. Labels de calidade, certificacións que avalen orixe, procesos e calidade intrínseca, desenvolvemento e aplicación para aumentar a competitividade. b. Promoción e marketing, métodos de venda usando as novas tecnoloxías. c. Control de procesos produtivos. d. Eficiencia enerxética, reciclado de residuos, boas prácticas ambientais aplicadas á empresa agroalimentaria, distintivos oficiais recoñecidos de carácter ambiental aplicados á empresa (exemplo ISO14001).
	<u>Actuación 2.9:</u> Realizar campañas de promoción dos produtos agroalimentarios para dalos a coñecer fora do territorio

	(xornadas, feiras, mostras gastronómicas...), e de edición de material promocional.
	<u>Actuación 2.10:</u> Campaña de fomento do asociacionismo e apoio e posta en marcha de accións conxuntas entre empresas locais, destinadas á transformación in situ e á comercialización dos produtos de calidade elaborados no territorio.
	<u>Actuación 2.11:</u> Accións concretas de valorización do porcino comarcal (traballar ademais a variedade Porco Celta), desenvolvemento accións que nós permita pechar o ciclo produtivo, en referencia a matadoiro, despece e transformación, novos produtos vinculados ao porco e practicas tradicionais de curación, así como a comercialización dos produtos resultantes.
<u>Obxectivo 3:</u> Posta en valor das potencialidades locais, principalmente dos recursos culturais patrimoniais, e das contornas naturais, co dobre obxectivo de mellora da imaxe interna e externa da comarca, e da súa utilización con enfoque e como reclamo turístico	<u>Actuación 3.1:</u> Poñer en marcha unha campaña formativa informativa sobre a rede natura 2000 e sobre os lugares de interese comunitario da nosa comarca, valores ambientais e paisaxísticos e principais especies presentes de fauna e flora.
	<u>Actuación 3.2:</u> Campaña de promoción a nivel externo e de formación e promoción a nivel interno comarcal para dar a coñecer e profundar nas posibilidades e potencialidades locais que supoñen os diferentes recursos culturais ambientais cos que conta a comarca.
	<u>Actuación 3.3:</u> Aplicación das accións contempladas no obxectivo estratéxico 1 “Desenvolvemento e consolidación de empresas, tecnificación e uso de novas tecnoloxías. Creación e consolidación de postos de traballo principalmente de mozos e mulleres” en proxectos e empresas que utilicen de forma sustentable e medioambientalmente respectuosa, as potencialidades locais, con enfoque turístico ou formativo, para a xeración de postos de traballo.

Actuación 3.4:

Actuacións a desenvolver con cargo ás subvencións de AGADER no marco das medidas 6.4 (subvencións a investimentos en actividades non agrícolas) e 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

No marco do PDR de Galicia 2014-2020, Agader poderá subvencionar a través dos GDR ou a través de liñas de axuda de promoción directa, as actuacións seguintes:

- Investimentos que supoñan avances en establecementos de aloxamento e restauración que estean en funcionamento na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte do promotor, así como, para a obtención do recoñecemento dun aumento de categoría do establecemento segundo a lexislación vixente en materia turística e actuacións destinadas a mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.
- Investimentos que supoñan a implantación de servizos turísticos complementarios a un establecemento de aloxamento e/ou de restauración que estea en funcionamento na data da presentación da correspondente solicitude de axuda por parte do promotor, así como, actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.
- Os investimentos que supoñan a creación de novas prazas de aloxamento serán admisibles no caso de que se cumpran os requisitos seguintes:
 - o Os establecementos obxecto de creación de novas prazas estarán clasificadas segundo a lexislación en materia turística como hotel, pensión, casa de turismo rural ou campamento de turismo.
 - o A proposta deberá levar aparellada unha valorización do patrimonio cultural ou ambiental ou a oferta dalgún ou algúns dos seguintes servizos turísticos complementarios: actividades recreativas e de animación turística, espectáculos, actividades de aventura

	ou natureza , actividades deportivas como golf, náuticas, esquí, hípica e outras , actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia. ○ A localización dos investimentos que supoñan creación de novas prazas deberá situarse nalgún dos concellos sinalados no anexo I do convenio AGADER-TURISMO. - Creación de novos restaurantes situados en construcións patrimoniais singulares (pazos, patrimonio industrial, pallozas, faros, etc...) e que se comprometan a ofertar unha cociña baseada na gastronomía galega tradicional, ou que propoñan técnicas innovadoras ou fusións con outras gastronomías do mundo. - Rutas de sendeirismo homologadas pola Federación Galega de Montañismo. - Construción de miradoiros, así como a eliminación de elementos discordantes na contorna dos mesmos. - No ámbito da submedida 19.2 de Leader (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), os GDRs poderán promover formación tendente á profesionalización do persoal en servizos turísticos, mediante actividades formativas nas seguintes materias: ○ Atención ao cliente en hostalaría. ○ Hixiene e seguridade alimentaria en pequenos establecementos de restauración. ○ Atención específica ao cliente con discapacidade. ○ Redes sociais e marketing on-line aplicado a establecementos de restauración. ○ Ferramentas de xestión de alimentos e bebidas. ○ Xestión de recursos humanos en pequenos establecementos de restauración. Para os efectos deste convenio, enténdese por pequenos establecementos de restauración os que sexan de titularidade de empresas ou autónomos que teñan a consideración de microempresas (segundo a definición que resulta do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, de 17 de xuño).
--	---

	- Os investimentos tendentes á creación e/ou avance de empresas de servizos turísticos complementarios. Para os efectos deste convenio, terán a consideración de empresas de servizos turísticos complementarios as reguladas no artigo 88.1 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia. Para a subvencionabilidade dos investimentos a que se refire este punto será necesaria a correspondente inscrición no rexistro público oficial habilitado a tal efecto.
<u>Obxectivo 4:</u> Fomento do respecto e coidado ambiental, concienciación social en	<u>Actuación 3.5:</u> Sensibilización sobre emprendemento/actualización de empresarios a través de “foros” (xornadas, newsletters) que difundan novidades, tendencias, experiencias de éxito, convocatorias de axudas, ...
	<u>Actuación 4.1:</u> Deseñar, planificar e executar unha estratexia comarcal de sustentabilidade baixo o modelo dunha axenda 21 local, na que se fomente a integración e implicación de todos os municipios da comarca, e dos diferentes representantes dos sectores económicos e sociais. <u>Actuación 4.2:</u> A liña e como complemento do obxectivo estratéxico 3, debemos traballar na conservación e posta en valor activa nestes recursos, neste caso concreto, das nosas potencialidades ambientais, incentivando e financiando a recuperación de recursos naturais degradados, sirva como exemplo vertedoiros incontrolados, mellores sistemas de depuración de augas residuais, restauración de canles fluviais.

referencia á reciclaxe, redución de residuos, uso de enerxías limpas e/ou alternativas, inserción da variable ambiental nos procesos produtivos, loita contra cambio climático.	<u>Actuación 4.3:</u> Creación de agrupacións con participación pública e privada, que traballen na concienciación e mellora ambiental, padroados, asociacións, fundacións, etc...
	<u>Actuación 4.4:</u> Iniciativas de cooperación (véxase obxectivo 6) que nos permitan abrir canles de traballo conxunto e formas orixinais de sensibilización, conservación e posta en valor en referencia ao medio ambiente comarcal.
	<u>Actuación 4.5:</u> Editar e divulgar unha publicación sobre boas prácticas ambientais, aforro enerxético e uso eficiente dos recursos que poida ter unha dobre aplicación, a nivel doméstico na xestión diaria, e a nivel empresarial, cun enfoque claro no sector turístico.
	<u>Actuación 4.6:</u> O grupo acción local velará polo cumprimento estrito da normativa esixida en materia ambiental, e primará as iniciativas empresariais, e os proxectos non produtivos que presente valor engadido en referencia a restauración de espazos degradados, control de residuos, reciclado de materiais e que teñan un efecto positivo na loita contra o cambio climático.
	<u>Actuación 4.7:</u> Realización dunha campaña de posta en valor dos espazos naturais protexidos existentes nesta comarca e amparados por unha figura de protección ambiental, cunha especial consideración para os territorios dentro da Rede Natura 2000.
	<u>Actuación 4.8:</u> Traballar no correcto dimensionamento, calidade do servizo, uso adecuado, acondicionamento ou mellora das infraestruturas de carácter ambiental coas que conta o territorio, ou aquelas que se poñan en marcha no actual período de programación, con ou sen apoio LEADER. Ademais traballarase no uso eficiente do recurso auga, tanto para uso agrícola como para consumo humano: mellora de infraestruturas e acometidas e xestión eficiente do recurso.
	<u>Actuación 4.9:</u>

	Deseñar e executar un programa de educación ambiental ligado ao ecosistema fluviais, tan importantes nesta comarca, que inclúa coñecemento do medio, e posta en valor con enfoque turístico recreativo, e que inclúa accións de voluntariado fluvial e custodia do territorio.
	<u>Actuación 4.10:</u> Como complemento ao obxectivo estratéxico 1, poñer en marcha campañas formativas para empresarios locais, en referencia, e para a súa actividade produtiva, á redución de residuos, reciclado, depuración, aforro enerxético...
<u>Obxectivo 5:</u> Servizos á poboación local, sensibilización, dinamización, mellora da situación de colectivos desfavorecidos, inmigración, incremento do sentido de pertenza entre a poboación local, cun enfoque especial para os mozos, formación e axudas ao emprego.	<u>Actuación 5.1:</u> Considerase necesario traballar na mellora da oferta e dotacións en referencia aos servizos e infraestruturas para a poboación local cos que conta a comarca, co obxectivo final de tentar mellorar a calidade de vida da poboación local en xeral, facendo un inciso especial na terceira idade, e en mozas e mulleres, así como nos habitantes con algún tipo de discapacidade.
	<u>Actuación 5.2:</u> Na liña do anterior unha acción concreta será o deseño dunha estratexia comarcal que garanta a cobertura dos servizos colectivos necesarios, concretamente en referencia á depuración de augas, recollida de lixos, reciclado de residuos, temas asistenciais, instalacións deportivas, educación, lecer...
	<u>Actuación 5.3:</u> Levar a cabo accións, e primaranse dentro do programa LEADER, que melloren as condicións e axuden á conciliación da vida laboral e familiar, e que dalgunha forma fomenten o emprego feminino.
	<u>Actuación 5.4:</u> Fomentar servizos que equilibren as dificultades que expulsan á poboación do ámbito rural, e que á súa vez poden ser nichos de iniciativas empresariais e emprego (atención domiciliaria, estudo de oferta e dimensión de servizos educativos, de vías de comunicación, de servizos de transporte, ...).
	<u>Actuación 5.5:</u> Iniciativas que doten á comarca de servizos para a terceira idade.

	<u>Actuación 5.6:</u> Empresas que ofrezan servizos e/ou proxectos concretos en referencia á poboación dependente coa que contamos na comarca.
	<u>Actuación 5.7:</u> Unido e complementando o plan formativo, consideramos necesario poñer en marcha unha campaña de sensibilización entre a poboación local, e concretamente entre os máis novos, en referencia ás posibilidades do seu territorio, ao coñecemento das potencialidades locais, incentivando o asentamento da poboación, e dotándolles de actitudes e aptitudes para desenvolver o seu proxecto de futuro nesta comarca.
	<u>Actuación 5.8:</u> Accións concretas para colectivos afectados pola exclusión social, de tal forma que se complemente o exposto no obxectivo 1 e no plan formativo, máis aló da inserción laboral ou a formación para o emprego, fomentando a inserción social, favorecendo a autonomía e as competencias sociais, e facéndolles partícipes e integrándolles de pleno dereito na realidade comarcal: - Menores afectados polo fracaso escolar - Mozos menores de 25 anos demandando o seu primeiro emprego - Maiores de 50 anos parados - Parados de longa duración - Mulleres con dificultades para a inserción laboral - Inmigrantes - Persoas pertencentes a minorías étnicas - Toxicómanos - Discapacitados psíquicos e/ou físicos - Outros
	<u>Actuación 5.9:</u> Programa de apoio e mellora do emprego para colectivos mencionados.
	<u>Actuación 5.10:</u> Fomento do emprego feminino. Formulas de organización empresarial que permitan conciliación vida laboral e familiar.
	<u>Actuación 5.11:</u>

	Apoio e complementariedade ao desenvolvemento da lei de dependencia.
	<u>Actuación 5.12:</u> Fomentar a creación de formulas empresariais que sexan centros especiais de emprego e que faciliten e promovan o emprego de persoas con discapacidade.
	<u>Actuación 5.13:</u> Primar a creación de emprego feminino e as empresas promovidas por mulleres ou que empreguen a mulleres ou discapacitados.
	<u>Actuación 5.14:</u> Fomento de servizos de apoio á muller traballadora que faciliten a inserción laboral: gardarías, transportes, centros de acollida e centros de respiro.
	<u>Actuación 5.15:</u> Cualificación da poboación para facilitar a empregabilidade e o emprendemento. Formación en varios nichos de iniciativas para o territorio: - Agroindustria e silvicultura. En especial aproveitamentos menos estendidos. - Turismo. Hostalaría e restauración, pero tamén oferta de actividades innovadoras. - Atención a maiores. - Novas tecnoloxías.
	<u>Actuación 5.16:</u> Fomento de actitudes ou experiencias formativas informais: - Voluntariado local e a súa utilización na cohesión territorial. - Voluntariado Internacional (coñecemento doutras experiencias, importación de ideas, coñecemento de idiomas, rotura de complexos...). - Intercambios internacionais (na liña do anterior, fomentar a mobilidade normalmente de mozas, pero non excluínte).
	<u>Actuación 5.17:</u> Emigración: Hai lugares deste territorio que teñen gran representación no estranxeiro (maioritariamente sudamérica). Moitos destes emigrados poderían ser investidores ou apoiar proxectos sociais. Descendentes deles poderían retornar e ser xeme de novos proxectos.

<u>Obxectivo 6:</u> Cooperación entre territorio e relacións institucionais	<u>Actuación 6.1:</u> Realizar accións integradas de cooperación con outros grupos de desenvolvemento rural de España e doutros Estados membros, con características comúns, cuxo resultado final sexa a consecución dun produto conxunto, que represente un valor engadido para o territorio.
	<u>Actuación 6.2:</u> Incrementar as expectativas da comarca a través de estruturas de comercialización, divulgación, traballo cooperado, consorcio, etc.
	<u>Actuación 6.3:</u> Intercambiar, difundir e coñecer as experiencias de desenvolvemento con alto grao de innovación e replicabilidade entre o GDR13 e outros grupos LEADER.
	<u>Actuación 6.4:</u> Coñecer e poñer en marcha metodoloxías de traballo que demostraron a súa efectividade noutros territorios con caracteres similares, a fin de alcanzar obxectivos comúns.
	<u>Actuación 6.5:</u> Establecer cooperación que fortalezan sectores cuxo mercado requira necesariamente unha proxección territorial máis ampla, ou cuxa viabilidade estea condicionada á obtención dunha masa crítica maior, que debe ser buscada máis aló do territorio, etc.
	<u>Actuación 6.6:</u> Iniciar vías de colaboración entre empresarios locais e outros asentados igualmente en zonas rurais de baixa densidade de poboación, pertencentes a distintos sectores.
	<u>Actuación 6.7:</u> Incrementar a participación e a cooperación horizontal e vertical das instancias e entidades, tanto públicas como privadas, a distintas escalas territoriais, para afrontar, en mellores condicións, os problemas que frean o desenvolvemento do territorio.
	<u>Actuación 6.8:</u> Abordar a execución de proxectos que permitan obter a masa crítica necesaria para facer viables as propostas de cooperación expostas.

Táboa 40: Obxectivos e actuacións definidos na estratexia do período 2014-2020.
Fonte: elaboración propia

Referencia aos cambios 2007-2013	
<u>Medida 411. Dinamización do sector agrario e forestal</u>	
<u>Obxectivo 1:</u> Aumentar a rendibilidade das superficies forestais mediante o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías.	<u>Actuación 1.1:</u> Creación dunha aplicación SIX para a xestión de biomasa e madeira. Inventarización do recurso.
	<u>Actuación 1.2:</u> Dotación de axudas para instalacións de estelado e almacenamento de biomasa e outros recursos do monte:
	<u>Actuación 1.3:</u> Dotación de axudas para a creación dun centro de recepción, clasificación e distribución de madeira e outros recursos do monte.
	<u>Accións das actuacións 1.1, 1.2 e 1.3:</u> - Desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector forestal. - Aumentar as superficies das explotacións forestais e xestionadas en conxunto. - Aumentar o valor económico dos montes.
<u>Obxectivo 2:</u> Mellorar as rendas dos agricultores e gandeiros mediante a optimización das canles de distribución e o seu deseño, a cooperación entre as diversas unidades económicas da comarca e da proxección cara o exterior dunha imaxe de calidade.	<u>Actuación 2.1:</u> Dotación de axudas para proxectos de novas iniciativas de distribución vinculadas aos produtores e elaboradores que teñan como fin colocar os produtos das explotacións nos mercados locais.
	<u>Actuación 2.2:</u> Dotación de axudas para proxectos de deseño de novos sistemas de distribución dos produtos de pequenos agricultores aproveitando estruturas de distribución xa consolidadas no mercado. Así como para iniciativas de cooperación entre comercio local, hostalería e restaurantes co fin de vender os produtos locais.
	<u>Actuación 2.3:</u> Apoio económico a novos cultivos que contribúan á diversificación da produción primaria.
	<u>Actuación 2.4:</u> Apoio á implantación de explotacións agrícolas e gandeiras de produción ecolóxica.

	<u>Actuación 2.5:</u> Apoio económico a proxectos cooperativos, especialmente ás iniciativas de transformación e comercialización de produtos.
	<u>Accións das actuacións 2.1, 2.2, 2.3, 2.4 e 2.5:</u> - Mellorar as canles de distribución dos produtos das explotacións agrícolas e gandeiras. - Impulsar a colaboración entre os axentes económicos do rural para a creación de sinerxías derivadas do aproveitamento das canles de distribución de unidades económicas xa consolidadas no mercado. - Apoiar proxectos de consumo colectivo de alimentos procedentes da comarca (comedores escolares, comedores de empresas, centros de día, grupos de consumo). - Fomentar o asociacionismo e a cooperación na produción e comercialización. - Conseguir unha maior diversificación na produción agraria e gandeira. - Crear vínculos entre o turismo e os alimentos locais.
<u>Obxectivo 3:</u> Dinamizar o sector primario mediante a recuperación de variedades tradicionais, o peche do ciclo de transformación de cara a posta do produto no mercado e a eficiencia enerxética da explotación.	<u>Actuación 3.1:</u> Dotación de axudas para adaptar os sistemas de calefacción das instalacións agrícolas e gandeiras de forma que poidan consumir biomasa forestal primaria ou enerxía solar.
	<u>Actuación 3.2:</u> Dotación de axudas para a creación de unidades económicas para a elaboración e comercialización de conservas dos produtos do campo.
	<u>Actuación 3.3:</u> Dotación de axudas para proxectos de recuperación de variedades tradicionais.
	<u>Actuación 3.4:</u> Dotación de axudas para a creación ou mellora de locais de transformación dos produtos agrarios ou gandeiros.
	<u>Actuación 3.5:</u>

	Creación de unidades de servizos silvícolas a partir da agrupación de recursos existentes de comunidades de montes veciñais en man común. <u>Accións das actuacións 3.1, 3.2, 3.3., 3.4 e 3.5:</u> - Promover actuacións que permitan unha eficiencia enerxética da explotación. - Promocionar o consumo de biomasa forestal primaria para crear un mercado estable e rendible. - Promover a creación de unidades económicas destinadas a produción de conservas artesanais a partir dos produtos do campo. - Promover proxectos para a produción de plantas aproveitando terreos adecuados. - Promover a recuperación de variedades tradicionais. - Promocionar a creación de locais de transformación dos produtos agrarios e gandeiros de xeito que se peche o ciclo produtivo e saían dende a comarca ao punto de venda. - Aumentar as superficies das explotacións forestais e xestionadas en conxunto. - Optimizar o uso de recursos humanos e materiais cos que xa contan as C.M.V.M.C. e amplialos se fose preciso. - Acadar a formación necesaria para desenvolver tarefas precisas.
<u>Obxectivo 4:</u> Aproveitamento de superficies agrarias e forestais infrautilizadas mediante a promoción de novos usos para as mesmas.	<u>Actuación 4.1:</u> Implantación de novos cultivos que complementen aos xa existentes ou que utilicen terreos infrautilizados ou en desuso, tanto forestais como agrícolas (micorrización, plantas ornamentais e aromáticas, ...) <u>Actuación 4.2:</u> Proxectos de recuperación e/ou mantemento de sistemas pastorís en montes veciñais. <u>Accións das actuacións 4.1 e 4.2:</u> - Desenvolver novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector forestal e agrario. - Planificar os usos do monte de xeito que se complementen entre eles.

<u>Medida 412. Mellora medioambiental e do contorno rural</u>	
<u>Obxectivo 1:</u> Evitar a proliferación de especies invasoras nas marxes dos ríos en zona natura 2000.	<u>Actuación 1.1:</u> Dotación de axudas para actuación de eliminación de especies arbóreas invasoras nas marxes dos ríos incluídos en zona natura 2000. <u>Acción da actuación:</u> - Evitar a proliferación de especies invasoras nas marxes dos ríos en zona Natura 2000 que dificulten e incluso impiden o acceso.
<u>Obxectivo 2:</u> Recuperación ambiental de espazos degradados dentro do entorno dos ríos en zona natura 2000.	<u>Actuación 2.1:</u> Dotación de axudas para investimentos co obxectivo de recuperar e/ou adecuar áreas degradadas, catalogadas como de interese medioambiental, en zona natura 2000. <u>Acción da actuación:</u> - Promover a recuperación ambiental de espazos degradados dentro do entorno dos ríos en zona Natura 2000.
<u>Obxectivo 3:</u> Recuperación ambiental de espazos degradados no entorno de rotas de sendeirismo.	<u>Actuación 3.1:</u> Dotación de axudas para investimentos co obxectivo de recuperar e/ou adecuar áreas degradadas, catalogadas como de interese medioambiental, no entorno das rotas de sendeirismo. <u>Acción da actuación:</u> - Promover a recuperación ambiental de espazos degradados no entorno das rotas de sendeirismo.
<u>Obxectivo 4:</u> Lograr maior aproveitamento da auga nos sistemas de rego empregados polas comunidades de regantes.	<u>Actuación 4.1:</u> Apoio económico para a implantación de sistemas de rego que consigan un mellor aproveitamento dos recursos hídricos. <u>Acción da actuación:</u> - Lograr maior aproveitamento da auga nos sistemas de rego empregados polas comunidades de regantes.
<u>Medida 413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida</u>	
<u>Obxectivo 1:</u>	<u>Actuación 1.1:</u> Creación dunha rede feminina de dinamización social para fomentar o liderazgo local ou empoderamento das

Fomento da autoestima e empoderamento das mulleres buscando unha maior participación das mesmas no espazo público que mellore a súa calidade de vida.	mulleres, coa finalidade de promover a igualdade de oportunidade no acceso e control dos recursos. <u>Actuación 1.2:</u> Posta en funcionamento dun observatorio virtual de igualdade de xénero, de ámbito comarcal, que mostre a situación das mulleres, as súas necesidades e propoña as medidas oportunas a adoptar. As necesidades detectadas e as propostas de solución darán lugar a un documento valorativo sobre a igualdade de oportunidades, que se fará público en todos os concellos. <u>Actuación 1.3:</u> Fomento de actividade dirixidas a mulleres, tanto de carácter lúdico como de posta en valor de saberes e culturas tradicionais das que principalmente elas son depositarias. <u>Actuación 1.4:</u> Impulso do asociacionismo de mulleres, a súa coordinación ou federación a nivel comarcal e o traballo en rede a nivel territorial e interterritorial. <u>Actuación 1.5:</u> Elaboración dun plano de igualdade comarcal, coa participación de concellos, asociación de mulleres, da asociación de desenvolvemento rural Condado Paradanta e dos axentes económicos e sociais. <u>Accións das actuacións 1.1, 1.2, 1.3, 1.4 e 1.5:</u> - Fomentar a autoestima e empoderamento das mulleres rurais para a súa participación no espazo público (relacións sociais e comunitarias, asociacionismo, ocio, política, ...). - Valorizar o medio rural como un lugar onde tamén as mulleres sexan partícipes do desenvolvemento e teñan posibilidade dunha calidade de vida mellor.
<u>Obxectivo 2:</u>	<u>Actuación 2.1:</u> Potenciación do uso das novas tecnoloxías da información e comunicación dotando axudas para, entre outras actuación, a creación de entornos wireless libres en locais de uso público.

Priorizar a participación das mulleres e da mocidade en todos os procesos de promoción económica, emprego e formación relacionados co desenvolvemento rural da comarca.	<u>Actuación 2.2:</u> Apoio a proxectos produtivos de carácter deportivo e cultural <u>Accións das actuacións 2.1 e 2.2:</u> - Diminuír da fenda dixital entre núcleos urbanos e núcleos rurais e entre homes e mulleres. - Potenciar e difundir a organización de actividades culturais e deportivas concibidas para a participación de mulleres e mocidade.
<u>Obxectivo 3:</u> Elaboración dun proxecto de valoración integral dos recursos da comarca para a promoción da mesma como unha ferramenta conxunta dun “turismo total” que dinamice a todos os sectores da economía.	<u>Actuación 3.1:</u> Creación dunha mesa comarcal do turismo que, aparte dos cometidos que se poidan impoñer, xestione unha páxina web na que se propoñan todas as posibilidades de ocio da comarca (calendario cultural e festeiro, rotas, circuítos, ofertas, paquetes turísticos, exposicións, ...), a edición de guías unitarias de recursos turísticos e poida potenciar acordos coas CMVMC para a defensa da sinalización do patrimonio arqueolóxico. <u>Actuación 3.2:</u> Dotación de axudas para promover o establecemento de paquetes turísticos, en conxunto cos establecementos hoteleiros (hoteles, casas de turismo rural e camping). Buscando novos usos e actuación ou ben recuperando e mellorando as existentes. Darlle cobertura coa páxina web a desenvolver pola asociación. <u>Actuación 3.3:</u> Dotación de axudas para crear, en cada destino turístico, o lecer suficiente para facer atractiva distraída a estadia, sempre en concordancia cos proxectos de valorización elaborado para a comarca. Búsqueda dun “turismo total”. Apoio á creación, ampliación e modernización de empresas de turismo activo, prioritariamente nas zonas onde a oferta turística é moito menor. <u>Accións das actuacións 3.1, 3.2 e 3.3:</u> - Valorizar o patrimonio cultural, material e inmaterial, como atractivo turístico e marca distinta. - Deseñar e implantar actividades turísticas a partir dos recursos naturais, apostando pola mellora nas infraestruturas de calidade, aproveitamento das rotas ou circuítos existentes e apertura de outros

	novos que supoñan un mellor aproveitamento do potencial da comarca. - Promocionar os novos usos e actuacións que se establezan no proxecto de valorización integral da comarca. - Recuperar e mellorar os usos e instalacións existentes na actualidade que coincidan cos programados no proxectos de valorización integral da comarca. - Utilizar todas as posibilidades que ofrece a comarca para actividades de turismo.
<u>Obxectivo 4:</u> Elaboración dun proxecto de valorización integral dos recursos da comarca para a promoción da mesma como unha ferramenta conxunta dun “turismo total” que dinamice a todos os sectores da economía.	<u>Actuación 4.1:</u> Dotación de axudas para a creación de servizos de proximidade na área rural mediante a potenciación, de xeito preferente, de negocios privados impulsados polos propios residentes para cubrir a deficiente atención ó sector da terceira idade, ós discapacitados (psíquicos e físicos) e os nenos.
	<u>Actuación 4.2:</u> Dotación de axudas para a posta en marcha dun centro de recursos para a discapacidade na comarca. <u>Accións das actuacións 4.1 e 4.2:</u> - Dotar ao rural de ofertas de servizos a colectivos con necesidades especiais, nomeadamente anciáns, nenos e discapacitados.
<u>Obxectivo 5:</u>	<u>Actuación 5.1:</u> Dotación de axudas para a creación de servizos a outras empresas situadas nos polígonos como das diferentes áreas da súa economía.
	<u>Actuación 5.2:</u> Acción de mediación e apoio económico para que se inclúan nos polígonos industriais, ou nas áreas cercanas, servizos de coidado da infancia e persoas dependentes. <u>Accións das actuacións 5.1 e 5.2:</u> - Promover a creación de empresas de servizos na comarca en función das necesidades doutras empresas e parques empresariais existentes, en construción e en proxecto.

Fomentar empresas de servizos que poidan cubrir as necesidades comarcais tanto da poboación como das diferentes áreas da súa economía.	<u>Actuación 5.3:</u> Apoio á creación dun sistema de transporte rural que garanta o acceso de toda a cidadanía aos servizos públicos, polígonos industriais da comarca, feiras e mercados, actividades deportivas e sociais, etc... <u>Accións da actuación:</u> - Facilitar a mobilidade das persoas e o seu acceso aos servizos xerais. - Dar cumprimento á Lei 51/2003 de 2 de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (LIONDAU). <u>Actuación 5.4:</u> Dotación de axudas para proxectos vinculados coa produción e comercialización de produtos artesanais e promoción destes produtos mediante folletos, referencias en páxina web, etc... <u>Accións da actuación:</u> - Potenciar o sector da artesanía para que se converta en motor de creación de emprego. - Converter os posibles centro artesanís que se creen en puntos de interese turístico dentro da oferta global da comarca.
<u>Medida 431. Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial</u>	
<u>Obxectivo 1:</u> Elaboración dun proxecto de valoración integral dos recursos da comarca para a promoción da mesma como unha oferta conxunta dun “turismo total” que dinamice a todos os sectores da economía.	<u>Actuación 1.1:</u> Elaboración de proxectos de valoración dos recursos da comarca coa intención de ofrecer unha oferta conxunta, coherente e con atractivo turístico que sexa capaz de captar a clientes cada vez máis esixentes. Valorización, mediante a conexión cos circuitos ou rotas turísticas, dos produtos que se xeren na comarca para que toda ela se transforme nun escaparate do “bo facer”. Nese proxecto débese incluír un plan de promoción, a desenvolver por parte dos axentes económicos, administracións implicadas e a asociación para o desenvolvemento comarcal, ó tempo que se deseñarán unha serie de actuacións de mellora ao redor dos eixos vertebradores que se elixan na comarca. <u>Accións da actuación:</u>

	- Valorizar o Patrimonio cultural, material e inmaterial, como atractivo turístico e marca distintiva. - Diseñar e implantar actividades turísticas a partir dos recursos naturais, apostando pola mellora nas infraestruturas de calidade, aproveitamento das rotas ou circuitos existentes e apertura de outros novos que supoñan un mellor aproveitamento do potencial da comarca.
--	--

Táboa 41: Obxectivos e actuacións definidos na estratexia do período 2007-2013.

Fonte: elaboración propia

Logo da aprendizaxe adquirida durante os dous períodos previos de Leader en condado Paradanta, decidiuse a dar un paso na mellora da definición dos obxectivos territoriais, apostando pola creación de marcos xerais de traballo que seguen despois baixando a escala de concreción de actuacións diversas.

Polo tanto, en base ás necesidades detectadas, a EDLP define unha serie de obxectivos xerais que tratan de identificar as prioridades que se deben de atender coa financiación Leader para dar resposta a demandas dos axentes económicos e sociais do territorio.

OX1- DIVERSIFICACIÓN DE ACTIVIDADES PRODUTIVAS E MELLORA DA COMPETITIVIDADE	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	OE1.1.Diversificar a estrutura produtiva local mediante a adaptación das empresas actuais e/ou a creación de novas actividades de carácter innovador para a creación de emprego de calidade. Fomentar o autoemprego como modo máis sinxelo de promoción do emprendemento. OE1.2.Mellorar a competitividade do sector agrario de xeito compatible coa sustentabilidade ambiental e potenciar a industria de transformación e comercialización agroalimentaria OE1.3.Fomentar a cooperación interempresarial para aproveitar a complementariedade dos recursos, habilidades e experiencias en distintas partes da cadea de valor (aprovisionamento, produción, marketing, comercialización) contribuindo á loita polo cambio climático. OE1.4.Promoción da marca (selo) de calidade "Condado Paradanta Calidade" como elemento diferenciador e identificador de produtos e servizos innovadores desenvolvidos no territorio do GDR. OE1.5.Contribuír a implantar as ferramentas dixitais como fórmula de desenvolvemento da actividade empresarial, facendo especial fincapé no tocante ao comercio electrónico ou as ferramentas de xestión e marketing.

	OE1.6.Dixitalización dos procesos de produción das empresas como mellora da competitividade (teletraballo, xestión de recursos humanos, etc..) OE1.7. Contribuír á redución do desequilibrio entre a oferta formativa e os requirimentos do mercado de traballo comarcal para lograr a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. OE1.8. Fomentar o espírito empresarial e a cultura emprendedora na poboación, en especial entre as mulleres e a xuventude. OE1.9.Contribuír con medidas de responsabilidade social á redución da brecha salarial, ao fomento das iniciativas de empoderamento da muller, ao fomento da inclusión social, á loita contra a violencia de xénero. OE1.10.Fomentar a mellora dos servizos básicos asistenciais á poboación. Potenciar a existencia de proxectos vinculados a economía da saúde. OE1.11. Contribuír a axudar que o relevo xeracional nas empresas se produza dunha maneira planificada e ordenada para garantir o seu desenvolvemento e continuidade
--	---

OX2 -CONSERVAR,MELLORAR E REVALORIZAR O MEDIO AMBIENTE E O PATRIMONIO HISTÓRICO-ETNOGRÁFICO	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	OE2.1Mellorar o estado de conservación do patrimonio rural para a súa posta en valor mediante procesos innovadores. OE2.2Estimular o desenvolvemento de actividades rurais, tradicionais e complementarias á actividade agrogandeira (agroturismo, artesanía, etc) potenciando o emprego de calidade . OE2.3Facilitar a incorporación de sistemas de eficiencia enerxética e enerxías renovables nas empresas e nas institucións públicas. OE2.4Potenciar a xestión integral dos RSU, inertes, tóxicos, perigosos, industriais e agrogandeiros. OE2.5Elevar o nivel de conciencia ambiental colectiva do territorio, mediante a motivación e a implicación da cidadanía. OE2.6Estimular o desenvolvemento de actividades rurais vinculadas a arte, como elemento diferenciador e identificador do Condado Paradanta. OE2.7Mellorar o aproveitamento dos recursos endóxenos de cara á diversificación produtiva e social. OE2.8Contribuír ao orgullo territorial por parte da veciñanza a través da recuperación de elementos que valoricen a historia do mesmo. OE2.9 Creación dun storellyngeterritorial a través da valoración dos espazos naturais e patrimoniais.

OX3 - MELLORAR OS ESTÁNDARES DE CALIDADE DE VIDA MINIMIZANDO O RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- OE3.1**Facilitar o proceso de consolidación da identidade comarcal entre os seus habitantes e promocionar fora do territorio cun espazo de calidade ambiental (TURISMO 10).
- OE3.2**Contribuír ao fornecemento do tecido asociativo a través de formación e inclusión de ferramentas de xestión e de traballo en rede como vía para mitigar o cambio climático.
- OE3.3**Fomentar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade.
- OE3.4**Fomentar a integración socio laboral da mocidade a través da educación, da inserción profesional e o ocio.
- OE3.5**Impulsar a integración social dos colectivos en risco de exclusión mediante a mellora das condicións de vida e o fomento da súa participación na sociedade mediante procesos innovadores.
- OE3.6**Desenvolver un programa de fomento da interrelación social tranfronteiriza co gallo de aplicar políticas conxuntas para o desenvolvemento sostible do medio ambiente.
- OE3.7**Realizar unha análise das posibilidades de compartir a xestión de servizos de carácter social entre localidades tranfronteirizas co fin de optimizar os recursos.
- OE3.8**Implementar accións de fomento da lingua galega co obxecto de que a normalización lingüística potencie o acervo territorial das xentes.

*Táboa 42: Obxectivos xerais e específicos definidos.
Fonte: elaboración propia*

II 4. CONCRECIÓN DA ESTRATEXIA NOS CADROS FINANCEIROS E NO BAREMO DE PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS.

4.1. CADROS FINANCEIROS

Período 2014-2020

SUBMEDIDA	TIPO DE PROXECTO	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA
Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	1.428.000 €
	Non produtivos	612.000 €
	(entidades públicas locais)	306.000 €
	Non produtivos	306.000 €
	(institucións de carácter privado)	2.100.000 €
Cooperación Leader	Cooperación	150.000€
	TOTAL	150.000€
Axuda para custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e para a animación	Custes Correntes	562.500,00 €
	Animación	187.500,00 €
	TOTAL	750.000,00 €
TOTAL PROGRAMA		3.000.000 €

Táboa 43: Cadro financeiro 2014 – 2020
Fonte: elaboración propia

Período 2007-2013

MEDIDA	TIPO PROXECTOS		GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	Previsto	884.441,78
		Executado	454.030,06
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	Previsto	176.888,36
		Executado	76.144,62
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	Previsto	1.768.883,55
		Executado	1.259.480,36
	Non produtivos	Previsto	707.553,43
		Executado	637.075,83
TOTAL	Produtivos	Previsto	2.653.325,33
		Executado	1.713.510,42
	Non produtivos	Previsto	884.441,79
		Executado	713.220,45
431. Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento	Previsto	530.665,08
		Executado	493.615,37
	Promoción	Previsto	176.888,36
		Executado	72.753,84
TOTAL PROGRAMA		Previsto	4.245.320,56
		Executado	2.993.100,08

*Táboa 44: Cadro financeiro 2014 – 2020
Fonte: elaboración propia*

A aposta por aumentar a contía destinada a formación e a cooperación e principal variable do cadro financeiro que se propón para o período actual en diferenza ao proposto con anterioridade, xa que se percibe a necesidade de colaborar con outros territorio na desenvolvemento de accións que poidan valorizar o condado Paradanta, e se percibe a necesidade de varios módulos de formación para poboación que pretenda emprender, e mais naqueles sectores onde a empregabilidade sexa mais complexa debido a falta de cualificación profesional dos habitantes da zona.

4.2. BAREMO DE PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Proxectos produtivos	
<u>Situación xeográfica: (máxima puntuación 22 puntos)</u>	
Poboación da parroquia onde se localiza o proxecto.	5
Densidade de poboación do concello onde se localiza o proxecto.	5
Porcentaxe de perda de poboación no último decenio do Concello onde se localiza o proxecto.	5
Características económicas do Concello onde se localiza o proxecto.	5
Distancia dende a localización exacta do proxecto ata a capital do Concello. Si é igual ou maior a 5 km.	2
<u>Características do promotor: (máxima puntuación 18 puntos)</u>	
Perfil do promotor.	16
Si o domicilio social ou no caso de persoas individuais, si se atopan empradoadas está no territorio de actuación. Si no proxecto colaboran varios colectivos ou Institución que traballan dentro do ámbito municipal.	2
<u>Modalidade do proxecto: (máxima puntuación 8 puntos)</u>	
Modalidade do proxecto (creación, ampliación e modernización).	8
<u>Viabilidade financeira e técnica do proxecto: (máxima puntuación 6 puntos)</u>	
Viabilidade técnica.	6
<u>Creación e/ou consolidación do emprego: (máxima puntuación 20 puntos)</u>	
Creación de emprego, autoemprego ou consolidación de emprego).	20
<u>Incidencia medio ambiental do proxecto: (máxima puntuación 4 puntos)</u>	
Medio ambiente.	4
<u>Adecuación da acción ós obxectivos e natureza do programa de desenvolvemento: (máxima puntuación 12 puntos)</u>	
Concordancia total con algún dos obxectivos xerais do programa.	8
Carácter innovador e demostrativo das iniciativas.	4
<u>Emprego de recursos endóxeos: (máxima puntuación 10 puntos)</u>	
Proxectos que impliquen para a realización das obras e/ou da posta en marcha da actividade a utilización de medios e/ou produtos (inputs) da Comarca.	4
Creación de emprego da Comarca.	6

Regra xeral:

- Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 22%.
- Puntuación máxima: 60 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 50%.

- c) A porcentaxe de axuda dos proxectos con puntuación entre 30 e 60 puntos, para poder establecerse en relación proporcional directa, calcularase restando 30 puntos á puntuación que resulte do baremo, multiplicando o 0,9333 e sumándolle 22.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Proxectos non produtivos	
<u>Situación xeográfica: (máxima puntuación 22 puntos)</u>	
Poboación da parroquia onde se localiza o proxecto.	5
Densidade de poboación do concello onde se localiza o proxecto.	5
Porcentaxe de perda de poboación no último decenio do Concello onde se localiza o proxecto.	5
Características económicas do Concello onde se localiza o proxecto.	5
Distancia dende a localización exacta do proxecto ata a capital do Concello. Si é igual ou maior a 5 km.	2
<u>Características do promotor: (máxima puntuación 12 puntos)</u>	
Perfil do promotor.	10
Si o domicilio social ou no caso de persoas individuais, si se atopan empradoadas está no territorio de actuación. Si no proxecto colaboran varios colectivos ou Institución que traballan dentro do ámbito municipal.	2
<u>Modalidade do proxecto: (máxima puntuación 16 puntos)</u>	
Modalidade do proxecto	16
<u>Viabilidade financeira e técnica do proxecto: (máxima puntuación 6 puntos)</u>	
Viabilidade técnica	6
<u>Incidencia medio ambiental do proxecto: (máxima puntuación 28 puntos)</u>	
Medio ambiente	24
Acondicionamento ou adecuación de espazo natural segundo a cualificación da Normativa Municipal e/ou Autonómica. Posta en valor dos recursos patrimoniais medioambientais que estean inventariados segundo a cualificación da Normativa Municipal e/ou Autonómica.	2
<u>Adecuación da acción ós obxectivos e natureza do programa de desenvolvemento: (máxima puntuación 12 puntos)</u>	
Concordancia total con algún dos obxectivos xerais do programa	8
Carácter innovador e demostrativo das iniciativas	2
<u>Emprego de recursos endóxeos: (máxima puntuación 4 puntos)</u>	
Proxectos que impliquen para a realización das obras e/ou da posta en marcha da actividade a utilización de medios e/ou produtos (inputs) da Comarca.	4

Táboa 4: Criterios de selección e baremación de proxectos 2014-2020
Fonte: elaboración propia

Regra xeral:

Proxecto de prioridade alta:

- a) Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 70%.
- b) Puntuación máxima: 60 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 90%.

$$\text{Porcentaxe de subvención} = [(puntuación \text{ do baremo} - 15) \times 0,6666] + 70$$

Proxecto de prioridade media:

- a) Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 50%.
- b) Puntuación máxima: 60 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 70%.

$$\text{Porcentaxe de subvención} = [(puntuación \text{ do baremo} - 15) \times 0,6666] + 50$$

Proxecto de prioridade baixa:

- a) Puntuación mínima (nota de corte): 30 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 40%.
- b) Puntuación máxima: 60 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 50%.

$$\text{Porcentaxe de subvención} = [(puntuación \text{ do baremo} - 15) \times 0,3333] + 40$$

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
<u>Proxectos produtivos</u>	
<u>Localización xeográfica: (máxima puntuación 40 puntos)</u>	
Características económicas do concello no que se localiza o proxecto (En función do indicador municipal de renda dos fogares IMRF do ano 2002).	12
Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto (Variación da poboación entre os anos 2002 e 2007).	10
Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto (Número de habitantes que teña o núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto).	10
Outros criterios xeográficos (acumulables).	8
<u>Características do promotor: (máxima puntuación 10 puntos)</u>	
Tipoloxía do promotor (non acumulable).	6
Compromiso de uso do galego.	4
<u>Incidencia no emprego: (máxima puntuación 25 puntos)</u>	
Creación de emprego.	10
Creación de emprego dirixido a mulleres, mozos e colectivos desfavorecidos (acumulables).	12
Mantemento de emprego (transformación de emprego temporal en indefinido).	3
<u>Impacto sobre o territorio: (máxima puntuación 25 puntos)</u>	
<u>Capacidade de arrastre da acción a desenvolver (acumulables)</u>	16
Transformación de produtos da zona por arrastrar a outros sectores de actividade.	6
Proxectos con capacidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas na zona ou afianzar empresas e actividades existentes en	10

función do investimento do proxecto (non acumulables).	
<u>Incidencia ambiental (acumulables)</u>	4
Utilización de enerxías renovables no desenvolvemento do proxecto ou da actividade.	2
Sistemas de xestión de residuos e/ou biomasa.	2
<u>Outros criterios relativos ao impacto sobre o territorio (acumulables)</u>	5
Proxectos de desenvolvemento e/ou comercialización de novos produtos ou servizos no sector agrario, forestal e turístico.	3
Proxectos que leven a aplicación das TICs no seu desenvolvemento.	2

Regra xeral:

- Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 25%.
- Puntuación máxima: 60 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 45%.
- Por cada punto a partires dos 20 puntos mínimos, a axuda incrementarase nun 0,50%.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Proxectos non produtivos	
<u>Localización xeográfica: (máxima puntuación 40 puntos)</u>	
Características económicas do concello no que se localiza o proxecto (En función do indicador municipal de renda dos fogares IMRF do ano 2002).	12
Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto (Variación da poboación entre os anos 2002 e 2007).	10
Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto (Número de habitantes que teña o núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto).	10
Outros criterios xeográficos (acumulables).	8
<u>Características do promotor: (máxima puntuación 20 puntos)</u>	
Proxectos de promoción privada sen ánimo de lucro e/ou pública (acumulables).	16
Compromiso de uso do galego.	4
<u>Impacto sobre o territorio: (máxima puntuación 40 puntos)</u>	
<u>Poboación beneficiaria co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida (acumulables).</u>	10
Proxectos orientados a creación ou mellora de equipamentos e servizos no rural	6
Proxectos orientados cara o achegamento das TICs a poboación rural	4
<u>Potencialización para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego (acumulables)</u>	16
Creación de empregos directos por proxecto	6
Proxectos con capacidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais.	10
<u>Incidencia ambiental (acumulables)</u>	4

<i>Implantación de enerxías renovables.</i>	2
<i>Sistemas de xestión de residuos e/ou biomasa.</i>	2
<u>Incidencia sobre colectivos determinados, onde se promoverá a inclusión laboral ou social (acumulables)</u>	10
Mulleres.	5
Mozos menores de 35 anos e persoas maiores de 45 anos.	5
Persoas con discapacidade.	5

Táboa 46: Criterios de selección e baremación de proxectos 2007-2013.

Fonte: elaboración propia

Regra xeral:

- Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 40%.
- Puntuación máxima: 60 puntos. Porcentaxe de axuda máxima: 70%.
- Por cada punto a partires dos 20 puntos mínimos, a axuda incrementarase nun 0,25%.

Tamén aquí a aprendizaxe recibida en Leader fai que se sometera ao baremo reflexión profunda, e facer unha forte modificación que vaia en tres liñas fundamentais:

- O primeiro e máis importante seguramente sexa, darlle carácter de discriminación positiva a aqueles promotores que incidan directamente sobre as necesidades do territorio, facilitando cos seus proxectos a resolución das mesmas.
- En segundo lugar crese tamén de interese valorar o emprego non solo pola creación neta de UTAS senón en base o custe de axuda publica para chegar a esa creación.
- Tamén o feito de ter en conta aspectos sobre a tipoloxía do proxecto como a incidencia na potenciación da economía verde, a reciclaxe ou a recuperación de terras ten a súa impronta na elaboración deste novo baremos.
- Xa por ultimo , valorar os proxectos dende o punto de vista da formula innovadora do seu desenvolvemento, destacando o uso das artes plásticas e escénicas como elemento creativo a hora da valorización do mesmo e do seu territorio de decisión, e outra das apostas novas dun baremo xurdido da reflexión da candomenos o funcionamento do GDR no dous últimos períodos de programación.

CRITERIOS DE SELECCIÓN E BAREMACIÓN 2023 - 2027

As normas para a selección, baremación e priorización dos proxectos están descritas nos baremos que presentamos de seguido, pero en todo casos os proxectos presentados deberán recibir a aprobación por parte de Agader.

Requisitos de subvencionabilidade dos proxectos:

- ✓ Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da estratexia de desenvolvemento local do GDR.
- ✓ Viabilidade: ser viable técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos.
- ✓ Adecuación do proxecto á estratexia de Desenvolvemento local definitiva
- ✓ Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- ✓ Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda
- ✓ De ser finalista, que na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables se cumpran os obxectivos e función para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúa una actividade finalista.

LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Atendendo a **RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023** por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) establece as limitacións sectoriais concretas por razón de complementariedade e de coherencia con outros investimentos públicos que incidan sobre o territorio.

- ✓ A maiores tamén se dispón en ditas bases que será un Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia a que igualmente dispoña as limitacións no tocante as actuacións en dito sector.
- ✓ Por parte do GDR, establécense unha serie de limitacións específicas territoriais que se delimitan no seguinte cadro.

LIMITACIÓNS NA TIPOLOXÍA DE INVESTIMENTOS

- ✓ No caso de **creación de novas prazas de aloxamentos**, os mesmos teñen que supoñer na totalidade da solicitude, a posta en marcha de como mínimo 30 prazas de aloxamento. Se atenderá ao establecido no Convenio de colaboración que se asine coa Axencia Turismo de Galicia.

- ✓ No caso de investimentos que incidan na **recuperación elementos do patrimonio** histórico e cultural de Galicia, os mesmos deben de estar identificados ben no Catalogo de Patrimonio da Xunta de Galicia ou ben como elemento protexido nun inventario público de carácter municipal PXOM, Plan Básico, etc..)
- ✓ No caso de investimentos que incidan na **mellora de espazos naturais**, os mesmos deben de contar con algunha figura de protección pública (Rede Natura, ENIL, LIC, etc...), ou o motivo da subvencionalidade será a creación dunha figura de protección para ese espazo.
- ✓ No caso de investimentos en **Centros Sociais e/ou Culturais**,
 - 1.- Non se consideran elixibles os proxectos de creación de novos centros sociais ou culturais.
 - 2.- So se considerarán elixibles os proxectos de creación de locais sociais e/ou culturais naquelas parroquias e/ou localidades nas cales NON existan na actualidade e que se relacionan na seguinte listaxe.

1. Concello de Ponteareas:

- a. Paredes
- b. Pías
- c. Nogueira
- d. Padróns

2. Concello de Salceda de Caselas:

- a. San Xurxo de Salceda
- b. Santa María de Salceda

3. Concello de Covelo:

- a. Fofe

4. Concello de Mondariz Balneario

- a. Mondariz Balneario

- 3.- Priorizar a rehabilitación de edificacións tradicionais fronte a outras que non se atopen incluídas no catálogo de patrimonio de Galicia.

LIMITACIÓNS FINANCIEIRAS NA TIPOLOXÍA DE INVESTIMENTOS

PROXECTOS PRODUTIVOS

- 1.- **A limitación das axudas dos proxectos produtivos por regra xeral e máis aló do** disposto na RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023 como limitacións específicos **será por carácter xeral de 75.000 €, agás no caso de creación de aloxamento turístico obtendo a máxima puntuación, ata 100.000 €.**

PROXECTOS NON PRODUTIVOS

- 1.- **A limitación das axudas dos proxectos non produtivos por regra xeral e máis aló do** disposto na RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023 como limitacións específicos **será de 35.000 €.**

BAREMO DE PROXECTOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS

TIPO DE PROXECTO	LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA
PRODUTIVOS	✓ MÍNIMO 15% E MÁXIMO 50% ✓ NOTA DE CORTE MÍNIMA: 20 PUNTOS ✓ PUNTUACIÓN MÁXIMA: 100 PUNTOS ✓ CORTE DE PORCENTAXE MÁXIMA: 70 PUNTOS ✓ CONTÍA MÁXIMA DE AXUDA: 75.000 € *PARA PROXECTOS DE CREACIÓN DE COMO MÍNIMO 30 PRAZAS EN ALOXAMENTOS TURÍSTICOS, ATA 100.000 €).
NON PRODUTIVOS	✓ MÍNIMO 15% E MÁXIMO 90% ✓ NOTA DE CORTE MÍNIMA: 20 PUNTOS ✓ PUNTUACIÓN MÁXIMA: 100 PUNTOS ✓ CORTE DE PORCENTAXE MÁXIMA: 70 PUNTOS ✓ LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE ALTA: 90 % ✓ LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE MEDIA: 70 % ✓ LÍMITE MÁXIMO PRIORIDADE BAIXA: 50%

	✓ CONTÍA MÁXIMA DE AXUDA: 35.000 €
--	---

BONO ACTIVA RURAL

Se un promotor se acolle ao BONO ACTIVA RURAL, o mesmo deberá superar coa súa puntuación global do BAREMO a concorrência competitiva, logo do cal acudirá á seguinte táboa de calculo das contías de subvención que lle corresponderían.

BONO ACTIVA RURAL	LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA
PRODUTIVOS	✓ Os promotores que presenten a documentación mínima (inicio da actividade e plan de xestión) para o BONO ACTIVA RURAL poderán obter ata un máximo de 13.000 € de axuda. ✓ Os promotores que presenten a documentación mínima para o BONO ACTIVA RURAL e ademais realicen unha inversión mínima de 8.000 € para a posta en marcha do proxecto, poderán obter ata un máximo de 18.000 € de axuda.

NOTA PREVIA AO BAREMO DE CÁLCULO

O GDR Condado Paradanta tan so formula un único baremo tanto para os proxectos de índole produtiva como non produtiva, mantendo simplemente naquel de índole non produtiva a delimitación na tipoloxía de proxectos de ALTA, MEDIA e BAIXA.

BAREMO PROXECTOS PRODUTIVOS E NON PRODUTIVOS GDR13 (2023-2027)

(Criterios e Valoracións Máximas)

Criterios de localización xeográfica:					1
Criterios relativos á localización xeográfica (Max. 15 puntos)	Indicador Municipal de Renda dos Fogares (2020)	TRAMOS DE VALORACIÓN	CONCELLOS	PUNT.	
		<65%	A Cañiza, Covelo, Crecente	3	
		>65% <=75	Arbo	2	
		>75% <=85%	As Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Ponteareas, Salvaterra de Miño	1	
		>85%	Salceda de Caselas	0	
	Densidade de poboación (2021)	TRAMOS DE VALORACIÓN	CONCELLOS	PUNT.	
		<50%	Covelo, Crecente	3	

		>50% <=100%	Arbo, A Cañiza, Mondariz, As Neves	2	
		>100% <=180%	Salvaterra de Miño	1	
		>180%	Ponteareas, Mondariz Balneario	0	
	Variación da Poboación 2013-2022	TRAMOS DE VALORACIÓN	CONCELLOS	PUNT.	
		Caída da poboación <-10	Arbo, Covelo, Crecente, As Neves	3	
		Caída da poboación <-5 >=-10	A Cañiza, Mondariz	2	
		Caída da poboación <0 >= -5	Mondariz Balneario, Ponteareas	1	

		Aumento da poboación	Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño	0
	Índice de envellecemento 2015	TRAMOS DE VALORACIÓN	CONCELLOS	PUNT.
		>300	Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente	3
		>200 <=300	As Neves, Mondariz	2
		>100 <=200	Mondariz Balneario, Salvaterra de Miño	1
		>70 <=100	Ponteareas, Salceda de Caselas	0
	Porcentaxes de mulleres residentes sobre poboación total (2022)	TRAMOS DE VALORACIÓN	CONCELLOS	PUNT.
		>51%	Crecente, Ponteareas	3

creado un posto a xornada completa durante todo o ano, os contratos de duración inferior computaranse proporcionalmente)	Estabilidade da plantilla da empresa ou incremento da mesma nos últimos 5 anos	5	
	Estabilidade da plantilla da empresa ou incremento da mesma nos últimos 3 anos	3	
	Estabilidade da plantilla da empresa ou incremento da mesma no último ano	1	
	Creación de emprego dirixido a mulleres, mozos e colectivos desfavorecidos		5
	>=50%	5	
	<50% >=25%	3	
	<25%	1	
	Creación de autoemprego (*Se o autoemprego é de una muller, unha persoa moza ou un colectivo desfavorecido, sumará 5 puntos máis atendendo ao criterio anterior)		5
Resolución das necesidades detectadas na EDLP:			1
Resolución de necesidades (Máx. 14	Necesidades da 1-10 (que interveña alomenos na resolución de 2 necesidades deste tramo)	14	

puntos)(segundo orde identificada na estratexia)	Necesidades da 11-20 <i>(que interveña na resolución de 1 necesidades deste tramo ou en, a lo menos, dúas no tramo de 1-20)</i>	10	
	Necesidades da 21-30 <i>(que interveña na resolución de 1 necesidades deste tramo ou en, a lo menos, dúas do tramo do 1-30)</i>	8	
	Necesidades da 31-40 <i>(que interveña na resolución de 1 necesidades deste tramo ou en dúas do tramo do 1-34)</i>	6	
	Necesidades >41 <i>(que interveña na resolución de 1 necesidades deste tramo ou en dúas da táboa completa)</i>	4	
Adecuación do proxecto aos obxectivos da EDLP:			1
Adecuación do proxecto aos obxectivos da EDLP (Máx. 14 puntos segundo prioridade identificad)	O proxecto emprega medidas para mellorar a estrutura agraria (agrícola, gandeiro e/ou forestal) do territorio e, en consecuencia, contribuír ao desenvolvemento sostible do sector. O proxecto emprega as artes plásticas o escénicas no seu desenvolvemento (industrias creativas).	14	
	O proxecto emprega no seu desenvolvemento medidas que vaian directa e inequivocamente na liña da mitigación do cambio climático, ou na da conservación do medio ambiente. O proxecto está directamente vinculado co turismo. O proxecto está	8	

a na estratexia)	vinculado directamente coa conservación e posta en valor do patrimonio rural.		
	Outros proxectos que non teñan encaixe nos anteriores apartados	4	
Aliñación do promotor coa estratexia do territorio			2
Impacto sobre o Territorio (Máx. 21 puntos)	Non existe a actividade no territorio localización (Xustificar con Informe do GDR)		7
	Non existe a actividade no Concello de localización (Xustificar con Informe Municipal)	4	
	Non existe a actividade na parroquia de localización (Xustificar con Informe Municipais)	3	
	O promotor e o proxecto está aliñado coa identidade territorial do Condado Paradanta e con marcas, selos ou iniciativas que se promovan dende o GDR. No caso de ser un proxecto de nova creación para ser baremado con este subcriterio deberá presentar un documento onde manifeste dita intención. Deberase xustificar xunto coa primeira solicitude de pagamento e, de non cumprirse, rebaremarase este subcriterio.		7
	Impacto na fixación de poboación do proxecto		7
	O promotor é residente nun dos concellos do territorio	2	

	Proxectos que impliquen para a realización das obras e/ou da posta en marcha da actividade a utilización de medios e/ou produtos (inputs) do territorio. <= do 50% do orzamento aceptado e comprobación mediante facturación.	3	
	O promotor xustifica o emprego con contratos de residentes no territorio (<i>Máis do 50% dos contratos</i>)	3	
Tipoloxía do promotor (Max. 14 puntos)	BONO ACTIVA RURAL (<i>Se o promotor se acolle o Bono, será puntuado neste Item coa puntuación máxima</i>)		1
	O promotor é mozo/a (<i>menor de 41 anos</i>) ou maior de 55 anos, ou no caso de entidades alomenos o 50% dos seus socios cumpren ese criterio	7	
	O promotor é unha muller ou no caso de entidades alomenos o 50% dos seus socios son mulleres	7	
	O promotor é discapacitado cun porcentaxe do 33% como mínimo	7	
	A promotora é vítima de violencia de xénero	7	
	A actividade na que se da de alta a persoa promotora está directamente relacionada coa valorización, conservación e protección do medio ambiente, coa transición enerxética e/ou coa industria creativa.	7	
	PROXECTOS QUE NON CONCORREN AO BONO ACTIVA RURAL		1

	O promotor é mozo/a (<i>menor de 41 anos</i>) ou maior de 55 anos, ou no caso de entidades alomenos o 50% dos seus socios cumpren ese criterio	7	
	O promotor é unha muller ou no caso de entidades alomenos o 50% dos seus socios son mulleres	7	
	O promotor é discapacitado cun porcentaxe do 33% como mínimo	7	
	A promotora é vítima de violencia de xénero	7	
Aliñación do proxecto co desenvolvemento sostible e a mitigación do cambio climático			7
Aliñación do proxecto co desenvolvemento sostible e a mitigación do cambio climático (Máx. 7 puntos)	O proxecto enmarcase dentro dos criterios de economía verde	4	
	O proxecto constitúe unha iniciativa relacionada coa reciclaxe, coas enerxías renovables...	3	
	O proxecto contén actuacións de eficiencia enerxéticas ou emprego de renovables, supondo estas o 30% ou máis do total do orzamento aceptado	3	
	O proxecto incide na recuperación da terra agraria en abandono	4	



	O proxecto incide na resiliencia do territorio cara as catástrofes ambientais (incendios forestais, inundacións, etc..)	3	
--	---	---	--

REGLA XERAL PROXECTOS PRODUCTIVOS

- a) Puntuación mínima (nota de corte): 20 puntos. Porcentaxe de axuda mínima: 15%
- b) Puntuación máxima: 100 puntos. Para recibir a porcentaxe de axuda máxima (50%) será preciso obter 70 puntos
- c) Por cada punto a partires dos 20 puntos mínimos, a axuda incrementarase nun 0,7%

Táboa 44: Criterios de selección e baremación Leader 2023 – 2027

Fonte: elaboración propia

II 5. DATOS E INDICADORES CUANTITATIVOS SOBRE A EXECUCIÓN E RESULTADOS.

5.1. CIFRAS GLOBAIS

Período 2014-2020

	Proxectos produtivos	Proxectos non produtivos
Fondos previstos	1.930.219,27 €	800.381,29 €
Fondos executados	1.583.182,67 €	645.127,01 €

Táboa 45: Execución e resultados 14 – 20

Fonte: elaboración propia

Período 2007-2013

	Proxectos produtivos	Proxectos non produtivos
Fondos previstos	2.653.325,33 €	884.441,78 €
Fondos executados	1.748.254,91 €	713.220,45 €

Táboa 46: Cadro financeiro 2014 – 2020

Fonte: elaboración propia

5.2. DATOS SOBRE OS PROXECTOS:

a) Número de proxectos presentados e de proxectos executados:

Período 2014-2020

SUBMEDIDA	TIPO DE PROXECTOS	Presentados	Executados	Obxectivos					
				1	2	3	4	5	6
19.1 Adquisición de capacidades	Adquisición de capacidades	1	1						
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	75	18	18					
	Non produtivos (entidades públicas locais)	27	5			2		3	
	Non produtivos (institucións de carácter privado)	66	18			4		14	
	Formación	6	6					6	
19.3 Cooperación Leader	Cooperación*		1						1
19.4 Gastos correntes ou de funcionamento e de animación	19.4A Gastos funcionamento		6						
	19.4B Gastos de animación e/ou promoción	41	37						

Táboa 47: Número de proxectos presentados e de proxectos executados 14 - 20

Fonte: elaboración propia

*Proxecto de cooperación que se participou como socio: Son de Monte

Período 2007-2013

SUBMEDIDAS	TIPO DE PROXECTOS	Presentados	Executados	411	412	413	431
------------	-------------------	-------------	------------	-----	-----	-----	-----

				1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	5	
411. Dinamización do sector agrario forestal	Produtivos	26	10	2	4	4											
412. Mellora medioambiental e do entorno rural	Non produtivos (entidades públicas locais)	4	0														
	Non produtivos (institucións de carácter privado)	11	4							4							
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	53	29													29	
	Non produtivos (entidades públicas locais)	22	7										3	3	1		
	Non produtivos (institucións de carácter privado)	23	12											12			
431. Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	431A Gastos funcionamento		6														6
	431B Gastos promoción	18	16														16
Cooperación Leader	Cooperación*		2														2

Táboa 48: Número de proxectos presentados e de proxectos executados 7 - 13

Fonte: elaboración propia

*Proxectos de cooperación que se participou como socios: "Calidad agroalimentaria. Señas de identidade de los territorios rurales" e "Jóvenes rurales".

b) Indicadores para avaliar a execución e resultados:

- Apoio público outorgado, diferenciando entre proxectos produtivos e non produtivos e por tipoloxía de beneficiario.

Período 2014-2020

Tipo de proxectos Tipoloxía de beneficiario	Produtivos (axuda pagada)	Non Produtivos (axuda pagada)
Privados	1.583.182,67 €	399.469,52 €
Públicos	0,00 €	245.657,49 €

Táboa 49: apoio público outorgado 14 - 20
Fonte: elaboración propia

Período 2007-2013

Tipo de proxectos Tipoloxía de beneficiario	Produtivos (axuda pagada)	Non Produtivos (axuda pagada)
Privados	1.748.254,91 €	415.757,11 €
Públicos	0,00 €	297.463,34 €

Táboa 50: Número de proxectos presentados e de proxectos executados 07 - 13

Fonte: elaboración propia

- Investimento total (Aceptado Resolución) en función dos obxectivos definidos na estratexia.

Período 2014-2020

OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA		Produtivos	Non produtivos (entidades públicas locais)	Non produtivos (institucións de carácter privado)	Promotor GDR
19.1 Adquisición de capacidades	Elaboración estratexia.				13.000,00 €
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Desenvolvemento e consolidación de empresas, tecnificación e uso de novas tecnoloxías. Creación e consolidación de postos de traballo principalmente de mozos e mulleres.	4.692.567,86 €			
	Desenvolvemento do sector primario, con especial relevancia ao sector forestal, á incorporación de novos cultivos agrícolas, á posta en valor das producións locais, e a abrir novas liñas de transformación e comercialización dos produtos alimentarios.				
	Posta en valor das potencialidades locais, principalmente dos recursos culturais patrimoniais, e das contornas naturais, co dobre obxectivo de mellora da imaxe interna e externa da comarca, e da súa utilización con enfoque e como reclamo turístico.		187.335,64 €	153.943,18 €	
	Fomento do respecto e coidado ambiental, concienciación social en referencia á reciclaxe, redución de residuos, uso de enerxías limpas e/ou alternativas, inserción da variable ambiental nos procesos produtivos, loita contra cambio climático.				
	Servizos á poboación local, sensibilización, dinamización, mellora da situación de colectivos desfavorecidos, inmigración, incremento do sentido de pertenza entre a poboación local, cun enfoque especial para os mozos, formación e axudas ao emprego.		172.772,93 €	476.544,94 €	

19.3 Cooperación Leader	Cooperación entre territorio e relacións institucionais				13.333,33 €
--	---	--	--	--	-------------

Táboa 51: Investimento total (Aceptado Resolución) en función dos obxectivos definidos na estratexia. 14 - 20

Fonte: elaboración propia

- Investimento total (Aceptado Resolución) en función dos obxectivos definidos na estratexia.

Período 2007-2013

OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA		Produtivos	Non produtivos (entidades públicas locais)	Non produtivos (institucións de carácter privado)	Produtivos	Non produtivos (entidades públicas locais)	Non produtivos (institucións de carácter privado)	Promotor GDR
411. Dinamización do sector agrario forestal	Aumentar a rendibilidade das superficies forestais mediante o desenvol. de novos produtos, procesos e tecnoloxías.	388.000,00 €						
	Mellorar as rendas dos agricultores e gandeiros mediante a optimización das canles de distribución e o seu deseño, a cooperación entre as diversas unidades económicas da comarca e da proxección cara o exterior dunha imaxe de calidade.	628.190,12 €						
	Dinamizar o sector primario mediante a recuperación de variedades tradicionais, o peche do ciclo de transformación de cara a posta do produto no mercado e a eficiencia enerxética da explotación.	322.681,45 €						
	Aproveitamento de superficies agrarias e forestais infrautilizadas mediante a promoción de novos usos para as mesmas.							
412. Mellora medioambiental e do	Evitar a proliferación de especies invasoras nas marxes dos ríos en zona natura 2000.							
	Recuperación ambiental de espazos degradados dentro do entorno dos ríos en zona natura 2000.							

entorno rural	Recuperación ambiental de espazos degradados no entorno de rotas de sendeirismo.			172.702,31 €				
	Lograr maior aproveitamento da auga nos sistemas de rego empregados polas comunidades de regantes.							
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Fomento da autoestima e empoderamento das mulleres buscando unha maior participación das mesmas no espazo público que mellore a súa calidade de vida.							
	Priorizar a participación das mulleres e da mocidade en todos os procesos de promoción económica, emprego e formación relacionados co desenvolvemento rural da comarca.					119.147,73 €		
	Elaboración dun proxecto de valoración integral dos recursos da comarca para a promoción da mesma como unha ferramenta conxunta dun “turismo total” que dinamice a todos os sectores da economía.					395.170,90 €	660.072,30 €	
	Elaboración dun proxecto de valoración integral dos recursos da comarca para a promoción da mesma como unha ferramenta conxunta dun “turismo total” que dinamice a todos os sectores da economía.					29.463,04 €		
	Fomentar empresas de servizos que poidan cubrir as necesidades comarcais tanto da poboación como das diferentes áreas da súa economía.				3.732.919,45 €			
Cooperación Leader	Cooperación entre territorio e relacións institucionais							24.398,41 €

Táboa 52: Inversión total (Aceptado Resolución) en función dos obxectivos definidos na estratexia. 07 – 13

Fonte: elaboración propia

- Número de empregos creados e consolidados:

Período 2014-2020

MEDIDAS	TIPO DE PROXECTOS	EMPREGOS	
		CREADOS	CONSOLIDADOS
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo	Produtivos	22,50	43,93
	Non produtivos (entidades públicas locais)		
	Non produtivos (institucións de carácter privado)		
	Formación		

Táboa 53: Número de empregos creados e consolidados 14 - 20

Fonte: elaboración propia

Período 2007-2013

MEDIDAS	TIPO DE PROXECTOS	EMPREGOS	
		CREADOS	CONSOLIDADOS
411. Dinamización do sector agrario forestal	Produtivos	3,25	7,50
412. Mellora medioambiental e do entorno rural	Non produtivos (entidades públicas locais)		
	Non produtivos (institucións de carácter privado)		
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	31,00	164,86
	Non produtivos (entidades públicas locais)		
	Non produtivos (institucións de carácter privado)		

Táboa 54: Número de empregos creados e consolidados 07 - 13

Fonte: elaboración propia

- Perspectiva de xénero: número e porcentaxe dos proxectos nos que as beneficiarias foron mulleres; peso dos proxectos promovidos por mulleres no total do apoio público outorgado.

Período 2014-2020

	Total	Mulleres	25% ou máis da participación social da entidade mercantil pertence a mulleres
Número de beneficiarios	41	2	10
% de proxectos	100%	4,88%	24,39%
Apoio público outorgado	2.228.309,68 €	133.999,81 €	1.223.406,38 €

Táboa 55: Perspectiva de xénero 14 - 20

Fonte: elaboración propia

Período 2007-2013

	Total	Mulleres	25% ou máis da participación social da entidade mercantil pertence a mulleres
Número de beneficiarios	62	5	22
% de proxectos	100%	8,06%	35,48%
Apoio público outorgado	2.461.475,36 €	119.840,43 €	854.491,79 €

Táboa 56: Perspectiva de xénero 07 - 13

Fonte: elaboración propia

- Participación de mozos e mozas nos proxectos apoiados: número de proxectos promovidos por mozos/as e porcentaxe sobre o total de proxectos; peso deses proxectos no total dos fondos.

Período 2014-2020

	Total	Mozos/as	25% ou máis da participación social da entidade mercantil pertence a mozos/as
Número de beneficiarios	41	1	10
% de proxectos	100%	2,44 %	24,39 %
Apoio público outorgado	2.228.309,68 €	34.044,62 €	1.159.383,36 €

Táboa 57: Participación de mozos e mozas nos proxectos apoiados 14 - 20
Fonte: elaboración propia

Período 2007-2013

	Total	Mozos/as	25% ou máis da participación social da entidade mercantil pertence a mozos/as
Número de beneficiarios	62	2	15
% de proxectos	100%	3,22%	24,19%
Apoio público outorgado	2.461.475,36 €	76.878,01 €	369.339,54 €

Táboa 58: Participación de mozos e mozas nos proxectos apoiados 07 - 13
Fonte: elaboración propia

- Número de proxectos relacionados coa dinamización e formación e volume de fondos destinados a eles. Porcentaxe das accións de formación directamente relacionadas con proxectos produtivos financiados.

Período 2014-2020

Proxectos de dinamización e formación	Volume de fondos	% das accións de formación relacionadas con proxectos produtivos
43	274.356,64 €	27,78 %

Táboa 59: Número de proxectos relacionados coa dinamización e formación e volume de fondos 14 - 20
Fonte: elaboración propia

Período 2007-2013

Proxectos de dinamización e formación	Volume de fondos	% das accións de formación relacionadas con proxectos produtivos
16	72.753,84 €	12,82 %

Táboa 60: Número de proxectos relacionados coa dinamización e formación e volume de fondos 07 - 13
Fonte: elaboración propia

- Número de proxectos, volume de investimento e apoio público outorgado por concellos, diferenciando proxectos produtivos de non produtivos.

Período 2014-2020

		Nº proxectos	Volume de investimento	Apoio público
Arbo	Produtivos	3	846.627,16 €	254.002,32 €
	Non produtivos	2	168.795,00 €	105.006,88 €
A Cañiza	Produtivos	1	488.936,80 €	200.00,00 €
	Non produtivos	5	129.171,59 €	100.862,73 €
Covelo	Produtivos	1	604.354,92 €	172.157,60 €
	Non produtivos	7	261.363,76 €	114.486,89 €
Crecente	Produtivos	0	0,00 €	0,00 €
	Non produtivos	1	38.760,27 €	16.768,39 €
Mondariz	Produtivos	1	343.782,04 €	45.134,77 €
	Non produtivos	4	226.341,58 €	159.208,00€
Mondariz Balneario	Produtivos	0	0,00 €	0,00 €
	Non produtivos	0	0,00 €	0,00 €
As Neves	Produtivos	6	1.843.751,48 €	462.257,80 €
	Non produtivos	1	115.340,64 €	49.969,08 €
Ponteareas	Produtivos	3	423.483,99 €	128.472,41 €
	Non produtivos	3	144.257,72 €	80.189,38 €
Salceda de Caselas	Produtivos	1	400.339,47 €	78.959,31 €
	Non produtivos	0	0,00 €	0,00 €

Salvaterra de Miño	Produtivos	2	758.550,17 €	242.198,46 €
	Non produtivos	0	0,00 €	0,00 €

Táboa 61: Número de proxectos, volume de investimento e apoio público outorgado 14 - 20
Fonte: elaboración propia

Período 2007-2013

		Nº proxectos	Volume de investimento	Apoio público
Arbo	Produtivos	1	154.360,00 €	50.853,47 €
	Non produtivos	1	89.680,99 €	58.962,15 €
A Cañiza	Produtivos	7	1.234.543,66 €	447.015,46 €
	Non produtivos	2	62.308,87 €	26.010,94 €
Covelo	Produtivos	2	229.768,67 €	93.024,54 €
	Non produtivos	3	135.625,05 €	79.995,48 €
Crecente	Produtivos	0	0,00 €	0,00 €
	Non produtivos	2	69.490,24 €	36.271,02 €
Mondariz	Produtivos	0	0,00 €	0,00 €
	Non produtivos	1	29.937,83 €	7.651,36 €
Mondariz Balneario	Produtivos	0	0,00 €	0,00 €
	Non produtivos	0	0,00 €	0,00 €
As Neves	Produtivos	2	296.966,95 €	85.047,23 €
	Non produtivos	3	362.850,87 €	188.793,14 €
Ponteareas	Produtivos	14	2.509.559,59 €	707.745,31 €
	Non produtivos	8	501.741,41 €	184.141,52 €
Salceda de Caselas	Produtivos	5	357.115,91 €	86.676,86 €
	Non produtivos	1	154.515,36 €	68.304,32 €
Salvaterra de Miño	Produtivos	8	1.133.117,18 €	277.892,04 €
	Non produtivos	2	128.438,94 €	54.428,68 €

Táboa 62: Número de proxectos, volume de investimento e apoio público outorgado 07 – 13
Fonte: elaboración propia

Especificamente para os proxectos produtivos:

Período 2014-2020

	Nº de empresas creadas	Nº de proxectos de modernización/ampliación de empresas	Datos do investimento privado mobilizado
Sector primario	0	0	0,00 €
Sector secundario	0	1	120.155,20 €
Sector terciario	13	4	4.006.488,16 €

Táboa 63: Número empresas creadas e proxectos de modernización/ampliación 14 - 20

Fonte: elaboración propia

Período 2007-2013

	Nº de empresas creadas	Nº de proxectos de modernización/ampliación de empresas	Datos do investimento privado mobilizado
Sector primario	1	4	637.245,54 €
Sector secundario	3	3	613.176,28 €
Sector terciario	11	17	2.748.634,37 €

Táboa 64: Número empresas creadas e proxectos de modernización/ampliación 07 - 13

Fonte: elaboración propia

Período 2023-2027

Se ben na actualidade solo falamos de previsións, entendemos que aínda que previsiblemente baixa a dotación económica do GDR atendendo ao total do dispoño en Leader no PEPAC, os datos poden ser mellores que nos períodos anteriores, xa que o traballo dos GDR pode conseguir que as axudas teñan un maior índice de eficiencia.

Este panel reflicte a previsión dos indicadores da EDLP suxeitos a cada un dos obxectivos temáticos/ áreas de intervención/ obxectivos estratéxicos/ obxectivos específicos/ medidas/ programas/proxectos permitirán a posta en marcha de todo o proceso de seguimento e avaliación.

INDICADOR	DEFINICIÓN	VALORES ESTIMADOS PARA O PERÍODO 2023-2027
Gasto público total	Gasto público	3.000.000 €
Investimento público total en proxectos Non produtivos	Investimento total, en euros, correspondente a proxectos Non produtivos financiados dende o GDR	517.000 €
Investimento público total en proxectos produtivos	Investimento total, en euros, correspondente a proxectos produtivos financiados dende o GDR	1.345.000 €
Número de actividades/operacións	Número de actividades/operacións subvencionadas	26
Número de explotacións/beneficiarios subvencionados	Número de explotacións/beneficiarios subvencionados	19
Superficie agraria total recuperada subvencionada (ha)	Superficie agraria total recuperada subvencionada (en hectáreas)	115 ha
Número de contratos	Número total de contratos vinculados á concesión de subvencións dende o GDR creados/consolidados	95
Número de promotores beneficiarios	Número de promotores beneficiarios da axuda	18
Número de potenciais beneficiarios asesorados	Número de beneficiarios asesorados directamente dende o GDR	68
Poboación beneficiaria de servizos/infraestruturas mellorados	Poboación (número de habitantes) beneficiaria de servizos/infraestruturas mellorados (vinculados ás TICs ou outros)	35.000 €
Número de proxectos de cooperación	Número de proxectos de cooperación subvencionados	2
Número de promotores de proxectos	Número de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación	56
Tipo de promotores de proxectos	Tipoloxía de promotores de proxectos presentados ao GDR para a súa avaliación, en base a dúas variables: Sexo: home ou muller. Idade: Menos de 35 anos, entre 36 e 50, 51 a 64 anos ou máis de 64 anos	Non é posible facer estimacións previas unha vez se modifican as normas para favorecer un perfil diferente o de períodos anteriores
Número de ferramentas de comunicación utilizadas	Número de ferramentas de comunicación utilizadas polo GDR	8

Número de actividades nas que participase o GDR	Número de actividades nas que participase o GDR	40
---	---	----

Táboa 65: previsión dos indicadores da EDLP 23 - 27

Fonte: elaboración propia

II 6. BALANCE CUALITATIVO SOBRE A EXECUCIÓN, RESULTADOS E IMPACTO DO PROGRAMA LEADER NO TERRITORIO, GRADO DE CUMPRIMENTO DA ESTRATEXIA DESEÑADA.

6.1. AVALIACIÓN DOS RESULTADOS E O IMPACTO NO TERRITORIO

Máis aló dos datos que se xeneran a través das axudas Leader crese de interese referenciar o traballo que a través da cooperación ou os proxectos de dinamización territorial se levaron acabo dende o GDR e que deron visibilidade a sectores tan importantes como o de produtores primarios como por exemplo se fixo a través do proxecto **Son de Monte** en colaboración con outros GDR de Galicia e que xorde no 2017, após a vaga de incendios que destrúe unha parte importante do monte (e non monte) do sur de Galicia, con zona cero no concello das Neves e que percorre unha parte importante do Condado.

Estes incendios, poñen de manifesto a necesidade de mirar para o monte, e intentar mirar con novos ollos, ou cos mesmos pero cambiando o ángulo da mirada. Un mirada cara ao futuro, unha mirada aos recursos, unha mirade de oportunidades para a Galicia rural e a non tan rural

Tamén compre destacar o traballo social que se está a facer polo GDR no ámbito da divulgación e concienciación na loita contra a violencia machista, participando en actividades vinculadas ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Si ben sería inxusto vincular calquera dato ben sexa en positivo ou en negativo a evolución demográfica ou económica do territorio rural da zona en base a aplicación da medida Leader, non cabe dúbida de que os datos de investimento fan pensar que o LEADER ten sen dúbida a súa incidencia nos mesmo co cal faremos unha breve análise da situación actual en comparación coa existente antes da aplicación do período de programación 2007-2013.

Evolución demográfica

Pódese constatar que nos últimos 10 anos, coincidentes practicamente coa execución real dos dous últimos períodos Leader, a evolución demográfica foi negativa, cousa que non pode

relacionarse directamente co execución dunha estratexia limitada que pode mitigar a caída poboacional, mais non reducila en exclusiva. Non obstante, crese relevante mencionar que naqueles concellos onde aparecen un maior numero de proxectos presentados, a caída da poboación é menos acentuada que no resto, se ben isto tamén pode ser inducido pola propia dinámica poboacional dos mesmo.

CONCELLOS	Total de habitantes 2010	Total de habitantes 2021
Arbo	3.801	2.599
Cañiza, A	6.517	5.115
Covelo	3.341	2.455
Crecente	2.540	1.961
Mondariz	5.200	4.394
Mondariz-Balneario	734	675
Neves, As	4.429	3.770
Ponteareas	23.316	22.942
Salceda de Caselas	8.448	9.249
Salvaterra de Miño	9.456	10.048
TOTAL GDR	67.782	63.208

Táboa 66: poboación municipal. 2010 e 2021

Fonte: elaboración propia a partir de datos Padrón municipal de habitantes. IGE

Evolución en termos de PIB

CONCELLOS	PIB PER CAPITA 2010	PIB PER CAPITA 2021
Arbo	10.064	11.219
Cañiza, A	12.653	13.377
Covelo	9.120	11.517
Crecente	9.604	10.704
Mondariz	10.754	11.410
Mondariz-Balneario	19.021	18.482
Neves, As	10.141	11.893
Ponteareas	13.125	13.720
Salceda de Caselas	17.587	14.730
Salvaterra de Miño	13.251	12.705
MEDIA GDR	12.532	12.965

Táboa 67: PIB per cápita. 2010 - 2021

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Tal e como mencionamos, a subida en termos de PIB non está exclusivamente relacionado coa aplicación da medida Leader, pero non cabe dúbida de que a súa influencia en positivo ten, e si examinamos ao detalle a suba do PIB, moita dela prodúcese nos Concellos mais dinámicos en termos de solicitude de axuda.

Dispersión das iniciativas			
(Iniciativas por Concellos)			
CONCELLO	Nº INICIATIVAS PRODUTIVAS	Nº DE INICIATIVAS NON PRODUTIVAS	TOTAL
ARBO	1	1	2
A CAÑIZA	7	2	9
O COVELO	2	3	5
CRECENTE		2	2
MONDARIZ		1	1
MONDARIZ-BALNEARIO			0
AS NEVES	2	3	5
PONTEAREAS	13	8	21
SALCEDA DE CASELAS	5	1	6
SALVATERRA DO MIÑO	9	2	11
TOTAL	39	23	62

A dispersión das iniciativas levadas a cabo é moi alta, xa que se levaron a cabo iniciativas no 90% do territorio, concentrándose en maior número nos máis representativos: A Cañiza e Ponteareas.

Imaxe 30: Dispersión das iniciativas.

Fonte: EDLP Condado Paradanta Leader 2014 - 2020

6.2. PROXECTOS CONSIDERADOS CASOS DE ÉXITO A DESTACAR

L11-41300-17-0062 Creación dunha escola de natureza “A Gorriona”.

Creación dunha escola de natureza na parroquia de Cabreira, municipio de Salvaterra de Miño, a nome do promotor do proxecto, D. Miguel Garrido Ramos, un mozo que apostou no ano 2015 por prestar o servizo de apoio ao estudo e dirixido a alumnos/as de educación primaria, e dar reforzo extraescolar a nenos/as con necesidades especiais (hasperger, autismo, hiperactividad) no medio rural.

A actividade principal do proxecto é a de impartir clases de apoio aos estudos que se complementan coa realización de talleres-obradoiros, nos que os alumnos/as viven e experimentan como se transforman as materias primas recollidas directamente da natureza en produtos finais, con produtos lácteos, vimbio, barro, millo, etc..., así como tamén traballos con

animais, clases de axedrez, campamentos, horta e pintura, nun entorno rodeado de natureza e animais.

O proxecto consistiu na rehabilitación dunha edificación antiga e creouse 1,25 UTAS, a do propio promotor e dunha moza.



Imaxe 31: imaxes relativas a Escola da Natureza A Gorriona

L14-41100-17-0131 Microfábrica de elaboración de cervexa artesanal.

Creación dunha pequena empresa de elaboración de cervexa artesá de produción limitada ou de “autor”.

A visión da empresa foi a de ser unha marca de referencia en cervexa artesá de máxima calidade, social e sostible.



Imaxe 32: imaxes relativas a Microfábrica de elaboración de cervexa artesanal

A empresa localízase nun entorno rural, na parroquia de Padróns, municipio de Ponteareas (Pontevedra). Tratouse dun proxecto de autoemprego, o da promotora Dña. María Isabel Viéitez Álvarez, así como tamén a creación de empregados.

O espazo rural onde se instalou no ano 2015 a microfábrica, foi nunha finca familiar dunha superficie de 4.000 m² que conta, cun laboratorio, zona de cocción -fermentación-, sala de maduración, tenda e zona de degustación.



Imaxe 33: imaxes relativas a Microfábrica de elaboración de cervexa artesanal

D. Análise do novo marco normativo e institucional e impacto previsible na futura estratexia



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



II 1.INTRODUCCIÓN

Na elaboración da actual estratexia Leader compre ter en conta as diferentes normativas que afectarán tanto ao desenvolvemento normativo do propio programa como a aquelas que afectan a diversos eixos do desenvolvemento territorial. Polo tanto para a realización da estratexia débese de realizar con carácter previo unha análise detallada da incidencia en canto a disposicións legais daquelas cuestións que dun ou outro xeito poidan afectar ao desenvolvemento da estratexia territorial Leader.

Analizarase cada unha das normas que dalgún xeito establezan os criterios e condicións sobre os cales se sustentan a medida Leader e a súa aplicación no territorio rural. Leader como ben sabemos é unha medida que basea a súa caracterización no enfoque «de abaixo a arriba» que reúne a agricultores, empresas rurais, organizacións locais, administracións públicas e persoas de distintos sectores para formar os chamados «grupos de acción local» (en Galicia Grupos de Desenvolvemento Rural), que elaboran as súas propias estratexias de desenvolvemento local e xestionan os seus propios orzamentos.

O enfoque LEADER reforza os vínculos nas comunidades locais, fomenta a innovación intersectorial e facilita o intercambio de coñecementos entre os grupos de acción local a escala nacional e da UE. Grazas ao seu éxito ao longo de trinta anos, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE) e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) adoptaron o enfoque LEADER no marco dun Desenvolvemento Local Participativo (DLP) máis amplo. Na actualidade, os grupos LEADER/DLP xestionan decenas de miles de proxectos con beneficios económicos, culturais, sociais e ambientais para a Europa rural. Por todo iso Leader seguirá sendo medida obrigatoria dentro dos Programas de Desenvolvemento Rural dos diferentes ámbitos rexionais europeos, e seguirá sendo a medida máis transversal e achegada a realidade territorial de todas as que compoñerán a nova PAC.

O 2 de decembro de 2021 adoptouse formalmente o acordo sobre a reforma da política agrícola común (PAC). A nova lexislación, que debe entrar en vigor en 2023, achanda o camiño para unha PAC máis xusta, máis ecolóxica e máis baseada no rendemento. Buscará garantir un futuro sostible para os agricultores europeos, brindar un apoio máis específico ás granxas máis pequenas e permitir unha maior flexibilidade para que os países da UE adapten as medidas ás condicións locais.

A agricultura e as zonas rurais son fundamentais para o Pacto Verde Europeo , e a nova PAC será unha ferramenta clave para alcanzar as ambicións das estratexias de biodiversidade e da granxa á mesa. Estes mesmos fundamentos deben de ser os que guíen a futura estratexia Leader xa que debemos de ter en conta de que a interrelación entre as diferentes medidas estruturais dos fondos para o rural europeo, se ben teñen especificidades, deben conformar un conxunto homoxéneo.

Nesta análise debemos ter en conta todas aquelas disposicións que marquen os regulamentos europeos aprobados ata o de agora, e toda aquela normativa vinculada que se estea poñendo en marcha como o recentemente aprobado Plan estratéxico Nacional que cada país da UE deseñou e que combina o financiamento para o apoio á renda, o desenvolvemento rural e as medidas de mercado.

Ao deseñar os seus plans estratéxicos, os países da UE contribuirán aos dez obxectivos específicos a través dunha caixa de ferramentas de amplas medidas políticas proporcionadas pola Comisión, que poden adaptarse ás necesidades e capacidades nacionais.

Os obxectivos son os seguintes:

1. Garantir unha renda xusta aos agricultores
2. Aumentar a competitividade
3. Mellorar a posición dos agricultores na cadea alimentaria
4. Actuar contra o cambio climático
5. Protexer o medio ambiente
6. Preservar as paisaxes e a biodiversidade
7. Apoiar a substitución xeracional
8. Manter zonas rurais dinámicas
9. Protexer a calidade alimentaria e sanitaria
10. Impulsar o coñecemento e a innovación.



Imaxe 34: The 10 CAP objectives

Polo tanto, a estratexia debe de contemplar este obxectivos como claves para ou seu desenvolvemento, e ao tempo ter en conta tamén aqueles obxectivos específicos que se definan para cada país en concreto e que forma parte do corpo do mencionado Plan estratéxico Nacional.

Debemos de ter en conta como filosofía global que todo o corpo normativo que define a nova PAC e polo tanto as súas medidas de xestión como o Leader van asentar ou seu devir nunha serie de reformas políticas para apoiar a transición cara a unha agricultura e silvicultura sostíbeis na UE, así como no desenvolvemento diversificado das áreas rurais, para elo preténdese chegar a unha **PAC MAIS VERDE, UNHA PAC MAIS XUSTA e UNHA PAC QUE MELLORE A COMPETITIVIDADE.**

II 2. ANALISE DA NORMATIVA QUE AFECTA Á ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO LEADER

O Anexo C das bases reguladoras establece o seguinte sobre o contido deste apartado D da proposta de Estratexia de desenvolvemento local:

“Este punto deberá incluír unha análise detallada da incidencia da nova PAC e das recentes políticas europeas (Pacto Verde, Estratexia da Granxa á Mesa, Estratexia de Biodiversidade 2030, Estratexia Forestal da UE, etc.) na futura estratexia de desenvolvemento local, así como da complementariedade da iniciativa Leader con outras iniciativas da Xunta de Galicia con impacto significativo no ámbito xeográfico

correspondente, especialmente das vinculadas ao medio rural (por exemplo, as diferentes estratexias sectoriais, como as do sector lácteo, o sector vitivinícola e o sector cárnico, ou o Plan forestal de Galicia), e especialmente da Lei de recuperación da terra agraria. Detallarse a incorporación destas políticas e normativas no Plan de acción da estratexia.”

Polo tanto, o sentido deste apartado é analizar o marco normativo, institucional e estratéxico máis relevante, de interese directo para cada GDR con dous obxectivos:

- I) aclarar a incidencia dese marco no territorio do GDR e a forma en que pode condicionar a súa estratexia;
- II) especificar como as prioridades establecidas nesas políticas, normativas e documentos son incorporadas na estratexia do GDR, co fin de maximizar as sinerxías e a complementariedade, especialmente coas restantes medidas de desenvolvemento rural que se van aplicar en Galicia no marco da PAC 2023-2027 e coas iniciativas e plans da Xunta de Galicia con impacto significativo no ámbito territorial correspondente.

Dado o elevado número de textos normativos e documentos existentes e que potencialmente puideran considerarse, compre ser selectivos, sobre todo para os existentes a nivel da UE e de España, e centrar a atención nun número limitado, reparando naqueles que son prioritarios para definir a medida Leader e o tempo marcar cal debe de ser a liña e o marco a seguir na posterior definición de obxectivos das subvencións propostas.

Entendese pólo tanto que a estratexia debe, dentro do que supón unha realidade normativa complexa, estar coordinada coa mesma co fin de facer a posterior unhas normas de xestión que cumpra cós criterios definidos no proceso participativo, e o tempo sexa válida para facer do Leader unha medida áxil i eficaz.

Na análise exposta trataremos as seguintes cuestións:

2.1.- Estratexias da UE

2.2.- Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 e a súa aplicación en Galicia

2.3.- Estratexias sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionadas co medio rural.

2.1. ESTRATEXIAS DA UE

O Desenvolvemento Local Participativo, articulado a través de LEADER, consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, que, organizadas en asociacións público-privadas como Grupos de Acción Local (GAL), elaboran e executan unha Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) para un territorio determinado aproveitando os seus recursos.

Este enfoque ascendente supón un reto de dinamización social para conseguir unha maior implicación da poboación na solución dos problemas comúns que lles afectan e un maior compromiso nas actuacións que proxectan, traducíndose nun aumento da gobernanza local.

LEADER demostrou a súa eficacia no fomento do desenvolvemento das zonas rurais desde LEADER I, no ano 1991, tendo sempre en conta as necesidades multisectoriais de desenvolvemento rural endógeno. A medida LEADER contribúe ao fomento da inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais, especialmente promovendo o desenvolvemento local nas zonas rurais.

Estamos polo tanto ante unha medida de desenvolvemento rural que vincula a súa razón de ser coa normativa elaborada polos países membros no que respecta a PAC e en concreto ao segundo pilar ao que pertence as accións Leader.

A nova PAC, que se aplicará de 2023 a 2027, conserva os elementos esenciais da PAC anterior, pero pasa de ser unha política baseada na descrición dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios finais das axudas para ser unha política orientada á consecución de resultados concretos, vinculados a tres obxectivos xenerais:

- a) fomentar un sector agrícola intelixente, competitivo, resiliente e diversificado que garanta a seguridade alimentaria a longo prazo;
- b) apoiar e reforzar a protección do medio ambiente, incluída a biodiversidade, e a acción polo clima e contribuír a alcanzar os obxectivos ambientais e climáticos da Unión, entre eles os compromisos contraídos en virtude do Acordo de París;
- c) fortalecer o tecido socioeconómico das zonas rurais.

Estes obxectivos xerais desagregáanse á súa vez en nove obxectivos específicos, baseados nos tres piares da sustentabilidade e complementados cun obxectivo

transversal común de modernizar o sector agrario a través do coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas rurais.

Regulamentos de base:

- ✓ Regulamento (UE) 2020/2220 – REGULAMENTO DE DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS
- ✓ Regulamento (UE) 2021/2015 – REGULAMENTO DE PLANS ESTRATÉXICOS DA PAC
- ✓ Regulamento (UE) 2021/2116 – REGULAMENTO DE FINANCIAMENTO, XESTIÓN E SEGUIMENTO DA PAC
- ✓ Regulamento (UE) 2021/1060 – REGULAMENTO DE DISPOSICIÓNS COMÚNS

Novidades:

- ✓ Regulamento Execución (UE) 2022/129, Información, publicidade e visibilidade dos PEPAC.
- ✓ LEADER: Visibilizar operacións de orzamento maior de 10.000 €.
- ✓ New DeliveryModel Maior flexibilidade
- ✓ LEADER é unha intervención incluída dentro de Cooperación, artigo 77 RPEPAC.
- ✓ Apoio á posta en marcha de actividades non agrícolas en zonas rurais supeditado á inclusión destas nas EDLP, Artigo 75.1.c) RPEPAC. Así como as infraestruturas a gran escala, Artigo 73.3.f)

O Pacto Verde Europeo

O Pacto Verde Europeo (Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións COM(2019) 640 final), presentado o 11 de decembro de 2019.

Trátase da folia de roteiro da Comisión Europea para lograr que a economía da UE sexa sostible, transformando os retos en materia de clima e medio ambiente en oportunidades.

Nel indícase que os Plans Estratéxicos Nacionais da PAC deben reflectir plenamente a ambición deste Pacto Verde. O Pacto verde, asegurará que exista financiamento suficiente e a transición xusta para garantir na UE:

- O aumento da ambición climática a 2030 e 2050
- A subministración de enerxía segura, limpa e alcanzable
- A mobilización da industria para unha economía limpa e circular
- A construción e renovación de edificios de maneira eficiente no uso da enerxía e os recursos.
sendo unha problemática fundamental para o futuro do rural galego e estando en numerosas reflexións a nivel político, técnico ou social, o certo é que pouco se sabe sobre a mobilidade real das terras agrarias, o funcionamento dos mercados, das relacións entre a propiedade e a xestión de terras, nin das diferenzas entre unhas zonas e outras. Isto todo, a pesar de terse asumido que a xestión sostible das superficies rústicas en Galicia esixe fórmulas flexibles para conciliar a propiedade e a xestión da terra.

2.1. USOS DO SOLO

No territorio de Condado Paradanta a maior parte do territorio está ocupado por diferentes tipoloxías de terreo forestal e agrario.


É unha terra regada por unha densa rede fluvial, con un microclima seco e cálido, pero con humidade durante o período invernal. Dende o punto de vista climático, o territorio sitúase nunha zona de transición de carácter mediterráneo suavizado pola influencia atlántica debida á escasa distancia do océano. O carácter lixeiramente continental, en conxunción coas correntes de aire dominantes, provocan unha importante diferenza térmica entre o día e a noite

Os chans das comarcas de O Condado e A Paradanta caracterízanse por estar englobados en tres tipos principais. A maioría desenvólvense a partir de materiais graníticos, con texturas francos-areosas. Tamén atopamos chans de materiais metamórficos de xistos, e os desenvolvidos a partir de materiais sedimentarios con texturas máis francas. Característico da zona é o “sábrego”, granito descomposto, moi abundante na zona. Os chans de cultivo dispoñen dunha profundidade media efectiva que oscila entre 70 e 100 cm. Os seus elevados contidos en area, sobre todo no horizonte superficial, contrastan co escaso contido en arxila, por baixo do 20%. Normalmente son chans de reacción aceda, pobres en materia orgánica e cun contido en calcio que tende a ser baixo.

A base de fotointerpretación do voo americano dos anos 1956 e 1957, chegaronse a establecer os usos históricos da zona de estudo resultando os usos definidos como usos do solo tradicionais os seguintes:


- Cultivos e prados: terreos nos que se aplicaban labores necesarios para obter un aproveitamento agrícola. Esta categoría inclúe terras de cultivo intensivos, cultivos permanentes e terras con cultivos en distintas alternativas de rotación.
- Frondosas autóctonas caducifolias: formacións forestais compostas de árbores, incluíndo estados novos e rexenerados dos mesmos, predominan as especies frondosas que perden a folla ao comezo da estación máis desfavorable.
- Coberturas artificiais: engloba o núcleo rural tradicional.

Desta análise extraese claramente que o territorio é fértil xa que no pasado o mesmo estaba destinado aos cultivos agrícolas e aos bosques de frondosas caducifolias.



Imaxe 35: Usos do solo. 2005

Fonte: elaboración propia a partir de datos do SIOSE 2005



Imaxe 36: Usos do solo. 2014

Fonte: elaboración propia a partir de datos do SIOSE 2005

Para unha primeira análise das coberturas e usos actuais da terra a nivel do GDR e a súa evolución, tomamos como referencia os datos do SIOSE para os anos 2005 e 2014. Como se pode observar nas anteriores imaxes os cambios que se produciron en 9 anos non son moi significativos para o conxunto territorial, pero si que existen algúns aspectos que comentar, tendo en conta a tendencia que a nivel territorial se seguiu dende o 2014 ate a actualidade.

A simple vista, podemos mencionar as zonas queimadas por incendios no ano 2005, un feito que case 20 anos despois séguese repetindo con relevantes incendios nos anos 2006, 2017 e 2022. Debido á incidencia dos lumes no territorio dedicámoslle un apartado específico.

Observamos tamén a perda de zonas rochosas das zonas altas de Mondariz, de Crecente, do Monte Pedroso na Cañiza ou do Alto de San Fins en Arbo que hoxe están cubertas de bosque, matorral e combinación de vexetación. Zonas de prado e pastizal no 2005, orientadas á gandaría, na parroquia covelense de A Graña ou no val do Deva, no Concello da Cañiza. Seguindo coa superficie agraria, a cal analizaremos con maior detalle, obsérvase, especialmente nos concellos de Mondariz e Covelo un cambio de cobertura entre superficie agrícola, horta e combinación de cultivos cara bosques e combinación de vexetación.

Por último tamén cabe destacar o cambio de uso que se produciu no espazo da Plataforma Loxística Industrial Salvaterra As Neves (PLISAN), a cal en SIOSE 2014 categorízase como extracción mineira pero que actualmente o seu uso é xa industrial, incluso coa chegada das primeiras empresas. Ademais podemos observar tamén o enlace da A-52 para dar acceso a esta área industrial.

Se afondamos nos datos da comparativa de coberturas e usos do solo do SIOSE entre 2005 e 2014¹, podemos destacar unha serie de datos que son de relevancia no territorio e para desenvolvemento rural futuro. O peso do sector agrario actualmente é pouco relevante, a excepción da viticultura, neste territorio; un feito que se apoia nos datos posto que pouco máis de 600 Ha mudaron o seu uso en dez anos cara agrícola ou asimilable. Por outra banda, o abandono da terra agraria é evidente e no período de tempo analizado, case 750 Ha de uso agrícola ou ben urbano, artificial ou asimilable, cambiaron o seu uso/cobertura para ser en 2014 bosque ou matogueira. Destaca tamén as máis de 1500 Ha de bosque en 2005 que no 2014 o SIOSE categoriza como matogueira, feito que, entre outros factores, pode vir provocado pola incidencia dos lumes no territorio.

¹ Os datos da superficie de cambios de usos e coberturas indicadas obtivéronse do repositorio de datos da USC.




Gráfico 10: Principais clases de usos da terra segundo SIXPAC 2015

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do SIXPAC 2015

Analizando datos do SIXPAC para o ano 2015, observamos unha realidade, tamén coincidente cos datos do Mapa Forestal de España, como é que o uso máis entendido ao longo do territorio de actuación é o forestal cun total de 33.476,78 hectáreas, case o 50% da superficie. Esta é unha realidade que tamén se produce a nivel municipal, coa excepción do concello da Cañiza, único territorio onde o pasto arbustivo supera en pouco máis de cen hectáreas ao forestal (4276,30 Ha de pasto arbustivo no concello da Cañiza). Destacar tamén a superficie de terra arable, concentrada en gran medida no concello de Ponteareas (1868,71 Ha) e no de Salvaterra de Miño (1133,08 Ha).

No gráfico observamos o peso do sector do viño no territorio cun total de 2.321,30 Ha, concentradas na súa maioría en concellos DO Rías Baixas como Ponteareas, Salvaterra de Miño, Arbo e As Neves.




Gráfico 11: Variación porcentual de SAU entre os anos 2009 e 2020

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Censo Agrario 2020

Finalmente, atendendo aos datos da Superficie Agraria Utilizada (SAU) do Censo Agrario vemos como os mesmos aportan unha información que tamén se extrae cualitativamente do proceso participativo, a perda de peso do sector agrario no territorio. No gráfico anterior expónse a variación en termos porcentuais de SAU a nivel municipal entre os anos 2009 e 2020, segundo o Censo Agrario. Desta forma, o total do territorio sumaba 7078 Ha de SAU no 2009 polas 3065 Ha do ano 2020, isto é máis do 50%; uns datos máis que considerables tendo en conta incluso o potencial do sector vitivinícola no territorio.

Obsérvase que conseguen medrar só o concello de Mondariz Balneario, aínda que a melloría en termos porcentuais é notable, en termos absolutos tan só medra nunha hectárea nestes 11 anos; e o de Crecente, vinculado probablemente á viticultura. Por contra sete dos dez concellos perden superficie agraria utilizada de xeito claro e lonxe das cifras medias da provincia e da autonomía, sendo Covelo e A Cañiza os casos onde a perda é moito maior.

2.2. XESTIÓN AGROGANDEIRA E FORESTAL DO TERRITORIO

O territorio do GDR Condado Paradanta, en similitude co resto de Galicia é un territorio multifuncional, con usos que van dende aqueles de carácter máis urbano a aqueles que teñen na súa variedade diversos usos de carácter agrario, entendendo como tal o agrícola, gandeiro e forestal.

A orientación produtiva do territorio dende o punto de vista agrario vese referenciada pola táboa que sigue e que indica cales son as explotacións agrícolas que teñen sede no mesmo, e cal a súa base territorial no desenvolvemento da súa actividade.

	Total SAU		SAU ao aire libre								SAU en invernadoiro ou cultivo alto accesible	
	Nº Explotacións	Superficie	Terras labradas		Cultivos leñosos		Pastos permanentes		Hortas para consumo propio		Nº Explotacións	Superficie
			Nº Explotacións	Superficie	Nº Explotacións	Superficie	Nº Explotacións	Superficie	Nº Explotacións	Superficie		
Arbo	647	342	82	10	375	301	50	27	138	4	2	0
A Cañiza	536	396	86	44	96	70	201	275	152	5	1	2
Covelo	307	657	107	102	30	5	136	549	34	1	0	0
Crecente	210	222	33	8	104	193	29	20	44	1	0	0
Mondariz	420	196	76	34	157	38	99	120	80	3	8	1
Mondariz Bañeado	5	3	0	0	3	0	2	3	0	0	0	0
As Neves	583	300	93	33	279	170	89	93	112	3	10	1
Ponteareas	920	387	120	80	528	136	132	166	129	4	11	1
Salceda de Caselas	377	133	74	35	176	73	47	22	77	2	3	1
Salvaterra de Miño	794	429	143	76	389	309	92	36	160	5	10	3
Total GDR	4799	3065	814	422	2137	1295	877	1311	926	28	45	9
Pontevedra	36190	62831	8163	16028	11419	6145	9067	40363	6976	207	565	88
Galicia	163951	597993	45937	180930	29322	19010	53815	396776	33138	926	1739	351

Táboa 75: Superficie e número de explotacións. Distribución segundo Superficie Agraria Utilizada.

Fonte: Censo Agrario. IGE. 2020

Como se observa na táboa anterior, no territorio do GDR Condado Paradanta existen un total de 4799 explotacións agrarias, o que representa pouco máis do 13% do total provincial. Ditas explotacións suman 3.065 Ha, a penas o 5% da SAU da provincia. A nivel municipal Ponteareas é o municipio con maior número de explotacións (920), concello de referencia, cabeceira de comarca, con

máis de 20.000 habitantes e con forte actividade empresarial e comercial; comentar tamén o caso do concello de Covelo que conta con 307 explotacións, suma 657 Ha de SAU, feito que se explica coa orientación gandeira de ditas explotacións posto que como se pode comprobar na táboa 549 Ha están categorizadas como pasto permanente.

	Número de explotacións				UGT			
	Bovino	Ovino e Caprino	Porcino	Aves de curral	Bovino	Ovino e Caprino	Porcino	Aves de curral
Arbo	15	21	10	43	126	37	7	122
A Cañiza	73	150	9	10	464	185	252	2
Covelo	56	41	..	7	695	59	..	1
Crecente	6	9	3	8	64	7	2	1
Mondariz	38	42	7	19	167	73	4	410
Mondariz Balneario	..	0	0	0	..	0	0	0
As Neves	20	36	7	19	75	43	3	389
Ponteareas	232	37	10	39	305	37	5	1822
Salceda de Caselas	..	9	..	16	..	3	..	2
Salvaterra de Miño	42	37	10	45	77	25	4	993
Total GDR	482	382	56	206	1973	469	277	3742
Pontevedra	5301	2564	1712	2380	76099	2924	111598	51006
Galicia	28283	10575	6902	6723	733734	19904	375975	231797

Táboa 76: Número de explotacións gandeiras e unidades de gando totais

Fonte: Censo Agrario. IGE. 2020

Atendendo á gandaría, como observamos na anterior táboa, o territorio do GDR Condado Paradanta supón escasamente un 10% do total de explotacións gandeiras da provincia de Pontevedra. Os datos empeoran se pomos o foco sobre as UGT, onde a suma dos sectores bobino, ovino, porcino e ave de curral representan o 3% do total provincial. Desta primeira análise pódese extraer a conclusión de que no territorio obxecto de estudo as explotacións gandeiras xestionan un baixo número de unidades de gando.




Gráfico 12: Número de explotacións gandeiras segundo tipo de gando
Fonte: elaboración propia a partir de datos do Censo Agrario. IGE. 2020

Afondando no tipo de gando e observando o gráfico anterior, observamos unha clara orientación da gandería no territorio cara o sector bovino, ovino e caprino, con máis de 864 explotacións no territorio. A nivel municipal, o termo municipal de Pontearreas concentra a metade das explotacións de gando bovino, mentres que A Cañiza aglutina gran parte das explotacións ovinas e caprinas. Sen dúbida, un dato curioso é o baixo número de explotacións porcinas coas que conta este territorio, especialmente se atendemos á tradición porcina dun concello como o da Cañiza quen se da a coñecer como “A Terra do Xamón”.




Gráfico 13: Unidades de gando totais no Condado Paradanta
Fonte: elaboración propia a partir de datos do Censo Agrario. IGE. 2020

Os datos sobre as unidades de gando totais por tipo de gando axudan a entender mellor o sector gandeiro neste territorio. As aves de curral, máis numerosas cunha media de 18 aves por cada explotación, concéntranse fundamentalmente nos concellos de Ponteareas e Salvaterra de Miño. Pola súa parte, o gando bovino concéntrase nos concellos da zona alta oriental de Covelo e A Cañiza, cunha media de 4 UTG por explotación.

Conclúese por tanto que o sector gandeiro no territorio ten pouca presenza se o comparamos cos datos da provincia e mesmo autonómicos, con explotacións pequenas en canto a UGT e especializadas no sector das aves de curral e bovino.

É de interese analizar o sector agrario dende o punto de vista da súa xestión tanto dende o punto de vista da incorporación de mozos como mulleres.




Gráfico 14: xefes/as de explotación por sexo

Fonte: elaboración propia a partir do Censo Agrario. IGE. 2020.

No anterior gráfico obsérvase novamente o peso que o sector vitivinícola ten no territorio en concellos DO Rías Baixas como Arbo, Ponteareas, As Neves e Salvaterra de Miño, xa que nestes concellos é tamén onde maior número de explotacións agrarias existen. Ademais, o sexo feminino xestiona de forma maioritaria as explotacións agrarias neste territorio en termos acumulados, feito que a nivel municipal se repite nos concellos de Covelo, Mondariz, As Neves e Ponteareas.

	Pessoas		Idade media
	Homes	Mulleres	
Arbo	211	167	64,01
Cañiza, A	169	94	69,9
Covelo	42	107	73,39
Crecente	66	43	66,64
Mondariz	76	104	68,97
Mondariz-Balneario	3	2	63,2
Neves, As	141	150	68,39
Ponteareas	195	353	64,38
Salceda de Caselas	116	72	68,87
Salvaterra de Miño	216	189	66,81
Pontevedra	8152	9561	65,05
Galicia	39204	36247	63,6

Táboa 77: Xefes/as de explotación segundo sexo e idade media

Fonte: Censo Agrario. IGE. 2020

A idade media dos xefes e xefas de explotacións agrarias non difire de forma significativa das medias provinciais e autonómicas, xa de por si elevadas con máis de 60 anos de media. Mesmo así, os concellos da Cañiza, Covelo, Mondariz, As Neves e Salceda de Caselas superan esta media e están máis próximos aos 70 anos; un feito no cal destaca o caso de Salceda de Caselas, un concello que presenta cifras positivas en canto á taxas de natalidade e idade media da poboación pero que sen embargo, o sector agrario parece non ser polo de agora un atractivo á hora de emprender laboralmente para esa poboación de menor idade




Gráfico 15: Distribución dos xefes/as de explotación segundo grupo de idade

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Censo Agrario. IGE. 2020

Analizando a distribución dos xefes/as de explotación en función dos grupos de idade, corroboramos o anteriormente sinalado, a maior parte deles contan con 65 ou máis anos, tamén a nivel municipal como se observa no gráfico.

Por último analizamos a formación dos xefes e xefas das explotacións agrarias. Como se pode comprobar na táboa que sigue con datos extraídos do Censo Agrario do 2020, as explotacións agrarias están en mans de persoas que contan con moitos anos de experiencia agraria (a media de idade supera os 65 anos) pero escasa formación regrada. Destacar tamén os tan só 44 xefes de explotacións agrarias con formación profesional agraria nun territorio no que existe un Centro Integrado de Formación Profesional A Granxa que conta cunha ampla oferta formativa relacionada co agro.

	Experiencia agraria exclusivamente	Cursos de formación agraria	Formación profesional agraria	Estudios universitarios e/ou superiores agrarios
Arbo	293	62	14	9
Cañiza, A	244	17	0	2
Covelo	138	10	1	0
Crecente	85	15	5	4
Mondariz	149	27	3	1
Mondariz-Balneario	5	0	0	0
Neves, As	218	66	4	3
Ponteareas	269	70	4	205
Salceda de Caselas	148	35	2	3
Salvaterra de Miño	308	78	11	8
TOTAL GDR	1857	380	44	235
Pontevedra	13370	3716	236	391
Galicia	58363	15064	1109	915

Táboa 78: Formación dos xefes/as de explotación do Condado Paradanta


Fonte: Censo Agrario. IGE. 2020.

Sen dúbida, analizando os datos anteriores, existe un amplo campo de traballo na sensibilización dos nenos e nenas do territorio á hora de observar o sector agrario como unha vía rendible de emprendemento para o seu futuro, apostando ao mesmo tempo pola oferta formativa neste mesmo sector.

II 3. CARACTERIZACIÓN DA APTITUDE AGRARIA E DO ABANDONO

3.1. CARACTERIZACIÓN DA APTITUDE AGRARIA DOS SOLOS

Neste apartado para atender o estado actual das terras agrarias en función da súa aptitude realizarase unha análise en base ao Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia de Díaz – Fierros e Gil Sostres, simplificándoo en base a caracterización dos solos segundo a súa aptitude para o cultivo de millo e/ou de prado.




Imaxe 37: Aptitude do solo agrario no Condado Paradanta

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia

Cunha primeira ollada sobre a imaxe anterior o que primeiro se pode observar é que a gran maioría do solo do territorio ten aptitude agraria para prado, un total de algo máis de 61.000 Ha. Dese total de hectáreas de solo con aptitude agraria para prado, 28.000 Ha contan ademais con aptitude para millo.

Centrando o foco sobre a aptitude agraria para prado, dentro da mesma diferéncianse agora tres categorías: A1 para representar as terras moi aptas, A2 para representar unha categoría intermedia e A3 para representar as terras menos aptas. As demais zonas non son adecuadas para cultivo agrario.

Deste xeito contemplamos no mapa que sigue como as zonas de maior aptitude para prado sitúanse nas zonas baixas do territorio, 33.396 Ha, (vales dos principais ríos) e, conforme vai medrando a altitude e mesmo a pendente, a calidade dos solos para o prado é menor, 16.496 Ha, (especialmente nas zonas intermedias da Serra da Paradanta) ata chegar aos puntos de maior elevación do ámbito de actuación onde a aptitude para prado é marxinal, 11.135 Ha, ou, directamente, non se adecúan os solos para o cultivo agrario.




Imaxe 38: Aptitude do solo para prado no Condado Paradanta

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia

A terra agraria con maior aptitude para prado (A1), é terra agraria que conta ademais con aptitude para millo, 28.025 Ha, feito que se pode comprobar nunha comparativa dos anteriores mapas. Afondado agora na análise das aptitudes das terras agrarias para millo a groso modo podemos observar no mapa que sigue como as ribeiras dos ríos son terras con boas características para este tipo de cultivos. Así as terras con aptitude para millo concéntranse nos vales dos ríos Miño, Tea, Deva e Ribadil, fundamentalmente.

A superficie de maior aptitude para millo (A1), 2.036 Ha, atópase no val do Río Miño, no seu curso máis baixo ao seu paso polos concellos de As Neves, Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas. Un total de 16.056 Ha están consideradas como A2, aptitude intermedia, concentrándose no val do Tea, na zona alta do Miño (Arbo e Crecente) e no curso baixo dos ríos Deva (Arbo) e Ribadil (Crecente). Por último comentar que 9.932 Ha teñen aptitude agraria para o millo pero de menor calidade.



Imaxe 39: Aptitude do solo para millo no Condado Paradanta

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia

Na seguinte táboa refléxanse os datos da aptitude agraria do solo desagregado por concellos. Na mesma pódese corroborar a información mencionada anteriormente con respecto dos mapas. Incorporáanse tamén os datos referidos á provincia de Pontevedra e ao conxunto a comunidade galega. Relacionando os datos, a superficie con maior aptitude agraria para prado (A1) do Condado Paradanta representa o 13,90 % do total provincial, mentres que no caso do millo tan só o 4,69 %.


CONCELLO	Aptitude para prado (Ha)				Aptitude para millo (Ha)			
	A1	A2	A3	TOTAL	A1	A2	A3	TOTAL
Arbo	2258,31	1579,44	425,14	4262,89	0,00	1482,94	601,95	2084,90
Cañiza, A	4612,52	2549,36	2859,61	10021,49	0,00	1698,82	1923,23	3622,05
Covelo	3260,39	4554,95	2097,21	9912,55	0,00	416,15	1349,12	1765,27
Crecente	1727,83	377,29	2779,20	4884,32	0,00	1362,76	188,88	1551,64
Mondariz	3450,88	3117,57	183,64	6752,09	0,00	802,55	2277,03	3079,59
Mondariz-Balneario	216,00	0,00	12,50	228,50	0,00	86,20	7,82	94,02
Neves, As	3137,77	1886,56	1113,79	6138,12	471,65	1155,21	1430,45	3057,31
Ponteareas	6721,72	1738,19	1661,94	10121,85	77,37	4401,32	1933,70	6412,39
Salceda de Caselas	2227,54	309,92	1,53	2538,99	371,75	878,97	0,00	1250,72
Salvaterra de Miño	5784,04	383,00	1,27	6168,30	1115,42	3771,25	220,78	5107,45
TOTAL GDR	33396,99	16496,28	11135,84	61029,10	2036,19	16056,17	9932,97	28025,33
Pontevedra	240197,37	81256,10	33864,54	355318,00	43436,76	73995,25	58647,32	176079,33
Galicia	1473821,63	484737,91	462202,15	2420761,69	167765,23	410318,38	484648,97	1062732,58

Táboa 79: Aptitude do solo para prado e millo no Condado Paradanta

3.2. IDENTIFICACIÓN DE ZONAS INCLUÍDAS EN SELOS OU ESQUEMAS DE CERTIFICACIÓN DA CALIDADE AGROALIMENTARIA (D.O., I.X.P.) E/OU FORESTAL

Se ben é certo que o territorio de actuación obxecto de estudo conviven diferentes figuras de certificación de calidade agroalimentaria (IXP), estas o fan fundamentalmente polo seu carácter autonómico (Mel de Galicia, Ternera Gallega, Pan Galego...).

Ben distinto é o caso do cultivo da vide e produción de viño. Parte deste territorio forma parte da DO Rías Baixas, constituíndo a subzona Condado do Tea.



Imaxe 40: DO Rías Baixas. Subzona Condado do Tea.

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Consello Regulador da DO Rías Baixas

Gran parte do ámbito de actuación está integrado na DO Rías Baixas. Os concellos de Ponteareas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente e a parroquia cañicense de Valeixe forman a Subzona Condado do Tea.


O viño monovarietal Albariño é o produto estrela de toda a DO e tamén da propia subzona Condado do Tea, aglutinando o 95% da produción de toda a Denominación de

Orixé. Por outra banda, o viño “Rías Baixas Condado do Tea” é plurievarietal, onde a variedade Albariño e Treixadura teñen que alcanzar como mínimo o 70% e, poderanse combinar con outras variedades brancas producidas na subzona.

O sector vitivinícola é, xunto co sector forestal, os de maior peso dentro sector agrario deste territorio. Tanto é así que das máis de 50 adegas e 1000 viticultores do territorio son varios os que buscan ampliar a súa base territorial feito que denota a rendibilidade económica do sector. No período Leader 2014 – 2020, o GDR Condado Paradanta coordina, mentres se redacta este documento, un proxecto de cooperación Leader, co GDR Mariñas Betanzos, que deuse en chamar “Viño e froita” co cal se pretende analizar as necesidades de base territorial de viticultores para recuperar terra agraria abandonada empregando figuras da LRTAG, ao tempo que se contribúe a ordenación do territorio.

A realidade é que o cultivo da vide no territorio vai máis alá das zonas que se integran na DO Rías Baixas. Por este motivo, e polo interese manifestado por diferentes actores do territorio, o GDR Condado Paradanta elaborou a través dun proxecto de animación e dinamización do Programa Leader 2007 – 2013 un estudo sobre a constitución da “IXP do Val do Tea e do Deva” sobre os concellos de Mondariz, Mondariz Balneario e as parroquias de Santa Mariña, Barciademera e Casteláns (Covelo) e as de Parada de Achas, Luneda e O Couto (A Cañiza).

Esta proposta foi recollida pola Consellería de Medio Rural e atópase agora en fase de estudo por parte tamén do Consello Regulador da DO Rías Baixas para poder ampliar a subzona Condado do Tea cara estas zonas, máis que constituír unha nova IXP.



Imaxe 41: DO Rías Baixas. Subzona Condado do Tea. Proposta de ampliación.

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Consello Regulador da DO Rías Baixas e do Estudo da Produción Vitivinícola de Calidade do Val do Tea e do Deva.

3.3. CARACTERIZACIÓN DO ABANDONO DAS TERRAS AGRARIAS

A estrutura da propiedade das terras no territorio caracterízase por un elevado número de propietarios e unha excesiva dispersión ou fragmentación destas (7,7 parcelas por propietario de 0,23 ha cada parcela). Esta realidade é froito de longos procesos históricos, que permitiu á poboación rural o acceso á propiedade, pero hoxe, supón un problema para o desenvolvemento do sector primario de Galicia, razón pola que se precisa repensar o concepto da propiedade no sentido da apropiación do uso e do gozo da terra e do territorio en exclusiva por parte do dono titular xurídico deste.

A modificación da estrutura social do rural de Galicia, o abandono das terras e o necesario redimensionamento das explotacións agrícolas e gandeiras para adaptárense a unha nova contorna máis global e competitiva, aconsellan artellar mecanismos, que sen necesariamente incidir na titularidade xurídica da terra, provoquen cambios na

xestión do uso desta para poñela a disposición de quen a precisa para mellorar, non só a situación das explotacións, senón tamén a do conxunto da sociedade polos efectos positivos que ten o seu uso no mantemento da biodiversidade e na conservación da paisaxe agraria que forma parte da nosa identidade cultural.


Asumindo que a actual configuración estrutural do factor de produción “terra” en Galicia condiciona a competitividade do noso sector primario e dificultan a posta en valor das terras como recurso económico de primeira magnitude para o sector agrícola, gandeiro e forestal, analizaranse os instrumentos que principalmente achegan a Lei de Recuperación da Terra Agraria e a Lei de Mellora da estrutura territorial Agraria de Galicia para mudar esta situación e poñer en valor un activo que o territorio non pode manter improdutivo.

Titulares de rústico	Rústico
Arbo	4.965
Cañiza (A)	8.507
Covelo	5.682
Crecente	6.662
Mondariz	8.449
Mondariz - Balneario	488
Neves (As)	9.379
Ponteareas	16.651
Salceda de Caselas	8.458
Salvaterra de Miño	11.388
Total GDR	80.629
Pontevedra	500.979
Galicia	1.736.777

Táboa 80: Titulares de solo rústico. 2022.

Fonte: Área de Estatística. Dirección Xeral del Catastro

Isto deriva da existencia de grandes áreas de MVCM onde practicamente o 36,5 % do terreo forestal do territorio ten esta condición mancomunada.



Imaxe 42: Montes mancomunados no Condado Paradanta

Fonte: elaboración propia


Estamos polo tanto ante un territorio que carece máis dun sistema de ordenación do terreo con aptitude agraria que dunha zona onde o abandono sexa sinal de identidade debido principalmente a existencia no solo forestal das mencionadas Comunidades de Montes, e no referente ao terreo agrario, a importancia do sector hortícola e principalmente do viñado ao ser territorio subzona Condado do Tea da DO Rías Baixas.

Á hora de realizar unha análise do abandono agrario no territorio, tomaremos como referencia a cobertura de mato segundo o SIOSE 2014 que se atope nas zonas agraria con boa aptitude (A1 e A2) tanto para millo como para prado, segundo o Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia de Díaz – Ferros e Gil Sostres.

Esta análise de terra agraria abandonada é de especial interese en zonas de monte veciñal mancomunado, pola súa forte presenza no territorio, e tamén no espazo de protección ambiental Rede Natura 2000. A continuación achégase información relativa ao monte mancomunado pero, debido á escasa superficie do territorio en Rede Natura

2000, á cal ademais correspóndese coas ribeiras dos ríos máis importantes do territorio, non se realizará dita análise.


Na seguinte imaxe pódese observar o terreo agrario dos montes veciñais en man común do ámbito de actuación que contan con aptitude para millo (A1 maior aptitude, A2 intermedia, A3 menor aptitude).



Imaxe 43: Aptitude do solo agrario para millo no monte veciñal mancomunado

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia


Aplicando a metodoloxía indicada, elimínanse as zonas A3 para millo para escoller as zonas de maior aptitude (A1 e A2). Con esta operación obtemos que dentro dos montes mancomunados un total de 1.197,04 Ha teñen boa aptitude para millo, 47,36 Ha moi boa (A1) e 1.149,68 Ha intermedia (A2). Dentro desa superficie, a cobertura de mato segundo SIOSE 2014 esténdese en 88,82 Ha, que, segundo a metodoloxía proposta, é terra agraria abandonada nos montes veciñais mancomunados.



Imaxe 44: Cobertura de mato nas zonas agrarias de maior aptitude para millo nos montes veciñais mancomunados

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia e SIOSE 2014

Cambiando o cultivo a prado, a simple vista obsérvase maior superficie dentro do monte mancomunado con aptitude para o cultivo de prado que para o millo, especialmente nas zonas da Serra do Suído e da Serra da Paradanta.




Imaxe 45: Aptitude do solo agrario para prado no monte veciñal mancomunado

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia

Un total de 14.882,27 Ha de superficie agraria nos montes mancomunados do Condado Paradanta contan con boa aptitude (A1 e A2) para o cultivo do prado, 4.209,31 Ha en A1 e 10.672,96 en A2.

De ditas hectáreas un total de 3.176,35 Ha teñen cobertura de mato segundo SIOSE 2014 e polo tanto definímolos como terra agraria abandonada.

De xeito xeral, coa metodoloxía empregada, no monte veciñal en man común do territorio hai un total de 3.265,17 Ha, un 10,24% da superficie mancomunada do territorio, que se define como terra agraria abandonada ao ser o seu uso mato ou prado segundo SIOSE 2014.




Imaxe 46: Cobertura de mato nas zonas agrarias de maior aptitude para millo nos montes veciñais mancomunados

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia e SIOSE 2014

Se abrimos o foco a todo o territorio de actuación, e tal e como indicamos no apartado 3.1., máis de 61.000 Ha son aptas para o cultivo de prado das cales 28.000 Ha o son tamén para o millo.

Para o cultivo do millo, 249,88 Ha teñen aptitude A1 e 16.068,11 Ha A2. Contrastando esta información coa cobertura de mato do SIOSE 2014, un total de 88,78 Ha están en abandono. Este feito ilústrase no seguinte mapa.




Imaxe 47: Cobertura de mato nas zonas agrarias de maior aptitude para millo

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia e SIOSE 2014

Por outra banda, para prado, 31.392,30 Ha teñen aptitude A1 e 16.508,41 Ha A2. Contrastando esta información coa cobertura de mato do SIOSE 2014, un total de 3.998,53 Ha están en abandono. Este feito ilústrase no seguinte mapa.


Concluimos que, seguindo a metodoloxía aplicada, 3.998,53 Ha do territorio están en situación de abandono, o que representa o 5,60 % do territorio.



Imaxe 48: Cobertura de mato nas zonas agrarias de maior aptitude para millo

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia e SIOSE 2014

Esta é unha metodoloxía para identificar zonas en abandono que, achegando información de valor, non reflexa a realidade do abandono agrario no territorio ao contemplar tan só a cobertura de mato como superficie abandonada. De feito, seguindo coas coberturas de SIOSE 2014, se ademais de mato consideramos a cobertura de bosque mixto, produto en gran medida da falta de xestión, vemos como a superficie é moito maior (12.593,16Ha), máis parecida a realidade do territorio onde en moitos caso a ordenación dese bosque mixto é baixa e circunda moitos núcleos de poboación.



Imaxe 49: Cobertura de mato e bosque mixto no Condado Paradanta

Fonte: elaboración propia a partir de SIOSE 2014

3.4. TENDENCIAS NA XESTIÓN TERRITORIAL POR PARTE DAS EXPLOTACIÓNS

No apartado 2.2. facíamos referencia á xestión agrogandeira e forestal do territorio, analizando datos como a SAU ou as explotacións e os xefes de explotacións en base ao Censo Agrario do 2020.

Os datos non son nada esperanzadores. Como se observaba (ver apartado 2.2.), a idade media dos xefes e xefas de explotación do Condado Paradanta supera en todos os termos municipais os 60 anos, onde a idade media máis baixa (63,2 anos) sitúase en Mondariz Balneario e a máis alta (73,39 anos) en Covelo.

En valores absolutos, en ata sete dos dez concellos que integran este territorio máis do 50% dos xefes e xefas de explotación teñen 65 ou máis anos, como se comprobaba no gráfico do apartado 2.2.


Polo tanto, é unha necesidade centrar esforzos en cambiar esta tendencia, favorecer a incorporación de persoas novas ao sector agrario e potenciar o sector agrario como un eido de emprendemento no rural, tanto como actividade económica principal e, especialmente, como actividade complementaria.

Paralelamente, se atendemos a SAU ao aire libre (ver apartado 2.2), observamos como hai posibilidades de crecemento especialmente no relativo a agricultura, onde a viticultura conta cun peso diferencial. Dende o GDR Condado Paradanta, tendo estas necesidades detectadas sobre o territorio, téñense realizado traballos neste eido, fundamentalmente na concienciación sobre a revitalización do agro e a promoción do emprendemento neste sector.

3.5. INCIDENCIA DOS LUMES FORESTAIS

O territorio do Condado Paradanta é historicamente un territorio moi afectado polos incendios. Tan só no período de 2010 a 2020 un total de 14.839,07 Ha foron devastadas polos lumes, máis do 20% da superficie total do Condado Paradanta.

Especialmente importantes foron os lumes que o territorio sufriu no 2017 onde un total de 8.209,39 Ha foron queimadas, máis do 50% dos lumes dunha década nun só ano, nuns meses.



Imaxe 50: Incidencia dos lumes no Condado Paradanta dende 2010 a 2022

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Plan Básico Autonómico

Como observamos no mapa, os concellos máis afectados por estes incendios foron os das Neves e Arbo, onde a maior parte da superficie sufriu os incendios, especialmente no 2017. Tamén destacan os lumes en Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas e Ponteareas, afectados tamén no 2017.

O ano 2017 foi catastrófico para o territorio por causa dos lumes e a súa pegada que inda chega ao momento actual de redacción deste documento. O GDR Condado Paradanta puxo en marcha un proxecto vinculado a esta problemática que deu en chamar “Reverdecendo”. Un proxecto para a planificación dos montes do Condado Paradanta cara unha xestión rendible e ordeada que os manteña limpos e reduza os riscos de futuros incendios. Conta coas seguintes liñas estratéxicas:

1. Reverdecendo a participación social
2. Reverdecendo a educación ambiental e a poboación rural
3. Reverdecendo o turismo
4. Reverdecendo unha Galicia exemplar

Este é un proxecto vivo, de concienciación da sociedade, que ten que seguir en pé para valorar o monte e o medioambiente.

II 4. IDENTIFICACIÓN, LOCALIZACIÓN E CARACTERIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCIÓNS AGROFORESTAIS

Non abundan no territorio as actividades derivadas da **transformación forestal**, se entendemos ás mesmas como empresas que centren a súa operativa en todos os aspectos claves da cadea de valor, e dicir, existen explotacións particulares de plantacións forestais reducidas de xeito principal á plantación no ámbito da economía complementaria á principal, pero non se coñecen empresas que planten, corten e realicen unha actividade de primeira transformación e moito menos de segunda.

Existen pequenos negocios de autoemprego, provenientes de herdanzas laborais que apenas repercuten na economía do territorio e que non teñen visos de continuidade como pequenos serradoiros de madeira, que incluso hoxe xa deixaron esta actividade nun segundo plano para realizar labores mais vinculadas á compra venda de arborado que rematan nas mans das grandes empresas de transformación de madeira, FINSA ou ENCE.

Non se está a falar dun sector en auxe no que se refire ao territorio de estudo e, no proceso participativo, realizado ao abeiro da realización desta estratexia non xurdiron posibles novos proxectos que redundaran no aumento desta liña de actividade. Isto pode ser produto da falta de conciencia sobre o potencial que pode ter o sector no noso territorio, así como na falta de colaboración e cooperación entre os diferentes propietarios. No GDR estimamos que é preciso afondar na sensibilización e concienciación, así como na formación, para que o monte deixe de ser visto como un problema e pase a ser unha oportunidade.

No ámbito do **sector agroalimentario**, e máis alá do que supoñen a multitude de negocios relacionados co sector como poden ser explotacións agrarias ben sexan de gandería ou agrícolas, ou empresas, comercio e restauración que centran no sector agroalimentario a súa actividade, crese convinte destacar aquelas que pola súa relevancia e novidade achegan valor engadido ao territorio e poden ser xerme de novo

emprego e mesmo de crear novas dinámicas de alimentación que inflúan xa non solo no ámbito económico, senón tamén no xeito de vivir e relacionarse co medio rural.

Encontrámonos ademais nun territorio predominantemente vitivinícola (D.O. Rías Baixas, subzona Condado) con máis de 1.000 produtores e máis de 50 adegas que producen, transforman e comercializan os produtos finais. Estamos ante unha actividade empresarial agraria importantísima para a zona na que se debe seguir incidindo e onde a colaboración do GDR é fundamental.

Algunhas das empresas a destacar con proceso transformador e comercializador no eido agro alimentario con certificación da súa calidade son:

➤ **Dentro da DO Rías Baixas:**

Adega	Concello	Capacidade de produción
Pazos de Lusco	Salvaterra de Miño	< 200 HL
Abadía de Tortoreos	As Neves	> 200 HL
Chan de Vide	As Neves	> 200 HL
Adegas Morgadio	Crecente	> 200 HL
Adegas Terrae	Arbo	> 200 HL
Ana Belén Rocha Ferreira	Arbo	< 200 HL
Begoña Troncoso Fernandez	Arbo	> 200 HL
Benjamín Míguez Novel	Salvaterra de Miño	< 200 HL
As Laxas	Arbo	> 200 HL
Eidosela	Arbo	> 200 HL
Fillaboa	Salvaterra de Miño	> 200 HL
La Val	Salvaterra de Miño	> 200 HL
Marqués de Vizhoja	Arbo	> 200 HL
Viña Nora	As Neves	> 200 HL
Veiga da Princesa	Arbo	> 200 HL
Carballal de Sande	Arbo	> 200 HL
Compañía de Vinos Trico	Salvaterra de Miño	> 200 HL
Corisca	Salceda de Caselas	> 200 HL
Eido da Fonte	A Cañiza	> 200 HL
Gaviñeira	Salvaterra de Miño	> 200 HL
Gontan Family Wines	As Neves	> 200 HL
Grupo Vinícola Marques de Vargas	Salvaterra de Miño	> 200 HL
José Antonio Canda Gil	Crecente	< 200 HL
José Araújo Peña	Salvaterra de Miño	< 200 HL
José Augusto Gómez Álvarez	A Cañiza	< 200 HL
José Manuel Gándara Araújo	Salvaterra de Miño	> 200 HL
María Isabel Álvarez Rodríguez	Salvaterra de Miño	< 200 HL
Miguel Ángel Alonso Fernández	Salvaterra de Miño	> 200 HL
Notas Frutales de Albariño	Crecente	> 200 HL
Pazo As Barreiras	Salvaterra de Miño	> 200 HL
Pazo de Almuiña	Arbo	> 200 HL
Pazo Pondal	Arbo	> 200 HL
Rubén Táboas Araújo	Ponteareas	> 200 HL
Señorío de Rubiós	As Neves	> 200 HL
Señorío de Sobral	Salvaterra de Miño	> 200 HL
Terras do Abelán	A Cañiza	> 200 HL
Vilarvin	Crecente	> 200 HL
Viñas e Adegas Galegas	Salvaterra de Miño	> 200 HL
Vinícola de Miño	Salvaterra de Miño	> 200 HL

Táboa 81: Adegas da DO Rías Baixas no Condado Paradanta

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Consello Regulador da DO Rías Baixas

➤ **Dentro de CRAEGA:**

Empresa	Concello	Produtos certificados
Abella Lupa	Covelo	Mel
Manuel Alvarez Filgueiras	Salvaterra de Miño	Kiwi
Nerea Alver Estévez	Mondariz	Ave
Carlos Araújo Durán	As Neves	Uvas
Avícola Rías Baixas	Salvaterra de Miño	Ovos
Biochousa	Mondariz	Horta
CIFP A Granxa	Ponteareas	Horta e froita
Román Castro Ucha	Ponteareas	Ave
Manuel Céspedes Rodríguez	Salvaterra de Miño	Uvas
Corisca	Salceda de Caselas	Viño
Eiras y Bargiela	Salvaterra de Miño	Café
Lunes Enes Fernández	Covelo	Horta
Galician Brew SL	Ponteareas	Cervexa
Rubén Otero López	Ponteareas	Horta
Magdalena Paramés Gil	A Cañiza	Froita e viño
Josefa Pedrosa Cebreiro	Ponteareas	Ave
Antonia Pereira Souto	Salvaterra de Miño	Horta
Casimiro Fernández Fernández	Salvaterra de Miño	Kiwis
Rosales Grupo Avícola	Salvaterra de Miño	Ave
Señorío de Nande	As Neves	Horta
Señorío de Rubiós	As Neves	Viño
Adrián Simón Rincón	Arbo	Viño
M ^a Begoña Troncoso Fernández	Arbo	Froita e viño
María Beatriz Vaamonde Vila	Salvaterra de Miño	Horta
Alberto Vereas Fernández	As Neves	Millo

Táboa 82: Empresas certificadas por CRAEGA no Condado Paradanta

Fonte: elaboración propia a partir de datos do CRAEGA

➤ **Outras empresas agroalimentarias:**

- Grupo DONOSO; empresa ubicada en Salvaterra de Miño dedica ao tostado e transformación de café e chocolate.
- Carnicería Enxebre (Covelo); criadores de gando vacún que contan con carnicería propia onde transforman, elaboran e comercializan derivados das súas propias reses de Gandería Sesteiro.
- Industrias Cárnicas Fontefría (Covelo); empresa dedicada a elaboración de produtos cárnicos provistos do porco.
- Comecois (A Cañiza); granxa de caracois dedicada a cría, elaboración de derivados e comercialización dos mesmos.

- Ecofungos de Mondariz (Mondariz); produtor de Shiitake ecolóxico destinado principalmente para a restauración.
- Pazo Pegullal (Salceda de Caselas) ademáis de produtor vitivinícola destaca pola produción de aceite de oliva virgen extra.

II 5. ANÁLISE DA APLICABILIDADE DE INSTRUMENTOS DE RECUPERACIÓN DE TERRAS

Neste eido, o GDR Condado Paradanta está chamado a desempeñar un papel crave como axente dinamizador en todo o proceso de loita contra o abandono e recuperación da terra agraria: facilitando os procesos de mobilización e recuperación de terras; acompañando a posta “en mercado” de terras ociosas e animando a súa posta en produción; pondo en contacto a novos agricultores co sector e facilitando a súa incorporación; coordinando cos demais estamentos da Consellería de Medio Rural como as OACs e os Distritos Forestais as diferentes demandas de formación; facilitando os encontros entre axentes; favorecendo mecanismos de encontro para viabilizar aspectos comerciais, etc.

Para o desenvolvemento das actividades necesarias para a dinamización do uso da terra é necesario unha boa coordinación co Banco de terras, buscando articular cos GDR ese papel de “dinamizadores de zona”, así como facilitando terras da súa propiedade para a posta en marcha de “campos de demostración ou ensaio”.

A PAC xa non é unha política sectorial, senón que entrou na multifuncionalidad. O termo “multifuncionalidad” recolle a incorporación á función tradicional de producir materias primas e alimentos, a consideración doutras funcións desenvolvidas pola agricultura que van máis aló desta e polas cales o agricultor non obtén un ben intercambiable nos mercados.

Nos últimos anos, xerouse a idea de concibir á agricultura como unha actividade multifuncional que xera múltiples beneficios non só a nivel individual, senón a nivel xeral. O sector agrario debe reorientar a súa actividade en función da demanda de novos mercados e dos estímulos dunha política agraria multifuncional. A agricultura sempre cumpriu unha serie de funcións básicas, pero esas funcións cumpríaaas de forma deficitaria, por exemplo a produción de alimentos.

Na actualidade, o empresario agrario para poder ser competitivo nun mundo cheo de incertezas vai asegurarse que a agricultura cumpra toda unha serie de funcións e ninguén mellor que o GDR para traballar desde o territorio para garantir que esas funcións de recuperación da terra sexan levada a cabo segundo as directrices que se estipulan polo goberno autonómico. Manifestar finalmente que existe nos territorios asociados á metodoloxía Leader o convencemento de que o desenvolvemento dunha agricultura sustentable, debe ser explorada como unha oportunidade para a creación de emprego, a preservación da biodiversidade e a conservación da paisaxe, así como o impulso da innovación en produtos e procesos agroindustriais, que teñan como resultado un medio rural máis vivo, dinámico e organizado, capaz de abastecer de produtos agrolimentarios o seu medio urbano máis próximo. É por iso, polo que se deseñou esta formula de traballo en cooperación, que aspira a aglutinar ao redor GDR a todos os axentes interesados en conseguir estes obxectivos en cada territorio, aproveitando o valor engadido da cooperación, as economías de escala que provoca e o enriquecemento de enfoques e estratexias.

Despois da análise das funcións que por regulamento europeo e normativa autonómica teñen os GDR, entendemos que a intervención do GDR Condado Paradanta nas políticas de dinamización do uso da terra está nos factores mais de “animación” que nos procesos de investigación ou posta en marcha dun proxecto de loita contra o abandono. Poren, os GDR, dotados de recursos económicos e humanos, poden ser actores relevantes na recuperación do sector agrario dos territorios e, en consecuencia, na posta en marcha de instrumentos da LRTAG e na loita con os incendios. O GDR Condado Paradanta, despois do arduo traballo realizado durante a elaboración da EDLP, facendo partícipe á poboación local, está totalmente decidido a que, como xa se dixo anteriormente, a recuperación do sector agrario, con todo o que isto conleva, sexa un pilar fundamental na presente estratexia. Debemos responder ao que o territorio nos demanda, incluso máis alá do que as propias competencias do LEADER nos permite, e provocar que unha nova economía, complementaria a actividade principal das familias, favoreza a resolución dos problemas do noso territorio, no referente ao sector agrario, ao abandono das terras e das explotación e a loita contra os incendios.

Deben ser os garantes de que cada territorio teña ao seu alcance as medidas e formulas que potencia a multifuncionalidade do territorio tal e como se indica nos anteriores parágrafos, e por tanto debe centrar a súa actuación en obxectivos concretos dentro dos proxectos de mobilidade de terras e que ben puidesen ser os seguintes:

1. Identificar e avaliar, ben a nivel individual no territorio de actuación ou conxuntamente a través da cooperación entre os Grupos e/ou no Grupo de Traballo específico creado para tal efecto e liderado por este GDR, producións tradicionais e novos cultivos con potencial en cada territorio.
2. Identificar unha “bolsa” de terras ociosas e/ou abandonadas, susceptibles de pórse en produción, animando a súa mobilidade empregando os diferentes instrumentos de recuperación da terra agraria.
3. Identificar en cada territorio mulleres, persoas novas, persoas desempregadas, colectivos en risco de exclusión e persoas interesadas en incorporarse á actividade agraria.
4. Formular e aplicar metodoloxías integradas de traballo entre propietarios de terras, o Banco de Terras, agricultores, novos activos agrarios, investigadores, transformadores, comercializadores agrarios e Grupos de Desenvolvemento Rural animando e facilitando a incorporación á actividade agraria aproveitando os cultivos estudados identificados dentro do previsto no obxectivo 1.
5. Formación empresarial aos novos agricultores sobre as actividades elixidas como necesarias e óptimas para cada territorio.
6. Animar á diversificación produtiva cos cultivos previamente optimizados e agricultura ecolóxica.
7. Mellorar a información da poboación sobre as posibilidades dos cultivos tradicionais e outras producións de especial interese, levando a cabo cultivos experimentais en campos de demostración e impulsando a transferencia de coñecementos e tecnoloxías aos produtores desde os centros de investigación.
8. Facilitar información e formación sobre formulas de comercialización dos produtos en produción.
9. Establecer bases loxísticas de almacenaxe e comercialización dos produtos cultivados nas zonas de traballo.

10. Establecer canles comerciais de cooperación entra os diferentes GDR en función do labor desenvolvido en cada territorio.

Tendo en conta todo o indicado anteriormente, sobre as características territoriais mencionadas nos anteriores apartados (gran número de propietarios privados con parcelas de moi pouca superficie; minifundio), sobre o sector agrario con maior potencial nun prazo de tempo corto ou medio, sobre as conclusións do proceso participativo, estimamos que, deste primeiro análise, podemos concluír que a figura máis acaída para o noso territorio, referente aos instrumentos que se contemplan na LRTAG, son os polígonos agroforestais. De todos os xeitos, atentos haberá que estar ao que vaia xurdindo no traballo diario porque, entendemos, que a LRTAG dispón de diferentes solucións para as cuestións particulares que poidan xurdir.

5.1. CARACTERIZACIÓN DAS ESTRUTURAS DA PROPIEDAD

Como xa temos mencionado ao longo deste documento a estrutura da propiedade caracterízase por un elevado número de propietarios e unha gran fragmentación das parcelas, cun ratio de 7,7 parcelas por propietario de 0,23 Ha cada unha delas.

Asumindo que a actual configuración estrutural do factor de produción “terra” en Galicia condiciona a competitividade do noso sector primario e dificultan a posta en valor das terras como recurso económico de primeira magnitude para o sector agrícola, gandeiro e forestal, analizaranse os instrumentos que principalmente achegan a Lei de Recuperación da Terra Agraria e a Lei de Mellora da estrutura territorial Agraria de Galicia para mudar esta situación e poñer en valor un activo que o territorio non pode manter improdutivo.

Isto ven derivado da existencia de grandes áreas de MVCM onde practicamente o 36,5 % do terreo forestal do territorio ten esta condición mancomunada.

5.2. INSTRUMENTOS DE RECUPERACIÓN E DE REORGANIZACIÓN EXECUTADOS OU EN CURSO

Segundo datos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o territorio do Condado Paradanta ten xa en marcha dúas iniciativas de recuperación da terra agraria en estado de abandono empregando as ferramentas que a Lei de Recuperación da Terra Agraria habilita a tal fin:

ALDEA MODELO DE A PORTELIÑA (AS NEVES)

Municipio	Aldea modelo	Estado	Superficie perímetro aldea (ha)	Superficie perímetro aldea (ha) s/n	Número de parcelas	Número de propietarios catastro
As Neves	A Porteliña	En fase de recollida de sinatura	34,57	34,57	819	359

Táboa 83: Aldea modelo de A Porteliña. As Neves.

Fonte: AGADER. 2023

POLÍGONO AGROFORESTAL DE MANDELOS (CRECENTE)


Concello	Polígono Agroforestal	Iniciativa	Situación	Data acordo inicio	Número de parcelas	Número titulares catastrales	Superficie perímetro polígono
Crecente	Mandelos	Pública	Redación do proxecto básico	10/05/2022	391	183	45,04

Táboa 84: Polígono agroforestal de Mandelos. Crecente

Fonte: AGADER. 2023

5.3. VALORACIÓN TERRITORIAL DE APLICABILIDADE DOS INSTRUMENTOS DE RECUPERACIÓN E OUTROS PREVISTOS NA LEI 11/2021 E LEI 4/2015

Son diferentes as ferramentas e medidas das que dispomos para analizar a valoración do territorio para unha posible aplicación dos instrumentos da Lei.




Imaxe 51: Parcelas no Banco de Terras no Condado Paradanta

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Banco de Terras

Atendendo ao Banco de Terras no momento de redacción do documento, observamos que tan só 2,93 Ha figuran dentro do mesmo. Das mesmas, 1,19 Ha xa se atopan en proceso de arrendamento localizadas nos concellos de As Neves, Cúvelo e Crecente.

Como observamos a superficie no Banco de Terras é escasa e insuficiente para por en marcha algún dos instrumentos da Lei, polo tanto é preciso seguir atendendo outras ferramentas para identificar estas zonas propicias.

Outras zonas onde a aplicabilidade de instrumentos da Lei é factible son as xa figuras das concentracións parcelarias, as cales podemos observar no seguinte mapa. Concretamente neste territorio sitúanse nos concellos de Cúvelo e A Cañiza. Ademais, en cor azul, distínguense a superficie de aquelas concentracións que xa se atopan con abandono decretado.



Imaxe 52: Concentracións parcelarias no Condado Paradanta

Fonte: Visor xeográfico da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia elaborado pola USC.

Existen outras zonas no concello de Covelo que están en fase de estudo para constituírse como concentracións parcelarias que son, a priori, superficies susceptibles de aplicabilidade dos instrumentos da Lei. Estas zonas poden observarse no mapa que sigue en comparación co anterior.



Imaxe 53: Concentracións parcelarias, actuais e en fase de estudo, no Condado Paradanta

Fonte: Visor xeográfico da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia elaborado pola USC.

O Plan Pastos da Xunta de Galicia é outra das ferramentas a ter en conta á hora de valorar a aplicabilidade no territorio de instrumentos da Lei. No Condado Paradanta o Plan Pastos concéntrase fundamentalmente no concello de Covelo, nas parroquias de Prado de Canda, Casteláns, A Graña. Na zona alta da parroquia de Padróns no Concello de Ponteareas.

As zonas preferentes en DO, identificadas pola Xunta de Galicia, son zonas a ter en conta tamén para a aplicabilidade dos instrumentos da Lei. Dende o GDR téñense identificado tamén a posibilidade de incorporar terreos destinados á viticultura nos concellos de Mondariz (todas as parroquias), Covelo (Casteláns, Barciademera e Santa Mariña) e A Cañiza (parroquias de ; terreos identificados no seu día no estudo sobre a posta en marcha dunha IXP do viño do “Val do Tea e do Deva” os cales son susceptibles de ser incorporados nun futuro á propia DO Rías Baixas.

Outras zonas do territorio aptas para a aplicabilidade dos instrumentos de recuperación de terra agraria son as zonas altas do territorio con baixo nivel de uso así como outras zonas nas que xa se teñen analizado dende o GDR, ben por interese mostrado por promotores ben por interese propio do GDR na recuperación de terras. O primeiro caso é o do posible desenvolvemento dun polígono agroforestal de carácter privado nos

concellos de Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas, destinado á gandería e onde dous promotores privados, que xa explotan parcelas nesa zona, mostraron o seu interese en ampliar a base territorial. No segundo dos casos pódemos falar de dous barrios cuxas características achéganse ás das aldeas modelo como son o Barrio de Couso na parroquia de Guláns e o Barrio de Cillarga na parroquia de Ribadetea, ambos no Concello de Ponteareas; na propia parroquia de Guláns téñense dado xa os primeiros pasos para a posible creación dun polígono agroforestal con orientación hortícola.

Entendemos que debemos mencionar tamén outras tres zonas de recuperación de terra agraria analizadas polo GDR Condado Paradanta na elaboración da candidatura do proxecto “Mixturando” á unha convocatoria da Fundación Biodiversidade. Concretamente falamos de tres zonas nas parroquias covelenses de Maceira e Godóns nas que implantar un modelo técnico-económico agroforestal para recuperar un oliveiral, un modelo técnico-económico forestal para a recuperación do bosque de ribeira, e un modelo técnico-económico silvopastoral nunha zona onde xa existe unha explotación de gando bovino e que busca agora diversificar cara o gando porcino autóctono (Porco Celta).

Xa por último, indicar que do continuo traballo realizado polo equipo técnico na procura de actores que teñan interese e/ou necesidade de recuperar e mobilizar a terra agraria, estamos traballando recentemente co Concello de Mondariz Balneario na recuperación das terras do denominado Monte Landín (propiedade privada e comunal). A multifuncionalidade será marca de identidade para este proxecto, a combinación de actividades deportivas e produtivas poden singularizar e ser un referente de recuperación de terras en ámbitos de gran influencia urbana. Unha peculiaridade de estes terreos é que deles manan as augas mineromedicinais Declaradas de Interese de Uso Público fai 150 anos e que supuxeron situar, no mapa Europeo, a este territorio grazas a un dinamismo económico e social de especial relevancia a comezos do século XX.

Desde o GDR estase a traballar en outros proxectos que, inda que non de forma directa, poden favorecer a mobilización de terra agraria abandonada e que a día de hoxe xa contan con financiación, máis alá do Leader, e que serán unha realidade durante o ano 2024, como son a creación dun Centro BTT e Trail no Condado Paradanta e un centro de transformación agrogandeiro no concello de Covelo. O primeiro, consiste nunha infraestrutura turístico deportiva que pode dinamizar a aparición doutros proxectos

vinculados ao sector agrario e turístico. O segundo, aportará un novo recurso ao territorio para a revalorización do sector agrario.

5.4. MARCO DE ORDENACIÓN DE INCIDENCIA POTENCIAL

Resulta de interese ter en conta a planificación e ordenación do territorio, os usos do solo e a normativa sectorial, aínda que será durante a execución da estratexia e o desenvolvemento dos proxectos concretos cando o marco de ordenación terá que ser analizado para cada caso específico.


Na seguinte táboa recolleemos as diferentes figuras que rexen a nivel municipal a ordenación do territorio. Os Plans Xerais de Ordenación do Territorio o fan en ata cinco concellos, os Proxectos de Ordenación do Medio Rural en dous concellos e as Normas Subsidiarias de Planeamento nos tres restantes.

Concello	Normativa de ordenación do territorio
Arbo	PXOM - Plan Xeral de Ordenación Municipal
A Cañiza	PXOM - Plan Xeral de Ordenación Municipal
Covelo	PXOM - Plan Xeral de Ordenación Municipal
Crecente	NSP - Normas Subsidiarias de Planeamento
Mondariz	POMR - Proxecto de Ordenación do Medio Rural
Mondariz Balneario	POMR - Proxecto de Ordenación do Medio Rural
As Neves	PXOM - Plan Xeral de Ordenación Municipal
Ponteareas	PXOM - Plan Xeral de Ordenación Municipal
Salvaterra de Miño	NSP - Normas Subsidiarias de Planeamento
Salceda de Caselas	NSP - Normas Subsidiarias de Planeamento

Táboa 85: Normativa de ordenación do territorio a nivel municipal no Condado Paradanta


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do SIOTUGA

Seguindo a información do Plan Básico Autonómico, existen diferentes Plans Sectoriais, recóllense no mapa que segue, que teñen afección sobre o territorio de actuación. Concretamente o Plan Sectorial Eólico nas zonas do Monte Galleiro, a Serra do Suído e a Serra da Paradanta; o Plan Sectorial de Áreas de Ordenación Empresarial nos concellos de Ponteareas, Crecente e Mondariz; e o Plan Sectorial de Retegal con área preferente nunha zona do Suído.



Imaxe 54: Mapa das afeccións de PLS no Condado Paradanta

Fonte: elaboración propia a partir de datos do PBA




Imaxe 55: Afeccións relacionadas coa enerxía no Condado Paradanta

Fonte: elaboración propia a partir de datos do PBA

No anterior mapa ilústranse as afeccións territoriais relacionadas coa enerxía, fundamentalmente, as liñas eléctricas existentes, o gasoduto ata a PLISAN e os aeroxeradores.

Finalmente tamén queremos reflexar outras afeccións que existen no territorio en cuestión. Concretamente a zona de servidume do Aeroporto de Vigo que afecta ás zonas occidentais dos concellos de Ponteareas e Salceda de Caselas e as concesións mineiras onde destacan as concesións para o aproveitamento de augas minerais e termais na zona de Mondariz.



Imaxe 56: outras afeccións

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do PBA

Por último, queremos facer mención ao Proxecto Piloto 1 deste documento “PROXECTO DE IMPULSO Á BIOECONOMÍA RURAL REVALORIZANDO O SECTOR AGRARIO VINCULADO Á CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE” que tal e como poderán comprobar máis adiante busca constituír un Plan Integral Comarcal con incidencia supramunicipal, centrado no sector agrario e a conservación da biodiversidade.

II 6. IDENTIFICACIÓN DE AXENTES OU INICIATIVAS INTERESADAS NA POSTA EN PRODUCCIÓN DA TERRA AGRARIA OU NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGROFORESTAIS

Ao longo do proceso participativo e na labor diaria do GDR téñense identificados algúns dos diferentes proxectos vinculados ao sector agrario, algúns deles xa en funcionamento e con expectativas ou necesidades de crecemento en canto á base territorial, e outros que forman iniciativas emprendedoras a desenvolver.

Como xa temos mencionado en diferentes ocasións ao longo de todo o documento, o sector vitivinícola é dos máis importantes no ámbito agrario deste territorio. A través do proxecto de cooperación Leader, téñense identificados un total de 64 viticultores (dos 1.000 que hai no territorio) que contan cunha superficie de máis de 2 Ha. Con estes viticultores se traballa na identificación das súas necesidades de crecemento para estudar a posta en marcha de figuras da LRTAG (polígono agroforestal) nos concellos pertencentes a zona DO Rías Baixas e tamén nas zonas de posible ampliación a cal se atopa en estudo.

Dentro do proxecto de Viño e froita, tamén se desenvolveu outra iniciativa para promover o aproveitamento de terras agrarias con outras alternativas como a citricultura. Neste caso, outra iniciativa en marcha e xa consolidada no veciño territorio do Baixo Miño buscaba ampliar a superficie no Concello das Neves para poder seguir medrando e atendendo a diferentes variedades e matices nos cítricos.

Dentro da gandería identificamos varias iniciativas xa en marcha, centradas no gando bovino e caprino, interesadas na ampliación da súa superficie. Dúas delas, por proximidade xeográfica, poderían chegar a constituír un polígono agroforestal privado nos concellos de Salvaterra de Miño e Salceda de Caselas; outra iniciativa no concello de Covelo busca máis hectáreas para diversificar a produción de gando bovino a porcino da raza autóctona Porco Celta. Ademais, existe interese tamén no concello da Cañiza para a posta en marcha dunha iniciativa porcina emprendedora de produción, transformación e comercialización.


Por último, dentro da agricultura temos identificadas diferentes intereses na posta en marcha de proxectos de agricultura vertical no concello de Covelo, de recuperación de especies autóctonas como o pemento de Guláns no concello de Ponteareas ou a

plantación de lúpulo por parte dunha fábrica de cervexa artesanal tamén do concello de Ponteareas.

F. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente. Coordinación



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



II 1. INTRODUCCIÓN

Os mecanismos e actuacións que se describen a continuación reflicten o marco de coordinación previsto á data de entrega deste documento. A coordinación da estratexia do GDR CONDADO PARADANTA coas dos restantes territorios de Galicia, e con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC, concíbese como unha actividade continua ao longo de todo o período. Polo tanto, os citados mecanismos e actuacións adaptaranse e desenvolveranse de forma dinámica, en función das necesidades derivadas da execución da estratexia do GDR así como do contexto de planificación e gobernanza no que esta se insire, especialmente a nivel galego.

II 2. PROCEDEMENTOS E ACTUACIÓNS DURANTE A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA PARA A SÚA COORDINACIÓN COAS DOS RESTANTES TERRITORIOS DE GALICIA, CO FIN DE MAXIMIZAR AS SINERXÍAS E COMPLEMENTARIEDADES

2.1 MECANISMOS XERAIS DE COORDINACIÓN NO PROCESO DE ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA

O marco de partida para coordinar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) cos restantes GDR de Galicia veu dado pola *Resolución de AGADER do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023* (DOG de 2 de xuño de 2022). O artigo 6.1 destas bases reguladoras establece que “*Co fin de optimizar os resultados da medida Leader en Galicia no período 2023-2027, requírese que a preparación das diferentes estratexias de desenvolvemento local estea coordinada a través dunha asociación de GDR de Galicia que agrupe polo menos a dous terzos dos GDR de Galicia*”.

O GDR CONDADO PARADANTA decidiu adherirse a ese marco xeral de coordinación a través da Asociación de GDR de Galicia, o que se plasmou na súa participación nas seguintes accións concretas:

- Subscrición do Convenio de colaboración entre a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para a coordinación das propostas de estratexias de desenvolvemento local LEADER dos 24 GDRs de Galicia no período de programación 2023-2027.
- Participación do Grupo no Comité que se constituíu para o seguimento do Convenio entre a Asociación de Grupos e as Universidades. Dito Grupo está formado polas seguintes Entidades:
 - Asociación de Grupos de GDR de Galicia
 - GDR Miño - Ulla
 - GDR Seitura 22
 - GDR A Limia - Arnoia
 - GDR Condado Pardadanta
 - Universidade de Vigo
 - Universidade de Santiago

25/10/2022	Primeira reunión por videoconferencia do Comité de Seguimento do Convenio de colaboración entre a Asociación de GDR de Galicia e as Universidades
07/11/2022	Segunda reunión por videoconferencia do Comité de Seguimento do Convenio de colaboración entre a Asociación de GDR de Galicia e as Universidades
14/11/2022	Terceira reunión por videoconferencia do Comité de Seguimento do Convenio de colaboración entre a Asociación de GDR de Galicia e as Universidades
28/11/2022	Cuarta reunión por videoconferencia do Comité de Seguimento do Convenio de colaboración entre a Asociación de GDR de Galicia e as Universidades

No espazo temporal entre estas reunións desenvolveuse traballo de análise e de propostas de mellora da documentación que estaba sendo elaborada polas Universiades.

O GDR Condado Paradanta, nas primeiras reunións, participou ademais como secretario de dito Comité elaborando as pertinentes actas e actuando como moderador de ditas reunións.

- Utilización da “plantilla” ou guía común que se confeccionou no marco do citado Convenio para a elaboración das EDLP dos GDR de Galicia, así como do repositorio de documentos e o visor SIX-Web asociados. Isto permitiu coordinar cos restantes territorios de Galicia o contido dos diferentes apartados da estratexia, así como contar cunha información e documentación de partida común para a elaboración das estratexias dos diferentes GDR.
- Participación do Grupo nas reunións realizadas por videoconferencia cos seguintes GDR; Limia-Arnoia, Seitura 22, Ancares, Mariñas Betanzos e Terra Cha para traballar en propostas de futura coordinación e partir da base dun interese común relacionado co sector forestal.
- Do mesmo xeito o Grupo ten mantido reunións individuais cara a establecer liñas de traballo cos seguintes Grupos:
 - Mariñas-Betanzos. Dado a similitude territorial deste dous Grupos, en certa maneira os dous territorios teñen un carácter periurbano dado a influencia dun gran núcleo de poboación (Coruña e Vigo), así como polas liñas de traballo realizadas e as que se prevén realizar coa implantación desta EDLP.
 - Eu Rural. Sendo territorios limítrofes e compartir recursos que teñen unha grande influencia no desenvolvemento socioeconómico do territorio, como é o caso do río Miño, ambos os dous territorios forman parte da DO Rías Baixas.
 - DELOA. Dada a orientación das últimas estratexias deste Grupo, para o GDR Condado Paradanta resulta importante establecer novas liñas de traballo con Deloa onde as industrias creativas sexan o nexa de coordinación.
- Participación do Grupo nas reunións organizadas pola Asociación de GDR de Galicia para discutir e afinar os instrumentos de coordinación antes

mencionados. En concreto, o Grupo participou nas seguintes reunións de coordinación:

18/03/2022	Reunión GDRs con Agader para a presentación do Programa Aldeas Intelixentes de Galicia
27/05/2022	Reunión de Xunta directiva da Asociación de GDR para preparar Asemblea
08/06/2022	Reunión Comité Seguimento Agader cos GDRs
13/06/2022	Reunión 30 Aniversario Avaliación LEADER (Concello de Cenlle)
20/06/2022	Asemblea Xeral ordinaria da Asociación de GDR, debatindo e acordando posibles accións de coordinación das Estratexias
22/06/2022	Comité de Seguimento do PDR (2024-2020)
28/07/2022	Reunión de Agader cos GDRs para coordinación de Estratexias
11/08/2022	Asemblea xeral da Asociación de GDR de Galicia para aprobación do Convenio
16/09/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
29/09/2022	Reunión de coordinación AGADER – GDRs
24/10/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
7/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
8/11/2022	Participación GDRs en proxecto GAL X CLIMA (online)
10/11/2022	Asemblea Xeral da Asociación de GDR para a coordinación de Estratexias
14/11/2022	Envío de borrador aos GDR de Plantilla para elaboración de Estratexias 2023-2027
15/11/2022	Elaboración de cuestionario online para os GDR sobre o interese na creación de Grupos Temáticos e definición de temas
16/11/2022	Reunión para coordinación do Seminario sobre Redes, Grupos e Retos (para o día 12/12/2022)

17/11/2022	Reunión de Coordinación das estratexias en Sergude (GDR/Agader/Universidades)
28/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
2/12/2022	Xornada funcionamento Visor para recuperación terras agrarias
12/12/2022	Seminario Redes, Grupos e Retos para o novo LEADER (2023-2027)
13/12/2022	Participación GDRs en proxecto GAL x CLIMA (2) (online)

- Realización de achegas por parte do Grupo, no marco das reunións, especialmente sobre as seguintes cuestións: Visor
- Ademais, o Grupo traballou de forma conxunta coa Asociación de GDR e o equipo de apoio técnico das Universidades, especialmente en certos apartados específicos da súa estratexia:
 - C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.
 - E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.
 - G. Propostas de proxectos piloto.

2.2. GRUPOS DE TRABAJO (GT)

Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración entre Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia co espírito de coordinar as súas EDLP. Estrutúranse en catro temáticas específicas, segundo a táboa actualizada que se reflicte ao comezo deste documento. Estes grupos teñen como obxectivo abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDR participantes.

A través da cooperación e coordinación entre os GDR e outros axentes relevantes, os Grupos de Traballo buscan promover a reunión, formación, intercambio de coñecementos e a creación dunha rede de traballo en torno á temática elixida. O seu

obxectivo principal é articular proxectos e accións que teñan un impacto positivo nos territorios rurais e traballar para a obtención de fondos que permitan o seu desenvolvemento.

2.2.1 GUIÓN GRUPO DE TRABALLO (GT) ENTRE GDR DE GALICIA

O proceso de posta en marcha dos catro GT definidos previamente divídese en dúas fases. A primeira, consistente na definición do obxectivo deste GT, das súas temáticas, dos GDR que os forman e da metodoloxía a empregar para a súa posta en funcionamento, e que se dará por rematada coa entrega das EDLP a AGADER, cuxo prazo remata o 10 de xullo do presente ano. A segunda fase, que consistirá na posta en marcha dos GT, se iniciará coa aprobación, se é o caso, das EDLP e se prolongará durante toda a implementación das estratexias.

- **PRIMEIRA FASE**

Esta fase comezou durante a elaboración das EDLP e dáse por rematada o 10 de xullo de 2023, data final para a entrega das EDLP. Os traballos desenvolto durante esta fase levaron as seguintes premisas e conclusións:

1. Definición dos GT en base ás temáticas de interese para os GDR. Quedando constituídos como segue:
 - a. Grupo traballo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental
 - b. Grupo Traballo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
 - c. Grupo Traballo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario
 - d. Grupo Traballo: Turismo en zonas rurais
 - e. Grupo Traballo: Innovación e dixitalización

2. Incorporación dos GDR aos GT, segundo os seus interese e de xeito voluntario.
 Quedando como segue:

Grupo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental	Grupo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR2 Terra Chá GDR3 Montes e Vales Orientais GDR10 Limia Arnoia (coordinador) GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR20 Ulla Tambre Mandeo GDR24 Seitura 22	Grupos inscritos: GDR2 Terra Chá GDR3 Montes e Vales Orientais GDR4 Comarca de Lugo GDR 5 Miño Ulla GDR 7 Valdeorras GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR9 Monteal GDR10 A Limia-Arnoia GDR12 Carballiño-O Ribeiro GDR13 Condado Paradanta (coordinador) GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos GDR24 Seitura 22
Grupo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario	Grupo: Turismo en zonas rurais
Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR3 Montes e Vales Orientais GDR 5 Miño Ulla GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR9 Monteal GDR11 ADERCOU GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos GDR24 Seitura 22 (coordinador)	Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR3 Montes e Vales Orientais (coordinador) GDR4 Comarca de Lugo GDR7 Valdeorras GDR9 Monteal GDR12 Carballiño-O Ribeiro GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela

Táboa 86: Grupos de traballo 2023 – 2027

Fonte: elaboración propia

Ao non haber GDR voluntario para coordinar o Grupo de Traballo de Innovación e dixitalización queda sen constituír pendente de facelo a que xurda o interese por parte dalgún GDR en lideralo e coordinalo. En todo caso a innovación será un elemento transversal no traballo de todos os GT.

3. Os GT enmárcanse dentro do epígrafe F do Anexo C como uns instrumentos para a coordinación das EDLP. Porén, acórdase por unanimidade, dos GDR que forman os GT, que deben ser unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do LEADER, axudando a consolidar aso GDR como axentes relevantes nos territorios.
4. A posta en marcha de proxectos cara á obtención de fondos para os territorios, máis alá do que nos posibilita o LEADER é un dos obxectivos principais destes Grupos de Traballo.
5. Reunirse, formarse, compartir e crear unha rede de traballo entre os GDR e con axentes das temáticas dos GT serán as principais liñas de traballo, co obxectivo de articular proxectos que teñan impacto nos territorios.
6. A composición dos GT é aberta, polo que ao longo das estratexias poderán incorporarse GDR interesados nas súas temáticas. Do mesmo xeito, preténdese que os GT sexan dinámicos e operativos. Para iso, redactarase un regulamento de funcionamento co obxecto de crear as condicións de traballo máis axeitadas e xerar produtividade. Tamén se regulará a posible baixa dos GDR que non participen activamente no GT.

- **SEGUNDA FASE:**

A partir da aprobación das EDLP por parte da AGADER, baixo un regulamento de réxime interno por definir, traballarase baixo a metodoloxía que se indica a continuación, coas seguintes consideracións:

- A metodoloxía de traballo que pretendemos desenvolver é un proceso aberto e vivo. Polo tanto acordase que se ao longo da implementación das estratexias, no caso de detectarse a necesidade de crear outros GT, os GDR interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns.

- Así mesmo, se dentro dun GT actual se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia u eficiencia poderase e deberase constituír tales subgrupos.

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos GT e a obtención dos seus obxectivos.
2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborárase unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do GT, para resolver as debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales desas necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades. O punto de partida para este traballo pode ser o que manifestaron os diferentes GDR na reunión que se celebrou en Lalín o 6 de xuño do presente ano e que se reflicten neste documento ao final do mesmo.
3. Segundo a priorización de necesidades e pontencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos GT.
4. Definir plan de acción e as correspondente liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación
5. Tamén será de interese Identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes GT que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou establecer colaboracións.

2.2.2 RELACIÓN DE INTERESES MANIFETADOS POLOS GDR NA REUNIÓN CELEBRADA O 6 DE XUÑO DO PRESENTE ANO EN LALIN.

• GRUPO DE TRABALLO AUGA E ENERXÍA:

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 10 Limia Arnoia

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS	AXENTES DE INTERESE
GDR 1 Terras de Miranda	Xestión da auga e enerxía na agricultura	Confederación hidrográfica.
GDR 2 Terra Cha	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Comunidades enerxéticas locais.	Confederación hidrográfica. Axencia Europea do Medio Ambiente.

GDR3 Montes e Vales Orientais	Comunidades Enerxéticas Xestión de auga potable en rutas e camiños	FEGAMP Augas de Galicia
GDR 10 Limia Arnoia	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Xestión da auga en núcleos urbanos. Sensibilización e manexo da auga como limitante para o desenvolvemento.	GDR. Empresas Galegas de xestión da auga (Viaqua, Espina e Delfin, Hidrantia,...)
GDR13 Condado Paradanta	Optimización do recurso para uso humano e de regadío Comunidades Enerxéticas	Confederación hidrográfica.
GDR 15 Pontevedra-Morrazo	Descarbonización e cambio climático, servizos ecosistémicos do monte, comunidades enerxéticas e sensibilización ambiental / retos sectoriais	
GDR 16 Pontevedra Norte	Comunidade enerxéticas. Enerxías renovables.	DX Patrimonio Natural. SIAM.
GDR 20 – Ulla Tambre Mandeo	Comunidade enerxéticas. Boas practicas. Economía Circular. Auga e contaminación.	DX de Gandeiría. SINAC.
GDR 24 - Seitura	Comunidade enerxéticas. Mobilidade Rede traídas veciñais.	DX Desenvolvemento Rural

Táboa 87: Grupo de traballo "Auga e enerxía"

Fonte: elaboración propia

- **RECUPERACIÓN DE TERRAS AGRARIAS. FERRAMENTAS PARA A XESTIÓN DO TERRITORIO:**

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 13 Condado Paradanta.

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR 2 Terra Cha	Posta en marcha de instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria galega (LRTAG). Concretamente polígonos e permutas.
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Aplicación dos instrumentos da LRTAG a través do GDR.
GDR 4 Comarca de Lugo	As permutas como vía de recuperación da terra agraria.
GDR 5 Miño - Ulla	Posta en marcha de instrumentos da LRTAG co obxecto de aumentar a base territorial das explotacións de vacún e de viñedo.
GDR 7 Valdeorras	LRTAG orientada á loitar contra o abandono das terras, base territorial para as explotacións, prevención dos incendios, recuperación demográfica e mellora da calidade de vida da poboación no rural.
GDR8 Sil-Bibei-Navea	Posta en marcha de instrumentos de recuperación de terra agraria
GDR 9 Monteval	Os instrumentos da LRTAG como ferramentas para a loita contra os incendios forestais. Asesoramento iniciativas privadas que poden xurdir no territorio Impulso aos polígonos agroforestais privados. Difusión e divulgación da lei entre a poboación local.
GDR 10 Limia Arnoia	Proxecto A TERRA. Intentando crear metodoloxía de traballo para a aplicación da LRTAG.
GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Novas producións coas posibilidades que dá a LRTAG. Así como estudo de loita contra as pragas e enfermidades na vide.
GDR13 Condado-Paradanta	A LRTAG debe ser unha oportunidade para xerar novas actividades produtivas no sector primario e artellar fórmulas de convivencia entre estas e os residentes dos territorio favorecendo a transición ecolóxica dos territorios.

GDR15 Pontevedra-Morrazo	Aplicación dos instrumentos da LRTAG, facendo fincapé, na formación e asesoramento para promover os instrumentos de mobilización e recuperación, de iniciativa privada.
GDR 16 Pontevedra Norte	Desenvolver Banco de Explotacións.
GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Formarse para interpretar a LRTAG e asesorar a iniciativas públicas e privadas.
GDR 21 - Asedecomor	As permutas e os polígonos agroforestais como vía de recuperación da terra agraria, fundamentalmente no sector forestal. Reorientar a produción gandeira e recuperación da produción de variedades tradicionais.
GDR 22 Costa da Morte	Accións formativas relacionadas coa interpretación da LRTAG. Posta en marcha de polígonos agroforestais e realización de permutas para dotar de base territorial ás empresas do sector. Recuperación de variedades tradicionais e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros e forestais.
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Aplicación dos instrumentos da LRTAG.

Táboa 88: Grupo de traballo "recuperación de terras agrarias. ferramentas para a xestión do territorio"

Fonte: elaboración propia

- **GRUPO DE TRABAJO PRODUCTOS AGROLIMENTARIOS.**
POTENCIACIÓN DO SECTOR AGROPECUARIO:

A continuación recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 24 Seitura 22:

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR 1 Terras de Miranda	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles. Ecocomedores. Transformación e comercialización de produtos agroalimentarios
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles.
GDR 5 Miño - Ulla	Transformación e comercialización alimentaria. Agricultura ecolóxica
GDR 8 Sil – Bibei – Navea	Proxecto Silbina Transformación alimentaria
GDR 9 - Monteval	Estratexia da Granxa a Mesa Sistemas Alimentarios Sostibles Ecocomedores
GDR 11 Comarca de Ourense	Estratexia da Granxa a Mesa. Qm 0. Comedores Escolares.
GDR 13 Condado - Paradanta	Estratexia da Granxa a Mesa Produción, transformación e comercialización de produtos agroalimentarios Ecocomedores
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Estratexia da Granxa a Mesa. Produción e transformación ecolóxica. Consumo de proximidade. Comercialización conxunta. Promoción e valorización das IXP, DO, AA.
GDR 16 Pontevedra Norte	
GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Consumo Qm 0. Relacións produtores-hosteleiros. Mercados locais
GDR 21 – Comarca de Ordes	Km 0. Mercados locais.

	Comedores comunitarios. Aproveitamento segundas calidades.
GDR 22 – Costa da Morte	Valorización da produción de destrío para o seu aproveitamento. Consumo de proximidade e comedores comunitarios (Ecocomedores). Recuperación de variedades autóctonas e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros. Transformación da produción convencional en ecolóxica
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Estratexia da Granxa a Mesa. Ecocomedores.

Táboa 89: Grupo de traballo "Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario"

Fonte: elaboración propia

• GRUPO DE TURISMO EN ZONAS RURAIS:

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 03 Montes e Vales Orientais

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR1 Terras de Miranda	Integrar as novas tecnoloxías como eixo transversal. Turismo sostible e ecoturismo Vinculación dos recursos turísticos mar e interior Paquetización da oferta do territorio
GDR3 Montes e Vales Orientais	Ecoturismo e turismo activo de natureza. Traballar a sostibilidade turística dende o enfoque social, económico e ambiental.
GDR4 Comarca de Lugo	Sostibilidade turística e intercambio de experiencias.
GDR7 Valdeorras	Turismo sostible, enoturismo e propostas de turismo industrial
GDR9 Monteval	Iniciativas ligadas ao Enoturismo e Turismo arqueolóxico e de natureza Como axudar ao sector na creación de destino turístico e imaxe de marca vencellada aos valores territoriais? Impulso ao emprendemento neste sector

GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Mobilidade para o sector turístico. Empresas de servizos complementarios.
GDR13 Condado-Paradanta	Potenciar o agroturismo e o turismo intelixente.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Enfoque transversal da sostibilidade. Turismo verde e enoturismo.
GDR16 Pontevedra Norte	Paquetizar oferta conxunta de varios territorios.
GDR17 Salnés Ulla Umia	
GDR19 Terras de Compostela	Crear experiencias de interese para Touroperadores; estudar interese dos operadores antes de facer paquetes Enogastronomía.

Táboa 90: Grupo de traballo "Turismo en zonas rurais"

Fonte: elaboración propia

2.3 OUTRAS ACTUACIÓNS PARA A COORDINACIÓN DA ESTRATEXIA DO GDR COAS DOS RESTANTES TERRITORIOS DE GALICIA

O GDR Condado Paradanta identifica oportunidades de colaboración e coordinación cos GDR da provincia de Pontevedra xa que poderían realizar a través de diferentes colaboracións traballos que redunde no beneficio da marca provincial e o tempo no desenvolvemento de iniciativas en colaboración con outros estamentos públicos e privados con incidencia territorial como a Deputación, ou a Confederación de empresarios de Pontevedra (CEP).

Así mesmo crese convinte que manteña traballos en Rede con outros GDR que teñan vinculación coas DO vitícolas, de xeito de establecer accións conxuntas relacionadas coa estratexia da Xunta de Galicia orientada ao sector, sobre todo en cuestión de enoturismo.

II 3. MECANISMOS E PROCEDEMENTOS QUE SE VAN IMPLANTAR AO LONGO DO PERÍODO 2023-2027 PARA ASEGURAR A EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE XEITO COORDINADO COS RESTANTES GDR DE GALICIA

O GDR 13 CONDADO- PARADANTA prevé impulsar e participar nos mecanismos e procedementos que se indican a continuación, para facilitar a execución da súa estratexia de xeito sinérxico e colaborativo cos restantes GDR de Galicia.

3.1 TALLER DE LANZAMIENTO: VISIÓN XERAL DAS EDLP DOS GDR GALEGOS

Logo da aprobación das estratexias de desenvolvemento local, o GDR 13 CONDADO- PARADANTA contribuirá á organización, coordinada pola Asociación de GDR de Galicia, dun taller de lanzamento do novo período LEADER, no que cada Grupo exporá os principais elementos da súa EDLP, en particular do seu Plan de acción. Este taller permitirá coñecer con maior detalle as estratexias dos diferentes GDR de Galicia, co fin de afinar as accións de coordinación no novo período. En particular, axudará a identificar os grupos de traballo xa formados (ver o punto F.1.2) que é interesante que continúen funcionando e, no seu caso, outros novos a constituír.

Ese taller de lanzamento poderá ir seguido de talleres de seguimento durante o período 2023-2027, nos que os GDR de Galicia podan presentar e debater as actividades realizadas, resultados, atrancos e retos no proceso de execución das súas estratexias, como mecanismo de intercambio de información e coordinación.

3.2 GRUPOS DE TRABAJO

Unha vez aprobada a estratexia do GDR 13 CONDADO- PARADANTA, este contribuirá ao mantemento daqueles grupos de traballo (dos constituídos na fase de elaboración das estratexias) que considere de interese e/ou á creación doutros novos. Para concretar os obxectivos e actividades destes grupos de traballo tomarase, en principio, como referencia o modelo exposto anteriormente para o período de elaboración das estratexias.

Na medida das súas posibilidades, en función dos medios humanos e materiais cos que conte, propoñemos que a Asociación de GDR de Galicia supervise e preste apoio ao funcionamento dos grupos de traballo. Ademais, en función das necesidades

detectadas, ás reunións destes grupos poderán ser convidados expertos ou outros actores externos con capacidade para aportar información de interese para os GDR.

3.3 BASE DE DATOS DE PROXECTOS

O GDR 13 CONDADO- PARADANTA colaborará na creación e actualización dunha base de datos conxunta dos proxectos e actividades financiadas no marco das EDLP en Galicia. Base de datos que, no seu caso, incluírá tamén outras actividades promovidas polos GDR que se consideren interesantes para o coñecemento dos outros Grupos.

A estrutura, contido, soporte tecnolóxico e ubicación desta base de datos, así como o procedemento para asegurar a súa actualización permanente, serán concretados por unha comisión *ad hoc* integrada pola Asociación de GDR de Galicia e AGADER.

3.4 IMPULSO DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN

A partir do intercambio de información nos grupos de traballo nos que participe, o GDR 13 CONDADO- PARADANTA márcase o obxectivo de identificar proxectos de cooperación no marco LEADER a promover con outros territorios, e tamén explorar as oportunidades existentes noutros programas e convocatorias de financiación para proxectos que vaian máis alá do ámbito territorial deste GDR.

II 4. MECANISMOS E PROCEDEMENTOS PARA ASEGURAR A EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE XEITO ALIÑADO CON OUTRAS MEDIDAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL XESTIONADAS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA NO MARCO DA PAC

De entrada, entendemos que a definición dos mecanismos e procedementos para asegurar que a execución das estratexias dos GDR está aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia dependerá en boa medida das normas e actuacións que con ese fin adopte AGADER, en coordinación, no seu caso, cos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e intervencións.

Como punto de partida para contribuír a ese aliñamento, o GDR 13 CONDADO- PARADANTA recolle no apartado D unha análise da relevancia e a posible incidencia

na súa estratexia dos principais elementos do marco normativo e institucional, prestando especial atención ás medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia dentro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PE PAC), así como aos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionados co medio rural.

Reprodúcese a continuación un resumo dos aspectos máis salientables derivados desa análise do apartado D:

- Intervencións de desenvolvemento rural do PE PAC máis relevantes para o GDR:
 - Fomento da economía circular
 - Impulso dun sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente (Estratexia da granxa á mesa)
 - Fortalecer os circuitos curtos e sistemas alimentarios locais
 - Reforzo das DOP e IXP
 - Actuacións en áreas protexidas do territorio
 - Apoio a iniciativas empresariais que contribúan á recuperación de biodiversidade
 - Impulso da agricultura ecolóxica

Elementos máis relevantes para o GDR dos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia:

- Lei de recuperación da terra agraria de Galicia
- Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia 2020-2026
- Plan Forestal de Galicia 2021-2040

Tendo iso como base, o GDR 13 CONDADO- PARADANTA propón os mecanismos e procedementos que se indican a continuación para asegurar o aliñamento da execución da súa estratexia (e das estratexias dos GDR galegos) coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco da PAC, así como cos plans sectoriais e iniciativas prioritarias da Administración autonómica para o medio rural.

4.1 IDENTIFICACIÓN DOS ÁMBITOS PRIORITARIOS PARA O ALIÑAMENTO E ESTABLECEMENTO DE DIRECTRICES

A partir da análise das estratexias dos 24 GDR de Galicia finalmente aprobadas, en particular do seu apartado D, AGADER e os GDR identificarán conxuntamente os ámbitos temáticos e os tipos de proxectos ou actuacións nos que é máis necesario un

aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural e cos plans e iniciativas prioritarias da Xunta de Galicia para o medio rural. Sobre esa base, poderá elaborarse un documento (Guía para a execución das estratexias LEADER) no que se establezan normas e directrices para promover que a execución das estratexias dos GDR estea aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia. O contido desta Guía poderá actualizarse a medida que avance a execución das estratexias, en base á experiencia acumulada, tendo en conta para isto as reunións de seguimento indicadas no punto F.3.3.

O GDR 13 CONDADO- PARADANTA avaliará a forma de incorporar as normas e directrices desa Guía xeral na aplicación da súa estratexia, tanto na información subministrada aos axentes do territorio como na valoración e selección dos proxectos presentados ao Grupo.

4.2 XORNADAS INFORMATIVAS E FORMATIVAS PARA O PERSOAL TÉCNICO DOS GDR

Ademais da elaboración da citada Guía, o GDR 13 CONDADO- PARADANTA considera oportuno que, ao inicio do período, se organice un programa de formación e información dirixido ao persoal técnico dos GDR sobre os ámbitos e tipos de proxectos identificados como críticos para o seu aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural. Este programa pode ser organizado por AGADER en colaboración coa Asociación de GDR de Galicia, contando tamén coa participación dos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e medidas relevantes dentro da Xunta de Galicia.

Partindo diso, o GDR 13 CONDADO- PARADANTA levará a cabo actividades de información e divulgación aos axentes do territorio, sobre o tipo de proxectos financiados polo Grupo e a súa delimitación, complementariedade e sinerxías potenciais con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia.

4.3 REUNIÓN DE SEGUIMENTO

Como complemento do anterior, o GDR 13 CONDADO- PARADANTA propón a organización periódica de reunións entre AGADER e os GDR, coa participación tamén dos órganos xestores das medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, para avaliar o aliñamento da execución das estratexias LEADER con esas

medidas e políticas sectoriais, resolver as dúbidas ou cuestións que vaian xurdindo e debater posibles adaptacións na execución desas estratexias e/ou nas políticas sectoriais e outras medidas de desenvolvemento rural.

4.4 GOBERNANZA

Para impulsar e pilotar as accións mencionadas nos puntos anteriores o GDR 13 CONDADO- PARADANTA considera que sería oportuno constituír un “Comité de Coordinación e Seguimento das Estratexias LEADER”. O seu cometido sería promover o aliñamento das estratexias dos GDR con outras medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, a través das actuacións citadas anteriormente e outras que se acorden.

O Comité estaría integrado por AGADER, unha representación dos GDR e responsables doutros servizos da Xunta de Galicia que xestionan medidas de desenvolvemento rural ou outras políticas sectoriais relevantes para as estratexias dos GDR.

G. Propostas de proxectos piloto



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



II 1. PROPOSTA PROXECTO PILOTO

DENOMINACIÓN

“Proxecto de impulso á bioeconomía rural revalorizando o sector agrario vinculado á conservación da biodiversidade. Proxecto biobio”

INTRODUCCIÓN: UN TERRITORIO SOSTIBLE.

O desenvolvemento sostible definiuse como aquel que satisfai as necesidades actuais sen poñer en perigo as necesidades das xeracións futuras. O concepto inclúe o medio ambiente, os intereses sociais e económicos, que deben coexistir nun equilibrio de forma que se eviten as presións que se están producindo nas últimas décadas en todo o planeta e no noso territorio, en particular. Neste sentido, a Xestión Sostible do Territorio debe ser partícipe desta filosofía e debe garantir a planificación e xestión dos usos do chan equilibrando os intereses ambientais, sociais e económicos.

A ordenación do territorio incide directamente na calidade de vida das persoas. Un uso racional do chan e os seus recursos permite un adecuado desenvolvemento social e económico compatible coa protección do medio ambiente.

Así mesmo, as políticas e estratexias europeas, tales como a Estratexia Territorial Europea e as Estratexias Territoriais para un Desenvolvemento Sostible en Europa, constitúen un claro marco de referencia á xestión sostible do territorio.

A xestión sostible do territorio comprende o coñecemento integral do territorio (urbano, rural, natural e litoral) e o seu medio ambiente, as actividades económicas, as actividades dos cidadáns, e as interaccións entre eles. Por tanto, á incidencia de factores económicos, legislativos, e sociais (frecuentemente con intereses diferentes e, en ocasións, contrapostos), únese a necesidade de coñecemento e innovacións tecnolóxicas que respondan eficazmente ás problemáticas expostas nos diversos ámbitos desde un punto de vista integral. Ademais, os cambios nas condutas humanas e nas prácticas de xestión de recursos deben adaptarse e redeseñarse continuamente para lograr o obxectivo básico do desenvolvemento sostible. Neste contexto a paisaxe xoga tamén un papel importante como indicador visible de saúde ambiental e da xestión ambiental que se está levando a cabo.

Así mesmo, a xestión sostible do territorio pivota en dous medios que conviven de forma habitual no noso País interaccionando de forma permanente. Trátase do medio natural (ou seminatural) e do medio construído. O primeiro caracterízase principalmente por non sufrir alteracións antrópicas importantes, mantendo a súa identidade en canto a ecosistemas naturais e agroecosistemas e o segundo refírese a un medio practicamente antropizado na súa totalidade cuxos usos se orientaron principalmente a dar servizo aos cidadáns e as súas necesidades.

Ambos os medios conviven dunha forma natural e habitual en Galicia, en forma de espazos naturais protexidos, asentamentos urbanos, zonas rurais, zonas industriais integradas nas anteriores ou formando entidades por si mesmas en parques industriais etc.

Desde os anos 80, a dimensión ambiental foise introducindo de forma paulatina nos diferentes ámbitos de planificación e xestión do territorio, debido a que décadas de desenvolvemento demográfico e económico, principalmente a expansión urbanística e as infraestruturas de transporte, volveron máis agudos os conflitos entre os diferentes usos do territorio. Así mesmo, os aspectos sociais cobraron unha especial importancia, sendo actualmente o reto conseguir involucrar a todos os axentes implicados na xestión sostible do territorio e establecer mecanismos de participación efectiva.

Aínda que o concepto de sustentabilidade implica tres dimensións (a sustentabilidade ambiental, a sustentabilidade económica e a sustentabilidade social), cabe recoñecer que o factor ambiental foi o factor que menos condicionou ás decisións e os modelos de desenvolvemento. As normativas mencionadas reflicten esa limitación, facendo referencia expresa á dimensión ambiental e entendendo esta como o elemento clave para conseguir a integración dos criterios de sustentabilidade (económicos, sociais e ambientais), na formulación de plans e programas desde as súas fases iniciais. Non obstante a avaliación da sustentabilidade deberá ter en conta o grao de consecución dos obxectivos de todas as compoñentes, polo que á avaliación ambiental deberánselle engadir instrumentos de avaliación específicos para os outros aspectos como o análise custo-beneficio aplicable aos aspectos económicos e sociais.

Doutra banda a sustentabilidade preséntase tamén como o fío condutor para facer efectiva a integración e a coordinación entre todos os sectores e escalas de planificación e programación. Desde un punto de vista ambiental non ten sentido entender a estratexia ambiental como un instrumento aplicable individualmente para cada plan ou programa, senón que require como elemento clave a coherencia e a compatibilidade entre todas as avaliacións ambientais de plans, programas e proxectos que levan a cabo nun ámbito territorial determinado.

Por iso a procura dun Sistema Integrado de Planificación Sostible é un dos retos principais actuais das administracións involucradas aos distintos niveis. Este cambio nas tendencias conleva a necesidade de evolución/movemento desde un posicionamento tecnolóxico en áreas ambientais específicas pasando pola integración das devanditas áreas entre elas e con outras disciplinas crave, tanto ambientais como socio-económicas e de plan, para chegar a un posicionamento estratéxico e integral na xestión sostible do territorio, cunha visión holística do mesmo.

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Nos últimos anos no territorio de actuación do GDR Condado Paradanta véñense dando diferentes circunstancias que fan que poboación local se vaia identificando máis co sentir do mesmo.

É valorable que nas diferentes reunións participativas para a elaboración da EDLP, os axentes vinculados aos diferentes sectores socioeconómicos entenden que Condado-Paradanta necesita unha imaxe de “marca” recoñecible que permita trasladar tanto a nivel interno cara a poboación local como a nivel externo cara o resto de Galicia e mesmo fora das fronteiras da nosa CCAA, uns valores e unha forma de entender a xestión do rural.

Nos últimos anos, son varias as cuestións que van facendo que a poboación e mesmo os sectores socioeconómicos vaian absorbendo a información territorial necesaria que os fai afondar neste idea.

A xestión do Xeodestino por parte do GDR foi un fito neste eido, a creación dun produto turístico definido e amplo e mesmo a creación dunha imaxe promocional de marca como

é “TURISMO DEZ” fai que se transmita unha imaxe conxunta do territorio e unha fórmula de facer as cousas dende a cooperación publica-privada que, mais aló de ser tida en conta solo dende o punto de vista do sector, estea calando entre o resto de sectores como unha aposta coordinada que está a dar os seus froitos.

Voltando ao extraído no proceso de reunións previa a redacción da EDLP Leader, no mesmo, os axentes participantes puxeron de manifesto a importancia que debería ter para o territorio o auxe da agroalimentación, partindo da produción primaria vencellada á posta en marcha de iniciativas en ecolóxico ou cando menos de xeración de produtos de calidade diferencial.

Así mesmo tamén tratouse a importancia do medio natural e da capacidade que a súa conservación ten dende unha análise multifactor, que vai dende o Turismo ata a propia produción agraria comentada con anterioridade con criterios de sostibilidade.

Ademais estase a dar unha circunstancia particular en este territorio, os incendios. Non soamente o dano directo que fan ao medio e, nalgúns ocasións, coma no 2017, os danos materiais e humano que poden chegar á causa, senón que tras os incendios vén o abandono e a falta de xestión, que acaba derivando en un bosque mixto renaturalizado. É fundamental incidir nesta cuestión e buscar alternativas sostibles ao bosque mixto atlántico. Alternativas que poden ser agrarias, forestais e/ou gandeiras. Alternativas que se poden e deben desenvolver en espazos naturais protexidos.

Con todos estes algoritmos, aos que hai que sumar un máis, que é o especial interese das políticas públicas da Xunta de Galicia para loitar contra o abandono das terras Agrarias co fin de obter produtividade das mesmas, e loitar tamén deste xeito contradesastres ambientais coma os incendios forestais que no territorio do Condado-Paradanta crearon episodios moi duros dende a perspectiva territorial e social sobre todo no ano 2017.

Unha vez analizadas todas as posibilidades dende o punto de vista normativo que o territorio ten o seu dispor para facer o camiño da transición cara a un desenvolvemento sostible, atópanse na Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) o seguinte:

“A Xunta de Galicia poderá identificar as zonas de actuación intensiva para incrementar a súa sostibilidade, competitividade e desenvolvemento rural integral. Estas zonas poderán apoiarse nos límites parroquiais (e poderán incluír unha ou varias parroquias) serán obxecto dun plan de actuación integral en, polo menos, un ou varios dos seguintes

ámbitos: dotación e mellora da infraestrutura viaria, abastecemento e saneamento de auga, xestión de residuos, equipamentos e servizos comunitarios, vivenda rural, electrificación rural e telecomunicacións, reorganización parcelaria, ordenación de usos, restauración da paisaxe ou calquera outro que permita o desenvolvemento rural”.

Este é o camiño que o GDR CONDADO PARADANTA quere iniciar, e para elo precisa poñer en marcha o presente proxecto piloto.

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Tendo en conta os factores descritos entendemos que o Proxecto Piloto debe de versar sobre a realización dun estudo estratéxico, pormenorizado, eficaz e feito dende a perspectiva de campo(“pateando o terreo”) que estableza as liñas a seguir para aplicar as diferentes ferramentas de xestión territorial, facendo fincapé naquelas de incidencia da recuperación da terra agraria e protección da biodiversidade de xeito de afondar na creación dun territorio recoñecible pola súas boas prácticas sostibles, un territorio resiliente.

Este proxecto debería entender os sectores agrarios, medioambientais e turísticos como un todo, creando sinerxías entre os mesmos e propoñendo actuacións que redunden na economía circular, como xeito de facer as cousas cara a “venta” do territorio como “destino de sostenibilidade”.

Estamos, por así dicilo, propoñendo a creación dunha imaxe de marca territorial asociada á posta en marcha dunha estratexia na que se conxugue a biodiversidade, o sector agroalimentario e o emprego destes dous factores como recurso territorial de primeiro nivel atendendo principalmente a razóns de calidade.

IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE TRACTORA PROPOSTA

GDR CONDADO-PARADANTA

O GDR como catalizador dun programa de desenvolvemento rural transversal e integral, no que se inclúen as principais posibilidades, oportunidades e necesidades do territorio dende o punto de vista económico, dotacional e social e no que se recolle unha planificación dos proxectos que se van desenvolver no territorio, é quen debera ser a cabeza tractorsa dun proxecto que basea o seu posible éxito na capacidade para xuntar esforzos cooperativos.

O feito de ser xa o xestor do xeodestino “Condado-Paradanta” e do “Destino de Calidade SIDTEC” outorga xa ferramentas de xestión e sobre todo de capacidade de aglutinar aos diferentes axentes con responsabilidades na elaboración dun plan que debe mergullarse na responsabilidade social de diferentes sectores e entidades, pero que tamén debe realizar programas de concienciación e formación da poboación do territorio en xeral, xa que crear un destino que transmita a imaxe de sostenibilidade que se pretende non pode ser simplemente un camiño feito dende a perspectiva económica, senón tamén social. O territorio en xeral debe de confiar na idea.

O GDR deberá ademais de contar con outros axentes con impacto territorial como Concellos e/ou tecido asociativo, xa que sen eles non se podería facer chegar á totalidade da poboación o reto que se pretende afrontar. Nese senso xa moito se leva traballando e varios son os concellos que teñen interese neste proxecto.

Será tamén clave o papel das Universidades, as cales a través dos diferentes grupos de investigación que traballan na xeira da ordenación territorial e a loita contra o cambio climático, deben de achegar ao proxecto o valor engadido que supoñen as súas investigacións, e ao tempo propoñer medidas válidas para facer chegar a mensaxe a poboación, tendo polo tanto a súa participación dous carices, aquel que se fundamenta no proceso da investigación e a toma de decisións, e aquel que se centra no aspecto pedagóxico o social. Ademais, con este segundo factor pretendese, a similitude do que se está facendo coas empresas do sector turístico, achegar o GDR aos produtores agrarios do noso territorio. O que permitirá planificar, coordinar e crear ese destino sostible da man do sector privado.

MOTIVACIÓN DO CARÁCTER INNOVADOR DO PROXECTO

ELEMENTO INNOVADOR

Si ben as políticas europea e a nova PAC apostan por diferentes estratexias que levan a que este proxecto sexa acaecido para o momento histórico que vivimos, a innovación está en facer precisamente unha estratexia de estratexias, e dicir, non se pretende tan só aventurarnos na creación dun entorno que fomente a agricultura e a comarcalización da “granxa á mesa”, nin pretendemos tan só facer un manual de boas prácticas ambientais, nin moito menos facer un produto turístico en exclusiva.

O obxectivo innovador do territorio está en conxugar todas as ferramentas existentes co fin de crear un destino sostible que emerxa do respecto ao resto dos valores polos que neste intre está apostando Europa.

INNOVACIÓN NOS PROCESOS

Toda a elaboración desta estratexia piloto proposta é en si un proceso innovador xa que deberanse conxugar tres cuestións fundamentais para levalas a bo termo:

- 1- Unha interpretación sobre campo da realidade territorial, tanto dende o punto de vista agrario, como dende o punto de vista do coñecemento da biodiversidade. Non se trata de facer tan só unha estratexia baseada en apuntes socioeconómicos, senón de facer unha análise de ordenación produtiva global, ver onde debería estar cada sector, ver as posibilidades de coordinación e de sinerxías dende o punto de vista da ordenación do uso do solo, advertir cales serían as mellores fórmulas de sacar rendemento ás terras, en especial a aquelas en estado de abandono, etc.
- 2- Un proceso de concienciación da poboación para garantir a correcta aplicación dunha estratexia de sostibilidade. Mellorando a súa formación cara as boas prácticas ambientais como por exemplo a compostaxe, mellorar o coñecemento do territorio dende a súa propia perspectiva, mellorar e mesmo dar a coñecer aos escolares os recursos e os valores polos que aposta o territorio, etc.

- 3- Unha boa elaboración de recurso de marketing exterior para ir conxugando a creación dun territorio sostible baseado na estratexia proposta coa súa venta como produto de interese cara o turismo, a comercialización dos produtos agroalimentarios, etc

ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN

Todo o territorio do GDR formaría parte dun proxecto que como ben insistimos será global, co respecto ás calidades individuais de cada subzona, concello ou mesmo parroquia pero dende unha perspectiva de entender o territorio como un todo.

INCIDENCIA SOBRE A POBOACIÓN

Como ben dicíamos, a estratexia pretende incidir a nivel multisector e a nivel poboación, polo cal a incidencia do proxecto case que podemos dicir, sen medo a equivocarnos, que é sobre a totalidade dos habitantes do territorio, se ben terá unha especial incidencia en:

- Sector agrario, en especial aquel que de o paso á produción sostible e/ou en ecolóxico. Tamén terá incidencia no mundo forestal xa que o proxecto deberá ter en conta un sector tan potente no territorio que deberá igualmente estar ordenado dun xeito mais sostible en termos medioambientais e tamén produtivos.
- Sector turístico, xa que ao crear un destino recoñecible por uns determinados valores dará como resultado a captación dun potencial visitante que bebe deses mesmos valores.
- Poboación en xeral, xa que o feito de adoptar medidas cara a sustentabilidade territorial ten beneficios para calquera poboador do territorio, xa que esta transición mellorará a súa relación co medio e mesmo cos seus veciños no aspecto mais social. Debemos esforzarnos en facer que a convivencia entre o sector produtivo e as necesidades da poboación residente (no só a humana) sexa entendida e atendida na súa xusta medida.

OBXECTIVOS A CONSEGUIR

OBXECTIVOS XERAIS

- 1.- Crear un territorio sostible
- 2.- Crear unha imaxe recoñecible de marca territorial
- 3.- Mellorar a competitividade dos sectores agrario e turístico a través de procesos de mercado con menos custe de produción e maiores marxes
- 4.-Loitar contra as consecuencias ambientais do cambio climático (especialmente os incendios forestais)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.- Deseñar unha estratexia de aplicación sobre os sectores produtivos e sobre a poboación de xeito que a medio prazo se consiga ter un territorio que se basee na sostenibilidade.
- 2.- Empregar as ferramentas legais existentes das diferentes administracións, (Lei de recuperación da terra agraria, a estratexia Europea da biodiversidade, a Infraestrutura Verde de Galicia, etc...) para acadar fitos puntuais que melloren a estrutura territorial do Condado-Paradanta.
- 3.- Promover unha correcta ordenación dos usos do solo para mellorar a compatibilidade de actividades económicas e medioambientais
- 4.-Afondar na creación do destino “Turismo Dez” como panca de venta externa dun territorio que está a converter o turismo nunha importante pata económica.
- 5.- Concienciar á poboación da importancia da sostenibilidade territorial cara un mellor futuro e dar a coñecer os diferentes valores e localizacións de interese que o mesmo pode ofrecer cara o exterior.

Se ben a título resumo específico estes serían os obxectivos a ter en conta á hora de definir o obxecto do noso piloto, non se escapa ao GDR a necesidade de ampliar a gama de retos, obxectivos xerais e específicos na liña de transitar cara a un territorio sostible, e que sería os seguintes:

OS 7 RETOS DO TERRITORIO CONDADO PARADANTA

- 1.- Economía competitiva, innovadora, baixa en carbono e eficiente no uso dos recursos
- 2.- Conservación do patrimonio natural
- 3.-Territorio equilibrado
- 4.- Promoción da Saúde
- 5.- Equidade e xustiza social
- 6.- Compromiso con futuras xeracións
- 7.- Gobernanza responsable

Para a consecución dos 7 retos expostos, establécense as seguintes 12 Liñas Estratéxicas:

1. ECONOMÍA COMPETITIVA, INNOVADORA, BAIXA EN CARBONO E EFICIENTE NO USO DOS RECURSOS
 - 1.1. Fomentar métodos de produción e consumo máis sostibles.
 - 1.2. Impulsar estratexias de desenvolvemento económico sostibles.
2. CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL.
 - 2.1. Protexer e conservar o patrimonio natural.
 - 2.2. Preservar e recuperar a calidade dos recursos naturais
3. TERRITORIO EQUILIBRADO.
 - 3.1. Promover unha planificación urbana e territorial sostible.
 - 3.2. Desenvolver estratexias territoriais fronte ao cambio climático.
 - 3.3. Promover unha xestión eficiente dos recursos.
4. PROMOCIÓN DA SAÚDE.
 - 4.1. Fomentar a incorporación da Saúde en todas as políticas.
5. EQUIDADE E XUSTIZA SOCIAL.
 - 5.1. Reducir a desigualdade e promover a equidade.
6. COMPROMISO CON FUTURAS XERACIÓNS
 - 6.1. Fomentar a Educación para a acción.
 - 6.2. Conservar a identidade propia.
7. GOBERNANZA RESPONSABLE.

7.1. Promover un modelo de xestión baseado na participación, a transparencia, a equidade e a eficiencia.

O despregamento das 12 Liñas estratéxicas realízase a través 45 Obxectivos específicos.

RETO 1.- ECONOMÍA COMPETITIVA, INNOVADORA, BAIXA EN CARBONO E EFICIENTE NO USO DOS RECURSOS

Este primeiro RETO expón a necesidade de mellorar as capacidades competitivas da base produtiva local sen agravar as desigualdades sociais ou os impactos ambientais, entendendo que unicamente unha economía destas características pode garantir un desenvolvemento sostible do territorio. Resulta indispensable fomentar unha economía máis respectuosa co clima e que consuma menos enerxía, en concordancia coas políticas europeas de Acción polo Clima.

Todos os sectores deben de contribuír á transición cara a unha economía baixa en carbono, en función do seu potencial tecnolóxico e económico. Pola súa banda, a interiorización de conceptos tales como economía circular, eficiencia de produtos e procesos, diversificación, innovación, etc. vai reforzar esta aposta pola sustentabilidade da economía, á vez que se fortalece a competitividade do tecido empresarial de Condado Paradanta.

Para que este novo modelo económico se afiance , será necesario traballar tamén sobre a demanda, impulsado o consumo sostible tanto da cidadanía como das institucións públicas (a través da Compra e Contratación Pública Verde, entre outros).

Fomentar métodos de produción e consumo máis sostibles.	✓ Impulsar unha economía circular onde nada se desperdicie, competitiva e baixa en carbono. ✓ Optimizar o consumo de materiais e fomentar produtos e procesos máis sostibles, eficientes e competitivos. ✓ Fomentar unha produción agrícola e gandeira integrada, ecolóxica, local, adaptada ás novas condicións climáticas e con menores emisións de Gases de Efecto Invernadoiro.
--	---

	✓ Fortalecer a sustentabilidade no tecido empresarial, fundamentalmente nas Pemes.
Impulsar estratexias de desenvolvemento económico sostibles.	✓ Fortalecer o emprendemento, o emprego verde, a economía local e as oportunidades de emprego ✓ Impulsar o consumo sostible e responsable da cidadanía. ✓ Fomentar a aplicación da Compra e Contratación Pública Verde. ✓ Promover a innovación, así como a mellora e transferencia do coñecemento científico en cuestións transversais de interese común (cambio climático, seguridade alimentaria etc.)

RETO 2.- CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL.

O Territorio do Condado Paradanta presenta un patrimonio natural de gran diversidade e riqueza. Este capital natural constitúe un gran activo que debe ser debidamente protexido se se desexa garantir a sustentabilidade do territorio.

A preservación da biodiversidade e dos espazos naturais protexidos son dous dos piares sobre os que avanzar nesta materia.

Pero o reto debe ir máis aló, tentando recuperar aqueles hábitats e especies xa afectados polo desenvolvemento humano. A aposta pola mellora da calidade dos distintos medios (acuático, atmosférico e terrestre), especialmente naqueles puntos xa identificados como de menor calidade ou de maior sensibilidade, vai permitir seguir camiñando cara a unha mellora continua do patrimonio natural.

Protexer e conservar o patrimonio natural.	✓ Deter a perda e deterioro de hábitats e especies e mellorar o seu estado de conservación para avanzar cara a un territorio resiliente e multifuncional. ✓ Protexer e mellorar os espazos naturais protexidos. ✓ Facilitar o acceso aos bens naturais comúns
---	---

Preservar e recuperar a calidade dos recursos naturais	✓ Loitar contra a perda de chan e a desertificación, detendo e investindo a degradación das terras. Protexer e mellorar a calidade dos recursos hídricos (augas superficiais, augas subterráneas, zonas protexidas, masas artificiais e moi modificadas). ✓ Protexer e mellorar a calidade do medio ambiente atmosférico. ✓ Restaurar espazos naturais degradados.
--	--

RETO 3.- TERRITORIO EQUILIBRADO.

Os Retos 1 (Economía competitiva, innovadora, baixa en carbono e eficiente no uso de recursos) e 2 (Conservación do patrimonio natural) presentan unha incidencia directa no territorio, polo que se considera necesario velar por unha planificación territorial tal que garanta o equilibrio sostible de todos os aspectos e intereses.

Pola súa banda, a “Estratexia LEADER” do Condado Paradanta incide na necesidade de adoptar medidas específicas neste ámbito, tanto en materia de mitigación (sumidoiros de carbono, redución de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro, mobilidade sostible, etc) como de adaptación (resiliencia do medio e das infraestruturas críticas ante eventos extremos como inundacións e secas, etc).

A transversalización do vector cambio climático constitúe un dos grandes retos deste Plan Piloto de Desenvolvemento Sostible.

O mandato de non comprometer as posibilidades das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades, recollido por Informe Brundtland en 1987, implica, entre outros aspectos, afrontar de maneira firme e responsable o consumo de recursos. A adopción de modelos de eficiencia na xestión da auga, os residuos, a enerxía, os montes, etc. vai contribuír significativamente á consecución dun territorio sostible e equilibrado, comprometido coas xeracións futuras.

Promover unha planificación urbana e territorial sostible	✓ Fomentar a compatibilización do uso dos recursos naturais e a conservación do medio natural. ✓ Optimizar a ocupación de chan fomentando a rexeneración e reutilización de espazos degradados. ✓ Incorporar na xestión e planificación os servizos que achegan os ecosistemas. ✓ Impulsar as infraestruturas verdes como ferramenta para favorecer a mitigación/adaptación ao cambio climático. ✓ Mellorar os espazos públicos para crear contornas verdes, adaptados ao cambio climático, eficientes no seu mantemento, seguros e dinámicos.
Desenvolver estratexias territoriais fronte ao cambio climático	✓ Adaptarse ao cambio climático e reducir o risco de catástrofes, especialmente ás asociadas a inundacións e secas. ✓ Asegurar, ante eventos extremos, a resiliencia do medio construído e das infraestruturas críticas (enerxía, auga, alimentación, saúde e TICs). ✓ Aumentar o potencial como sumidoiro de carbono do Condado Paradanta. ✓ Promover un transporte universal, accesible, conectado, multimodal e baixo en emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEIs). ✓ Impulsar a mobilidade non motorizada

Promover unha xestión eficiente dos recursos	✓ Garantir o abastecemento de auga a longo prazo para os diferentes usos, a xestión eficiente da mesma e o saneamento universal. ✓ Reducir a xeración de residuos, incrementar a recollida selectiva e aplicar a xerarquía de xestión (preparación para a reutilización, valorización material, valorización enerxética, eliminación), contribuindo ao cumprimento dos plans de prevención e xestión vixentes e garantindo a coordinación, no ámbito do Territorio, das actuacións municipais en orde a garantir a prestación integral de servizos. ✓ Descarbonizar os sistemas de enerxía e reducir o consumo total deste recurso, promovendo a eficiencia enerxética, a xestión da demanda e as enerxías renovables. ✓ Realizar unha xestión sostible dos montes.
---	--

RETO 4.- PROMOCIÓN DA SAÚDE

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a “Saúde en todas as políticas” como “un enfoque das políticas públicas en todos os sectores que, sistematicamente, teña en conta as implicacións das decisións sobre a saúde, busque sinerxías e evite efectos nocivos á saúde para mellorar a saúde da poboación e a equidade en saúde” (WHO, 2013). A súa finalidade é que as decisións sobre políticas en todos os sectores teñan efectos neutrais ou beneficiosos nos determinantes sociais da saúde.

A estratexia de “Saúde en todas as políticas” susténtase sobre a evidencia de que o sector da saúde non pode, por si só, cambiar os determinantes sociais da saúde, que son en gran medida responsables da saúde das poboacións. Para abordalos, é necesario facer fronte a problemas relacionados coa vivenda, o transporte, o emprego, a urbanización, o desenvolvemento económico e o medio ambiente, por mencionar só algunhas das áreas abarcadas que están fóra da esfera de influencia da maioría dos organismos de saúde pública.

Imponse por tanto a necesidade de incorporar obxectivos específicos a este respecto.

Fomentar a incorporación da Saúde en todas as políticas	✓ Fomentar o concepto de saúde na planificación e xestión territorial, promovendo entre outras a Avaliación de Impacto na Saúde de plans, programas e proxectos. ✓ Promover hábitos de vida saudables, que fomenten o benestar de todos os colectivos e franxas de idade.
--	--

RETO 5.- EQUIDADE E XUSTIZA SOCIAL

O obxectivo do desenvolvemento sostible é definir proxectos viables compatibilizando os aspectos económico, social e ambiental das actividades humanas; "tres piares" que deben terse en conta para conseguir un territorio sostible.

A sustentabilidade social implica conseguir a equidade, o que supón a eliminación da pobreza e o acceso de todos os estratos sociais aos beneficios e virtudes do crecemento económico.

O reto consiste en satisfacer as necesidades básicas das persoas, garantindo á súa vez o cumprimento dos dereitos económicos, políticos, culturais, de equidade de xénero, etc.

En definitiva, o dereito para vivir nun contexto no que se poidan expresar e desenvolver as potencialidades de cada persoa.

Reducir a desigualdade e promover a equidade	✓ Reducir a pobreza e as desigualdades sociais, promovendo os servizos sociais locais de calidade e a cooperación ao desenvolvemento. ✓ Promover a igualdade entre mulleres e homes. ✓ Garantir a inclusión e a integración social de todos os estamentos da sociedade. ✓ Fomentar a interculturalidade co fin de tecer unha sociedade diversa, cohesionada, integradora, inclusiva e participativa; partindo da diversidade de razas, orixes, procedencias, etc..
---	---

RETO 6.- COMPROMISO CON FUTURAS XERACIÓNS

O desenvolvemento sostible, máis ca un fin, é un proceso, e como tal non é posible alcanzalo unicamente mediante a aplicación de técnicas e programas.

Como todo proceso de cambio social, depende dos valores e formas de comportamento humano, polo que a sensibilización e a educación xogan un papel estratéxico para reorientar o desenvolvemento cara á sustentabilidade e a equidade.

Sensibilizar e educar no desenvolvemento sostible significa incorporar ao ensino e á aprendizaxe persoal os aspectos fundamentais do desenvolvemento sostible, tales como o cambio climático, a biodiversidade, a redución da pobreza, o consumo sostible, a conservación da identidade etc. Así mesmo, esixe métodos participativos que motiven á cidadanía e dótenlle de autonomía, a fin de cambiar a súa conduta e facilitar a adopción de medidas en prol do desenvolvemento sostible.

Neste sentido, tan importante resulta definir unhas ferramentas adecuadas, como articular unha boa rede de axentes dinamizadores que garantan a súa posta en marcha e desenvolvemento.

Fomentar a Educación para a acción	✓ Potenciar a sensibilización, concienciación, formación e información do conxunto da sociedade (cidadanía en xeral, colectivos específicos (mocidade, etc), empresas, entidades públicas, etc) sobre os distintos vectores de sustentabilidade. ✓ Reforzar a Axenda Local e Axenda Escolar e a súa necesaria coordinación como ferramentas de construción de sustentabilidade. ✓ Identificar, capacitar e potenciar aos axentes dinamizadores e innovadores en materia de sensibilización para a sustentabilidade nos distintos ámbitos, facilitando o seu traballo colaborativo en rede. ✓ Conservar a identidade propia ✓ Fomentar a cultura local
Conservar a identidade propia	✓ Fomentar a cultura e o emprego das artes a nivel local

RETO 7.- GOBERNANZA RESPONSABLE

A gobernanza responsable fai referencia a unha nova forma de entender a acción pública e as súas estruturas organizativas, á forma en que os territorios son administrados e as políticas aplicadas.

A gobernanza responsable implica un novo modelo operativo para os distintos axentes e niveis de goberno implicados, así como para os procesos de decisión. A participación, o diálogo, a accesibilidade da cidadanía, a corresponsabilidade público-privada ou a coordinación de políticas públicas constitúen elementos fundamentais sobre os que debe basearse este novo modelo de goberno territorial.

Promover un modelo de xestión baseado na participación, a transparencia, a equidade e a eficiencia	✓ Mellorar a accesibilidade da cidadanía aos servizos e a información pública. ✓ Fomentar espazos de participación e diálogo coa sociedade civil. ✓ Fomentar a corresponsabilidade público-privada no desenvolvemento da estratexia de sustentabilidade. ✓ Fomentar modelos de xestión baseados na colaboración e a coordinación dos axentes públicos, avanzando cara a unha rede de institucións eficaces e inclusivas que rendan contas. ✓ Desenvolver unha gobernanza exemplarizante en materia de sustentabilidade que fomente a consideración dos principios transversais e a integración ambiental. ✓ Mellorar a información e transparencia sobre os distintos vectores de sustentabilidade de acordo á nova Normativa.
--	---

Pero non se poden abordar estes retos sen antes situarnos nun espazo de coñecemento do camiño a iniciar polo territorio, polo cal plantexaremos levar adiante unha serie de actividades que redunden na liña da formación e información aos diferentes axentes do territorio e en diferentes niveis, para acadar un consenso territorial á hora de abordar esta Transición cara a sostibilidade, e o tempo crear unha estratexia e Plan de actuacións que nos leven a conseguilo.

ACTIVIDADES PROPOSTAS E ORZAMENTO

Actividade 1: Elaboración da estratexia de destino sostible

- **Descrición e xustificación:** Sería a base do proxecto e consistirá na elaboración dunha estratexia real e ape de campo que fixese un estudo pormenorizado de cal é o camiño a seguir para acadar os obxectivos. Dita estratexia deberá outorgar as ferramentas adecuadas para aplicar un plan que a medio prazo converterá ao Condado Paradanta nun destino recoñecible pola aplicación de valores baseados no respecto ao medio.
- **Participantes:** GDR, Concellos, Sectores produtivos vencellados, poboación en xeral e Universidades.
- **Calendario:** 9 meses dende o inicio da posta en marcha do proxecto piloto
- **Custe:** 150.000 €

Actividade 2: Plan de divulgación da estratexia piloto entre a poboación

- **Descrición e xustificación:** Paralelo á definición da estratexia, convén facer un plan integral de difusión da mesma entre o territorio co fin de realizar unha labor de concienciación necesaria para acadar o éxito nos procesos de consulta da elaboración da estratexia, e mesmo para orientar á poboación cara a sensibilización polo contido da futura estratexia.

Actividade 3: Plan de formación e coordinación de novos emprendementos no territorio.

- **Descrición e xustificación:** É preciso un primeiro impulso á aplicación do que se determine na primeira fase deste proxecto. Xornadas formativas dirixidas a persoas interesadas en emprender no sector agrícola, xornadas dinamizadoras con aqueles actores (propietarios) do territorio que mostren interese en pór en marcha algún instrumentos da Lei de recuperación terra agraria.
- **Participantes:** GDR, Concellos, axentes socioeconómicos e comunidade educativa e Universidade.
- **Calendario:** Durante a elaboración da estratexia
- **Custe:** 25.000 €

Actividade 4: Plan de axuda e acompañamento a xóvenes gandeiros/agricultores para facilitar o relevo xeneracional das explotacións e o cambio de modelo produtivo das mesmas.

- **Descrición e xustificación:** Traballarase en acción directa cos gandeiros e/ou agricultores que estean a poucas datas de cesar de actividade na explotación e farase de xeito paralelo un “Plan de Captación de Talento Agrario” co fin de que xurdan novas iniciativas de xóvenes para levar adiante unha iniciativa de emprendemento agrícola/gandeiro e poñelos en contacto cos cesantes co fin de facilitar o relevo xeneracional.
Así mesmo traballarase en común con eles para tentar de que ese novo remude de explotación se poida facer cambiando o sistema produtivo, tentando de que o mesmo adquira formas agroecolóxicas.

- **Participantes:** GDR, organizacións de produtores e profesionais agrarias, cooperativas e Universidade.
- **Calendario:** Durante a elaboración da estratexia
- **Custe:** 30.000 €

Actividade 5: Plan de promoción do desenvolvemento da fruticultura.

- **Descrición e xustificación:** Desenvolverase un Plan de promoción entre as explotacións existentes para promover o cultivo frutícola, principalmente nas Ribeiras do Miño, e facendo un maior fincapé na produción de cítricos, con grande calidade na zona.
Así mesmo este mesmo Plan empregarase naquelas explotacións acollidas a actividade 3 relativa ao relevo xeneracional, tentando que aquelas explotación que remuden a súa actividade produtiva, aposten por este nicho con grandes posibilidades. Como en todo o proxecto, os criterios de desenvolvemento serán en todo momento sostibles.
- **Participantes:** GDR, organizacións de produtores e profesionais agrarias, cooperativas e Universidade.
- **Calendario:** Durante a elaboración da estratexia
- **Custe:** 15.000 €

Actividade 6: Xeración dos primeiros pasos cara a definición como ENIL de diferentes espazos naturais do territorio.

- **Descrición e xustificación:** A delimitación de novas zonas de protección natural será igualmente un dos obxectivos do proxecto. Para elo farase un traballo de identificación de novas zonas con condicións de biodiversidade para iniciar o procedemento da declaración da protección. A priori o GDR valora a posibilidade do ENIL como a máis adecuada para estes primeiros pasos na transición cara a sostenibilidade, xa que é a figura que mellor pode compatibilizar as actividades de conservación cos produtivas, e isto favoreza a relación coa poboación.

Para o desenvolvemento deste potenciais ENIL, non só se traballará no aspecto técnico puramente ambiental, senón que se fará de xeito paralelo a un traballo

de explicación e conciencia da poboación, para vencer posibles desconfianzas e resistencias.

- **Participantes:** GDR, Concellos, e Universidades.
- **Calendario:** Durante a elaboración da estratexia
- **Custe:** 30.000 €

ORZAMENTO TOTAL	
Actividade 1	150.000 €
Actividade 2	25.000 €
Actividade 3	25.000 €
Actividade 4	30.000 €
Actividade 5	15.000 €
Actividade 6	30.000 €
TOTAL	275.000 €

Táboa 91: cadro financeiro proxecto piloto 1

II 2. PROPOSTA PROXECTO PILOTO 2

DENOMINACIÓN

“Proxecto piloto para crear un entorno territorial preparado cara a transición enerxética e fomentar a creación dunha comunidade local de enerxía. Condado Paradanta Xenera”

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

As actuacións no ámbito do GDR CONDADO PARADANTA deben involucrar a cidadáns, empresas e Administracións, só así se conseguirá propoñer solucións que contribúan ao desenvolvemento sostible dos territorios.

Unha boa planificación e xestión son fundamentais para construír sociedades máis sostibles. E nesta liña son moitas as medidas eficientes que se poden impulsar e desenvolver nos diferentes ámbitos, tanto das Administracións Públicas como desde entidades como o GDR en cuxa filosofía está de maneira principal, o apoio á dinamización do territorio en calquera ámbito de actuación.

As áreas rurais, concretamente son o escenario prioritario do cambio enerxético. Os entes con implicación no territorio deben implicarse e crear modelos de gobernanza eficaces e sostibles, que faciliten a aplicación de medidas nas diferentes vertentes que teñen unha repercusión directa no proceso da transición enerxética: como consumidores, como prestadores de servizos (considerando á enerxía como servizo público), como propietarios de activos (Concello como investidor en materia enerxética), como promulgadores de normas (sobre enerxía, edificación e mobilidade) e como contornas participativas (difusión de boas prácticas).

Devanditos entes, e neste caso o GDR Condado Paradanta ten que aproveitar as súas capacidades para crear modelos de gobernanza de sustentabilidade enerxética coherentes aos modelos autonómicos e nacional, baseados na eficacia e a calidade, cos que poñer en marcha plans e actuacións que os convertan en actores principais para o cambio do modelo enerxético actual. Neste sentido, o GDR pode adoptar unha serie de medidas:

- Definir uns obxectivos medioambientais a 2030 e 2050 coherentes cos obxectivos nacionais.
- Crear plans de actuacións estratéxicos a nivel municipal que permitan alcanzar os obxectivos plantexados.

- Incluir partidas orzamentarias específicas destinadas a proxectos enerxéticos de ámbito local.

O GDR pode ademais poñer en marcha iniciativas que favorezan que a cidadanía poda avanzar de maneira sostible nos seguintes ámbitos:

- Mobilidade e transporte: Favorecer a instalación de sistemas de recarga de vehículos eléctricos. Reformar as normas de acceso e circulación de vehículos atendendo ás normas de emisións.
- Favorecer ao vehículo eléctrico no sistema municipal de aparcamento regulado.
- Favorecer ao vehículo eléctrico de distribución de mercancías no sistema municipal de carga e descarga de mercancías.

Dentro do carácter multifuncional deste piloto deseñarase unha estratexia de traballo orientada a multiplicar o coñecemento e impacto do mesmo, nas áreas rurais de aplicación. Así propoñerase informar e formar sobre as múltiples formas, fórmulas de aplicación do proxecto, destacando as seguintes cuestións:

- Favorecer a instalación de iniciativas de autoconsumo.
- Compromiso de consumo de enerxía eléctrica de orixe 100% renovable en todas as instalacións públicas.
- Poñer a disposición un traballo que sirva de orientación á CCAA para elaborar procedementos administrativos sinxelo e rápidos que faciliten a instalación de sistemas de autoconsumo como a incorporación de baterías, especialmente, o desenrolo de autoconsumo compartido.
- Fomentar ás comunidades enerxéticas locais.

IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE TRACTORA PROPOSTA E ENTIDADES COLABORADORAS

Inicialmente o GDR sería a entidade tractora do proxecto piloto, xa que creemos que pode ser o catalizador de toda a proposta ao ser a única entidade que engloba ao mesmo como tal.

Non obstante, é complexo que o GDR poida poñer por si mesmo moitas destas iniciativas en marcha polo cal sería preciso a colaboración moi directa por parte das entidades locais.

GDR CONDADO-PARADANTA

O GDR como catalizador dun programa de desenvolvemento rural transversal e integral, no que se inclúen as principais posibilidades, oportunidades e necesidades do territorio dende o punto de vista económico, dotacional e social e no que se recolle unha planificación dos proxectos que se van desenvolver no territorio, é quen debera ser a cabeza tractora dun proxecto que basea o seu posible éxito na capacidade para xuntar esforzos cooperativos.

O feito de ser xa o xestor do xeodestino “Condado-Paradanta” e do “Destino de Calidade SIDTEC” outorga xa ferramentas de xestión e sobre todo de capacidade de aglutinar aos diferentes axentes con responsabilidades na elaboración dun plan que debe mergullarse na responsabilidade social de diferentes sectores e entidades, pero que tamén debe realizar programas de concienciación e formación da poboación do territorio en xeral, xa que crear un destino que aposte definitivamente pola transición enerxética que se pretende non pode ser simplemente un camiño feito dende a perspectiva económica, senón tamén social. O territorio en xeral debe de confiar na idea.

ENTIDADES COLABORADORAS

Para levar adiante este proxecto proponse colaborar coas entidades **GRUPO SESTELO INVERSIONES S.L. E ELECTRA ALTO MIÑO**. Estas son empresas que están vinculadas ao sector e que están interesadas en levar adiante actuacións que incidan na mellora da capacidade enerxética do territorio, ao tempo de que poden ser unha canle perfecta de comunicación cara as administracións supramunicipais na elaboración de packs de normativa que se poidan propoñer co fin de acadar dun xeito máis eficientes os obxectivos.

MOTIVACIÓN DO CARÁCTER INNOVADOR DO PROXECTO

O GDR faría actuacións de carácter innovador que puideran facer realidade a creación dun programa de transición enerxética que levase en todos os ámbitos económicos e sociais do territorio se traballase na liña de converter o mesmo nun espazo onde as

políticas verdes teñan o seu acubillo principal, para iso determinaranse medidas tales como:

- Crear unha fiestra única para información e tramitación de iniciativas. Non se trataría dunha fiestra estática, senón que moitas das catividades levadas a cabo polo GDR estarán orientadas a difusión sobre o terreo, acudindo logo dun proceso de formación previo, ou a través de canles colaborativas con outras empresas do sector, a impartir charlas, facer divulgación en centros sociais e escolares e mesmo prestar apoio en tramitacións de carácter administrativo relacionadas co tema en cuestión.
- Posta en marcha dun servizo de asesoramento en temas enerxéticos e de suministros como: atención urxente a os cortes de suministro por razón de impago, asesoramento xenérico sobre tarifas, descontos, potencia contratada e outros elementos de optimización e aforro, tramitación de cambios contractuais e descontos asociados coas compañías, realización de formacións e talleres arredor dos dereitos enerxéticos e a eficiencia nos fogares.
- Favorecer a realización de auditorías enerxéticas: Establecer sistemas de monitorización de consumos de diferentes entidades (en especial as públicas) de recursos enerxéticos detectando e establecendo propostas de mellora para reducir consumos e, consecuentemente, costes (estacións de recarga de vehículos eléctricos, sistemas de baterías, consumos de edificios o alumeados, autoprodución ou centrais de xeneración renovable).
- Apoiar a comunicación e difusión de mellores prácticas para que a cidadanía as coñeza e poda adoptar a través de talleres e plans formativos.

Ase mesmo, desde o GDR crearase o entorno social necesario para poñer en marcha unha Comunidade Enerxética.

As Comunidades Enerxéticas son organizacións onde os membros que forman parte implícanse de maneira directa na planificación e implementación das medidas que levarán a cabo para a implantación de enerxías renovables na produción, consumo e/ou comercialización de enerxía eléctrica, térmica (calefacción), mecánica ou combustible (biogás), así como no desenvolvemento de medidas de eficiencia enerxética ou de mobilidade sostible. As comunidades utilizan, ademais, **os recursos locais que teñen**

ao seu alcance e dos que poden dispoñer (enerxía eólica, solar, biomasa, etc.). Con iso conseguen ser aínda máis autónomos e diminuír a dependencia de enerxía externa. Ditas comunidades fomentan sobre todo o aforro enerxético e contribúen ao desenvolvemento da xeración distribuída, a reducir enormemente a dependencia enerxética e cumprir os obxectivos enerxéticos e ambientais fixados para reducir o impacto ambiental.

Para a conformación das mesmas existen nas diferentes administracións axudas e subvencións varias, aínda que as mesmas van dirixidas na súa maioría a concellos, co cal ou ben se establecen conexións entre o ente potenciador deste piloto, o GDR e os concellos do territorio, ou ben o GDR como tal puidera ser receptor da xestión do mesmo, para o que habería que conseguir grandes consensos sociais.

ELEMENTO INNOVADOR

Non se coñecen en Galicia, apostas a nivel territorial por un plan integral de posta en marcha dunha actividade neste eido, xa que as accións que se veñen tomando non referente a transición enerxética son polo regular individuais a nivel de empresa ou institución pública ou ben en pequenas comunidades cuxo nivel poida ser en maior tamaño á Comunidade de veciños.

O que se pretende neste proxecto non é só crear unha comunidade enerxética como tal, senón que a mesma sería consecuencia dun plan integral e formativo que trataría de que cada decisión en canto a enerxía estivese correctamente informada para ir non camiño da “enerxía verde”.

Non se trata só polo tanto dun plan de implantación dunha medida concreta, senón que o seu carácter innovador está precisamente na realización de diversas actividades que revistan ao territorio dúas alicerces necesarios para crear unha contorna sostible igualmente dende o respecto á economía verde.

Todos os postulados económico e sociais do territorio e todos grupos de traballo de calquera sector ou motivación deben de envorcarase na consecución deste obxectivo, e polo tanto artellaranse medidas de apoio a esta filosofía de traballo nos Concellos, no xeodestino, nas entidades e empresas participantes no programa de calidade turístico SIDTEC, etc...

INNOVACIÓN NOS PROCESOS

Toda a elaboración desta estratexia piloto proposta é en si un proceso innovador xa que se deberán conxugar tres cuestións fundamentais para levalas a bo termo:

Por un lado crear as solucións formativas e informativas cara á cidadanía en xeral, creando un auténtico programa divulgativo sobre en que inflúen as actuacións, cales son as melloras individuais dunha correcta transición enerxética e finalmente cales son os beneficios que se adquirirían como comunidade cunha suma de actuacións individuais.

Tamén se establecería unha canle informativa acerca das diferentes actuacións de institucións supramunicipais no senso de axudar a constituír territorios eficientes, autosuficientes e verde. Así faríase un programa de captación de axudas públicas orientadas a tal fin.

Fomentárase e traballárase na creación dun entorno social favorable para a creación dunha comunidade enerxética piloto naquela localidade ou comunidade social que fose mais permeable á proposta, para logo disto tentar de replicala noutras do territorio.

Dentro do proxecto global trataríase de traballar man con man con empresas que estean establecendo proxectos enerxéticos no territorio para incluso poder ser canles de comunicación local coas mesmas e definir de xeito conxunto as medidas compensatorias sostibles que se puideran levar a cabo logo da posta en marcha dos seus proxectos (eólico, hidráulico, solar...) de xeito que se poida mitigar no posible o impacto ambiental que de por si crean esta tipoloxía de proxectos.

ÁMBITO XEOGRÁFICO DE ACTUACIÓN

Todo o territorio do GDR formaría parte dun proxecto que como ben insistimos será global, co respecto as cualidades individuais de cada subzona, concello ou mesmo parroquia pero dende unha perspectiva de entender o territorio como un todo.

INCIDENCIA SOBRE A POBOACIÓN

Como ben dicíamos, a estratexia pretende incidir a nivel multisector e a nivel poboación, polo cal a incidencia do proxecto case que podemos dicir sen medo a equivocarnos que é sobre a totalidade dos habitantes do territorio, se ben terá unha especial incidencia en:

- Sectores económicos: Establecendo medidas que foran na liña de reconducir o gasto enerxético cara a cifras de consumo máis baixas e cambiar o concepto de consumo cara a enerxía máis verde.
- Sectores sociais: Establecendo medidas que vaian na consecución dun gasto enerxético máis verde e eficaz tanto no uso individual da mesma como no uso comunitario a través de entidades e administracións vencelladas ao territorio.

OBXECTIVOS A CONSEGUIR

OBXECTIVOS XERAIS

- 1.- Desenvolver un novo servizo á poboación que facilite o aforro enerxético e a implantación dunha economía verde de escala.
- 2.- Fomentar a cultura da enerxía verde e o uso de recursos enerxéticos innovadores co fin de crear un entorno medioambientalmente sostible.
- 3.- Establecer canles colaborativas comunitarias co fin de facer realidade a creación dunha Comunidade enerxética local.

OBXECTIVOS ESPECIFICOS

- 1.- Establecer un programa divulgativo que explique en que consiste a creación dun entorno territorial eficiente dende o punto de vista enerxético e que encare a transición futura neste eido cara a consecución de obxectivos medioambientais.
- 2.- Crear concienciación ambiental entre a poboación co fin de propoñer medidas dentro do programa de transición enerxética que sexan beneficiosas para á comunidade.

3.- Crear unha fiestra única informativa acerca de normativa e/ou axudas públicas orientada a facer unha correcta transición enerxética.

4.- Colocar ao territorio como un exemplo de conservación do seu medio natural, convertendo o mesmo no motor principal da súa captación de visitantes e turistas.

5.- Fomentar medidas de conservación dos entornos naturais reducindo a contaminación por CO2 posibilitando que os mesmos segan a xerar riqueza produtiva.

6.- Xerar demanda interna de servizos que activen o consumo interterritorial.

ACTIVIDADES PROPOSTAS E ORZAMENTO

Actividade 1: Elaboración da estratexia de territorio cara á transición enerxética a fórmulas verde de produción

- **Descrición e xustificación:** Sería a base do proxecto e consistirá na elaboración dunha estratexia real que creará as ferramentas para unha labor de concienciación territorial para a aplicación de medidas enerxeticamente eficaces e sostibles. Neste traballo faríase por un lado un estudo integral da realidade enerxética actual, costes, establecemento de proxectos, medidas de compensación realizadas polas empresas do sector, etc.
- Posteriormente realizaríase unha proposta formativa e informativa a nivel interno do GDR para que os seus responsables sexan os primeiros canalizadores desta iniciativa e poidan realizar labores de fiestra única informativa.
- Estableceríanse propostas divulgativas á poboación, adentrándose no eixo da concienciación material como eixo fundamental

Xa por último, o estudo propoñería diferentes entornos que puideran ser aptos para o desenvolvemento dunha comunidade enerxética Local.

- **Participantes:** GDR e Concellos do territorio.
- **Calendario:** 9 meses dende o inicio da posta en marcha do proxecto piloto
- **Custe:** 270.000 €

Actividade 2: Plan de divulgación da estratexia piloto entre a poboación

- **Descrición e xustificación:** Posteriormente a definición da estratexia convén facer un plan integral de divulgación/formación da mesma entre o territorio co fin de realizar a labor de concienciación necesaria para que a poboación opte por realizar actuacións que vaian en dirección á posta en marcha dunha economía verde dende o punto de vista enerxético.
- **Participantes:** GDR, Concellos, axentes socioeconómicos e comunidade educativa.
- **Calendario:** Dende a finalización da estratexia (mes 9) e ata a finalización do proxecto (mes 24)
- **Custe:** 25.000 €

ORZAMENTO TOTAL	
Actividade 1	270.000 €
Actividade 2	25.000 €
TOTAL	295.000 €

Táboa 92: cadro financeiro proxecto piloto 2

Estratexia de desenvolvemento local participativo LEADER 2023 - 2027 Epígrafes “H” e “I”



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, no seu Título III destina o Capítulo II ao desenvolvemento local participativo. Dita normativa define os posibles apoios financeiros, fixa o contido das estratexias de desenvolvemento local e a súa selección, establece as tarefas e condicións dos grupos de desenvolvemento rural como entidades encargadas de concibir e levar á práctica as estratexias, e finalmente, determina os posibles tipos de axuda, etc..

O desenvolvemento local participativo é o instrumento de política territorial que consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, organizadas en asociacións público-privadas, que elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus propios recursos.

No mesmo consolídase que a formulación do desenvolvemento local participativo, denominado «Leader» no marco do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), ou calquera outro instrumento territorial de apoio a iniciativas deseñadas polos Estados membros, debe basearse nas estratexias de desenvolvemento territorial e local.

Conforme o artigo 2 do regulamento (UE) 2021/2115, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da PAC (regulamento PEPAC), establécese que o Desenvolvemento Local Participativo aplicárase á axuda financiada polo FEADER. Concretamente regúlase a través do artigo 77 que ordena a concesión de axudas á cooperación nas que se inclúen a preparación e execución das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo definidas conforme ao regulamento 2021/1060.

Conforme ao indicado, é esencial que os grupos de acción local, que representan os intereses das comunidades locais, encárguense do deseño e a execución das estratexias de desenvolvemento local participativo. Con todo, as estratexias territoriais deben desenvolverse e apoiarse baixo a responsabilidade das autoridades ou organismos pertinentes, sendo as mesmas as encargadas da súa selección. Por tanto, a autoridade de xestión ou órgano que conteña as competencias neste ámbito, no caso actual a Agader, definirá os criterios de selección das devanditas estratexias.

Este instrumento, por tanto, continúa e profunda nunha nova etapa as experiencias das súas antecesoras Leader I (1989-1993), Leader II (1994-1999), Leader PLUS (2000-2006), enfoque Leader (2007-2013) e Leader (2014-2020).

Segundo recolle o Anexo C das “bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradas na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local.

A proposta de Estratexia de desenvolvemento local do **GDR CONDADO PARADANTA** presenta os apartados **H-OBXECTIVOS** e **I-PLAN DE ACCIÓN** co contido que se indica a continuación:

A) Obxectivos

A partir das conclusións obtidas nas epígrafes anteriores, defínense os obxectivos que se pretenden acadar coa estratexia, ordenándoos de xeito xerárquico.

B) Plan de acción

Como resultado final, descríbese un plan de acción que inclúe, o seguinte contido:

- Identificación das **liñas estratéxicas e propostas de actuación** para a consecución dos obxectivos definidos no punto anterior.
- Identificación de **proxectos que terán un impacto significativo** nos obxectivos e liñas estratéxicas de actuación, identificando novos servizos, produtos e intervencións necesarios para o desenvolvemento local.
- Programación das **actuacións propias de animación** para realizar polo grupo.
- **Plan de formación** cunha planificación dos cursos, na que conste o diagnóstico do mercado laboral do territorio, a identificación dos sectores aos que se dirixirán as actividades formativas e os requisitos mínimos para a selección do persoal formador e do alumnado.
- **Plan de cooperación con outros GDR e entidades**, onde se identifiquen as sinerxías con outros grupos ou territorios e as fórmulas de colaboración futuras

mediante proxectos de cooperación ou novas formas de colaboración e accións concretas para desenvolver.

- **Normas para a xestión** da estratexia de desenvolvemento local, en particular, o plan de xestión e criterios de selección aplicables.
- **Plan financeiro** do gasto público previsto.
- **Plan de Seguimento.**

H. Obxectivos da estratexia de desenvolvemento local



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

O Desenvolvemento Local Participativo é o instrumento de política territorial que responde o reto principal de conseguir un desenvolvemento equilibrado, utilizando os principios metodolóxicos Leader. O método Leader consiste en ceder a iniciativa de planificación ás comunidades locais, que, organizadas en asociacións público-privadas como os Grupos de desenvolvemento rural, elaboran e executan unha estratexia de desenvolvemento para un territorio determinado aproveitando os seus recursos. Este enfoque ascendente implica un reto de dinamización social para conseguir unha maior implicación da poboación na solución dos problemas comúns que lles afectan e un maior compromiso nas actuacións que proxectan e débese traducir nun aumento da gobernanza local.

A estratexia de desenvolvemento local é o documento a través do cal o territorio pon en liza esta gobernanza e polo tanto a liña de acción a seguir para acadar os obxectivos que o territorio se propoña para rachar cos desequilibrios propios do territorio rural. Para elo, e sempre tendo en conta as principais directrices europeas, os GDR deben de delimitar cales son os seu principais obstáculos e cales son a apostas estratéxicas para solventar os mesmos, sempre tendo en conta que o que se pretende en todo caso é:

- Fomentar a creación de emprego, atendendo ás necesidades dos sectores tradicionais agrícola, gandeiro, e forestal, así como o apoio a PEMES noutras actividades en apoio á diversificación da economía rural, favorecendo a formación, a innovación e aos emprendedores.
- Utilización eficiente dos recursos naturais e o mantemento, conservación e recuperación do patrimonio cultural, histórico, arquitectónico e medio ambiental e a súa valorización e explotación sostible
- Mellora dos servizos públicos e a calidade de vida, que axude a paliar o déficit de oportunidades respecto do medio urbano, con especial atención á poboación máis desfavorecida ou en risco de exclusión.

Para o establecemento dos obxectivos que se definen deseguido tívose en conta de xeito preferente a análise socioeconómica realizada na fase previa a redacción desta epígrafe (Epígrafe B) xunto coas conclusión extraídas no proceso participativo relacionado no Epígrafe A.

Esta fase de definición estratéxica dou como consecuencia unha DAFO e como resultado final unha serie de necesidades e potencialidades temáticas e territoriais detectadas, así como a priorización das mesmas.

As necesidades e as potencialidades constituíron a base para o deseño dos obxectivos xerais así como dos obxectivos específicos e posteriormente deberán ser referente para a súa cuantificación e a asignación do orzamento correspondente.

Xustificación dos valores asignados para a priorización

A partir de todo o traballo desenvolvido durante a fase de diagnose e de todo o proceso participativo identificáronse un conxunto de necesidades que abarcan todas as áreas temáticas nas que se organizou o traballo da EDLP.

O seguinte paso consistiu na priorización das mesmas, co obxecto de que constitúan o elemento base para a definición dos obxectivos xerais, específicos e o Plan de acción.

Para a elaboración da Matriz de priorización tívose en conta os obxectivos xerais marcados pola nova PAC que se aplicará de 2023 a 2027. Estes son:

- a) fomentar un sector agrícola intelixente, competitivo, resiliente e diversificado que garanta a seguridade alimentaria a longo prazo;
- b) apoiar e reforzar a protección do medio ambiente, incluída a biodiversidade, e a acción polo clima e contribuír a alcanzar os obxectivos ambientais e climáticos da Unión, entre eles os compromisos contraídos en virtude do Acordo de París.
- c) fortalecer o tecido socioeconómico das zonas rurais.

Estes obxectivos xerais desagreganse á súa vez en nove obxectivos específicos, baseados nos tres piares da sustentabilidade e complementados cun obxectivo transversal común de modernizar o sector agrario a través do coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas rurais.



Ilustración 57: Obxectivos específicos da nova PAC 23 - 27

Para cada necesidade valorouse o impacto sobre o territorio que pode ocasionar conseguir a satisfacción desa necesidade en referencia a cada un dos dez obxectivos específicos que persegue a PAC. De tal xeito, se a satisfacción da necesidade ten un:

- 0 – Impacto nulo
- 1 – Impacto baixo
- 2 – Impacto medio
- 3 – Impacto alto
- 4 – Impacto moi alto

No momento en que se obtiveron as valoracións das necesidades ponderáronse as respostas cos seguinte coeficientes:

- 0 – Para as necesidades que se considere que a súa satisfacción ten un impacto nulo

0,1 - Para as necesidades que se considere que a súa satisfacción ten un impacto baixo

0,25 - Para as necesidades que se considere que a súa satisfacción ten un impacto medio

0,5 - Para as necesidades que se considere que a súa satisfacción ten un impacto alto

1 - Para as necesidades que se considere que a súa satisfacción ten un impacto moi alto.

NECESIDADES PRIORIZADAS POR TEMÁTICAS SOBRE AS QUE SE BASEA A ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVA

*Sombréanse aquelas que poden ser atendidas en todo ou en parte por calquera das accións que se contemplan na estratexia LEADER: Operacións, Cooperación, Animación, etc..

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
NECESIDADES TERRITORIAIS	1	Mellorar a accesibilidade a internet con cobertura en todo o territorio	
	2	Reducir os trámites administrativos para a posta en marcha de empresas, proxectos e/ou calquera actividade que precise de tramitación administrativa	
	3	Mellorara a accesibilidade á vivenda, sobre todo para a mocidade. Contribuíndo dese xeito a loitar contra o despoboamento e o envellecemento da poboación.	
	4	Mellora dos servizos básicos á poboación. Saneamento e abastacemento	
	5	Mellorar o transporte público, incluído o tren	
	6	Mellorar a mobilidade no territorio	
	7	Plans integrais de loita contra o despoboamento	

	8	Reducir os trámites administrativos para a posta en marcha de empresas, proxectos e/ou calquera actividade que precise de tramitación administrativa	
	9	Mellorar a sinalización do territorio no seu conxunto e que contribua a crear identidade territorial	
	10	Crear marca que de visibilidade ao territorio	
	11	Fornecer a cooperación, colaboración e coordinación das entidades públicas locais en temáticas transversais e de carácter supramunicipal. Unha delas debe ser a promoción turística do territorio a través do Xeodestino.	
	12	Selección de infraestruturas que contribúan ao desenvolvemento de actividades deportivas e saudables así como a facilitar a mobilidade no territorio. Sendeiros, roteiros BTT.	
	13	Artellar medidas mancomunadas que permitan facerlle fronte aos desafíos que depara o futuro inmediato para o territorio (despoboación, envellecemento...).	
	14	Mellorar a sinalización do territorio no seu conxunto e que contribua a crear identidade territorial	
	15	Oficina de turismo permanente e compartida en todo o territorio durante todo o ano	

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
SECTORES ECONÓMICOS	1	Financiar a creación, ampliación, modernización de empresas, apoiando a novos proxectos que teñan impacto no territorio	
	2	Tentar diversificar a estrutura produtiva do territorio, baseada principalmente no terceiro e segundo sector, apoiando fundamentalmente ao sector primario para evitar contribuír dese xeito a diminuír a dependencia de actividades industriais vinculadas ao metal e ao automóbil, asentadas en Vigo	
	3	Xerar valor engadido principalmente no desenvolvemento de actividades de carácter innovador, baseándose no patrimonio e nos recursos naturais e endóxeos do territorio.	
	4	Reducir os trámites administrativos para a posta en marcha de empresas, proxectos e/ou calquera actividade que precise de tramitación administrativa	
	5	Medidas orientadas a valorización do emprego no sector agrario.	
	6	Crear e aumentar as sinerxías entre o tecido empresarial	
	7	Aumentar a oferta de produtos turísticos competitivos e singulares.	
	8	Incentivar o emprendemento facilitando ferramentas e espazos compartidos para crear sinerxías e abaratar custes, entre outros.	
	9	Valorizar o produto local, agrícola, artesanal. Fomentar/incentivar a súa produción e o seu consumo	

	10	Reverter ou mudar parte dos proxectos de silvicultura ou aproveitamentos forestais existentes no territorio cara outros que favorezan un maior asentamento da poboación.	
	11	Medidas que contribúan a que os proxectos asentados, ou que se poidan asentaren, no territorio, que utilizan recursos endóxeos, contribúan directamente ao desenvolvemento social e económico do territorio e que favorezan á veciñanza. Compensación polos servizos ecosistémicos que xera o territorio ou polas agresión e impactos que coas actividades produtivas sofre	
	12	Apostar por medidas de recuperación e valorización de variedades e razas autóctonas e dos proxectos vinculados con estas	
	13	Apostar por proxectos vinculados coas novas tecnoloxías.	
	14	Fomentar a creación de cooperativas que faciliten o emprendemento e que faciliten unha oferta variada e completa para as necesidades do territorio	
	15	Medidas que faciliten e melloren a convivencia entre as actividades produtivas e as residencias.	
	16	Priorización do capital humano existente no territorio. Tanto as persoas con formación superior como aquelas posuidoras de ciclos formativos	
	17	Medidas orientadas a adaptación ao cambio climático, sobre todo en sectores como a agricultura e o turismo	
	18	Favorecer proxectos que contribúan á obtención de enerxía a través de recursos renovables	

	19	De xeito xenérico, favorecer a proxectos e actividades que contribúan á transición ecolóxica no territorio.	
	20	Apoio a proxectos respectuosos co medio ambiente e que poidan xerar emprego verde	

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
NECESIDADES PATRIMONIO NATURAL E HISTÓRICO	1	Valorización do patrimonio natural e histórico do territorio	
	2	Aumentar a sensibilización social con respecto ao medio natural e ao patrimonio	
	3	Aumentar a oferta cultural do territorio utilizando a arte como unha ferramenta	
	4	Desenvolvemento de actividades agrarias sostibles que sirvan, ademais, para a protección contra os incendios	
	5	Recuperación de espazos degradados por incendios ou por actividades produtivas	
	6	Medidas orientadas a ter un monte funcional e produtivo. Un monte atendido e traballado	
	7	Recuperar o patrimonio inmobile para a creación de servizos á poboación	
	8	Medidas que faciliten e melloren a convivencia entre as actividades produtivas e as residencias.	
	9	Mellora da xestión dos RSU e dos subprodutos das actividades produtivas	
	10	Medidas orientadas a valorización da identidade galega e ao mantemento das súas tradicións e costumes	

	11	Aplicar medidas de responsabilidade social corporativa que contribúan á valorización territorial	
	12	Promover a apoiar a creación de espazos naturais produtivos con algunha figura de protección	
	13	Aplicar método técnico-económico que vincule as figuras de protección do medio natural coas actividades produtivas (Reserva da Biosfera, Xeoparque....)	

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
NECESIDADES NA MELLORA DA PARTICIPACIÓN E A GOBERNANZA NO TERRITORIO	1	Medidas orientadas á fomentar a conciencia social sobre a identidade territorial e sobre o orgullo de pertenza	
	2	Fornecemento do tecido asociativo creando sinerxías, cooperando e traballando en rede	
	3	Procurar o relevo xeracional na preservación do rico patrimonio inmaterial e material do territorio.	
	4	Promover medidas de responsabilidade social corporativa que contribúan á fornecer a cohesión social	
	5	Medidas orientadas á comunidade educativa para que valore o territorio; o patrimonio, as actividades económicas,	
	6	Aumentar a masa social do GDR para garantir unha mellor e máxima aportación dos diferentes colectivos territoriais	

ÁREA TEMÁTICA	ORDEN	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
NECESIDADES NA POLÍTICA DE COIDADOS E SERVIZOS BÁSICOS A POBOACIÓN DEPENDENTE	1	Mellora da atención aos colectivos desfavorecidos	
	2	Mellorara a accesibilidade á vivenda, sobre todo para a mocidade. Contribuíndo dese xeito a loitar contra o despoboamento e o envellecemento da poboación	
	3	Mellorar a oferta de lugares de encontros interxeracionais	
	4	Promover medidas de responsabilidade social corporativa que contribúan a facilitar a integración social, a loita contra a violencia de xénero e a atención a colectivos desfavorecidos.	
	5	Formación que capacite ás persoas residentes na atención das demandas das persoas dependentes, co obxecto de crear emprego social	
	6	Mellorar a oferta de lugares de encontros interxeracionais	
	7	Centros creativos e innovadores para a mocidade	

Táboa 93: Necesidades priorizadas por temáticas sobre as que se basea a estratexia de desenvolvemento local participativa

Fonte: elaboración propia

Si ben por claridade visual se dispuxeron nos cadros de referencia as necesidades por temáticas, o sistema de avaliación das mesmas explicado en parágrafos anteriores permite ordenar todas elas de xeito conxunto para poder posteriormente delimitar no baremo a súa priorización en puntuación dentro da concorrência competitiva.

ORDE	NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZADAS	LEADER
1	Financiar a creación, ampliación, modernización de empresas, apoiando a novos proxectos que teñan impacto no territorio	ECONÓMICA
2	Tentar diversificar a estrutura produtiva do territorio, baseada principalmente no terceiro e segundo sector, apoiando fundamentalmente ao sector primario para evitar contribuír dese xeito a diminuír a dependencia de actividades industriais vinculadas ao metal e ao automóbil, asentadas en Vigo.	ECONÓMICA
3	Xerar valor engadido principalmente no desenvolvemento de actividades de carácter innovador, baseándose no patrimonio e nos recursos naturais e endóxeos do territorio.	ECONÓMICA
4	Mellora da atención aos colectivos desfavorecidos	POLÍTICA DE COIDADOS E SERVIZOS BÁSICOS Á POBOACIÓN DEPENDENTE
5	Mellorar a accesibilidade a internet con cobertura en todo o territorio	TERRITORIAL
6	Fornecemento do tecido empresarial e asociativo creando sinerxías, cooperando e traballando en rede	PARTICIPACIÓN E GOBERNANZA NO TERRITORIO
7	Procurar o relevo xeracional na preservación do rico patrimonio inmaterial e material do territorio.	PARTICIPACIÓN E GOBERNANZA NO TERRITORIO
8	Valorización do patrimonio natural e histórico do territorio	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO

9	Aumentar a sensibilización social con respecto ao medio natural e ao patrimonio	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO
10	Aumentar a oferta cultural do territorio utilizando a arte como unha ferramenta	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO
11	Desenvolvemento de actividades agrarias sostibles que sirvan, ademais, para a protección contra os incendios	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO
12	Recuperación de espazos degradados por incendios ou por actividades produtivas	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO
13	Medidas orientadas á fomentar a conciencia social sobre a identidade territorial e sobre o orgullo de pertenza	TERRITORIAL
14	Priorización do capital humano existente no territorio. Tanto as persoas con formación superior como aquelas posuidoras de ciclos formativos	ECONÓMICA
15	Aumentar a oferta de produtos turísticos competitivos e singulares.	ECONÓMICA
16	Valorizar o produto local, agrícola, artesanal. Fomentar/incentivar a súa produción e o seu consumo	ECONÓMICA
17	Reverter ou mudar parte dos proxectos de silvicultura ou aproveitamentos forestais existentes no territorio cara outros que favorezan un maior asentamento da poboación.	ECONÓMICA
18	Medidas que contribúan a que os proxectos asentados, ou que se poidan asentar, no territorio, que utilizan recursos endóxeos, contribúan directamente ao desenvolvemento social e económico do territorio e que favorezan á veciñanza. Compensación polos servizos ecosistémicos que xera o territorio ou polas agresión e impactos que coas actividades produtivas sofre	ECONÓMICA

19	Mellora da xestión dos RSU e dos subprodutos das actividades produtivas	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO
20	De xeito xenérico, favorecer a proxectos e actividades que contribúan á transición ecolóxica no territorio, mitigando a pegada do cambio climático	ECONÓMICA
21	Recuperar o patrimonio inmobile para a creación de servizos á poboación	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO
22	Medidas orientadas a ter un monte funcional e produtivo. Un monte atendido e traballado	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO
23	Promover medidas de responsabilidade social corporativa que contribúan a facilitar a integración social, a loita contra a violencia de xénero e a atención a colectivos desfavorecidos.	POLÍTICA DE COIDADOS E SERVIZOS BÁSICOS Á POBOACIÓN DEPENDENTE
24	Formación que capacite ás persoas residentes na atención das demandas das persoas dependentes, co obxecto de crear emprego social	POLÍTICA DE COIDADOS E SERVIZOS BÁSICOS Á POBOACIÓN DEPENDENTE
25	Mellorar a oferta de lugares de encontros interxeracionais	POLÍTICA DE COIDADOS E SERVIZOS BÁSICOS Á POBOACIÓN DEPENDENTE
26	Centros creativos e innovadores para a mocidade	POLÍTICA DE COIDADOS E SERVIZOS BÁSICOS Á POBOACIÓN DEPENDENTE

27	Fomentar a creación de cooperativas que faciliten o emprendemento e que faciliten unha oferta variada e completa para as necesidades do territorio	TERRITORIAL
28	Crear marca que de visibilidade ao territorio	TERRITORIAL
29	Fornecer a cooperación, colaboración e coordinación das entidades públicas locais en temáticas transversais e de carácter supramunicipal. Unha delas debe ser a promoción turística do territorio a través do Xeodestino.	TERRITORIAL
30	Selección de infraestruturas que contribúan ao desenvolvemento de actividades deportivas e saudables así como a facilitar a mobilidade no territorio. Sendeiros, rateiros BTT.	TERRITORIAL
31	Artellar medidas mancomunadas que permitan facerlle fronte aos desafíos que depara o futuro inmediato para o territorio (despoboación, envellecemento...).	TERRITORIAL
32	Apostar por proxectos vinculados coas novas tecnoloxías.	ECONÓMICA
33	Fomentar a creación de cooperativas que faciliten o emprendemento e que faciliten unha oferta variada e completa para as necesidades do territorio	ECONÓMICA
34	Apostar por medidas de recuperación e valorización de variedades e razas autóctonas e dos proxectos vinculados con estas	ECONÓMICA
35	Mellorar a sinalización do territorio no seu conxunto e que contribúa a crear identidade territorial	TERRITORIAL
36	Favorecer proxectos que contribúan á obtención de enerxía a través de recursos renovables	ECONÓMICA
37	Aplicar medidas de responsabilidade social corporativa que contribúan á valorización territorial	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO
38	Promover a apoiar a creación de espazos naturais produtivos con algunha figura de protección	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO

39	Medidas orientadas a valorización da identidade galega e ao mantemento das súas tradicións e costumes	PATRIMONIO NATURAL HISTÓRICO
40	Apoio a proxectos respectuosos co medio ambiente e que poidan xerar emprego verde	ECONÓMICA
41	Promover medidas de responsabilidade social corporativa que contribúan á fornecer a cohesión social	PARTICIPACIÓN E GOBERNANZA NO TERRITORIO
42	Medidas orientadas á comunidade educativa para que valore o territorio; o patrimonio, as actividades económicas	PARTICIPACIÓN E GOBERNANZA NO TERRITORIO
43	Aumentar a masa social do GDR para garantir unha mellor e máxima aportación dos diferentes colectivos territoriais	PARTICIPACIÓN E GOBERNANZA NO TERRITORIO

Táboa 94: Necesidades identificadas e priorizadas

Fonte: elaboración propia

II OBXECTIVOS

1.1. OBXECTIVOS XERAIS

Para o deseño e formulación dos obxectivos xerais acordouse que cada obxectivo xeral debería ser deseñado a partir dunha ou máis necesidades priorizadas establecidas na EDLP e deberían gardar coherencia coas mesmas. É por iso que, en base ás necesidades detectadas, a EDLP define unha serie de obxectivos xerais que tratan de identificar as prioridades que se deben de atender coa financiación Leader para dar resposta a demandas dos axentes económicos e sociais do territorio.

O resultado final da priorización da veciñanza sobre as necesidades identificadas ten sido unha ferramenta fundamental para poder definir os obxectivo da estratexia. Os resultados obtidos entendemos se melloraron incluíndo tres perspectivas: a do GDR e as súas entidades asociadas como expertos no territorio e involucrados na xestión do programa anterior, a da cidadanía protagonista da definición das súas necesidades e retos e o criterio experto das empresas que teñen prestado a asistencia técnica externa.

Sobre a proposta de obxectivos elaborada segundo as dinámicas anteriores, finalmente os obxectivos xerais e específicos foron validades por todos os membros da Asemblea do GDR.

Definiuse un obxectivo transversal para a EDLP, que define á perfección o que pretende obter esta estratexia para o territorio:

OBXECTIVO TRANSVERSAL: FAVORECER A TRANSICIÓN ECOLÓXICA DO CONDADO PARADANTA COA REVALORIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E DO MEDIO AMBIENTE, UTILIZANDO A ARTE COMO UNHA FERRAMENTA INNOVADORA PARA O SEU REVERDECEMENTO, FOMENTANDO A EQUIDADE E A IGUALDADE.

Orde	Obxectivos xerais	Xustificación no marco da estratexia (*)
1º	Consolidar un novo modelo económico baseado na diversificación de actividades produtivas e mellorar a competitividade do tecido produtivo local que xere emprego de calidade	Estamos ante un obxectivo que se xustifica na corrección de diversas necesidades detectadas. A mellora da competitividade do tecido produtivo e a xeración de emprego de calidade non solo se trata dunha aposta para afrontar o desequilibrios territorial, senón que é o principal motivo de detección das necesidades dos sectores económicos, e sen dubida o principal camiño para afrontar a mellora da situación territorial no referido ao ámbito patrimonial e natural, e igualmente consolidar iniciativas de ámbito económico que vallan na liña de xerar novos servizos ou posibilidades na atención e coidados a colectivos que precisan de políticas de inclusión social. Polo tanto este obxectivo xeral contribúe á corrección do desequilibrio das diferentes áreas temáticas de necesidades detectadas: 1. Necesidades Territoriais 2. Necesidades sectores económicos 3. Necesidades Patrimonio natral e histórico 4. Necesidades na mellora da participación e a gobernanza do territorio 5. Necesidades na política de coidados e servizos básicos a poboación dependente
2º	Conservar e mellorar o medio ambiente, o	Que un dos principais obxectivos da Estratexia é o de camiñar cara a un territorio sostible tanto dende o

	patrimonio histórico-etnográfico e a súa posta en valor como elemento clave do desenvolvemento do territorio	punto de vista económico como ambiental, é algo que se detecta na listaxe de necesidades, xa que moitas delas dependen dun bo tratamento ambiental do medio para ser atendidas con eficacia. Non obstante, a posta en valor dese valor patrimonial dende o punto de vista dos espazos naturais precisa dunha postura de valorización e respecto do Patrimonio histórico que forma parte do mesmo ecosistema. As temáticas nas cales as necesidades que definen este obxectivo dunha maneira máis concreta son: - Necesidades Patrimonio natural e histórico - Necesidade na mellora da participación e a gobernanza do territorio
3º	Mellorar os estándares de calidade de vida minimizando o risco de exclusión social en colectivos desfavorecidos e vulnerables, fomentando a igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade e fornecendo o tecido asociativo para que constitúa un referente de cohesión social no Condado Paradanta	A mellora da calidade de vida é a xustiza social é un dos eixos a través dos cales se vertebra un territorio e polo tanto a Estratexia do Condado Paradanta debe de incidir sobre este obxectivo a hora de afrontar o reto de crear un entorno que favoreza a fixación de poboación. Así mesmo un territorio plural e con ansias de ser merecente de ser elixido como destino vital, debe ter uns canais de tecido asociativo e de mellora da gobernanza que permitan que a poboación en xeral poida facer achegas sobre o seu desenvolvemento e a Estratexia debe favorecer tales actuación. As temáticas nas cales as necesidades que definen este obxectivo dunha maneira máis concreta son: 1. Necesidades na mellora da participación e a gobernanza do territorio 2. Necesidades na política de coidados e servizos básicos a poboación dependente

Táboa 95: Obxectivos xerais

Fonte: elaboración propia

1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Estes obxectivos de carácter xeral xeran unha serie de obxectivos específicos que definen dun xeito máis puntual cales son as medidas sobre as cales deben incidir a EDLP, de xeito que os diferentes promotores e axentes do territorio teñan ao seu alcance unha serie de actuacións concretas nas cales poidan encadrar a súa potencial medida de actuación

OX1 - DIVERSIFICACIÓN DE ACTIVIDADES PRODUTIVAS E MELLORA DA COMPETITIVIDADE	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	OE1.1.Diversificar a estrutura produtiva local mediante a adaptación das empresas actuais e/ou a creación de novas actividades de carácter innovador para a creación de emprego de calidade. Fomentar o autoemprego como modo máis sinxelo de promoción do emprendemento. OE1.2.Mellorar a competitividade do sector agrario de xeito compatible coa sustentabilidade ambiental e potenciar a industria de transformación e comercialización agroalimentaria OE1.3.Fomentar a cooperación interempresarial para aproveitar a complementariedade dos recursos, habilidades e experiencias en distintas partes da cadea de valor (aprovisionamento, produción, marketing, comercialización) contribuíndo á loita polo cambio climático. OE1.4.Promoción da marca (selo) de calidade "Condado Paradanta Calidade" como elemento diferenciador e identificador de produtos e servizos innovadores desenvolvidos no territorio do GDR. OE1.5.Contribuír a implantar as ferramentas dixitais como fórmula de desenvolvemento da actividade empresarial, facendo especial fincapé no tocante ao comercio electrónico ou as ferramentas de xestión e marketing. OE1.6.Dixitalización dos procesos de produción das empresas como mellora da competitividade (teletraballo, xestión de recursos humanos, etc..) OE1.7. Contribuír á redución do desequilibrio entre a oferta formativa e os requirimentos do mercado de traballo comarcal para

	lograr a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. OE1.8. Fomentar o espírito empresarial e a cultura emprendedora na poboación, en especial entre as mulleres e a xuventude. OE1.9. Contribuír con medidas de responsabilidade social á redución da brecha salarial, ao fomento das iniciativas de empoderamento da muller, ao fomento da inclusión social, á loita contra a violencia de xénero. OE1.10. Fomentar a mellora dos servizos básicos asistenciais á poboación. Potenciar a existencia de proxectos vinculados a economía da saúde. OE1.11. Contribuír a axudar que o relevo xeracional nas empresas se produza dunha maneira planificada e ordenada para garantir o seu desenvolvemento e continuidade
--	--

OX2 - CONSERVAR, MELLORAR E REVALORIZAR O MEDIO AMBIENTE E O PATRIMONIO HISTÓRICO-ETNOGRÁFICO	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	OE2.1 Mellorar o estado de conservación do patrimonio rural para a súa posta en valor mediante procesos innovadores. OE2.2 Estimular o desenvolvemento de actividades rurais, tradicionais e complementarias á actividade agrogandeira (agroturismo, artesanía, etc.) potenciando o emprego de calidade OE2.3 Facilitar a incorporación de sistemas de eficiencia enerxética e enerxías renovables nas empresas e nas institucións públicas. OE2.4 Potenciar a xestión integral dos RSU, inertes, tóxicos, perigosos, industriais e agrogandeiros. OE2.5 Elevar o nivel de conciencia ambiental colectiva do territorio, mediante a motivación e a implicación da cidadanía. OE2.6 Estimular o desenvolvemento de actividades rurais vinculadas a arte, como elemento diferenciador e identificador do Condado Paradanta. OE2.7 Mellorar o aproveitamento dos recursos endóxenos de cara á diversificación produtiva e social.

	OE2.8 Contribuír ao orgullo territorial por parte da veciñanza a través da recuperación de elementos que valoricen a historia do mesmo. OE2.9 Creación dun storellyng territorial a través da valoración dos espazos naturais e patrimoniais.
--	---

OX3 - MELLORAR OS ESTÁNDARES DE CALIDADE DE VIDA MINIMIZANDO O RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	OE3.1 Facilitar o proceso de consolidación da identidade comarcal entre os seus habitantes e promocionar fora do territorio cun espazo de calidade ambiental (TURISMO 10). OE3.2 Contribuír ao fornecemento do tecido asociativo a través de formación e inclusión de ferramentas de xestión e de traballo en rede como vía para mitigar o cambio climático. OE3.3 Fomentar a igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade. OE3.4 Fomentar a integración socio laboral da mocidade a través da educación, da inserción profesional e o ocio. OE3.5 Impulsar a integración social dos colectivos en risco de exclusión mediante a mellora das condicións de vida e o fomento da súa participación na sociedade mediante procesos innovadores. OE3.6 Desenvolver un programa de fomento da interrelación social tranfronteiriza co gallo de aplicar políticas conxuntas para o desenvolvemento sostible do medio ambiente. OE3.7 Realizar unha análise das posibilidades de compartir a xestión de servizos de carácter social entre localidades tranfronteirizas co fin de optimizar os recursos. OE3.8 Implementar accións de fomento da lingua galega co obxecto de que a normalización lingüística potencie o acervo territorial das xentes.

Táboa 96: Relación priorizada dos obxectivos específicos da estratexia

Fonte: elaboración propia

1.3. INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DO NIVEL DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos xerais			
Nº	Obxectivo	Indicador	Unidade de medida
OX1	Consolidar un novo modelo económico baseado na diversificación de actividades produtivas e mellorar a competitividade do tecido produtivo local que xere emprego de calidade	I.1. Nº de empresas creadas I.2. Nº de empresas consolidadas I.3. Nº de sectores con axuda I.4. Contía da axuda (en % media ou valor absoluto en €) I.5. Contía en investimento inducido. I.6. Número de empregos creados/consolidados de mulleres I.7. Número de empregos creados de mocidade I.8. Número de empregos creados I.9. Número de participantes informados	I.1. Valor absoluto I.2. Valor absoluto I.3. Valor absoluto I.4. (en miles de € / % de axuda) I.5. en miles de € I.6. En UTAs I.7. En UTAs I.8. En UTAs I.9. Valor absoluto
OX2	Conservar e mellorar o medio ambiente, o patrimonio histórico-etnográfico e a súa posta en valor como elemento clave do desenvolvemento do territorio	I.1. Nº de elemento patrimoniais recuperados e/ou postos en valor (tanto no eido natural como histórico) I.2. Número de empregos creados de mulleres I.3. Número de empregos creados de mocidade I.4. Número de empregos creados I.5. Número de participantes informados/sensibilizados	I.1. Valor absoluto I.2. En UTAs I.3. En UTAs I.4. En UTAs I.5. Valor absoluto

OX3	Mellorar os estándares de calidade de vida minimizando o risco de exclusión social en colectivos desfavorecidos e vulnerables , fomentando a igualdade real e efectiva de mulleres e homes en todos os ámbitos da sociedade e fornecendo o tecido asociativo para que constitúa un referente de cohesión social no Condado Paradanta	I.1. Nº de empresas que implementan Plans de Igualdade I.2. Nº de empresas que obteñen selos de calidade (ISOS, AMBIENTAL, etc..) I.3. Nº de persoas vulnerables incorporados ao mercado de traballo. I.4. Porcentaxe de redución da brecha salarial. I.5. Número de participantes en actividades de formación/sensibilización	I.1. Valor absoluto I.2. Valor absoluto I.3. Valor absoluto I.4. en porcentaxe (%) I.5. Valor absoluto
------------	---	---	---

Táboa 97: Indicadores de seguimento dos obxectivos xerais

Fonte: elaboración propia

Indicadores para o seguimento do nivel de consecución dos obxectivos específicos	
OE1	OE1.1. Diversificar a estrutura produtiva local mediante a adaptación das empresas actuais e/ou a creación de novas actividades de carácter innovador para a creación de emprego de calidade. Fomentar o autoemprego como modo máis sinxelo de promoción do emprendemento.
INDICADORES	
Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto	
Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de €	
Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de €	
Indicador: Empregos creados • Unidade de medida: en UTAs	
Indicador: Empregos consolidados	

	• Unidade de medida: en UTAs Indicador: Nº de iniciativas de autoemprego • Unidade de medida: en UTAs
	OE1.2. Mellorar a competitividade do sector agrario de xeito compatible coa sustentabilidade ambiental e potenciar a industria de transformación e comercialización agroalimentaria INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Empregos creados • Unidade de medida: en UTAs Indicador: Empregos consolidados • Unidade de medida: en UTAs Indicador: Nº de iniciativas en ecolóxico e/ou Km.0 • Unidade de medida: valor numérico absoluto
	OE1.3. Fomentar a cooperación interempresarial para aproveitar a complementariedade dos recursos, habilidades e experiencias en distintas partes da cadea de valor (aprovisionamento, produción, marketing, comercialización) contribuíndo á loita polo cambio climático. INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido

	• Unidade de medida: En miles de € Indicador: Empregos creados • Unidade de medida: en UTAs Indicador: Empregos consolidados • Unidade de medida: en UTAs
	OE1.4. Promoción da marca (selo) de calidade "Condado Paradanta Calidade" como elemento diferenciador e identificador de produtos e servizos innovadores desenvolvidos no territorio do GDR. INDICADORES Indicador: Nº de entidades acollidas aos estándares de calidade da marca/selo • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Nº de produtos acollidos ao selo/marca • Unidade de medida: valor numérico absoluto
	OE1.5. Contribuír a implantar as ferramentas dixitais como fórmula de desenvolvemento da actividade empresarial, facendo especial fincapé no tocante ao comercio electrónico ou as ferramentas de xestión e marketing. INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Empregos creados • Unidade de medida: en UTAs Indicador: Empregos consolidados • Unidade de medida: en UTAs Indicador: Nº de empresas cun plan de transformación dixital: • Unidade de medida: valor numérico absoluto

	Indicador: Nº de empresas acollidas ao KIT Dixital • Unidade de medida: valor numérico absoluto
	OE1.6. Dixitalización dos procesos de produción das empresas como mellora da competitividade (teletraballo, xestión de recursos humanos, etc..) INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Nº de empresas que posibilitan teletraballo • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Nº de empresas que empregan a Intelixencia Artificial • Unidade de medida: valor numérico absoluto
	OE1.7. Contribuír á redución do desequilibrio entre a oferta formativa e os requirimentos do mercado de traballo comarcal para lograr a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Nº de cursos ou iniciativas de formación promovidas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Nº de alumnos que acoden a formación proposta

	• Unidade de medida: valor numérico absoluto OE1.8. Fomentar o espírito empresarial e a cultura emprendedora na poboación, en especial entre as mulleres e a xuventude. INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Nº de actividades de fomento do emprendemento (coworking, charlas, etc..) • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Nº de asistentes as actividades de fomento do emprendemento • Unidade de medida: valor numérico absoluto OE1.9. Contribuír con medidas de responsabilidade social á redución da brecha salarial, ao fomento das iniciativas de empoderamento da muller, ao fomento da inclusión social, á loita contra a violencia de xénero. INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Redución da porcentaxe da brecha salarial • Unidade de medida: en porcentaxe Indicador: Redución da taxa de paro feminina/discapacitados/inmigrantes • Unidade de medida: en porcentaxe
--	--

	Indicador: N° de vítimas de violencia de xénero • Unidade de medida: en porcentaxe
	OE1.10. Fomentar a mellora dos servizos básicos asistenciais á poboación. Potenciar a existencia de proxectos vinculados a economía da saúde. Indicador: N° de actividades/operacións subvencionadas INDICADORES Indicador: N° de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: N° de beneficiarios • Unidade de medida: valor numérico absoluto
	OE1.11. Contribuír a axudar que o relevo xeracional nas empresas se produza dunha maneira planificada e ordenada para garantir o seu desenvolvemento e continuidade INDICADORES Indicador: N° de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: N° de empresas acollidas a un plan de relevo xeracional • Unidade de medida: valor numérico absoluto
OE2	OE2.1. Mellorar o estado de conservación do patrimonio rural para a súa posta en valor mediante procesos innovadores. INDICADORES Indicador: N° de actividades/operacións subvencionadas

	• Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Nº de actuación realizadas en elementos patrimoniais • Unidade de medida: valor numérico absoluto
	OE2.2. Estimular o desenvolvemento de actividades rurais, tradicionais e complementarias á actividade agrogandeira (agroturismo, artesanía, etc.) potenciando o emprego de calidade INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Nº de explotacións acollidas a ditas actividades • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Nº de agricultores beneficiarios • Unidade de medida: valor numérico absoluto
	OE2.3. Facilitar a incorporación de sistemas de eficiencia enerxética e enerxías renovables nas empresas e nas institucións públicas. INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido

	• Unidade de medida: En miles de € Indicador: Nº de concellos acollidos a plans de eficiencia • Unidade de medida: en valor numérico absoluto Indicador: Nº de empresas acollidas a plans de eficiencia • Unidade de medida: en valor numérico absoluto
	OE2.4. Potenciar a xestión integral dos RSU, inertes, tóxicos, perigosos, industriais e agrogandeiros. INDICADORES Indicador: Nº de actividades/operacións subvencionadas • Unidade de medida: valor numérico absoluto Indicador: Axuda total destinada • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Investimento inducido • Unidade de medida: En miles de € Indicador: Nº de explotacións acollidas a xestión integral • Unidade de medida: valor numérico absoluto
GDR 1 Terras de Miranda	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles. Ecocomedores. Transformación e comercialización de produtos agroalimentarios
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles.
GDR 5 Miño - Ulla	Transformación e comercialización alimentaria. Agricultura ecolóxica
GDR 8 Sil – Bibeí – Navea	Proxecto Silbina Transformación alimentaria
GDR 9 - Monteval	Estratexia da Granxa a Mesa Sistemas Alimentarios Sostibles Ecocomedores
GDR 11 Comarca de Ourense	Estratexia da Granxa a Mesa. Qm 0. Comedores Escolares.
GDR 13 Condado - Paradanta	Estratexia da Granxa a Mesa Producción, transformación e comercialización de produtos agroalimentarios Ecocomedores
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Estratexia da Granxa a Mesa. Producción e transformación ecolóxica. Consumo de proximidade. Comercialización conxunta. Promoción e valorización das IXP, DO, AA.
GDR 16 Pontevedra Norte	

GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Consumo Qm 0. Relacións produtores-hosteleiros. Mercados locais
GDR 21 – Comarca de Ordes	Km 0. Mercados locais. Comedores comunitarios. Aproveitamento segundas calidades.
GDR 22 – Costa da Morte	Valorización da produción de destrío para o seu aproveitamento. Consumo de proximidade e comedores comunitarios (Ecocomedores). Recuperación de variedades autóctonas e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros. Transformación da produción convencional en ecolóxica
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Estratexia da Granxa a Mesa. Ecocomedores.

Táboa 110: Grupo de traballo Produtos agroalimentarios

Fonte: elaboración propia

GRUPO DE TURISMO EN ZONAS RURAIS:

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 03 Montes e Vales Orientais

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR1 Terras de Miranda	Integrar as novas tecnoloxías como eixo transversal. Turismo sostible e ecoturismo Vinculación dos recursos turísticos mar e interior Paquetización da oferta do territorio
GDR3 Montes e Vales Orientais	Ecoturismo e turismo activo de natureza. Traballar a sostibilidade turística dende o enfoque social, económico e ambiental.

GDR4 Comarca de Lugo	Sostibilidade turística e intercambio de experiencias.
GDR7 Valdeorras	Turismo sostible, enoturismo e propostas de turismo industrial
GDR9 Monteval	Iniciativas ligadas ao Enoturismo e Turismo arqueolóxico e de natureza Como axudar ao sector na creación de destino turístico e imaxe de marca vencellada aos valores territoriais? Impulso ao emprendemento neste sector
GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Mobilidade para o sector turístico. Empresas de servizos complementarios.
GDR13 Condado-Paradanta	Potenciar o agroturismo e o turismo intelixente.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Enfoque transversal da sostibilidade. Turismo verde e enoturismo.
GDR16 Pontevedra Norte GDR17 Salnés Ulla Umia	Paquetizar oferta conxunta de varios territorios.
GDR19 Terras de Compostela	Crear experiencias de interese para Touroperadores; estudar interese dos operadores antes de facer paquetes Enogastronomía.

Táboa 111: Grupo de traballo Turismo en zonas rurais

Fonte: elaboración propia

O GDR Condado Paradanta tanto polo seu interese territorial na consecución de conclusión necesarias para o desenvolvemento da EDPL, como na crenza de poder achegar coa súa actuación consideracións que poidan ser aproveitadas por outros GDR , ofreceu a súa labor como coordinador no seguinte Grupo Focal:

TEMÁTICA
Recuperación de terras agrarias-Ferramentas para a xestión do territorio

A estratexia de desenvolvemento local debe de incluír unha liña específica de axudas para a implementación dun Plan de Cooperación entre Grupos de Desenvolvemento Rural". O obxectivo desta axuda é fomentar a cooperación dos Grupos de galegos tanto dentro da Comunidade Autónoma, así como no resto de España ou da Unión Europea.

Os Grupos que participen nun proxecto de cooperación deben ter intereses comúns nun determinado ámbito, sempre relacionado co estratexia, e a cooperación debe favorecer a aprendizaxe mutua e buscar solucións comúns a problemas concretos.

A axuda consiste nunha subvención dos gastos que realicen os Grupos para a preparación e posta en práctica destes proxectos de cooperación.

Os proxectos de cooperación entre Grupos deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Implicarán a posta en común de ideas, coñecementos, recursos humanos e materiais, incluídos os financeiros, ao redor da consecución dun obxectivo de interese compartido e mediante a execución das accións que se consideren necesarias.
- b) Os seus obxectivos deberán ser coherentes cos obxectivos definidos nas estratexias de desenvolvemento local Leader (en diante, EDLL).
- c) Deberán respectar os principios de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de non discriminación.
- d) Deberán implicar a execución dunha acción en común. Os gastos preparatorios de estudos ou intercambio de información poderán ter a consideración de fase previa, pero non de proxecto de cooperación como tal. A cooperación non se poderá limitar a un intercambio de experiencias e deberá supoñer a realización dunha acción común integrada.
- e) Promoverán a participación dos sectores socioeconómicos do territorio, tanto públicos como privados, afectados polos fins e obxectivos do proxecto.

Nos proxectos de cooperación entre Grupos tamén poderán colaborar as entidades locais, fundacións, asociacións, cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades mercantís ou empresarios individuais, organizacións empresariais e, en xeral, calquera persoa física ou entidade con personalidade xurídica que efectúe unha achega económica ao proxecto ou manifieste o seu interese, estatutario ou adoptado, para contribuír ao seu desenvolvemento.

O acordo de participación e o compromiso de financiamento das entidades colaboradoras deberán quedar reflectidos no documento vinculante previsto no artigo seguinte. As entidades colaboradoras do proxecto non teñen a consideración de beneficiarias das subvencións regulada por esta orde.

C1.- ECOCOMEDORES	
Descrición	O proxecto pretende animar os circuitos alimentarios de proximidade nos centros escolares, mediante o fomento dos produtos locais, ecolóxicos e de temporada, buscando adaptar os menús ás novas recomendacións sanitarias. A pertinencia do proxecto destácase debido á existencia dun proxecto de Real Decreto relacionado coa promoción dunha alimentación saudable e sostible nos centros educativos, o que reflicte o interese da sociedade en abordar a obesidade infantil, ao tempo ao que se contribúe ao desenvolvemento rural.
Obxectivos	- Revisar os menús escolares, incorporando produtos locais, de temporada e ecolóxicos, sen aumentar os custos. - Promover unha alimentación saudable e sostible empregando produtos locais nos comedores escolares, reducindo a pegada de carbono ao evitar transportes a longas distancias, apoiar ás pequenas empresas alimentarias rurais e ampliar o acceso aos produtos locais. - Divulgar o proxecto entre as familias, equipos educativos e a sociedade en xeral.
Entidades cooperantes	GDR 1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 3 Montes e Vales Orientais, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 5 Miño – Ulla, GDR 10 Limia - Arnoia, GDR 13 Condado - Paradanta, GDR 14 Galicia Suroeste Eu Rural, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 20 Ulla – Tambre - Mandeo, GDR 22 Costa da Morte, GDR 23 Mariñas - Betanzos, GDR 24 Seitura 22
Forma ou tipo de cooperación	A Cooperación entre os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) é altamente efectiva para o intercambio e a transferencia de experiencias exitosas en diferentes territorios. Estes territorios que participan no proxecto de cooperación teñen un enorme potencial para o desenvolvemento dunha estratexia centrada na alimentación,

	que estimule a comercialización e o consumo de produtos locais na súa área de influencia, centrando a actuación nos comedores escolares.
Accións a desenvolver	- Asesoramento nutricional a centros escolares. Revisar os menús de cada centro, analizando as necesidades e cambios que sería necesario aplicar para elaborar menús saudables, con produto local, de tempada e ecolóxico, sen que supoña un incremento económico da partida alimentaria.. - Accións de sensibilización, formación e talleres para a comunidade educativa e persoal de cociña. Charlas teóricas e obradoiros prácticos para a elaboración de pratos con alimentos de tempada e cálculo de ingredientes para a elaboración de fichas técnicas. - Xornadas de menú con produto local e/ou ecolóxico. Organización de xornadas en cada un dos centros educativos participantes en cada GDR. - Accións de información e comunicación do proxecto. Elaboración de materiais divulgativos e organización de eventos de difusión para dar a coñecer o proxecto con degustación de produto local. - Accións de apoio ao sector produtor e mellora da loxística

C2.- SON DE MONTE

Antecedentes, xustificación e interese	No ano 2018, tras a devastadora ola de incendios que afectou a unha parte importante do país, 5 GDR de Galicia, decidimos iniciar un traballo ao redor da posta en valor do monte co obxectivo último de reducir o impacto dos lumes no territorio. Entendemos que a potencialidade do monte é inmensa e moita dela está sen explorar, estudar e sen a coordinación do sector. Así, presentouse unha primeira proposta a proxectos de cooperación entre GDR que foi aprobada, e o proxecto desenvolveuse con éxito entre os anos 2021 e 2022.
Breve descrición do proxecto	O obxectivo do proxecto é explorar diferentes modelos de posta en valor do monte, dende unha visión ampla e ambiciosa. O monte como xerador de biodiversidade, de madeira, de froitos, de fungos,

	de lecer, de cultura, patrimonio,...E isto é unha oportunidade de desenvolvemento dos nosos territorios.
Obxectivos	OBXECTIVO XERAL. Contribuír de xeito activo á valorización do monte, promovendo a recuperación das boas prácticas nos montes galegos, Obxectivo específicos. Contribuír á formación e ao coñecemento de boas practicas entre as comunidades de montes dos noso territorios. Deseño de modelos de xestión do monte en base á experiencia e os recursos locais. Elaborar material divulgativo de boas practicas na xestión do montes Aumentar a comunicación e a difusión da cultura do monte en Galicia
Entidades cooperantes	GDR 3 Montes e Vales Orientais, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 10 A Limia Arnoia, GDR 13 Condado Paradanta, GDR14 EuRural. GDR 23 Mariñas-Betanzos, GDR 24 Seitura 22
Entidade de coordinación	GDR Limia Arnoia
Orzamento	180.000 €
Accións a desenvolver	A. Contribuír á formación e ao coñecemento de boas practicas entre as comunidade de montes dos nosos territorios B. Organización de 6 xornadas, unha en cada territorio participante, sobre o aproveitamento, problemáticas e/ou boas prácticas nos montes galegos. C. 5 Xornadas temáticas, unha por territorio D. Seminario final no gdr Limia Arnoia E. Deseño de modelos de xestión do monte en base á experiencia e recursos locais. Execución de 6 iniciativas locais, a desenvolver en colaboración/participación con entidades locais que traballen no monte. F. Elaborar os protocolos de actuación aplicados en cada un dos modelos da acción que nos sirvan de material de divulgación e difusión do proxecto.

	G. Aumentar a comunicación e a difusión da cultura do monte en Galicia H. Creación de contidos e actualización da we sondemonte.gal I. Creación de contidos e actualización das rrss son de monte J. Creación de material para a prensa sobre o contido e evolución do proxecto.
Repercusión	A unión entre propiedade e xestión é cada vez máis feble. As masas forestais e agrícolas son abandonadas ao mesmo tempo que se abandona a vida e o traballo nas áreas rurais. Deste xeito, o propietario está cada vez máis afastado da súa propiedade (en termos de distancia, tempo e tamén de sentimento). Esta distancia fai que o coñecemento sobre o que e como actuar nas túas propiedades sexa cada vez menor. Co proxecto Son de Monte porase en marcha 5 Centros DeMonte aos que o propietario poida dirixirse para buscar asesoramento e información de como xestionar os seus montes e incluso se poidan facer propostas de xestión conxunta.
Entidades colaboradoras	Concello de Tomiño, Concello de As Neves, reserva da Biosfera Area de Allariz, Organización Galega de Comunidades de Montes, Asociación Galega de Tracción Animal, Comunidade de Montes monte Xalo, Cooperativa Carqueixa, Asociación de Gandeiros de A Fonsagarda (Asgafón), Cooperativa A Carqueixa, Unións Agrarias Becerreá, Comunidade de Montes Monte Grande II.

C3.- VIÑO E FROITA

Antecedentes, xustificación e interese	Proxecto de Cooperación no que participa o GDR Condado-Paradanta e o GDR Mariñas-Betanzos desenvolvido entre os anos 2022 e 2023, que ten como obxectivo principal o de contribuír e favorecer a ordenación do territorio, o aproveitamento das terras agrarias abandonadas e a mitigación dos danos causados por pragas, todo elo enmarcado nos sectores vitivinícola e frutícola dos territorios de actuación.
---	---

Breve descripción do proxecto	No proxecto, se pretende identificar cultivos novedosos con posibilidades de crecemento, apoiando no deseño de plans de empresa e na posta en marcha de campos de ensaio destes cultivos. No GDR Condado Paradanta estase traballando co sector vitivinícola, analizando as súas necesidades territoriais co obxectivo de promover algún instrumento de mobilización de terras ao tempo que se propoñen cultivos alternativos baseados na fruticultura. No caso do GDR Mariñas-Betanzos, estase traballando na posta en marcha dun campo de ensaio de froita en ecolóxico para destino de mesa, fundamentalmente para os EcoComedores escolares.
Obxectivos	Animar a recuperación de terras abandonadas ou sen uso, identificando e probando cultivos con claras oportunidades de mercado.
Entidades cooperantes	GDR Condado-Paradanta – grupo coordinador GDR Mariñas-Betanzos,
Valor engadido da cooperación	Desde os GDRs se quere traballar fundamentalmente no apoio a proxectos emprendedores no sector agrario, en novos cultivos moi orientados ao mercado local, e que contribúan a recuperar terras agrarias. Na froita existe unha clara oportunidade, pois Galicia é moi deficitaria nestas producións, e o proxecto contribuirá a testar estes cultivos emerxentes e que poidan funcionar como demostrativos.
Accións a desenvolver	-Identificación de cultivos de interese a análise da súa viabilidade. - Promover a posta en marcha de instrumentos da LRTAG -Plantacións piloto, en terras recuperadas. -Difusión de boas prácticas, visitas de intercambio.
Repercusión	O proxecto contribuirá a favorecer a entrada de novas persoas na agricultura, así como a animar a produción agroecolóxica e o consumo de proximidade. Facilitará o acceso á terra para viticultores de xeito ordenado e co menor impacto paisaxístico.

C4.- INTERRITMOS SONS DO RURAL

Antecedentes, xustificación e interese	Interritmos xorde como un proxecto de cooperación a nivel nacional desenvolvido entre os anos 2011-2014, no que participaron 11
---	---

	grupos de desenvolvemento rural de Galicia, Cantabria, Castela León, Andalucía e Extremadura. Debido ao elevado grado de participación do sector, e da implicación da poboación, a Asociación Deloa, seguiu celebrando unha das accións máis valorada do proxecto “o festival Interritmos”, de musica tradicional ata a actualidade, poñendo en práctica diferentes formatos. A últimas edicións celebradas nos anos 2021 e 2022, leváronse a cabo como un proxecto de traballo en rede, entre os GDR Asociación Deloa, Ribeira Sacra-Courel, Salnés Ulla Umia e Asdecomor, uníndose no ano 2023 o GDR Comarca de Lugo. Consideramos de interese darlle continuidade a un proxecto emblemático no ámbito cultural dos territorios rurais.
Breve descrición do proxecto	Interritmos busca promover a cultura como motor de desenvolvemento territorial, así como dar visibilidade e potenciar a profesionalización de grupos e bandas que apostan pola evolución da música tradicional e de raíz
Obxectivos	Apoio ás capacidades de creación local no ámbito da música con base tradicional e de raíz, como eixo de desenvolvemento rural e de emprendemento emerxente. Impulso da profesionalización e visibilización de grupos e solistas vinculados á música tradicional e ao territorio. Facilitar espazos de intercambio entre músicos e profesionais da Industria Musical. Conectar a música con base tradicional e de raíz con outros elementos do patrimonio cultural inmaterial galego
Entidades cooperantes	GDR1 Terras de Miranda GDR 2 Terra Chá, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR5 Miño Ulla, GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 13 Condado Paradanta, GDR 17 Salnés Ulla Umia; GDR 18 Deloa, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte.
Valor engadido da cooperación	Traballo en rede, cooperación e complementariedades entre GDRs. Posta en valor da cultura e a tradición galega como medio para o desenvolvemento territorial A cultura no centro do desenvolvemento local participativo
Accións a desenvolver	Posta en marcha dunha plataforma web de inscrición para grupos/solistas de toda Galicia.

	Designación dun Xurado de profesionais recoñecidos da Industria Musical, que se encargará de elixir a dez grupos/solistas de entre todos os inscritos a través da plataforma Os dez grupos/solistas elixidos participarán nunha audición en vivo. A audición, que terá lugar no Náutico de San Vicente do Mar (O Grove), vaise complementar cunha xornada formativa en temáticas de interese musical e cultural. Nesta xornada elixiranse os grupos gañadores Os grupos gañadores participarán nun circuío musical nos territorios dos GDR participantes. Os circuítos musicais irán acompañados de xornadas formativas, coa finalidade de impulsar formación en emprendemento musical e cultural. Esta formación estará aberta ao público en xeral, pero priorizando aos inscritos na plataforma e incidindo especialmente en temas de interese para a música tradicional galega
Repercusión	A música como medio de transformación social dende unha triple perspectiva: Educativa, artística e social Innovación na industria musical Recuperación do patrimonio musical dos territorios

C5.- PAISAXES INTELIXENTES II

Antecedentes, xustificación e interese	Dentro do período de programación LEADER 2014-2020, cinco GDRs galegos puxeron en marcha un proxecto de cooperación denominado “Paisaxes Intelixentes”, que foi iniciado no último trimestre do ano 2022 e que se atopa en execución na actualidade. Os grupos participantes están interesados en darlle continuidade ao proxecto e abrilo a máis GDR.
Breve descrición do proxecto	O proxecto “Paisaxes Intelixentes II” pretende contribuír desenvolver e promover a mobilidade de terras; a recuperación de cultivos e novas formas de produción no entorno dos núcleos rurais; a deseñar cintos verdes e a iniciar procesos de transición enerxética nas aldeas do rural galego
Obxectivos	Xerar iniciativas piloto de paisaxe intelixente nos territorios participantes, empregando as figuras establecidas na lei de recuperación de terra agraria de Galicia: aldeas modelo, polígonos agroforestais ou agrogandeiros

	Impulsar un proceso de planificación participada: impulsar canles e metodoloxías de planificación territorial participada como semente de iniciativas nas zonas participantes (iniciativas forestais, agrícolas, gandeiras, agroforestais, outras). Valorar as posibilidades dos distintos territorios en canto parámetros bioclimáticos, agronómicos e de razas de gandería autóctona e sementes para activar novas iniciativas que contribúan a recuperación da paisaxe Estudar as posibilidades de comercialización de produtos agrogandeiros-forestais e mercados de proximidade Impulsar a transición enerxética, facendo mais atractivo o medio rural ao poder contar cunha enerxía mais barata para a poboación local e as empresas
Entidades cooperantes	GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR13 Condado Paradanta GDR 17 Salnés Ulla Umia; GDR 18 Deloa, GDR 19 Terras de Compostela, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Valor engadido da cooperación	A cooperación vai supor un valor engadido que se reflexa na utilización dunha metodoloxía común a tódolos territorios que se traduce nunha visión integradora do proxecto e do territorio, así como a complementariedade entre actores e accións a realiza . Seguiríase cooperando continuando coas liñas de traballo desenvolvidas no proxecto anterior coa execución deste proxecto e doutros similares, co fin de que estas accións sexan permanentes na medida do posible
Accións a desenvolver	Faladoiros sobre a paisaxe intelixente e Xornadas formativas e informativas sobre a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia Formación e información sobre xestión, comercialización a través de mercados de proximidade e de mercados dixitais para produtores agroalimentarios e forestais, e sobre o impulso ao cooperativismo, e o emprendemento en servizos agrogandeiros e forestais Viaxes de aprendizaxe e intercambio de experiencias Elaboración de material informativo e divulgativo do proxecto Creación de estrutura asociativa entre os GDR participantes Apoio á creación dunha paisaxe intelixente en cada territorio

Repercusión	O proxecto incide directamente na posta en valor das terras agrarias nos núcleos rurais, tanto dende o punto de vista do uso conxunto das mesmas a través das diferentes figuras que se recollen na Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia, como do seu aproveitamento dende o punto de vista agrario e/ou forestal. Recuperación de variedades autóctonas de cultivos vexetais e introdución de novos cultivos con proxección en cada territorio Mellora da concienciación medioambiental, pola recuperación e ordenación das contornas dos núcleos rurais, os cintos verdes Xeración de redes de colaboración entre os distintos axentes dos territorios implicados no proxecto Recuperación da paisaxe, grazas a recuperación, ordenación e posta en produción de terras abandonadas Avanzar na transición enerxética das comunidades locais.
--------------------	---

C5.- TECENDO CULTURA

Antecedentes, xustificación e interese	Varios GDR galegos participaron nun proxecto de cooperación que levaba por título “Gestión de la sostenibilidad en eventos culturales con espectáculos en vivo en espacios rurales” que tivo como resultado unha serie de recomendacións. Estas recomendacións foron o xerme para a participación, dalgúns dos Grupos de Desenvolvemento Rural socios deste proxecto, como entidades colaboradoras nun programa Coworking que se desenvolveu no ano 2022 e nunha segunda edición no ano 2023, sendo implementado ao abeiro do convenio asinado entre a Fundación Paideia Galiza e a Escuela de Organización Industrial, para a posta en marcha de accións formativas que fomenten o emprendemento. A través deste proxecto, os GDR involucrados nesta iniciativa, pretendemos continuar e complementar o traballo iniciado, poñendo en marcha unha nova iniciativa
Breve descrición do proxecto	Proxecto de dinamización cultural onde se alumean novos espazos e propostas de creación cultural e artístico

Obxectivos	Reflexionar, dende os diferentes territorios, sobre o emprendemento en cultura/artes como eixo de desenvolvemento rural sustentable. Dar a coñecer as tendencias e implicar aos emprendedores no tecido empresarial. Deslocalizar das áreas urbanas eventos relacionados coa arte e a cultura
Entidades cooperantes	GDR1 Terras de Miranda, GDR 2 Terra Chá, GDR 4 Comarca de Lugo, GDR 6 Ribeira sacra Courel, GDR 13 Condado Paradanta, GDR 18 Deloa, GDR 21 Asdecomor, GDR 22 Costa da Morte
Valor engadido da cooperación	Fomento do networking entre os socios do proxecto e entre os axentes dos diferentes sectores participantes. Fortalecer o coñecemento e o traballo en rede entre iniciativas emprendedoras dos territorios involucrados
Accións a desenvolver	Organización e desenvolvemento de eventos culturais en cada territorio participantes Divulgación e posta en común de experiencias de éxito vencelladas a emprendedores culturais (cultura, patrimonio, gastronomía, ...) Materiais de difusión do proxecto
Repercusión	A identificación de novas oportunidades e necesidades, así como a posta en valor do patrimonio cultural, facilitará o desenvolvemento de proxectos emprendedores entorno á cultura e ás artes, así como a xeración de sinerxías con outros sectores.

C6.-PROXECTO DE COOPERACIÓN VÍA MARIANA PRIMEIRA RUTA DE PEREGRINACIÓN LUSO-GALAICA POLOS SANTUARIOS MARIANOS

Antecedentes, xustificación e interese	É evidente que a peregrinación a Compostela experimentou un crecemento constante desde a súa revitalización, alá polos anos 90. Desde entón cóntanse por millóns os peregrinos que, provenientes de todas as partes do mundo, iniciaron un percorrido que alcanza Santiago e en moitos casos continua cara a Fisterra, ata o punto de constituír un fenómeno de masas que hai tempo superou o feito relixioso e é probablemente o maior evento turístico de Galicia.
---	---

	Se analizamos as preferencias dos camiñantes en canto a que rota elixen vemos que o Camiño Francés é o preferido para a maioría, case 56 %. Pero é o Camiño Portugués o segundo en afluencia, 21,69 %, e o que máis crece durante os últimos anos. Se lle sumamos o 6,07 % dos que elixen a variante da Costa, chegaremos a superar o 27 %. Estes datos dannos unha idea do auxe deste camiño, dado que o cuarto en afluencia, o Camiño do Norte, é elixido por un exíguo 5,42 % dos peregrinos. Estamos por tanto ante dous elementos, a peregrinación e a unión entre Portugal e Galicia, que teñen en común o Camiño de Santiago e a Vía Mariana e que nos permiten albiscar a importancia deste proxecto e o seu alcance como tractor de desenvolvemento para o medio rural mediante a chegada dun número importante de peregrinos e camiñantes que demandarán servizos e produtos de diversa índole. En efecto, falamos da posta en marcha dun gran proxecto de cooperación local e desenvolvemento rural mediante a recuperación e impulso das antigas rutas que uniron boa parte dos santuarios marianos do Norte de Portugal e de Galicia e que deron lugar a peregrinacións e romarías. Estes santuarios son Sameiro, Sé de Braga (un dos primeiros templos adiados á Virxe na península e gran centro arcebispa da antiga Gallaecia), Nosa Señora da Peneda (Castro Leboreiro), Nosa Señora da Franqueira (A Cañiza), Virxe do Libramento (Covelo), Santa Mariña de Augas Santas (Cotobade), Nosa Señora dos Miragres de Amil (Moraña), Santa María de Iria Flavia, Nosa Señora de Escravitude, Nosa Señora da Barca (Muxía) Trátase dun itinerario que supera o 350 km. de antigos camiños cuxo orixe se afunde no Neolítico ou na Idade de Ferro e que no seu momento unía Braga, a capital da Gallaecia romana, con Muxía, no Finisterrae atlántico. Con todo esta ruta non se concibe como outro Camiño de Santiago, senón como un itinerario que enlaza lugares moi especiais como son os distintos santuarios de devoción Mariana existentes en boa parte de Galicia e no norte de Portugal. Conceptualmente trátase
--	---

	de percorrer, de coñecer, de valorar, non só de correr para chegar a unha meta. A Vía Mariana non é unha sucesión de etapas que conforman un camiño senón que o propio camiño é un fin en si mesmo mantendo a dualidade dunha dobre vía: ☐ A vía física, o itinerario ou o camiño polo que se transita ☐ A vía espiritual / filosófica apoiada nas vivencias persoais e na evolución interior do camiñante Do mesmo xeito, esta dualidade conceptual, camiño – espiritualidade, se traslada aos aspectos operativos do proxecto e que podemos concretar en: ☐ As necesidades de intervención no itinerario mediante a sinalización e a información ☐ A posta en marcha dun novo produto de turismo, esencialmente cultural e de natureza, concibido e estruturado como un club de produto
Breve descripción do proxecto	Como xa expuxemos, trátase dun proxecto cun ámbito territorial amplo, mesmo trasfronteirizo no que os GDR xogan un papel estratéxico como promotores de iniciativas de desenvolvemento e impulsores de sinerxías. Por tanto, preténdese articular unha rede de cooperación entre a case totalidade dos GDR, 6 dos 7, polos que discorre a Vía Mariana en Galicia e que será extensiva ao conxunto dos axentes económicos que interveñen en cada territorio e que, en gran medida, son os protagonistas do proxecto Os Grupos de Desenvolvemento Rural que toman parte neste proxecto de cooperación, e seguindo a orde de ubicación na Vía Mariana, son os seguintes: • GDR Condado Paradanta • GDR Galicia Suroeste • GDR Pontevedra Morrazo • GDR Salnés Ulla Umia • GDR DELOA • GDR Costa da Morte Deste xeito, cada grupo encargárase do desenvolvemento do proxecto global no seu ámbito de actuación poñendo en valor o seu

	coñecemento da realidade e dos axentes locais e xerando unha dinámica de traballo de abaixo cara arriba (estratexia LEADER) na que se impulsen as iniciativas, proxectos e produtos locais. O promotor desta iniciativa, o GDR Condado Paradanta, actuará como coordinador do proxecto así como ligazón cos grupos portugueses que se puidesen sumar posteriormente dado o carácter transfronteirizo do mesmo.
Obxectivos	A posta en marcha deste proxecto de cooperación supoñerá ante todo un importante traballo de recuperación e preservación de cultura popular así como a revalorización da economía local mediante o incremento do número de persoas que se achegarán a coñecer estes lugares de peregrinación, na súa maioría descoñecidos para o gran público. Falamos de dar a coñecer unha parte significativa da Galicia rural e de achegar a ela unha boa cantidade de peregrinos e visitantes que van a demandar produtos e servizos e que, seguindo o itinerario da Vía Mariana, van a coñecer de primeira man esa Galicia tan descoñecida converténdose así en prescritores do itinerario unha vez que estean devolta nos seus lugares de orixe. Así destacamos os seguintes obxectivos: ☐ Recuperar o patrimonio rural tan esquecido, tanto material (camiños, pasos, pontes, foxos de lobo, levadas, etc.) como inmaterial (lendas e tradicións, feitos históricos, usos e costumes, cantos e músicas, receitas, etc.) ☐ Reactivar a economía rural. A maior parte destes camiños pasa por pobos e pequenas aldeas, espazos naturais e patrimonio cultural de gran valor que, sumados á calidade dos seus produtos locais, constitúen un verdadeiro caudal de recursos turísticos que han de ser articulados e potenciados adecuadamente.

	□ Dinamizar á poboación local. Este proxecto nace desde abaixo cara arriba, xa que son moitos os axentes locais implicados na súa posta en marcha e desenvolvemento. Así, desde asociacións rurais a comunidades de montes, pasando por empresas, particulares e concellos, están a contribuír a dar soporte á Vía Mariana e facela unha realidade tanxible nun brevísimo prazo □ Contribuír a revalorizar a imaxe do medio rural mediante o coñecemento e divulgación desta iniciativa así como dos valores e recursos que leva asociados empregando para iso elementos tecnolóxicos e estratexias innovadoras. A posta en marcha deste proxecto de cooperación e o seu desenvolvemento achegan unha nova visión do medio rural e o modo de achegarse a el, dun modo pausado, respectuoso e que presta atención aos detalles.
Entidades cooperantes	GDR Condado Paradanta GDR Galicia Suroeste GDR Pontevedra Morrazo GDR Salnés Ulla Umia GDR DELOA GDR Costa da Morte
Accións a desenvolver	Entre outras accións previstas neste proxecto de cooperación destacamos as seguintes: 1. Desenvolvemento dun mecanismo de coordinación e intercambio de información entre os axentes implicados que facilite o seguimento do proxecto e a toma de decisións mediante o traballo en rede 2. Definición dos requisitos que deberán cumprir e os procedementos que deberán seguir as empresas ou entidades interesadas en formar parte do Itinerario Vía Mariana, entendido como un club de produto turístico

	3. Instalación de paneis informativos. Nos puntos crave do itinerario instalaranse paneis informativos co trazado xeral da ruta, o tramo local polo que se discorre, información sobre recursos, produtos e servizos locais, datos de interese, etc. 4. Realización de materiais informativos empregando TICs como fotografías en 360º, vídeos, gravacións empregando DRONS, recreacións de lugares, monumentos, feitos históricos, etc. mediante realidade virtual, sistemas de realidade aumentada, etc. 5. Arquivo dixital e xeorreferenciado de todos os recursos dispoñibles no ámbito do proxecto aos que se accederá mediante un visor de recursos 6. Xornadas de estudo e divulgación sobre a Vía Mariana 7. Accións promocionais De seguido, facemos unha descrición mais detallada de cada unha das accións descritas: 1. Desenvolvemento dun mecanismo de coordinación. O intercambio de información entre os axentes implicados, nomeadamente entre os GDR promotores do proxecto, será esencial para poder artellar todas as accións incluídas no proxecto. Para elo se definirá un protocolo de traballo e un cronograma de actuacións compartido entre todos os grupos así como un calendario de reunións de traballo para facer o seguimento do cumprimento do proxecto. Para favorecer a máxima operatividade se concretará una “equipa de dirección” integrado por un / unha representante de cada un dos grupos promotores do proxecto e coordinados polo GDR Condado Paradanta. Neste proceso se contará coa participación dunha equipa externa especializada neste tipo de proxectos e que efectuará tarefas de asesoramento, apoio nas accións, consultoría especializada, etc. Ao mesmo tempo se establecerá un sistema de intercambio de información compartindo todos os datos, iniciativas e experiencias
--	---

	relativas ao proxecto. que facilite o seguimento do proxecto e a toma de decisións mediante o traballo en rede 2. Creación do club de produto Vía Mariana. É evidente que un proxecto deste alcance, no que toman parte tantos grupos de desenvolvemento, que abarca tanto territorio e do que se poden beneficiar unha cantidade tan significativa de axentes, tanto públicos como privados, mesmo de Galicia e o Norte de Portugal, require unas normas claras de participación e funcionamento que permita, entre outras cousas, definir que axentes, fora dos GDR se pode integrar e beneficiar do proxecto. Por outra banda, é preciso darlle forma de xeito que se poda entender como un produto turístico global, estruturado, de calidade e sostible, con capacidade para achegarse ao mercado e ter o éxito acadado. Para elo optamos pola fórmula do club de produto turístico, ao modo das Rotas do Viño, as Reservas das Biosfera, etc. nos que, como é o caso, a relación entre a oferta turística e o territorio no que se desenvolve é a peza fundamental do proxecto e sobre ela xiran todas as propostas. Para por en marcha este modelo, suficientemente contrastado e con importantes casos de éxito, empezaremos por definir os seus valores e aspectos esenciais, así como os requisitos de entrada que terán que cumprir os distintos axentes interesados en formar parte, as cotas de entrada e mantemento, a fórmula organizativa e a súa estrutura, contidos, etc. Así mesmo, neste foro se poderán definir aqueles itinerarios complementarios que achegarán outros santuarios ao itinerario da Vía Mariana que actuará como camiño principal con posibles derivacións ou vías complementarias. Unha vez posto en marcha o club de produto permitirá asegurar a continuidade do proxecto dun xeito autónomo unha vez que remate o proxecto de cooperación e garantindo así o desenvolvemento no tempo da Vía Mariana. 3. Instalación de paneis informativos.
--	--

	Como xa dixemos, este proxecto inclúe unha parte física, o camiño, na que é preciso intervir para garantir o tránsito con seguridade. Para elo se instalarán, nos puntos crave do itinerario, unha serie de paneis informativos nos que figurará o trazado xeral da ruta, o tramo local polo que se discorre, información sobre recursos, produtos e servizos locais, datos de interese, etc. Igualmente incluírán, mediante códigos QR, o acceso a diversa información de interese para o peregrino como mapas descargables, vídeos, ou o visor de recursos que se porá en marcha neste proxecto. Esta información, entre outra, estará aloxada na web da Vía Mariana, nas dos respectivos GDR, etc. Estes paneis actuará por tanto non só como informadores do itinerario senón como “porta de acceso” ao territorio e os seus recursos culturais, económicos, turísticos, etc. con todo elo se pretende que a Vía Mariana actúe como un escaparate no que se mostran ao peregrino todas as posibilidades que se lle ofrecen nos concellos polos que pasa. 4. Realización de materiais informativos Para xerar os contidos aos que facemos referencia no apartado anterior empregaremos unha serie de ferramentas TICs como fotografías en 360º, vídeos, gravacións empregando DRONS, recreacións de lugares, monumentos, feitos históricos, etc. mediante realidade virtual, sistemas de realidade aumentada, recreacións en 3D, etc. Do mesmo xeito se elaborará unha cartografía específica que recolla o trazado detallado da Vía Mariana e toda a información relevante para o peregrino que a recorrerá, un folleto divulgativo, etc. Mantendo os criterios de sustentabilidade do proxecto de cooperación e de minimización da pegada de carbono, a maior parte das accións deste apartado consistirán en accións “na nube”. As que inclúan soportes físicos, en papel, empregarán materiais certificados que compartan estes criterios. 5. Arquivo dixital e xeorreferenciado
--	---

	Unha das pezas centrais do proxecto será o visor de recursos que permitirá ao visitante, ao peregrino, ou a calquera persoa interesada, acceder á información sobre os diversos recursos dispoñibles no ámbito do proxecto. Así, mediante un sinxelo formulario de acordo a unha serie de criterios de busca como itinerarios, onde comer, onde durmir, onde mercar calquera produto, que visitar, etc. o visitante terá ante si a imaxe dun plano da Vía Mariana e o seu territorio no que se sitúen os recursos seleccionados. De igual xeito, se poderá acceder á información entrando directamente no mapa do territorio. 6. Xornadas de estudo e divulgación sobre a Vía Mariana Unha proposta do alcance deste novo camiño de peregrinación require un importante proceso de estudo, debate e reflexión por parte dos diversos axentes implicados como as administracións, os promotores, as empresas, as universidades, as comunidades de montes, a igrexa, etc. que contribúa a un mellor coñecemento de Vía Mariana e a súa difusión. Para elo se prevé a posta en marcha dunhas xornadas de estudo e divulgación, de carácter fundamentalmente técnico, dirixidas ao conxunto dos axentes referidos. O programa incluírá sesións de traballo, presentación de experiencias, percorrido de algúns tramos da Vía Mariana, etc. Ao mesmo tempo será un excelente foro de intercambio de experiencias entre os distintos axentes que interveñen na posta en marcha do itinerario, especialmente entre os galegos e os portugueses. Estas actividades terán continuidade a través do club de produto unha vez que se completa o período do proxecto de cooperación. 7. Accións promocionais Para dar a coñecer a Vía Mariana é preciso traballar en dúas liñas, unha interna e outra externa. A primeira vai dirixida aos axentes que interveñen no territorio e que son potenciais integrantes do proxecto, primeiro e do club de produto, despois. Para elo é preciso divulgar as características do
--	--

	mesmo, os requisitos e os beneficios acadados, etc. para desenvolver a captación de axentes integrados no proxecto. Inicialmente consistirá nunha serie de accións divulgativas e de captación organizadas conxuntamente polos GDR e que cada un desenvolverá no seu territorio de actuación. A segunda liña de promoción vai dirixida á sociedade en xeral e aos potenciais usuarios da Vía Mariana en particular. Mediante accións de divulgación en medios de comunicación, redes sociais, contacto directo con asociacións e clubs relacionados coa promoción cultural, o Camiño de Santiago, as actividades na natureza, etc. se dará difusión ao proxecto a as posibilidades e atractivos da Vía mariana
--	---

Táboa 112: Plan de cooperación e traballo en rede

Fonte: elaboración propia

II 7.PLANIFICACIÓN TEMPORAL

Planificación temporal preliminar, por semestres, para a execución dos proxectos e accións recollidos nos apartados I.2 a I.5 (táboas 5, 6, 7, 8).

	Semestres													
Proxectos/ actividades	2023 I	2023 II	2024 I	2024 II	2025 I	2025 II	2026 I	2026 II	2027 I	2027 II	2028 I	2028 II	2029 I	2029 II

Proxectos e accións específicas con impacto significativo														
P1														
P2														
P3														
P4														
P5														
P6														
P7														
P8														
P9														
P10														
P11														
P12														
P13														
P14														
P15														
P16														
P17														
P18														
P19														
P20														

	Semestres													
Proxectos/ actividades	2023 I	2023 II	2024 I	2024II	2025 I	2025 II	2026 I	2026 II	2027 I	2027 II	2028 I	2028 II	2029 I	2029 II
Actuacións propias de animación														
A1														
A2														
A3														
A4														
A5														
A6														
A7														
A8														
A9														
A10														
A11														
A12														
Actividades formativas														
F1														
F2														
F3														
F4														
F5														
F6														
Actividades de cooperación														
C1														
C2														
C3														
C4														
C5														
C6														

Táboa 113: Planificación temporal dos proxectos e actividades

Fonte: elaboración propia

II 8. NORMAS DE XESTIÓN E BAREMO

As normas para a selección, baremación e priorización dos proxectos están descritas nos baremos que presentamos de seguido, pero en todo casos os proxectos presentados deberán recibir a aprobación por parte de Agader.

Requisitos de subvencionabilidade dos proxectos:

- ✓ Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da estratexia de desenvolvemento local do GDR.
- ✓ Viabilidade: ser viable técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos.
- ✓ Adecuación do proxecto á estratexia de Desenvolvemento local definitiva
- ✓ Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- ✓ Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda
- ✓ De ser finalista, que na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables se cumpran os obxectivos e función para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúa una actividade finalista.

LIMITACIÓNS SECTORIAIS

Atendendo a **RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027**, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023 por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) establece as limitacións sectoriais concretas por razón de complementariedade e de coherencia con outros investimentos públicos que incidan sobre o territorio.

- ✓ A maiores tamén se dispón en ditas bases que será un Convenio coa Axencia de Turismo de Galicia a que igualmente dispoña as limitacións no tocante as actuacións en dito sector.

- ✓ Por parte do GDR, establécense unha serie de limitacións específicas territoriais que se delimitan no seguinte cadro.

LIMITACIÓNS NA TIPOLOXÍA DE INVESTIMENTOS

- ✓ No caso de **creación de novas prazas de aloxamentos**, os mesmos teñen que supoñer na totalidade da solicitude, a posta en marcha de como mínimo 30 prazas de aloxamento. Se atenderá ao establecido no Convenio de colaboración que se asine coa Axencia Turismo de Galicia.
- ✓ No caso de investimentos que incidan na **recuperación elementos do patrimonio** histórico e cultural de Galicia, os mesmos deben de estar identificados ben no Catalogo de Patrimonio da Xunta de Galicia ou ben como elemento protexido nun inventario público de carácter municipal PXOM, Plan Básico, etc..)
- ✓ No caso de investimentos que incidan na **mellora de espazos naturais**, os mesmos deben de contar con algunha figura de protección pública (Rede Natura, ENIL, LIC, etc...), ou o motivo da subvencionalidade será a creación dunha figura de protección para ese espazo.
- ✓ No caso de investimentos en **Centros Sociais e/ou Culturais**,
 - 1.- Non se consideran elixibles os proxectos de creación de novos centros sociais ou culturais.
 - 2.- So se considerarán elixibles os proxectos de creación de locais sociais e/ou culturais naquelas parroquias e/ou localidades nas cales NON existan na actualidade e que se relacionan na seguinte listaxe.

1. Concello de Pontearreas:

- a. Paredes
- b. Pías
- c. Nogueira
- d. Padróns

2. Concello de Salceda de Caselas:

- a. San Xurxo de Salceda
- b. Santa María de Salceda
- c. Concello de Covelo:
- d. Fofe

3. Concello de Mondariz Balneario

- a. Mondariz Balneario

3.- Priorizar a rehabilitación de edificacións tradicionais fronte a outras que non se atopen incluídas no catálogo de patrimonio de Galicia.

LIMITACIÓNS FINANCIERAS NA TIPOLOXÍA DE INVESTIMENTOS

PROXECTOS PRODUTIVOS

1.- **A limitación das axudas dos proxectos produtivos por regra xeral** e máis aló do disposto na RESOLUCIÓN de 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas no DOG. Num.89, do 10/05/2023 como limitacións específicos **será por carácter xeral de 75.000 €, agás no caso de creación de aloxamento turístico obtendo a máxima puntuación, ata 100.000 €.**

PROXECTOS NON PRODUTIVOS

